Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 13/02/2024 01:14:09
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 149

Sesión plenaria
21 de novembro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (doc. núm. 53884, 11/PL-000024)
Publicación Ditame da Comisión e mantemento de emendas e votos particulares, BOPG nº 593, do 13.11.2023

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei da calidade alimentaria de Galicia (doc. núm. 59988, 11/PL-000025)
Publicación e asignación á Comisión, BOPG nº 565, do 20.09.2023
Publicación de emendas á totalidade BOPG nº 585, do 25.10.2023

Punto 2. Comparecencia

2.1 62226 (11/CPP-000146)
Da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, por petición propia, para informar sobre igualdade e loita contra a violencia de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023

Punto 3. Mocións

3.1 62144 (11/MOC-000182)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia
Sobre os servizos de transporte escolar (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 60841, publicada no BOPG 578, do 11 de outubro de 2023, e debatida na sesión plenaria do día 7 de novembro de 2023.)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023

3.2 62145 (11/MOC-000183)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo
Sobre a contratación do servizo de transporte público (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 52097, publicada no BOPG 478, do 5 de abril de 2023, e debatida na sesión plenaria do día 7 de novembro de 2023.)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.3 62146 (11/MOC-000184)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre a atención á saúde mental no Sistema público de saúde (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 59152, publicada no BOPG 561, do 13 de setembro de 2023, e debatida na sesión plenaria do día 7 de novembro de 2023.)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 57950 (11/PNP-004663)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para avanzar na erradicación da violencia sexual
Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 30.08.2023

4.2 58152 (11/PNP-004684)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e dous deputados/as máis
Sobre as medidas que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno central co obxecto de resolver os problemas xerados polo proceso de transición derivado do peche da central térmica das Pontes
Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 30.08.2023

4.3 60354 (11/PNP-004865)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de que o Parlamento de Galicia exprese o seu rexeitamento a calquera tipo de amnistía, lembre o necesario compromiso dos poderes públicos co imperio da lei e anime á adopción de acordos de Estado
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 570, do 27.09.2023

4.4 61288 (11/PNP-004954)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e sete deputados/as máis
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central co fin de que posibilite que a industria electrointensiva, como é o caso de Alcoa en Galicia, poida ser competitiva
Publicación da iniciativa, BOPG nº 585, do 25.10.2023

4.5 61472 (11/PNP-004973)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre as medidas que debe poñer en marcha o Goberno galego co obxecto de afrontar a crise de produción de castaña
Publicación da iniciativa, BOPG nº 588, do 02.11.2023

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.6 61808 (11/PNP-005007)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e Rodil Fernández, Olalla
Sobre as accións que no contexto actual debe impulsar o Goberno galego en relación coa violencia machista
Publicación da iniciativa, BOPG nº 591, do 08.11.2023

Punto 5. Interpelacións

5.1 58611 (11/INT-002734)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e tres deputados/as máis
Sobre o modelo de desenvolvemento do sector eólico en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 07.09.2023

5.2 61714 (11/INT-002857)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis
Sobre a situación laboral e económica da mocidade en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 591, do 08.11.2023

5.3 61795 (11/INT-002862)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis
Sobre o estado da produtividade das rías galegas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 591, do 08.11.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 62223 (11/POPX-000123)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre os pasos que deu o Goberno galego nesta lexislatura para avanzar en materia de igualdade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023

6.2 62224 (11/POPX-000124)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre as medidas que prevé impulsar para reducir o impacto da débeda xerada polo seu goberno nas contas públicas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 56641 (11/POP-008773)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e dous deputados/as máis
Sobre cales foron as actuacións realizadas polo Goberno galego para a mellora da dotación e das condicións laborais dos cadros de persoal dos consorcios provinciais de extinción de incendios e salvamento
Publicación da iniciativa, BOPG nº 543, do 11.08.2023

7.2 62221 (11/PUP-000375)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego orientadas a mellorar a prestación do servizo de asistencia xurídica gratuíta
Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023

7.3 56782 (11/POP-008820)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Ojea Arias, Eduardo
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co remate da vía de alta capacidade da costa norte
Publicación da iniciativa, BOPG nº 543, do 11.08.2023

7.4 60145 (11/POP-009412)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego do traballo desenvolvido polo Goberno central canto á emisión dos informes e das autorizacións para executar infraestruturas hidráulicas en dominio público marítimo-terrestre
Publicación da iniciativa, BOPG nº 570, do 27.09.2023

7.5 57143 (11/POP-008937)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e dez deputados/as máis
Sobre a situación en que se atopa o proxecto de Altri, en Palas de Rei (Lugo)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 548, do 22.08.2023

7.6 61944 (11/PUP-000372)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Pérez, Moisés e seis deputados/as máis
Sobre as accións que o Goberno galego pensa realizar en defensa das persoas afectadas pola decisión da compañía Air Nostrum de denegarlles o embarque no aeroporto de Peinador o pasado 4 de novembro
Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.7 61122 (11/POP-009529)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e dous deputados/as máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante as peticións dos sindicatos relativas aos dereitos laborais do persoal docente
Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

7.8 61438 (11/POP-009574)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis
Sobre as solucións que pensa ofrecer o Sergas para dispor dun servizo de interrupción voluntaria do embarazo e garantir este dereito
Publicación da iniciativa, BOPG nº 588, do 02.11.2023

7.9 62153 (11/PUP-000374)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e dous deputados/as máis
Sobre a modificación da composición do Consello Agrario Galego a través da Lei de medidas fiscais e administrativas de 2024
Publicación da iniciativa, BOPG nº 595, do 15.11.2023

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

A señora presidenta (Candia López) comunica a ausencia do presidente do Parlamento, don Miguel Ángel Santalices Vieira. (Páx. 11.)

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 11.)

Presentación do ditame: *Sra. presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego (Porro Martínez).* (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 12.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx.. 16) *e Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 21.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 26.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx.. 28) *e Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 30.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Rivo López).* (Páx. 33.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei da calidade alimentaria de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez).* (Páx. 34.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 37.) *e Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 42.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sr. Armada Pérez (P).* (Páx. 45.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 50.) *e Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 51.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas 2, 5, 8, 19 e 20 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei para

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: *rexeitadas por 14 votos a favor, 40 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 53.)

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás as xa votadas, ao Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 54.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 54.)

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: *aprobado por 40 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 54.)

Votación da emenda á totalidade do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 54.)

Votación da emenda á totalidade do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 55.)

Comparecencia da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, por petición propia, para informar sobre igualdade e loita contra a violencia de xénero. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Rivo López).* (Páx. 55.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 65.) , *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 69.) *e Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 73.)

Réplica do Goberno *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Rivo López).* (Páx. 77.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx.) *Nesta rolda interveñen a señora Díaz Varela (S)* (Páx. 82.) , *a señora Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 84.) , *a señora Prado del Río (P)* (Páx. 86.) *e a señora conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Rivo López).* (Páx. 87.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago, sobre os servizos de transporte escolar. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 89.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Fernández Davila (BNG)* (Páx. 92.) *e Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 95.)

Nova intervención da señora Otero Lago (S). (Páx. 99.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a contratación do servizo de transporte público. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 101.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 104.) *e Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 107.)

Nova intervención do señor Ríos Santomé (BNG). (Páx. 109.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a atención á saúde mental no Sistema público de saúde. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 111.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 111.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 115.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 118.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 121.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago, sobre os servizos de transporte escolar: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 123.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a contratación do servizo de transporte público: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 123.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a atención á saúde mental no Sistema público de saúde: *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 123.)

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e Dª Noelia Otero Lago, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para avanzar na erradicación da violencia sexual. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 124.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 124.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (S)* (Páx. 127.) *e Sra. Pérez López (P).* (Páx. 130.)

Nova intervención da señora Díaz Varela (S). (Páx. 134.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno central co obxecto de resolver os problemas xerados polo proceso de transición derivado do peche da central térmica das Pontes de García Rodríguez. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 136.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Alfonzo (BNG).* (Páx. 137.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Rodríguez Pérez (P).* (Páx. 140.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 143.)

O señor Fernández Alfonzo (BNG)intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 146.)

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e oito minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA (Candia López): A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, número 596, do 16 de novembro do ano 2023, polo cal non procedo á súa lectura.

Xustifica inasistencia a esta sesión plenaria e a delegación da emisión de voto o presidente, Miguel Ángel Santalices Vieira.

Señorías, entramos no punto primeiro da orde do día, relativo aos textos lexislativos. Vaise proceder ao debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª.

Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Hai emendas que se manteñen do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

E para presentar o Ditame da Comisión ten a palabra, por tempo de dez minutos, a presidenta da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, dona Corina Porro Martínez.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO (Porro Martínez): Grazas, presidenta.

Señorías, bos días.

O proxecto de lei entrou no Rexistro do Parlamento o día 26 de maio de 2023, co número 53.884. A Mesa do Parlamento, na reunión do 29 de maio de 2023, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou os días 16 de xuño e 4 de xullo de 2023, para as emendas á totalidade e ao articulado respectivamente. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordouse a súa tramitación pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego. A este proxecto non se presentaron emendas á totalidade, mentres que as emendas ao articulado presentadas, que foron cualificadas pola Mesa da Comisión na sesión do día 11 de xullo de 2023 e publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, número 523, foron 322: 234 foron do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia; 83, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e 5, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión do día 14 de xullo de 2023, designou as seguintes ponentes: do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, dona Paula Prado del Río como titular, e dona Noelia Pérez López como suplente; do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Noa Presas Bergantiños como titular, e dona Iria Carreira Pazos como suplente; do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Noa Susana Díaz Varela como titular, e dona Paloma Castro Rey como suplente.

A sesión constitutiva da ponencia tivo lugar o día 14 de xullo de 2023, coa miña presenza e coa asistencia das ponentes suplentes, dona Pérez López e dona Carreira Pazos, e da ponente

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

titular, a señora Díaz Varela. A seguir, a ponencia mantivo reunións os días 19 e 25 de outubro, e a derradeira reunión, que tivo lugar o día 2 de novembro de 2023, nas cales participaron as ponentes titulares dona Prado del Río, a señora Presas Bergantiños e a señora Díaz Varela, e nas cales se analizaron o texto articulado obxecto deste proxecto de lei e as emendas presentadas. Formalizáronse propostas de aceptación e de transacción ou de rexeitamento de emendas e concluíron o Informe coas dúas recomendacións definitivas; un informe que foi obxecto de debate e de aprobación na sesión da Comisión 5ª, do pasado día 9 de novembro, recolléndose no Ditame todas as recomendacións feitas pola ponencia no seu informe.

Ata aquí un resumo sucinto da tramitación parlamentaria levada a cabo pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego que eu presido.

Corresponde hoxe ao pleno desta Cámara a súa aprobación definitiva.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Porro.

Comezamos, entón, a rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o Ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

En primeiro lugar, ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e por tempo de quince minutos, dona Noa Susana Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Bo día.

Bo día a todas e a todos.

Benvida tamén, conselleira. Agradecemos que estea hoxe aquí presente neste debate.

Eu quería comezar agradecendo o traballo dos servizos da Cámara e, por suposto, da letrada Raquel Rodríguez; quería agradecer tamén o decorrer do traballo da ponencia coas compañeiras e deputadas, a señora Presas e a señora Prado.

Diante dos últimos avances do feminismo, que non foron poucos e que supuxeron e están a supor, aínda agora, novos dereitos para as mulleres, ao Grupo Socialista parecíanos oportuno actualizar —por suposto que si— o noso marco lexislativo galego en materia de igualdade que —recordemos— ten xa preto de vinte anos. Entendiamos que o novo texto que pulase pola igualdade, que actualizase dereitos e que puxese as bases para a procura, ademais, era algo necesario. Pero o certo é que o texto que chegaba aquí, o proxecto de lei que presentaba o Goberno, non respondía nin responde agora —o texto que tratamos hoxe e que imos votar logo da tramitación parlamentaria— ás novas demandas ou ás realidades que precisan dun compromiso manifesto dos poderes públicos. O texto adoece de falla de implicación real, tamén de concreción de medidas, nun compendio —nós pensamos— de boas intencións —que as hai, si—, pero sen efectividade algunha, sobre todo no que ten que ver —como digo— con esas conquistas conqueridas nestes últimos anos polo feminismo.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Hai novas obrigas na lei? Poucas, moi poucas. E digo máis, hai menos —menos— mesmo que na lexislación que aínda hoxe está vixente. Agora todo vai quedar á vontade de conceptos ou de termos vagos e inconcretos, como «procurar» ou «avanzar», cando, no marco lexislativo que temos neste momento, aparecen «garantir» ou «asegurar»; agora todo vai ser «poder desenvolver» ou «poderán desenvolver» cando, neste momento, é «desenvolverán». Por tanto, obrigas hai poucas.

Eu confeso que, no seu día, presentabamos a emenda á totalidade porque confiabamos en que ía haber unha grande aceptación das nosas emendas, pero non foi así. Das 234 emendas que presentou o Grupo Socialista foron aceptadas tan só 35 e, por certo, en cuestións absolutamente mínimas, de forma, de linguaxe, sen absolutamente ningún contido, nun contido cero. Propuxéronnos dúas transaccións, das cales só aceptamos unha, e aceptámola por aquilo de que aparecese a necesidade de que houbese plans de formación para os CIM, pero o PP non quixo aceptar que debía aparecer a obriga de que fosen con carácter anual; así que rebaixamos moitísimo o seu alcance.

¡Claro!, ¿disto que subxace? Pois que vontade de elaborar un texto de consenso non había demasiada. É lóxico tamén —¿non?— porque lonxe de ser unha lei para todos e para todas, na nosa opinión —xa o dixemos en moitas ocasións— é un texto excesivamente marcado polas teses da dereita, e, por iso preocúpanos que veña tan desprovisto de manifestación de dereitos das mulleres, que xa conseguiramos, e de novas conquistas tamén. Non é un texto pensado para todas as mulleres —pensamos nós—; non o é. Non avanza na consecución de dereitos dos colectivos de mulleres que sofren unha maior desigualdade. Na nosa opinión, non parece estar pensado dende o feminismo.

O novo texto consta de sete títulos, centrados fundamentalmente en materia laboral e de obrigas da Administración autonómica. Ben, non temos nada que obxectar a que se profunde ou a que se avance nestas materias; o que si nos parece curioso é que o Goberno galego teña agora tanta preocupación pola igualdade na Administración pública cando tardou quince anos —¡quince anos!— en aprobar o seu obrigado Plan de igualdade. *(Aplausos.)* Ben está que agora lles preocupe tanto. *(Aplausos.)*

De resto, no texto non atopamos cuestións significativas que —como digo— acompañen ou desenvolvan os últimos avances sociais. Hai poucas ou ningunha nova obriga en materia educativa; pouca ou ningunha nova obriga na cuestión da saúde das mulleres. Recoñecen expresamente nesta nova lei —é certo— algunhas doenzas, pero non todas, e iso non nos parece lóxico. Tampouco aparece a saúde sexual e reprodutiva como debería nin avanzamos na representación equilibrada. Por certo, é certo que agora asumen algunha cuestión lóxica. ¡Que curioso tamén que as asuman agora!, cando hai dous anos votaron xustamente en contra dunha proposición de lei que o Partido Socialista presentaba —esta mesma deputada defendíaa aquí— e o Grupo Parlamentario Popular votaba en contra de algo que agora si que introduce nesta Lei de mínimos, dunha maneira bastante acoutada. Tampouco avanzamos en corresponsabilidade porque, se ben é certo que xa se contempla o teletraballo, non concreta absolutamente como se vai desenvolver, como se vai aplicar. E estamos vendo o problema que existe agora tamén a respecto desta cuestión na Administración pública.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Botamos de menos as obrigas en materia educativa, por exemplo, nos centros concertados, e é que a nova lei educativa xa contempla obrigas para os centros concertados en materia de igualdade; ¿porque non se recollen aquí? Tamén botamos de menos, e falaremos moito neste pleno, da cuestión da inclusión da educación afectivo-sexual no currículo, tal e como mandata, ademais —como digo—, a Lei de liberdade sexual, da cal falaremos dabondo neste pleno, cando menos, por iniciativa do noso grupo. Esa cuestión é a educación, que é o primeiro chanzo para rematar coas desigualdades, e é tamén a educación afectivo-sexual o primeiro chanzo para rematar coa violencia sexual. E non o dicimos nós; dío todo o persoal experto e tamén todos os organismos internacionais, pero por máis que o Grupo Socialista insiste nesta cuestión, neste Parlamento, sempre atopamos unha negativa do Partido Popular. Preguntámonos se isto se debe ao seu sector máis conservador ou aos seus novos socios de Goberno. A nós, dende logo, parécenos bastante difícil entender que vaian sempre contracorrente do que di, ademais, a propia ciencia.

Botamos de menos tamén unha maior contundencia e, dende logo, compromiso, cos nosos dereitos sexuais e reprodutivos. Gústelles ou non, o aborto é un dereito, e, como tal, ten que estar recollido nesta lei con maior rotundidade. En vez diso aparecen adhesións continuas á maternidade como función social; unha concepción da maternidade que debería estar xa superada. *(Aplausos.)* Por suposto, hai que loitar contra a discriminación —¡claro que si!— que sofren as mulleres embarazadas ou que acaban de ser nais, fundamentalmente en materia laboral. Pero de igual xeito tamén teñen que aparecer recollidos todos os nosos dereitos sexuais e reprodutivos —¡todos!—; para iso hai que garantir unha atención integral á saúde reprodutiva nos centros sociosanitarios públicos, por exemplo —só por poñer un exemplo—, reforzando os centros de orientación familiar, algo que nós tamén solicitamos, pero que o Partido Popular non aceptou. Como tampouco aceptaron eliminar do texto o artigo dedicado á Rede de apoio á muller embarazada; unha Rede de apoio á muller embarazada que responde á primeira lei do Goberno do señor Feijóo cando chegou a este Goberno; unha lei coa que protexía as entidades antiabortistas e que, aínda hoxe, segue financiado con cartos públicos como temos denunciado neste Parlamento. Iso para nós, sábeno, é unha liña vermella. ¿Por que é unha Rede de apoio á muller embarazada, por exemplo, e non unha rede de apoio ás mulleres que forman parte de familias monomarentais ou que son responsables dunha familia monomarental?; ¿por que non?; ¿por que non unha rede de apoio a esas familias?

As mulleres que deciden ser nais e teñen dificultades non precisan redes; o que precisan son recursos, como mulleres vulnerables que son. Non precisan redes, precisan recursos. A non ser que, ¡claro!, temendo o cambio que se aveciña nos vindeiros meses, o Goberno galego o que pretenda sexa blindar por lei esas entidades que din axudar esas mulleres, meténdolles medo con argumentos antiabortistas fundamentados en estudos que, en absoluto, teñen bases científicas ou ofrecéndolles formación laboral. *(A señora Díaz Varela levanta un documento e móstrao ao resto da Cámara.)* E isto é o que está facendo a Xunta, é dicir, financiar entidades que dan formación laboral a estas nais desprotexidas, a estas mulleres novas que queren ser nais; dá relación laboral en cociña, estética, perruquería e repostería. Esta é a formación laboral que dan as entidades que son financiadas polo Goberno, agora do señor Rueda e antes do señor Feijóo. *(Aplausos.)* É moi feminista todo, moi feminista.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ben, capítulo á parte —e lamento moitísimo non ter máis tempo, non ter tempo suficiente— merece tamén o referido ás mulleres do mar e ás mulleres do rural. Eu quero aproveitar aquí tamén para agradecer a presenza dunha representación da Asociación Mulleres Salgadas, que é a asociación de mulleres do mar máis representativa de Galicia —a única enteiramente galega—; queremos agradecer aquí a súa presenza. Hoxe acompáñannos no hemiciclo, moi interesadas nesta nova lei, como vostedes comprenderán.

Sobre o novo texto, está ben que finalmente se asumise o que elas reclamaban, que son dúas realidades: a das mulleres do mar e a das mulleres do rural, e que, como tal, tiña que ter cada unha o seu propio estatuto, e si que é algo que xa aparece nesta nova lei.

Nós tamén —farémolo nós xa no Goberno— acertaremos na definición das mulleres do rural, que non son, como propoñía o PP, aquelas que desenvolven algunha actividade agrogandeira, senón que son todas as que viven no rural, traballen ou non no sector primario, que sofren desigualdades con respecto ás mulleres do ámbito urbano, sobre todo no que ten que ver co acceso aos servizos públicos. O que xa non compartimos —e isto debe quedar claro— é a tutelaxe que se pretende facer das mulleres do mar e das mulleres do rural no Observatorio proposto; tampouco aceptaron o que nós propoñiamos, e o que elas mesmas tamén demandaban, isto é, que houbese dous observatorios. A súa representación, a das mulleres do mar e a das mulleres do rural, queda absolutamente desdebuxada. Falamos dunha composición do Observatorio tan vasta que será ineficaz de todo porque son vinte e oito membros; son vinte e oito persoas e, delas, só habería tres mulleres de asociacións representativas do mar e pode que ningunha do rural porque a representación das mulleres do rural queda desdebuxada nun apartado que di: «organizacións profesionais agrarias máis representativas»; nin as mulleres do mar aparecen nese observatorio. Nas seccións xa é outra cousa, pero falamos do propio Observatorio. E por se fose pouco, se xa era escasa a súa participación neses observatorios, a partir de agora pode ser tamén menor a participación das asociacións das mulleres do mar de ámbito galego. E, ¿por que? Porque, despois da emenda do PP, se elimina a referencia ao ámbito autonómico. Antes eran tres mulleres das asociacións de mulleres do mar máis representativas de Galicia; agora xa non: agora poden ser —non sei— andaluzas; non sabemos moi ben. Esa referencia elimínase, e a nós parécennos absolutamente inexplicables estas consideracións, estes cambios nun observatorio que, xunto cos estatutos, debía ser tan necesario e podía ter sido o grande avance desta lei; pero tampouco o é, así tampouco o é.

Ben, non queda demasiado tempo e quero falar de pinceladas de máis asuntos; só dalgúns que xustifican que esta sexa unha lei que non poida ser rubricada polo Partido Socialista. Obsérvase un retroceso absolutamente inexplicable no suposto abolicionismo do Partido Popular da prostitución, ao cal tampouco atopamos ningunha explicación, porque se na lexislación agora vixente esta cuestión se recolle como: «situación de explotación que están sufrindo as mulleres prostituídas», agora recóllese: «situación de explotación que poden sufrir as mulleres prostituídas». Señora conselleira, nós, aproveitando que está vostede aquí, xa lle preguntaremos —xa vou adiantando: vai ser unha pregunta que terá vostede ou que pretendo que vostede nos conteste— sobre este cambio de posición do Partido Popular que pasa a asumir que non todas as mulleres prostituídas están a ser explotadas.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Falamos tamén e negáronse á creación dun Instituto Galego da Muller; é algo que non nos sorprendeu en absoluto —é certo— porque, efectivamente, nada máis chegar, despois de rubricar esa lei, para dar acubillo ás entidades antiabortistas, tamén suprimiron o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Por outra banda, tamén temos que o proxecto de lei establece obrigas e deberes á Administración local. Curioso: sempre máis competencias, máis responsabilidades, pero sen compromiso por parte da Xunta de Galicia de dar máis recursos; tampouco para os CIM que, novamente, a través desta lei, volven ter máis competencias, pero non se asegura máis recursos.

Poderiamos tamén falar da CRTVG. Collan vostedes os seus teléfonos e miren o terrible exemplo, o infame exemplo de onte mesmo nas redes da Televisión de Galicia, sobre o que queda clara a necesidade dunha editora de igualdade ou editora de xénero na corporación dos nosos medios públicos para que non se produzan as situacións vergoñentas que se están producindo, cada día, nos nosos medios públicos. Sobre esta necesidade, o Partido Popular tamén dixo que non.

Ben, en definitiva, o proxecto de lei proposto —xa estou rematando— non supón un novo marco transformador garante da igualdade, senón máis ben a translación da realidade actual, sen ningún avance significativo, e, moito menos, con perspectiva de futuro. Semella máis ben unha reedición mal actualizada do texto legal que pretenden substituír —deste texto de 2015—, que é un novo marco que comprometa novas obrigas ás administracións competentes e, nomeadamente, á Xunta de Galicia.

Nós, as socialistas galegas e os socialistas galegos, non podemos referendar co noso voto un texto que non avanza, nin moito menos acompaña o feminismo e que, ademais —como digo—, supón un retroceso en aspectos que para nós son esenciais e que xa están e xa estaban normalizados no noso país. Só quedaba —e era o único que se pedía— reflectilos neste proxecto de lei, pero non foi así. É unha auténtica mágoa. Xa nos explicarán por que non o fixeron.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Angela Davis dixo que non hai un só feminismo, senón moitos, e que o feminismo eficaz ten que loitar contra a homofobia, contra a explotación de clase, de raza e de xénero, e contra o capitalismo e o imperialismo.

Hoxe, en novembro de 2023, estamos nun contexto que non é un contexto calquera para as mulleres; precisamos máis feminismo e máis eficacia. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hoxe as mulleres da miña xeración, señora conselleira, somos conscientes de que avanzamos enormemente nas últimas décadas grazas ao traballo das que antes estiveron aquí. Demos un paso de xigante —iso é así—, pero non é menos certo que seguimos sendo enormemente desiguais; unha desigualdade que, ademais, para moitas, está atravesada por outros factores sociais que a fan máis profunda. Hoxe abonda mirar no mundo para Arxentina, pero tamén para o noso contexto político e social máis inmediato: hai un choque evidente entre o avance do feminismo na conquista da hexemonía social e tamén a reacción salvaxe dun patriarcado rearmado que nos quere levar á caverna e que mesmo cuestiona a existencia dunha violencia machista que nos mata a nós polo mero feito de sermos mulleres. *(Aplausos.)* Hoxe hai unha crise económica, e xa puidemos comprobar que, efectivamente, como dicía Beauvoir: «Basta unha crise económica, política ou relixiosa para que os dereitos das mulleres volvan ser cuestionados».

Este é o contexto de hoxe, de novembro de 2023, e neste contexto, nós, o Parlamento galego, temos unha responsabilidade: lexislar para avanzar, para que os dereitos das leis cheguen ás rúas e para que as demandas das rúas cheguen tamén ás leis. Pero a responsabilidade última de lexislar é facelo de forma eficaz; polo tanto, a pregunta que debemos facernos hoxe ante o debate desta lei, ante o seu ditame é se é unha lei útil para a altura do feminismo eficaz que reivindicaba Davis e que tantas de nós reivindicamos, tamén nos últimos 8-M absolutamente masivos e referenciais no noso país. Debemos preguntarnos: ¿será esta unha lei eficaz, por exemplo, para reducir, por fin, esa fenda salarial que leva sendo ilegal moitísimas décadas no noso marco legal e que pese a iso segue existindo?; ¿será eficaz contra a homofobia?; ¿as mulleres lesbianas serán menos discriminadas grazas a esta lei?; ¿hai algún avance eficaz nesta lei para as mulleres trans e as súas problemáticas particulares?; ¿será eficaz este proxecto legal para a discriminación interseccional que suma a cuestión de clase?; ¿ vén aquí referido un só dereito máis para a situación de todas esas mulleres que realizan traballos feminizados e precarizados e que tanto aplaudimos durante a pandemia,?; ¿vai ser eficaz esta lei para a discriminación de raza atravesada tamén pola discriminación de xénero? Estamos nun momento en que eu confío que este país sexa acolledor de moitas das mulleres que hoxe fuxirán de Palestina ou que chegarán en patera a Canarias, e que necesitan unha alternativa. ¿Hai algunha proposta eficaz nesta lei para todas esas mulleres?; ¿vai blindar este proxecto de lei o dereito ao aborto que segue sen estar garantido hoxe na sanidade pública do noso país?; ¿evitará esta lei que a maternidade siga sendo a principal causa de discriminación das mulleres?; ¿axudará esta lei con algunha medida eficaz na corresponsabilidade?; ¿e os homes, que? Son coprotagonistas —como non— do título desta lei, pero ¿hai algunha medida concreta para que se cuestionen e contribúan para o camiño que ten que andar a sociedade? Estamos —como xa dixen— nunha crise económica: ¿somos conscientes de que a feminización da pobreza é unha realidade?; ¿hai algunha cuestión concreta nesta lei que nos permita abordar isto?

A resposta a todas estas preguntas, señora conselleira e señorías do Partido Popular, é a mesma: a resposta é que non hai resposta. No articulado deste proxecto de lei pérdese a oportunidade de dar resposta aos problemas estruturais de sempre, pero tamén aos problemas conxunturais de hoxe, da Galiza de 2023, porque esta lei é unha suma de declaracións de intencións, unha simple integración do marco legal que xa existía e que se foi modificando a través doutras normas nas últimas décadas. Esa é a cuestión de fondo. Vinte anos para re-

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

formar un marco legal, que queda practicamente como estaba, que o Goberno xustifica pola necesidade de atender a un contorno diferente no cal se aprobaron esas leis, pero sobre o que, despois, non fai o traballo.

No envoltorio e na declaración de intencións, estamos de acordo; mesmo non presentamos unha emenda de devolución a este texto normativo —aínda que nos parecía insuficiente— como un voto de confianza para poder despois melloralo, pero o resultado é ese, isto é, que o envoltorio non se corresponde co contido. É un refundido do que xa había e nós, neste procedemento dos últimos meses, o que intentamos foi corrixilo. O Bloque Nacionalista Galego presentou un total de 83 emendas a este proxecto de lei enfocadas en dúas cuestións: blindar e ampliar dereitos, porque hai que acurtar a distancia que hai entre a igualdade lexislada e a desigualdade da vida real; para iso propuxemos medidas concretas, para saír da declaración de intencións e espremer o noso autogoberno para facer que iso fose unha aceleradora de igualdade. Nós propuxemos medidas concretas, temos capacidade como país porque noutros momentos xa fomos vangarda de políticas feministas, pero atopámonos cun muro, o muro do Partido Popular, que se conforma con quedar na declaración de intencións, e temos que lamentalo.

Destas 83 emendas, foron aceptadas 17 e transaccionadas 9, e vou facer unha breve explicación do seu contido porque o grupo maioritario adoita medir a aceptación de emendas ao peso. Coa aceptación de emendas pasa como coa medición da desigualdade: hai que ver o cuantitativo, pero, sobre todo, hai que ver o cualitativo. Das 17 emendas aceptadas, 1 delas é de corrección terminolóxica; 13 son de supresión para a aceptación doutras 3, que son emendas do asociacionismo; é dicir, 17 aceptacións que basicamente se resumen na aceptación dunha demanda das moitas demandas do feminismo organizado de base deste país. Unha emenda, unha proposta —digamos— que o que fai é corrixir o erro do Goberno que mesturaba unha vez máis, de forma chapuceira, a realidade das mulleres rurais e das mulleres do mar. Eu quero agradecer, ademais, en nome do Bloque Nacionalista Galego, a axuda e a contribución de Fademur e de Mulleres Salgadas polo seu traballo neste texto lexislativo, pero tamén no día a día do noso país. *(Aplausos.)* E basicamente a aceptación disto garante que se refaga o Estatuto das mulleres rurais e do mar, como reivindicaba o sector, de forma diferenciada e comezando desde cero, pero tamén hai que dicir que non colma as expectativas deste sector, xa que, o que pedía, era unha normativa específica. E, finalmente, en canto ás transaccións, o que fan maioritariamente as nosas contribucións é corrixir cuestións técnicas e terminolóxicas —que é importante— que nós valorizamos, pero que é insuficiente. O único compromiso é vago; é o compromiso de facer medidas concretas respecto das mulleres xitanas e de etnias minoritarias. Estaremos á expectativa de ver en que se traduce iso. Esperamos que sexan outras as que teñan a responsabilidade do Goberno, porque, se non, igual acontece como o Plan de igualdade da Administración, que tardaron máis de dez anos vostedes en cumprir a súa propia lei; polo tanto, expectativas temos poucas respecto do seu grao de compromiso.

E iso é todo, das máis de oitenta achegas concretas que propuxo o Bloque Nacionalista Galego, incorpóranse correccións e dous timidísimos avances, cos que, ademais, temos a desconfianza dun Goberno que, cos precedentes, pois non nos dá moita confianza.

Polo tanto, en conclusión, queda un texto igual de insuficiente que o que entrou no Parlamento, porque para o Goberno galego foi moi oportuno estar durante dous anos case anun-

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ciando que se ía reformar este texto legal. A nós, a priori, parecíanos unha oportunidade porque tivemos moitas veces debates nesta Cámara, pedindo que se revisase este marco legal, que se fixese un proceso amplo e participativo. Parecía que o Partido Popular podía rectificar, pero a realidade é que, tal e como chega isto e máis nesta data, señora conselleira, temos que dicir que o que nos dá a impresión é que para o Partido Popular era oportuno ou quizais oportunista traer un texto legal neste contexto, a esta Cámara, nesta xornada, pero non hai vontade real de dar un salto cualitativo; e iso non está á altura da Galiza que vén, non está á altura dunha Galiza que pide paso e que ten présa, ademais, porque temos présa. A cuestión é que as feministas deste país temos présa. A ONU estima que, a este ritmo, tardaremos trescentos anos en acadar algo parecido á igualdade, e nós, desde logo, non nos conformamos con iso. Nós cremos, no Bloque Nacionalista Galego, que o autogoberno serve para algo: serve para facer que a vida das mulleres deste país sexa mellor, e vostedes perden unha oportunidade. *(Aplausos.)*

Fronte a iso, propuxemos novos instrumentos, novas medidas de actuación e tamén novos ámbitos de actuación que foron vetados por un Partido Popular que, na exposición de motivos, dicía que había que introducir novas cuestións. O certo é que o balance é máis ben escaso. Nós, pola contra, propuxemos propostas para loitar contra a desigualdade económica, blindar dereitos sexuais e reprodutivos, avanzar na conciliación e nas políticas públicas máis alá dos titulares. Por exemplo, no ámbito laboral. O balance, entre o 2009 e o 2021, da fenda salarial neste país reduciuse en 36,6 euros —36,6 euros—. Catorce anos para reducir unha fenda salarial en 36,6 euros, que non compensa nin a suba dos prezos; e reduciuse porque se devaluaron os salarios masculinos e non porque houbese un Goberno que fiscalizase e que actuase no ámbito laboral. Fronte a iso, propuxemos a creación dunha Valedoría da Igualdade, isto é, dun instrumento que asesore, que preste atención, que axude no proceso de demandas e que tamén fiscalice e impulse auditorías e sancións; e vostedes dixeron que non.

Para mellorar a transversalidade das actuacións, propuxemos mellorar o marco que temos; non é suficiente coa Comisión Interdepartamental. Temos que ir máis alá; temos que ir cun organismo ambicioso, e propuxemos a creación dun Instituto de Mulleres, inspirado no que xa funciona en Euskadi, en Cataluña ou o propio Instituto das Mulleres do Estado. Aí temos referencias en que inspirarnos para avanzar nun organismo que sexa realmente transversal; e dixeron que non.

Propuxemos tamén blindar e garantir os dereitos sexuais e reprodutivos. Non tiñamos demasiadas esperanzas, vendo, ademais, como son vostedes profesionais da externalización do dereito ao aborto neste país e como son vostedes profesionais en drenar recursos para as asociacións antiabortistas. En todo caso, propuxemos a reconfiguración do que é a Rede de COF e de centros Quérote para facer realmente unha rede pública de centros de atención á saúde sexual, para comprometer persoal suficiente nos centros de saúde e para avanzar tamén nunha unidade especializada na atención integral ás mulleres dentro do sistema sanitario para evitar tamén esa redución que segue, no día de hoxe, do papel das mulleres e da saúde das mulleres, unicamente no ámbito reprodutivo, porque temos que ser tratadas máis alá da perspectiva de poder ser ou non xestantes.

Tamén propuxemos medidas no ámbito da educación; pouco había que esperar dun Goberno que se dedicou a recortar a materia de igualdade e a retroceder nun ámbito no que foramos innovadores. Tamén dixeron que non.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Propuxemos tamén propostas no ámbito da conciliación, que ten que ser máis alá dun titular e ten que ser máis que unha coartada para drenar recorrentemente recursos do público para o privado, e vostedes dixeron que non; dixeron que non a garantir o dereito á conciliación e a promover a corresponsabilidade das crianzas e tamén a promover a corresponsabilidade no coidado das persoas maiores e das persoas que teñen necesidades nas nosas vidas. A conciliación custa cartos, e o Goberno do Partido Popular non quere poñer recursos económicos, non compromete a creación de máis prazas nos centros de día públicos; non compromete a creación de máis prazas no ámbito das escolas infantís, dentro da rede pública; non quixo crear un servizo de atención domiciliaria a menores; tampouco quixo crear unha liña de axudas para a contratación de persoal durante os permisos de maternidade e de paternidade das persoas autónomas, que é un dos sectores que máis dificultades de conciliación arrastran.

E por último, hai que dicir que tamén incorporamos unha batería de propostas, que basicamente buscaba corrixir o que non funciona —que é moito— e cumprir tamén aquilo que o Goberno do Partido Popular leva moitos anos poñendo nos textos legais e nos textos de goberno, pero que non desenvolve. E a lista é enorme. Poderiamos falar desde facer cumprir no ámbito da CRTVG os dereitos das familias monoparentais. ¿Cantos anos máis precisan vostedes para facer un rexistro? É que non estamos pedindo —como seguimos a reivindicar— que fagan unha lei específica, que escoiten o sector, que cumpran as súas promesas de introducir gravames no IRPF etcétera, etcétera; é que, desde o ano 2010, señora conselleira, non foron capaces de facer un rexistro, un mero rexistro de familias monoparentais. *(Aplausos.)* É que ese é o nivel do seu Goberno. *(Aplausos.)*

Introducimos cuestións, como ter máis garantías para avanzar nas cláusulas de igualdade. É que vostedes acadaron un compromiso con esta forza política e co Parlamento galego no ano 2018, segundo o cal en seis meses ían activar mecanismos para a contratación pública con cláusulas de igualdade, e non o fixeron, e non cremos que esta lei vaia garantir que se faga.

Propuxemos cuestións concretas, escoitado o CES, por exemplo, no ámbito da violencia dixital. Está moi ben —e nós apoiamos— introducir a violencia dixital dentro da Lei de violencia machista, pero necesitamos medidas, e non é admisible que dous anos despois de entrar en vigor non queiran avanzar, por exemplo, á hora de facer unha oficina virtual de ensino.

Así tamén propuxemos propostas como, por exemplo, despregar medidas para dó perinatal ou plans específicos no ensino, que xa poderían estar desenvolvendo, ao abeiro da Lei de igualdade ou de violencia, e que non queren facer simplemente por sectarismo político.

En conclusión, fronte ao conformismo da declaración de intencións, presentamos propostas que poderían mellorar a vida das mulleres e acelerar o camiño da igualdade. O resultado deste ditame son as emendas do que puido ser e non foi, pero tamén do que será, porque nós estamos absolutamente convencidas de que moitas das propostas que incorporamos serán proximamente unha realidade neste país, por dúas razóns: primeiro, é fundamental, porque hai unha sociedade organizada e forte fóra, que fai de presión tamén para que avan-

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cen incluso os seus gobernos refractarios, e a forza do feminismo é absolutamente imparable; pero tamén porque nuns meses...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...teremos a oportunidade de facelo cun cambio político neste país.

En todo caso —remato xa, señora presidenta—, o futuro é exixente e nós sómolo; lamentamos que o Goberno galego non o sexa, pero, neste contexto, coa ofensiva patriarcal e co rearme das políticas retrógradas que temos ao noso lado, non abonda con que non introduzan retrocesos, porque, quedar quietos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e non avanzar é retroceder, e nós, desde logo, non o imos lexitimar co noso apoio activo a esta lei.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señora conselleira.

Señorías.

Eu, ademais de saudar as representantes da Asociación de Mulleres Salgadas, que hoxe nos acompañan, saúdo tamén os representantes das confrarías e da Federación Galega de Confrarías, que nos acompañan, porque tamén terán un papel protagonista no deseño do futuro Estatuto da Muller do Mar.

Ben, dicía a señora Díaz que este Goberno fixo pouco desenvolvemento normativo en materia de igualdade, e só nesta lexislatura, por lembrarlle á señora Díaz —porque ela forma parte desta, e debería sabelo; xa non vou falar doutras cuestións de lexislaturas anteriores—, aprobamos catro iniciativas lexislativas en materia de igualdade: a Lei de violencia vicaria, a Lei de violencia dixital —por certo, novidosa en España—, a Lei de igualdade na universidade e a lei que hoxe debatemos e aprobaremos.

E, por tanto, imos falar do proceso que culmina hoxe, un proceso lexislativo importante. Debatemos a Lei de igualdade que, en definitiva, ten por obxecto actualizar a lexislación vixente. Non debemos esquecer que Galicia conta xa cunha Lei de igualdade dende hai vinte

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

anos, e fomos unha das comunidades pioneiras na protección legal da muller e dos seus dereitos. E todo isto porque, para o Partido Popular e para o Goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular, a igualdade non é un lema para facer un uso partidista en determinados días do ano. *(Aplausos.)* O Partido Popular traballa todos e cada un dos días do ano por unha Galicia mellor, *(Aplausos.)* que é o mesmo que dicir por unha Galicia máis inclusiva, en igualdade e sen discriminación por razón de xénero.

E quixera aproveitar esta intervención para poñer en valor que esta normativa, promovida pola Xunta de Galicia e polo Grupo Popular, xurdiu tras múltiples consultas e contactos cos futuros destinatarios e destinatarias da lei e tras unha análise rigorosa sobre as necesidades e as oportunidades de introducir cambios lexislativos; en definitiva, xurdiu tras un amplo proceso participativo.

Ademais dos trámites de consulta previa e de información pública, o texto someteuse á consulta de cincuenta e dúas entidades representativas; contou tamén cos ditames do Consello Galego de Relacións Laborais e do Consello Económico e Social de Galicia; foi negociado na Comisión de Persoal e coa audiencia da Valedora —da que, por certo, señora Presas, vostedes efectivamente propuxeron unha Valedoría da Igualdade, pero nós consideramos que xa está representada na institución da Valedora do Pobo. Ela nada dixo da necesidade desa valedoría—. E, como resultado das achegas de todo este proceso, a Xunta incorporou máis de duascentas alegacións, e, como último trámite participativo previo ao seu rexistro na Cámara, este Proxecto de lei de igualdade foi sometido á valoración do Pleno do Consello das Mulleres o 23 de maio de 2023. Inmediatamente despois, e co visto e prace deste órgano consultivo, causou rexistro no Parlamento de Galicia o 26 de maio.

Podemos dicir que é unha lei feita pola Galicia do presente e para a Galicia do futuro. E isto é unha evidencia de que hai dúas formas de lexislar a favor da igualdade e da defensa dos intereses das mulleres: unha é como lexislan vostedes —o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego—, que se materializa en leis como a lei do só si é si, a cal favoreceu que agresores e violadores reducisen as súas penas e que mesmo algúns saísen á rúa antes de tempo. Foi unha chapuza normativa que, pese a todas as advertencias na súa primeira versión, contou co voto favorable dos socialistas e dos nacionalistas galegos. Por certo, un BNG que debía estar encantado con esa lei que sacaba á rúa agresores sexuais e violadores porque tampouco foi capaz de votar a favor da modificación que se fixo no Congreso dos Deputados, *(Aplausos.)* e que si tivo o apoio do Partido Popular e que saíu grazas ao voto favorable do Partido Popular. Señorías, iso pesará sempre sobre a súa conciencia. *(Aplausos.)* Esa lei si que foi un retroceso e un recorte absoluto dos dereitos das mulleres de Galicia e de España. Mal que lles pese, vostedes foron cómplices dese retroceso e de que eses agresores sexuais saísen á rúa. E outra forma de gobernar e outra forma de lexislar é a que fai o Partido Popular e a que se concreta na iniciativa que hoxe é obxecto deste debate: o Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia; unha norma coa que Galicia de novo será pioneira porque situaremos a nosa comunidade na vangarda da loita contra calquera discriminación contra a muller; porque blindará o compromiso de Galicia co benestar integral da muller, impulsando o seu apoderamento en ámbitos da sociedade onde aínda persisten desigualdades: no salario, na ciencia, no teito de cristal, no deporte, na xestión do ocio, nos espectáculos...; e porque fará de Galicia un referente na loita polos dereitos das mulleres e

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

no combate contra novas fórmulas de discriminación. Por exemplo, as emanadas dos novos paradigmas comunicativos, como as redes sociais, e dos avances tecnolóxicos, como a intelixencia artificial, pero tamén noutros aspectos, como na loita contra a fenda dixital e no avance nas competencias dixitais, porque, onde outros ven retrocesos, se pode comprobar como introduce novos apoios no eido laboral, regulando conceptos novidosos que vostedes non deberon de ver, pero sobre os cales eu lles ilustro: a sustentabilidade social e empresarial —non sei, igual non lles gusta— e o concepto de benestar social —igual non lles gusta— son piares para guiar as políticas de emprego e para fomentar a conciliación, a flexibilidade horaria ou o teletraballo, sempre dentro do marco das nosas competencias, porque non vaia ser que despois a leven ao Tribunal Constitucional, como adoitan facer. *(Murmurios.)*

Canto ao teletraballo —¿lembran, señorías?— o Goberno de España prometeu unha lei para regulalo, e preguntábase a voceira por que non regulabamos o teletraballo. Mire, porque non temos competencias, pero é que o Goberno de España, que é tan progresista, tan socialista e tan avanzado, leva anos falando de que vai regular o teletraballo, sobre todo, dende o ano 2020 — ano da pandemia—; xa pasaron tres anos —e imos para o 2024—, e a Lei de teletraballo segue nun limbo que o Partido Socialista segue mantendo. E, ¿vén vostede aquí preguntar que facemos para regular o teletraballo? ¡Regúleno vostedes! Igual que teñen por regular a Lei de trata, que leva anos nun caixón, señora Díaz —¡anos nun caixón!—; *(Aplausos.)* e igual que as modificacións do Código Penal incluídas dentro do Pacto de Estado contra a Violencia de xénero. E o Bloque Nacionalista Galego caladiño —¡caladiño!—. Diso non dicimos nada, ¿verdade, señora Presas?, das modificacións legais que teñen que depender do Goberno de España, diso non dicimos nada, e vimos aquí pedir explicacións ao Partido Popular.

Mire, señora Presas, ¿sabe con que pode responder moitas das preguntas que vostede formulou nesta tribuna? Con que moitas son competencias de leis orgánicas, e, por tanto, como son leis orgánicas non dependen deste Parlamento. ¿Sabe cal é o problema? O problema é que levamos seis anos en España sen políticas de igualdade, *(Aplausos.)* e vostedes pretenden vir aquí cunhas emendas resolver o que o Goberno de España non é capaz de lexislar. Esa é a realidade, señorías; esa é a realidade. *(Aplausos.)* Pero mire, na falta de leis estatais, en Galicia seguiremos lexislando o que poidamos. E, dentro do que poidamos, coa lei galega buscarase que as empresas favorezan a igualdade de oportunidades entre os seus traballadores, con independencia do seu xénero; buscarase a creación de equipos diversos, mellorando a súa competitividade para convertelos en polos de atracción e retención do talento.

Outro dos novos termos que acuña a lei é o do benestar laboral, que recolle as melloras na calidade de vida e as condicións laborais dos traballadores, incluíndo os plans de igualdade das empresas, o fomento do emprego feminino de calidade ou a formación en igualdade e en habilidades dixitais. Ademais, a regulación incluirá medidas para integrar a perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais; o teletraballo, no marco das nosas competencias; o dereito á desconexión, no marco das nosas competencias; e a flexibilización e a racionalización de horarios, no marco das nosas competencias, en especial nas pequenas e medianas empresas e no terceiro sector. Esta é unha nova lei que tamén introduce outros aspectos novidosos, como incorporar a perspectiva de xénero nas políticas medioambientais, xa que ata agora non era obxecto de análise.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estamos, señorías, ante unha lei pioneira porque incidirá en medidas concretas contra as discriminacións múltiples das mulleres con discapacidade, co obxectivo de construír unha Galicia máis inclusiva; e porque promoverá programas autonómicos e municipais para crear espazos urbanos seguros, libres de violencia sexual e de acoso, incluíndo paradas a demanda do transporte público, melloras na iluminación, na sinalización urbana, ademais de espazos similares en actos multitudinarios e medios sanitarios adecuados. E, finalmente, é unha lei pioneira porque, ademais de atender esas novas necesidades do mercado de traballo, dedica un capítulo ás mulleres que traballan nos sectores rural e marítimo-pesqueiro. Entre as medidas destinadas a estes colectivos fomentará o asociacionismo neses colectivos, e prevese a creación dun premio Muller Rural e do Mar para distinguir a súa singularidade. Nesa liña promoverá, ademais, un Observatorio das Mulleres Rurais e do Mar, que asesorará o Goberno galego no seguimento da súa situación, e que estará integrado —si, señora Díaz— por representantes da Administración, do tecido asociativo, das organizacións profesionais agrarias, dos sindicatos, da patronal, da Fegamp e de distintos expertos, e que terá unha sección específica para as mulleres do rural e do mar, como organizacións pesqueiras, marisqueiras, acuícolas, do sector da transformación, confrarías e outras relacionadas con actividades da pesca.

O outro día, vostede dicía na comisión que tal e como entrou a lei no Parlamento, só había unha asociación que podía formar parte de aí, que era Mulleres Salgadas, e que agora podían entrar máis. Eu, sorprendida, díxenlle que era o que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —¡si, claro!; ¡non! ¡está gravado!—. Menos mal que está gravado porque aquí din unha cousa é despois manteñen a contraria. Señora Díaz, revise o vídeo porque o dixo vostede. ¡E claro! que damos entrada a expertos e a máis persoas porque, mire, nós non somos coma vostedes, que fan eses comités de expertos que ninguén coñece, e nos cales, despois, resulta que non hai ninguén detrás diso. *(Aplausos.)* Nós, efectivamente, contamos con expertos de verdade e con xente que leva traballando no mundo do mar e do rural moito tempo. *(Aplausos.)*

Nós tamén presentamos varias emendas; presentamos cinco emendas que foron recollidas e que son relativas á perspectiva de xénero nos plans de estudo nas universidades públicas galegas e nos centros de investigación, e tamén —como dixen antes—,en coherencia coa nova lei aprobada neste Parlamento sobre violencia dixital, para incluír nos CIM, isto é, nos centros de información á muller, un servizo de asesoramento específico nesta materia porque este tipo de contidos difundidos a través das tecnoloxías da información merecen unha abordaxe especializada sobre os dereitos que asisten as vítimas e sobre os trámites a seguir para a retirada dos contidos por parte das empresas que operan a través de Internet. E aquí temos un caso, que vostedes todos coñecen, porque veu a este Parlamento, que trataba sobre as dificultades ás cales se enfrontan as mulleres vítimas do caso da Maruxaina. ¿Saben con que se podía resolver iso?; cunha modificación que está pendente no Código penal —vostedes ben o saben— e, ademais, díxoo Ánxeles Carmona, nunha comparecencia no Congreso, que por favor se regulase e que se modificase o Código penal nese ámbito, pero o Goberno de España —ese Goberno tan feminista, ese Goberno máis feminista de España, que reedita agora o feminismo de pancarta— leva seis anos sen regular e sen modificar absolutamente nada. E esas vítimas seguen desprotexidas e vostedes seguen apoiando ese Goberno de España, señorías.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, miren, outra das emendas que presentamos foi para afrontar unha realidade cada vez máis presente nas familias galegas, que é a necesidade de racionalizar os horarios e as xornadas de traballo para facelas compatibles coa vida persoal, dando unha especial atención á situación particular das mulleres con fillas ou fillos con discapacidade ou dependencia. E tamén presentamos unhas emendas que modifican a composición do Observatorio da Muller da Pesca. Melloramos o texto orixinal —como dixen— para dar cabida, na súa composición, a organizacións tan representativas, como as confrarías galegas, que son as que dun xeito obxectivo representan a inmensa maioría das mulleres do mar, presentes nos cabidos, ou a outra... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, bufe, señora Díaz, bufe! ¡Non lles gusta, non lles gusta! ¡Dígao aquí! ¡Están aí! ¡Dígallelo á cara, señora Díaz, dígallelo á cara! Están hoxe aquí, e dígalles porque está bufando cando eu estou lendo este parágrafo. Digo... *(A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.)* —¡non, eu que sei!; ¡eu non sei nada! Eu véxoa, e eu estou véndoa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio, por favor!

A señora PRADO DEL RÍO: Miren, dicía que representan a inmensa maioría das mulleres do mar presentes nos cabidos ou as outras organizacións representativas dos sectores máis feminizados do ámbito marítimo-pesqueiro, isto é, da conserva, das redeiras, das mariscadoras, do sector da transformación e —si— tamén as confrarías e outras actividades relacionadas coa pesca. *(Aplausos.)*

E respecto das emendas da oposición, tan só quero agradecer a súa vontade de contribuír para mellorar o texto. Certamente, nalgunhas non coincidimos porque entendemos que non contribuían para este fin, que era mellorar a redacción orixinal que estaba no articulado, pero noutros casos si que chegamos a acordos: incorporáronse 52 emendas da oposición de xeito directo e outras 11 foron froito de transacción; e a pesar de que o número de emendas aceptadas e transaccionadas pode parecer escaso en relación co número total das emendas presentadas pola oposición, a realidade é que chegamos a amplos consensos.

Falaba a señora Presas de que non podiamos contar as emendas ao peso; non, nós non contamos as emendas ao peso. ¡Home!, se hai un grupo parlamentario que presenta 234 emendas para cambiar unha palabra, ou para cambiar «igualdade de homes e mulleres» por «mulleres e homes», ou para cambiar «perspectiva de xénero» por... É dicir, vostede ben sabe, señora Presas, algúns presentaron emendas ao peso. Nós podemos falar...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...de emendas que cambian substancialmente o texto. O que non imos é aceptar —porque vostedes presentasen ao peso 234 emendas— que agora digan que só aprobamos 35. ¡Claro!, é que se presentamos emendas ao peso é moi difícil entenderse e chegar a acordos.

Despois, na quenda de réplica —xa que agora non teño tempo—, falarei da importancia dos acordos a que chegamos, pois parece que vostedes non queren que se fale da importancia

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

deses acordos, pero eu si, porque eu veño aquí falar de igualdade. *(Murmurios.)* Creo que a igualdade nos compete a todos e a todas...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e non só a uns porque vostedes non teñen o monopolio da defensa dos dereitos das mulleres.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

Continuamos coa rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais.

E, por tempo de cinco minutos, ten a palabra novamente, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Noa Susana Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidenta.

Señora Prado, é sempre moi desagradable debater con vostede, moi desagradable. *(Murmurios.)* É vostede o mellor exemplo do peor parlamentarismo que podemos ver; *(Aplausos.)* o peor exemplo. *(Aplausos.)*

Eu aproveito tamén para saudar aquí os representantes das confrarías. *(Murmurios.)* Non se preocupen, que si teño que dicirlles algo, xa llelo direi. Aproveito para saudalos e para agradecerlles o seu traballo, e, de verdade, lonxe das interpretacións que poida facer esta señora deputada, eu non estaba bufando precisamente por esa cuestión, pero, en fin, ¡alá ela o que queira facer!

Mire, señora Prado, o problema é que en canto ás leis orgánicas aprobadas nestes catro anos de progreso do señor Sánchez —esas leis orgánicas que afectan a igualdade—, vostedes non aprobaron ningunha. Estamos falando, por exemplo, da Lei de educación; podemos falar da Lei da diversidade sexual; podemos tamén falar da Lei do aborto e podemos tamén falar, por exemplo, da Lei da infancia. Hai moitísimas leis ás cales vostedes se opuxeron e que teñen moito que ver coa igualdade. Esas leis orgánicas sobre as que vostedes din que non fixemos ningunha, aí están; e vostedes sempre votaron en contra delas *(Aplausos.)* —¡sempre votaron en contra—. *(Aplausos.)* E dígolle máis esta vez —como xa probablemente nos quede pouco tempo aquí, no hemiciclo, e espero, por favor, non volver ter a oportunidade de debater con vostede porque é certamente desagradable a onde quere sempre levar vostede o debate—. Vou falar dunha cuestión acerca da lei do só si e si, isto é, da Lei de diversidade sexual que —como sabe— foi emendada polo Grupo Socialista—. Xa cando vostedes votaron que non, esa lei recollía moitos dereitos das mulleres que hoxe vostedes non queren aplicar na lei que está agora mesmo aquí, que estamos deba-

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tendo hoxe aquí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ou todos os que teñen —vale, pois voullos dicir; non se preocupe— que ver cos dereitos sexuais e reprodutivos; todos os que teñen que ver coa educación afectivo-sexual e tamén co tema educativo nas escolas —todo iso—; e todo o que ten que ver coa violencia dixital —¡moitos deles!—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esta tarde, señora Prado, debateremos acerca, moi concretamente, do artigo 7 desa lei. *(Aplausos.)* ¿De que me está vostede falando? Non equivoque, non confunda aquí —¡non confunda aquí!— . *(Aplausos.)*

E tamén vou referirme a outra cuestión, a ver se me queda algo de tempo. Mire, revise o vídeo da comisión do outro día; faga o favor e revise o vídeo, pero, de paso, xa que revisa ese vídeo —hoxe pola tarde, se pode, ou tamén mañá—, vai ter tamén que revisar o vídeo da súa intervención de hoxe, e vai ter que pedir probablemente moitas desculpas á Asociación Mulleres Salgadas que está hoxe aquí, por exemplo. E falo dela —non a quero nomear e tampouco quero que se converta no centro deste debate—, pero, dende logo, quizais teña vostede que pedirlle desculpas.

Dígolle unha cousa, se digo que antes as asociacións, como Mulleres Salgadas —que é a única de representación unicamente galega—, si tiñan acubillo neste observatorio, quizais hoxe —non foi a única, senón que podería haber máis; aquela si a tiña— xa non a teña. Iso é o que dixen na comisión. Agora —como digo—, vostede tamén poderá aquí pedirlle desculpas, cando teña a ocasión.

Mire —xa o dixen—, lonxe de ser un texto ambicioso, o Goberno galego presenta aquí unha lei absolutamente conformista e que conxela a loita feminista. É unha norma pensada e executada para non enfadar, para non molestar a extrema dereita á cal o Partido Popular ten abrazado nos últimos tempos á custa de frear o noso avance social e político, señora Prado. Insiste o PP —e escoitabamos o señor Pazos nunha rolda de prensa a semana pasada— en que a nova lei blinda os dereitos das mulleres en moitos ámbitos; e nós preguntámonos: concretamente, ¿en que ámbitos? O feito de que aparezan recollidos aquí dereitos non significa que os esteamos blindando, en absoluto, e vostedes sábeno ben. Non confundan. A realidade é que este novo texto non supón, en absoluto, un punto de inflexión para a igualdade; non o supón. Esta é a lei do Partido Popular; ten que quedar claro: ¡é a lei do Partido Popular! E vostedes verán o que queren facer, pero esta é unicamente a súa lei. E isto que digo é bastante obvio, e, ademais, concretouse no proceso de tramitación da lei, no cal o Partido Popular sabía que no texto había determinadas liñas vermellas polas cales o Partido Socialista non ía pasar. E, lonxe de aceptar as nosas emendas —que en moitas ocasións xa non era de substitución, senón que eran de eliminación, isto é, pedíase eliminar artigos; simplemente iso—, vostedes dixeron que non. Sabían ben que non iamos referendar esta norma; era clara a intención de buscar que o PSdeG non apoiase esta lei. Vostedes verán —¡vostedes verán!—.

Hoxe perderon unha magnífica oportunidade para buscar o consenso de todas as forzas políticas aquí presentes, ou sexa, o consenso de todo o pobo galego para asentar un novo marco normativo que realmente avanzase, de facto, na consecución de novos dereitos para as mulleres e na consolidación dos que xa existen. Como digo, vostedes saberán cal era, entón, o propósito real desta Lei de igualdade.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis, grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda, de novo, para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Claro que falamos, señora Prado, na nosa quenda das cuestións que son importantes. Vostede, nunha boa parte da súa intervención, tamén, pero fíxese que o único que basicamente poden vender deste texto legal, como paso adiante, é unha proposta que se incorpora grazas ao traballo en ponencia do Bloque Nacionalista Galego; polo tanto, é o reflexo da pouca ambición que ten o Grupo Parlamentario do Partido Popular. *(Aplausos.)* Primeiro sempre están en contra e, despois nalgún momento, acaban cedendo; esa é historicamente a súa posición en todos os debates: a dereita primeiramente estivo en contra do divorcio, en contra do matrimonio homosexual, en contra de garantir o dereito ao aborto, en contra de dar cabida nos textos legais á realidade trans... Así foi sempre, dicindo que non ata que acaban cedendo pola forza do feminismo, e, cando ceden, acertan.

Mire, fixo vostede gala das últimas reformas lexislativas deste país; nós tamén o facemos, pero de tres reformas que citou aquí, dúas delas foron impulsadas polo Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)* Polo tanto, cando escoitan acertan. O problema é que neste procedemento lexislativo só quixeron escoitar unha leve modificación. Sempre din que non e, ao final, a forza da realidade os leva a dicir que si. Dicían quen non a ampliar as axudas da violencia machista que o señor Feijóo recortou como primeira medida ao chegar ao Goberno, no ano 2009, e tiveron que acabar cedendo. Dicían que non a ampliar a súa solicitude doce meses no ano; houbo que traer dous textos legais a este Parlamento, e acabaron dicindo que si. Pois miren, nalgún momento —espero que desde a oposición— acabarán dicindo que si a moitas das propostas concretas que levabamos neste debate. *(Aplausos.)*

Miren, eu teño unha discrepancia coa señora Díaz. Eu adoro debater coa señora Prado del Río —teño que recoñecelo—. En primeiro lugar, porque o certo é que sabe do que fala, e iso sempre é un pracer, pero, en segundo lugar, porque, ademais, sempre se ve a verdadeira alma do Partido Popular; entón, a min gústame que caian as carautas e que non veña o Partido Popular modosiño e moderado, e, por tanto, que veña o verdadeiro Partido Popular, que amosa que está moi cómodo, en temas de igualdade, co marco estatal.

Chegou un día Pedro Sánchez e, no fondo, foi unha boa noticia para o Partido Popular pese aos seus casos de corrupción, e, agora, todo é «*del ámbito del Estado*». Mire, señora Prado, para ter vostedes tantos coñecementos como teñen —que me consta— en materia de dereito, pois debería repasar un pouquiño o Estatuto de autonomía porque hai cousas que, lamentablemente, son de competencia estatal, pero hai outras que competen a vostedes, e non

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

queren facer nin o mínimo. Esa é a cuestión, señora Paula Prado del Río, e vou poñer exemplos.

Primeiro, antes de máis, en relación coa cuestión do Pacto do Estado, nós fomos exixentes; de feito, neste Parlamento acordamos puntos concretos para remitir ao Estado e para remitir ao Senado, nos cales o Bloque Nacionalista Galego fixo achegas en positivo; a cuestión é que vostedes agora usan iso como coartada. De feito, o que deberían facer é sumarse ao BNG, cando este pide máis financiamento pola vía do Pacto do Estado porque, despois, o que fan vostedes é non achegar, na mesma dimensión, o financiamento propio. En todo caso, non se preocupe se teñen problemas co Pacto do Estado. Despois, ademais, vai vir a señora conselleira comparecer porque, por proposta do Bloque Nacionalista Galego na anterior lexislatura, acordamos que era bo que o Goberno viñese todos os anos comparecer e dar conta tamén de como ía o Pacto do Estado. Se vostedes necesitan máis financiamento ou algunha corrección, faremos como coas demais cuestións que non foron capaces de negociar en Madrid: irá o Bloque Nacionalista Galego negocialo a Madrid —non se preocupe—, *(Aplausos.)* como fixo para garantir que nos próximos orzamentos do Estado haxa avances en materia de xulgados exclusivos e excluíntes de violencia machista, dos cales, por certo, vostedes falaban e contra os cales tamén votaban en comisión neste Parlamento.

En todo caso, no ámbito galego vostedes fan o mínimo do mínimo. ¡Claro!, di: «Non podemos aceptar esa Valedoría da Igualdade porque xa hai unha valedora, porque non sei que...» Mire, estamos falando de cuestións diferentes: a Valedoría da Igualdade sería un organismo autónomo para fiscalizar e para axudar no ámbito privado; a Valedora da Igualdade é un instrumento doutro tipo. E, falando da Valedora da Igualdade, propuxemos cuestións simbólicas, pero importantes, e que a propia valedora defendeu, como cambiar o nome da institución para recoñecer a diversidade de xénero, e vostedes votaron que non; é que nin sequera algo que é gratis, como é cambiar o nome de Valedor do Pobo para Valedoría do Pobo, lles vale. Iso é a imaxe dun Goberno que se conforma ata no simbólico.

E hai máis cuestións, porque o Código penal, desafortunadamente, non o podemos cambiar desde Galiza. Eu admiro a vontade soberanista que ten vostede na súa alma interior, porén hai cuestións que non dependen de nós, pero outras si, e temos, ademais, capacidades de autogoberno para bordear aquelas que son insuficientes. Hai cuestións como, por exemplo, ese Protocolo de violencia sexual —que acordaron facer connosco, e que o teñen conxelado agora con escusas peregrinas, das cales falaremos na comparecencia da señora conselleira— que vostedes non queren impulsar. A cuestión é que hai moitísimo que vostedes poden facer, e non queren aproveitar o seu autogoberno para facelo. As 83 emendas que presentamos, todas elas eran absolutamente para impulsar cuestións desde o ámbito galego, e dixeron que non.

En fin, non me dá o tempo para máis.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Remato xa.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Antes, comecei a miña intervención recoñecendo o feminismo eficaz de Angela Davis e a capacidade mobilizadora do feminismo organizado galego. Si, estamos sempre do lado das pancartas do feminismo, que son as que deron dereitos ás mulleres para conseguir chegar ás institucións. *(Aplausos.)* Se non fose por esas mobilizacións non estariamos.

Quixera rematar agora cun recoñecemento tamén a todas as feministas que estiveron nas institucións antes ca nós, traballando a prol da igualdade e conseguindo cambios importantes. Permítanme, para rematar, que singularice unha delas nunha compañeira, Carme Adán, que traballou incansablemente nesta Cámara —na oposición e tamén no Goberno— a prol da igualdade. Quixera lembrar as súas palabras no seu libro, *Feminicidio*. Carme Adán dixo, e eu subscribo: «As políticas de igualdade non poden basearse na idea de engadir a palabra "mulleres" e logo remexer»; iso é o que fan vostedes neste proxecto lexislativo: perder unha oportunidade, introducir cuestións que xa existen e a palabra «mulleres», para remexer e facer que fan un texto conformista para lavar a cara nun contexto en que o avance do patriarcado e o rearme do machismo é absolutamente brutal. Iso é poñerse de perfil e o Bloque Nacionalista Galego non o vai lexitimar, e, ademais, estamos convencidas de que moitas das nosas propostas...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...máis cedo que tarde, serán unha realidade porque fóra hai un feminismo eficaz e loitador que segue traballando e porque tamén é posible e está máis cerca un cambio político que o permita.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten novamente a palabra dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: «É certo e hai que nomealas, Fademur e Mulleres Salgadas, que son asociacións de ámbito autonómico, sobre todo Mulleres Salgadas, a única asociación de ámbito autonómico —a única que existe—, e xa non está aquí contemplada». Estas son palabras da señora Díaz na Comisión 5ª de hai quince días.

Ben, señora Díaz, nós non votamos a favor da lei do só si é si. Díxenlle que me dixese un só o dereito que estea nesa lei e que nós non apoiemos; non foi capaz de dicirme nada. Falou de cuestións de educación, que están na Lei de educación; falou de cuestións de maternidade e de interrupción voluntaria do embarazo, que están noutra lexislación, e esas son as súas emendas. Vostede insiste en traer aquí emendas á Lei de interrupción voluntaria do embarazo, á Lei de sanidade, á Lei de educación... ¡Señora Díaz, non son as leis que estamos debatendo!; son leis orgánicas. Estúdese a xerarquía normativa —que creo que lle fai falta—

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(A señora Díaz Varela ri.) para ter un pouco de coñecemento, porque, despois, ¿sabe o que pasa? Pasa que despois fan como a Lei do litoral, lévana ao Tribunal Constitucional, señora Díaz, e non estamos para iso.

Claro que non somos capaces de apoiar cousas do Goberno de España —¡claro que non!—. Mire, ¿sabe que pasou? Ademais dos recortes en defensa de dereitos das mulleres da lei do só si é si, vostedes fixeron un máis en xaneiro deste ano, cun decreto que suprimía as bonificacións do 100 por cento para a contratación das substitucións de permisos por maternidade; e o Bloque Nacionalista Galego esta caladiño. Mire, á empresa cústalle setecentos euros ao mes a contratación dunha persoa para substituír unha baixa de maternidade. ¿Sabe o que fixeron vostedes en xaneiro? Eliminar o 100 cen por cento desa bonificación, e agora está en 366 euros. Se vostedes cren que iso favorece a contratación das mulleres; se vostedes cren que iso significa máis dereitos para as mulleres, e non afonda na fenda salarial —¡ala vostedes!—, con nós non conten *(Aplausos.)* para seguir levando esa senda de recortes de dereitos das mulleres en España.

¡E claro que si, señora Presas! —¡claro que si!—, claro que podemos chegar a acordos, e chegamos a moitos acordos. E eu con vostede tamén me entendo moi ben porque vostede tamén sabe do que fala; os problemas xorden cando se pon a ideoloxía por diante dos intereses dos dereitos das mulleres —aí hai un problema—. Nós fomos todos —creo— moi xenerosos no ano 2016, cando aprobamos aquel Pacto galego contra a violencia de xénero, que se incorporou ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero. E, ¿sabe o que pasou con ese pacto, señora Presas? Metérono nun caixón en España. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* E vostede vénme dicir aquí que van ir vostedes: ¿con quen?; ¿co seu grupo parlamentario forte?; ¿co seu deputado, o señor Rego? *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Mire, señora Presas, ¡por favor!, teña un pouco de seriedade —un pouco de seriedade—. *(Murmurios.)*

A ver, nós aquí podemos chegar a acordos, como chegamos nas emendas. Eu quería poñer en valor estas cuestións, xa que vostede dixo que falei só sobre as que chegamos a acordos con vostede. Pois non, mire, aínda non falei da transacción que fixemos coa vosa emenda 29 para incluír unha referencia expresa aos colectivos LGTBI, como suxeitos activos na loita contra a discriminación —¡bah!, iso dálle igual!—; da transacción co Partido Socialista para que a lei contemple expresamente a necesidade de establecer un plan de formación dirixido ao persoal dos centros de información á muller; ou da número 4 do BNG e da 27 do PSOE para unha referencia expresa tamén para que a Xunta e as entidades dependentes da Administración autonómica velen para que se cumpra o principio e a presenza de composición equilibrada nos consellos de administración das empresas participadas por parte da Xunta.

¡Claro que temos moitas diferenzas importantes! O Partido Socialista pretende, na súa emenda 48, que, ao menos, un un por cento dos orzamentos xerais de Galicia se dedique ao desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes, pero xa lle expliquei varias veces e volvo dicir: *(A señora Prado del Río procede a ler un documento.)* «O orzamento destinado polo Goberno galego á igualdade, á violencia de xénero e á conciliación son 199,5 millóns de euros, sen contar o capítulo I, e o orzamento da Xunta son 12.620»; isto é, máis do 1,5 por cento. ¿Que queren?; ¿que recortemos? Non, señorías. O 1 por cento está desfasado;

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

revisen as cifras. Se é que a igualdade non só é a partida contra a violencia de xénero, se é que a conciliación é prevención señorías. Se damos independencia económica ás mulleres, se poden ir traballar e deixar os seus fillos nunha escola infantil porque é ¡gra-tui-ta!, estaremos favorecendo a igualdade, estaremos favorecendo que esas mulleres teñan independencia económica e non dependan do seu agresor. ¡Claro que si!, señorías, ¡claro que si! Iso vostedes non o computan; a igualdade é transversal.

Hai partidas noutras consellerías, como son para a formación do profesorado, para a formación do persoal da Administración de Xustiza, para a formación do persoal do Sergas, para a formación dos corpos e forzas de seguridade do Estado. Iso é igualdade, iso é prevención. ¿Vostedes esas partidas non as computan? Vostedes só computan as partidas dos recursos para as vítimas. ¡Por favor!, amplíen o seu espectro da igualdade; amplíen a igualdade como un asunto transversal —transversal—, señorías. Pídolles que teñan un pouco de altura de miras.

Eu, sinceramente, quero rematar insistindo en que o compromiso coa igualdade se viu neste orzamento, do cal vostedes —insisto— só ven unha partida orzamentaria. A contía destinada, no ano 2023, á área de igualdade incrementouse nun 42 por cento, ata chegar aos 44,5 millóns de euros; e nos orzamentos do ano 2024, está dotada con 53,98 millóns de euros, isto é, un aumento do 13,65 por cento, con respecto ao ano 2023. Estas son unhas cantidades moi superiores ás cales destinaba o Bipartito —ese que vostedes tanto reivindican, señorías—: por cada euro que investía o Bipartito en materia de igualdade, o Goberno do presidente Rueda inviste dous; e, polo tanto, pídolles que engadan os orzamentos de conciliación, de igualdade, de formación etcétera.

Estamos convencidos de que o compromiso coa igualdade é unha tarefa que nos compete a todos e a todas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, remato.

Por iso nos gustaría que esta lei avanzase con todo o consenso posible. Nós seguimos tendendo a man. Gustaríanos que vostedes tamén tendesen pontes e non puxesen ladrillos nese muro —que pedía o señor Sánchez na súa investidura— porque nós non imos favorecer eses ladrillos; non imos favorecer a construción dese muro. Seguimos tendendo pontes e seguimos tendéndolles a man.

Agardo que reflexionen e que sexan responsables e voten a favor da lei, porque é unha lei boa para a igualdade, señorías. Claro é que se poden mellorar máis cousas, claro que si, señora Presas...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...pero creo que este é un avance importante e creo que os avances hai que apoialos.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Solicitou peche por parte do Goberno e, por un tempo de tres minutos, ten a palabra a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona Elena Rivo.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Rivo López): Grazas, señora presidenta.

Señorías, é para min unha verdadeira honra ver como hoxe remata aquí o trámite parlamentario desta Lei para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. Rematan dous anos de duro traballo de negociacións cos axentes sociais, co persoal experto, os partidos políticos e as familias implicadas para conseguir un texto á altura das circunstancias, permitindo actualizar o marco normativo galego e converténdonos nunha comunidade á vangarda na igualdade efectiva de mulleres e homes.

Foi un proceso aberto e participativo que estivo marcado dende os seus comezos por unha vocación de diálogo, tratando de conseguir os maiores consensos posibles, tamén no eido parlamentario. Un traballo discreto o que aquí se fixo e que, ás veces, queda nun segundo plano ou se ve desprazado por outros temas que acaparan a atención dos medios. Isto permitiu chegar a acordos mediante os cales se introduciron cambios e contribucións dos diferentes grupos como xa comentou a señora Prado, aceptando máis de cincuenta emendas. Por iso quero agradecer ao Partido Socialista, ao Bloque Nacionalista Galego e ao Partido Popular de Galicia o traballo realizado e, particularmente, aos letrados desta cámara.

Señorías, hoxe remata o trámite parlamentario desta lei, pero en Galicia comeza un novo camiño, máis preparado e con máis recursos, para afrontar a desigualdade entre mulleres e homes. Esta lei permitirá mellorar a defensa dos dereitos das mulleres e a visibilización da discriminación múltiple, fomentar programas para a creación de espazos urbanos libres de violencia e acoso sexual, reforzar a igualdade de xénero no eido dixital, mellorar a formación das mulleres e fomentar o emprego feminino por conta allea, con axudas para a súa contratación e promoción profesional, impulsando a creación de empresas en sectores con infrarrepresentación feminina.

A nova lei incide tamén na erradicación de actitudes machistas e de calquera tipo de discriminación no eido da cultura e do deporte; nomeadamente, no deporte de competición, fomentando actividades deportivas e artísticas inclusivas e igualitarias.

En definitiva, unha lei que nos permitirá ser quen de deixarlles ás nosas fillas e aos nosos fillos unha Galicia máis xusta, equitativa, solidaria, inclusiva e diversa.

Señorías, remato dicindo o meu agradecemento a todos e todas os actores involucrados, o seu traballo, a súa implicación e a súa actitude positiva co obxectivo común de mellorar a igualdade entre mulleres e homes.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os cidadáns de Galicia que nos están vendo recordarán este día por converter a nosa comunidade nunha das máis avanzadas traballando pola igualdade, para que todas as galegas e os galegos poidan vivir en liberdade sen ser obxecto de calquera tipo de discriminación. Esperamos unha Galicia onde a tolerancia sexa total.

Moitas grazas polo seu traballo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día no apartado dos textos lexislativos.

Debate de totalidade do Proxecto de lei da calidade alimentaria de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Foi publicada esta iniciativa o 20 de setembro do 2023 e publicáronse tamén as emendas á totalidade. Ao proxecto de lei presentáronse dúas emendas á totalidade de devolución polos grupos dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, documentos 61576 e 61587, respectivamente.

Para proceder á presentación do proxecto de lei ten a palabra, por un tempo de quince minutos, o conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Señora presidenta, señorías, bo día a todos e todas.

Hoxe, tras meses de traballo constante, estamos ante a toma en consideración, o primeiro paso, dun proxecto de lei clave para afianzar a calidade alimentaria de Galicia. Neste contexto penso que todo o conxunto do Parlamento de Galicia deberá alegrarse por este paso que damos.

Para estes efectos, se me permiten, vou comezar a miña intervención facendo un par de consideracións preliminares, pois penso que é necesario ter en consideración que elaboramos esta lei para promover aínda máis a calidade dos produtos alimentarios que se producen ou comercializan no noso territorio.

Trátase, en primeiro lugar, de actualizar e mellorar un marco normativo que data do ano 2005 e que cómpre adaptar á nova realidade. É evidente que os cambios experimentados na produción e comercialización alimentaria, a incorporación de novas tecnoloxías e formas de comercialización, así como o incremento dos intercambios entre países, fan necesario acometer unha adaptación da normativa á nova situación, establecendo medidas que permitan mellorar o control dos alimentos. Neste sentido, penso que configurar unha lei deste calibre constitúe un feito decisivo consonte o apoio que este goberno lles ten comprometido, en primeiro lugar, ás producións agroalimentarias de Galicia e, en segundo lugar, á propia calidade.

Así, o noso grande obxectivo é consolidar nos diferentes mercados e con todas as garantías para os consumidores os produtos alimentarios producidos, elaborados ou comercializados

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

na nosa comunidade. Ademais, pomos o acento nesa protección por adaptarnos ás novas circunstancias, pois nese contexto Galicia pode ter e terá, sen ningunha dúbida, vantaxe.

De feito, Galicia con esta lei, señorías, converterase na primeira comunidade autónoma que regula unha certificación de sustentabilidade para a produción alimentaria. Isto significa que seremos pioneiros á hora de configurar un sistema de certificación totalmente voluntario e facilmente recoñecible para aqueles produtos alimentarios que respecten escrupulosamente o medio ambiente, a devandita calidade e a seguridade alimentaria, e, o que non é menor, a protección dos traballadores e da cidadanía e unha renda adecuada para os diferentes elos da cadea de valor, en especial neste caso para os operadores primarios.

Este aspecto da norma permitirá que os nosos produtos acaden unha nova dimensión no mercado, máis competitiva e atractiva para os consumidores, favorecendo o seu desenvolvemento económico e a xeración de emprego, fixando poboación en Galicia.

Estaremos así a fomentar máis garantías, maiores controis de calidade e un especial coidado no proceso de produción e comercialización dos produtos. E para isto afondaremos na diferenciación da calidade alimentaria de Galicia en contraste á calidade estándar, xunto con outro tema para nós moi importante como é a profesionalización dos nosos consellos reguladores, que adquiren especial relevancia polo seu labor de protección, fomento e desenvolvemento dos produtos amparados polos indicativos de calidade. Así, os consellos reguladores constituiranse como entidades de xestión de figuras de protección da calidade diferenciada. A través desta norma asegurarémonos de que dispoñan dos medios persoais, técnicos e económicos adoptados para o desempeño das súas funcións.

Señorías, outra cuestión fundamental é a promoción da nosa produción agroalimentaria. Temos a calidade, temos a orixe e, se o cremos, temos que traballar entre todos na promoción. Queremos ir da man dos consellos reguladores. E por iso tamén na lei establecemos que os consellos reguladores terán que presentar un plan de promoción da figura de protección da calidade diferenciada que xestionen, fixando os obxectivos e as estratexias. Isto permitirá ademais contribuír á delimitación entre calidade estándar e calidade diferenciada que nomeaba antes.

En adición, reforzaremos por esa colaboración público-privada a participación do sector, con novidades como a creación do Consello Alimentario de Galicia e a Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada de Galicia; dous órganos de consulta e participación. Queremos que o sector contribúa coa Xunta de Galicia á mellora da nosa calidade pola vía da promoción.

Por un lado, no tocante ás funcións do Consello Alimentario, quero destacar como máis sinaladas que vai asesorar sobre os plans estratéxicos e proxectos normativos en materia alimentaria; formulará propostas para a mellora da actividade económica, do emprego e da formación do sector; e proporá liñas de investigación e estudo sobre cuestións de interese para a calidade alimentaria de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No que se refire á Mesa da Calidade Alimentaria de Galicia, na que estarán os trinta e sete consellos reguladores das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, asesorará a Administración autonómica no relativo coa produción deste tipo de alimentación; garantirá a participación dos sectores representativos da calidade alimentaria diferenciada; proporá actuacións de promoción; establecerá relacións de colaboración entre as distintas figuras de protección de calidade diferenciada, especialmente naqueles sectores nos que coincidan os seus intereses; estudará e proporá novas actividades artesanais e alimentarias. Lembren que Galicia é a primeira comunidade autónoma que ten regulado o selo de artesanía alimentaria, que tan ben está funcionando. E o que queremos é seguir impulsándoo como demostrativo tamén desa calidade alimentaria diferencial de Galicia.

E, por último, pero non unha cuestión menor, identificar as tendencias do mercado, analizando en cada momento as debilidades e fortalezas do sector e as oportunidades, por suposto, que cómpre aproveitar.

¿Cal é o obxecto? Pois ben, queremos sen ningunha dúbida mellorar a competitividade dos nosos produtos alimentarios, favorecer o desenvolvemento local e fomentar o emprego e a diversidade produtiva.

Por todo o dito é imprescindible un control rigoroso que garanta a lealdade das transaccións comerciais e a seguridade xurídica das diferentes persoas operadoras, logrando así mesmo non defraudar as expectativas dos consumidores.

Pero, ademais —outra cuestión importante—, tamén reforzaremos a aposta pola compra ou contratación pública verde de produtos alimentarios cun impacto ambiental reducido. Así, darémoslles prioridade a criterios como produtos de cooperativas agrarias, de organizacións cun cincuenta por cento ou máis de mulleres asociadas, de persoas con diversidade funcional ou en risco de exclusión social.

E para efectuar esta compra pública socialmente responsable, a lei contempla a publicación dunha guía de procedemento na que se recollan as condicións ou os criterios sociais, ambientais e de calidade alimentaria que resulten axeitados e garden vinculación co obxecto do contrato.

Así mesmo, a nova norma fai unha profunda revisión do catálogo de infraccións e do procedemento sancionador, adecuándoo á realidade actual e tendo en conta, entre outras cuestións, o cada vez maior volume de vendas que se realizan a través de páxinas web e mediante o comercio electrónico.

Para salvagardar a calidade, señorías, temos que ser totalmente rigorosos cos controis das producións. Porque tendo en conta que os produtos de calidade diferenciada son puntais da riqueza xerada no rural de Galicia, calquera esforzo é pouco para lograr que adquiran unha nova dimensión. E esta nova dimensión no só contribuirá a seguir desenvolvendo o noso sector primario, senón que conseguirá que todos os galegos se sintan orgullosos da nosa produción alimentaria e da nosa gastronomía, que se teñen revelado como un poderoso motor da economía galega.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, a Lei da calidade alimentaria Galicia pecha o ciclo do novo marco de ordenación normativo para o rural galego que nos permite avanzar nas nosas liñas estratéxicas, liñas de éxito: recuperación, prevención e calidade baixo o paraugas da planificación. Falamos dentro dese marco normativo, por suposto, da Lei de recuperación da terra agraria, coa que vimos traballando para ordenar o noso territorio e que xa é capaz de mobilizar ao redor de dez mil hectáreas, ou da futura Lei de loita integral contra os incendios forestais, que estamos elaborando en estreito contacto cos profesionais deste eido.

Tamén me gustaría destacar a revisión do Plan forestal de Galicia, que constitúe o gran marco de planificación para o monte galego do futuro, ou as estratexias sectoriais que fomos quen, en colaboración cos sectores económicos do noso eido primario, de sacar adiante, como a do sector lácteo, vitivinícola e o cárnico.

Remato xa. Dicía o escritor inglés John Ruskin que a calidade nunca é un accidente, sempre é o resultado dun esforzo da intelixencia. Definitivamente, a calidade das nosas producións alimentarias é froito da excelencia, da tradición, do bo facer dos nosos produtores e elaboradoras. Esperemos que a calidade do futuro desas producións, señorías, sexa resultado tamén do esforzo, do traballo e da dedicación deste parlamento a prol da optimización da Lei da calidade alimentaria de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Antes de dar paso aos distintos grupos parlamentarios, damos a benvida e saudamos os alumnos e as alumnas de quinto e sexto de primaria do Colexio Plurilingüe San Benito de Lérez, de Pontevedra. ¡Benvidos ao Parlamento!

Ten agora a palabra por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por un tempo de quince minutos, don Martín Seco, para defender as emendas á totalidade e o posicionamento respecto do proxecto de lei.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Quería comezar a miña intervención nestes días tan escuros en Oriente Próximo cun chamamento á paz e á convivencia, sumándome á petición maioritaria da cidadanía, que pide un cesamento inmediato dos inxustificados ataques que está a recibir a poboación civil palestina por parte do Estado de Israel, e unirme ás verbas do alto representante para a política exterior da Unión Europea, cando di que un horror non xustifica outro peor.

Señor conselleiro, hoxe debatemos as emendas á totalidade que presentamos ao seu Proxecto de lei de calidade alimentaria, e quería comezar por preguntarlle cal foi o desenvolvemento que vostedes fixeron da lei do ano 2005, porque na nosa opinión non vimos avances significativos na súa aplicación, e de pouco serve facer un texto lexislativo como o do ano 2005

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se, por exemplo, temos que esperar catorce anos para o seu desenvolvemento para produtos artesanais.

Señor González Vázquez, ¿este proxecto de lei, á parte das adaptacións necesarias polos regulamentos europeos e a normativa estatal, vai servir para algo máis que para esa busca continua de titulares de prensa que a vostede tanto lle gustan? ¿Ou son só anuncios e propaganda electoral nas vésperas dunhas eleccións autonómicas, que logo non aportan nada ao noso sector agroalimentario?

Señor González Vázquez, Galicia ten á súa disposición uns indicativos de calidade agroalimentaria con enormes posibilidades, grazas a ter á nosa disposición unha magnífica terra e ao esforzo e saber de moitos produtores, que converten estas posibilidades nuns produtos extraordinarios. Pero a nosa terra ten que aspirar a converterse nunha potencia na valorización deses indicativos de calidade, na achega de valor engadido en torno á agricultura ecolóxica, ás cadeas curtas de distribución e á achega ao consumidor do valor engadido da produción agroalimentaria de calidade de Galicia. Por iso, debemos poñer os nosos esforzos en fomentar a transformación e non só a produción agraria.

Os datos dinnos que o sector agroalimentario galego ao longo das tres últimas décadas foi reducindo a súa importancia macroeconómica, cunha importante debilidade estrutural que non foi corrixida polos seus gobernos durante este tempo, ao centrarse na produción de materias primas e manter un desenvolvemento limitado da nosa industria transformadora.

No ano 2015, a industria agroalimentaria galega aportaba o 36,2 por cento do valor engadido bruto no sector, unha porcentaxe similar á que tiñamos no ano 2008, e mentres en España este superaba o 50 por cento, e nos países máis avanzados da Unión Europea este índice chegaba aos dous terzos. Isto supón que en Galicia a industria só engade 0,57 euros por cada euro de valor engadido bruto de produción agraria, mentres que en España a industria engade un euro, e nos países máis avanzados preto de dous euros.

A nosa especialización agroalimentaria no contexto estatal europeo limítase á produción agraria, mentres que o peso da industria agroalimentaria no produto interior bruto só supera brevemente a media europea e está por debaixo da española.

Se analizamos estes datos, vemos que a nosa debilidade está relacionada con dous factores: por un lado, o exceso de exportación en bruto de bens gandeiros, como son o leite e a carne, e, por outro, a especialización das industrias galegas en derivados simples, que xeran un menor valor engadido e teñen unha demanda menos dinámica, xa que existe un gran poder de negociación das cadeas de distribución, que contan co seu beneplácito.

Nesta situación podemos observar traxectorias de maior éxito no cooperativismo de avicultura e de porcino e tamén, aínda que en menor medida, na carne de vacún; tamén na industria cervexeira e nas denominacións de orixe do sector vitivinícola, así como noutras iniciativas empresariais de pequeno tamaño pero de gran dinamismo.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dende a integración europea, o desenvolvemento experimentado polas marcas oficiais de calidade e amparadas pola normativa europea, e con medidas de apoio no marco da PAC, máis concretamente dentro da política de desenvolvemento rural, foi un fenómeno positivo que implicou tanto ás explotacións agrarias como ás industrias e ás canles de comercialización. Nese tempo, o número de produtos con ese tipo de recoñecemento foi aumentando en Galicia, sobre todo dende finais da década dos noventa, ata totalizar hoxe trinta e catro marcas: cinco denominacións de orixe protexida, cinco indicacións xeográficas no sector vitivinícola, catro indicacións xeográficas de augardentes e licores tradicionais, cinco denominacións e quince indicacións xeográficas noutros produtos agroalimentarios, e tamén a agricultura ecolóxica. E non quero esquecerme —tamén como chairego que son— da tramitación da indicación xeográfica do capón de Vilalba, que esperemos que sexa algún día unha realidade e que potencie este produto.

Observamos que a traxectoria destas denominacións de calidade e o seu impacto económico real son moi desiguais, destacando no lado positivo o éxito das cinco denominacións de orixe vitivinícolas, que posibilitaron unha profunda reestruturación do sector, apoiada no dinamismo empresarial da industria, cunha aposta pola calidade, que facilitou a súa presenza crecente nos mercados internacionais. Ou a indicación xeográfica «*Ternera Gallega*», que rexistrou tamén un crecemento continuo, que fai que contaramos no ano 2017 con máis de sete mil oitocentas explotacións rexistradas, que comercializaban máis dun quinto da produción de toda a carne de vacún.

Pero no extremo oposto atopamos de novo o sector lácteo, xa que as catro denominacións de orixe de queixos en Galicia —Arzúa-Ulloa, Tetilla, San Simón da Costa e O Cebreiro—, só transforman o 1,8 por cento do leite que se produce en Galicia, polo que o seu papel é moi limitado, cunha gran dificultade para lograr unha adecuada valorización dos queixos elaborados e cunha presenza menor nos mercados internacionais.

Temos numerosas denominacións e indicacións xeográficas protexidas noutras producións que manteñen unha actividade reducida, xa que, con datos tamén do 2017, en dezaoito das vinte e dúas denominacións e indicacións de bens agroalimentarios, excluídas as vitivinícolas, o valor da produción comercializada non alcanzaba nin tan sequera os catro millóns de euros, non chegando en doce delas ao millón. Existe, por tanto, unha oferta e proliferación de produtos que acceden ao recoñecemento dunha marca oficial de calidade, sen que iso se traduza ata o de agora nun desenvolvemento e nunha presenza nos mercados de magnitude relevante.

Se analizamos os datos da balanza comercial alimentaria en Galicia, que estaban en equilibrio no ano 2011, vemos como os datos do Instituto de Comercio Exterior de España revelan que esa mesma balanza comercial alimentaria para o noso país, no ano 2020 estaba nun saldo negativo de seiscentos millóns de euros, nun contexto no que a balanza comercial española estaba nun saldo positivo de máis de once mil millóns de euros.

Señor González Vázquez, unha comunidade como Galicia, que pode e debe ser potencia no ámbito da produción alimentaria, tiña eses datos no 2020, pero vostede sabe que nos anos posteriores este saldo non mellorou, tendo no 2022 un saldo negativo de 1.100 millóns de euros, e nos primeiros seis meses deste ano un saldo negativo de 266 millóns de euros.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mentres, señor González Vázquez, a súa consellería derrocha fondos en política publicitaria, en cemento e nunha cantidade inxente de contratacións sen publicidade nin concorrencia competitiva. Levan millóns de euros gastados e por gastar no agora adiado novo Gaiás de Sergude; uns fondos que deberan ser para o noso sector agrario. Pero mentres vostede gasta en ladrillo, carecemos dunha mellor estrutura organizativa na Axencia de Calidade Alimentaria de Galicia e nos seus centros de formación e experimentación agroforestal, e deixan ademais que os centros de investigación vaian esmorecendo, cando poderían ser un apoio esencial para os produtores das denominacións de orixe e indicacións xeográficas positivas. E non vou recordar como deixaron unha multitude de produtores da agricultura e gandería ecolóxica sen axudas nun momento esencial de cambio.

Continuamos cunha preocupante perda da nosa superficie agraria útil, mentres vostedes invisten centos de miles de euros en proxectos sen moito sentido, sen unha actividade agraria definida, e non actuamos nunha mobilización axeitada da nosa terra, e adxudican sen publicidade e concorrencia competitiva miles de euros en contratos menores, como sucedeu en temas como o Mercaproximidade ou o Superfeirón, que foron un atentado contra a transparencia e o bo goberno.

Conselleiro, dende o Goberno galego deberan fomentar un modelo que fuxise do clientelismo e amiguismo actual —non sorría, sabe vostede que é así—, e que fose un modelo de defensa da calidade dos nosos produtos agroalimentarios, con transparencia e igualdade de oportunidades entre todos os operadores agroalimentarios galegos.

Pero non atopamos que canles de comercialización de produtos agroalimentarios galegos de calidade se teñen auspiciado polo Goberno nos últimos catorce anos, máis aló de macrooperacións de márketing financiadas por vía de contratos menores.

Conselleiro, como lle dicía antes, esta lei vén substituír a lei actual do ano 2005, unha lei que tivo que esperar catorce anos para desenvolverse para produtos artesáns; uns datos que falan da urxencia porque teñamos un Goberno que lle dea unha maior aplicación ao marco lexislativo existente e non tanto á necesidade de ter novos marcos.

No Grupo Parlamentario Socialista botamos de menos no trámite desta lei un estudo da situación actual, canalizar o funcionamento da lei en vigor, para paliar os erros e as dificultades na súa aplicación, que no noso parecer ten un entramado de consellos reguladores e entidades intermedias de certificación e control que necesitan do apoio económico da administración para manterse, derivado da incapacidade das pequenas explotacións e da pequena industria, mentres que as industrias e explotacións que non teñen unha figura de calidade na súa disposición teñen uns custos e requisitos menores para poder comercializar os seus produtos no mercado local, sen que en moitos casos a calidade destes alimentos certificados sexa detectada polo consumidor.

Esta lei debera ter os mecanismos necesarios para ser máis áxiles e ter menos burocracia, cuns custos que non o poñan en desigualdade cos produtos non acollidos a estes distintivos. Para iso a Agacal debera de ter máis competencias e unha estrutura máis potente para asumir

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

as funcións que agora están a levar a cabo os consellos reguladores, e que encarecen o seu produto e complican a súa comercialización.

No que respecta aos órganos colexiados de calidade que introducen na lei, como o Consello Alimentario de Galicia ou a Mesa de Calidade Alimentaria Diferenciada, que o texto di que poderán emitir informes facultativos non-vinculantes, e non teñen tampouco un marco temporal para a súa posta en marcha, cremos que deberan de ter unhas funcións de maior carácter executivo e ser configurados con premura.

O texto fala da creación dun sistema de certificación de calidade e voluntario, cunhas normas de calidade que terán que sufragar os consellos reguladores, e que unha entidade de certificacións se encargará de aplicar. Isto pode supoñer uns gastos para a elaboración das normas, contratación da entidade de certificación igual ou similar aos sistemas de certificación de calidade que levan a cabo as empresas multinacionais, pero non sabemos quen vai asumir os custos: os cursos de persoal, os cursos de tramitación das normas, a contratación da certificadora, e todo para que sexa voluntario. Isto é algo que podería realizar a administración, para deixar que as empresas e os consellos reguladores se dediquen ao traballo de fomento da marca de calidade, á comercialización, ao control da etiquetaxe, a protexer a marca e a denunciar fraudes, pero non para substituílos en tarefas que vostedes na administración deberan de realizar.

Observamos unha lei que crea un bo número de entidades, órganos consultores non-vinculantes, rexistros e normas técnicas, e todo iso sen establecer ningún prazo de posta en funcionamento e cun custo inasumible polos pequenos consellos reguladores, que pode poñer en risco o seu futuro.

E no ámbito da inspección e control, tal como pasou noutros ámbitos da Xunta de Galicia, ábrese a porta á privatización de controis oficiais, como as inspeccións e as tomas de mostras coa regulación da figura de delegación e rexistro de entidades de certificación, algo co que discrepamos, aínda que o permita o vixente regulamento europeo, porque cremos que isto o debe facer a propia Administración autonómica.

O procedemento de toma de mostras non regula como sería o protocolo no caso de existir discrepancias cunha empresa que desexe facer unha análise contraditoria, un procedemento que xa figura no Real decreto 1945/1983 e que entendemos que debera de terse especificado nesa lei, e introducímolo como unha emenda parcial. Esta lei debe de servir para desenvolver o marco lexislativo estatal e os regulamentos europeos que son de aplicación directa, e non deixar flocos para posteriores normativas, que a experiencia nos di —observándoos durante estes catorce anos— que tardarán décadas en realizar.

Por todo isto, señor conselleiro, o noso grupo cre que esta cámara debera de rexeitar este proxecto de lei e ser devolto ao Goberno para a súa reconsideración e poder traballar conxuntamente cos especialistas, cos funcionarios, cos traballadores da administración e tamén cos consellos reguladores, para acadar unha norma que facilite o seu funcionamento e non o dificulten.

Nada máis. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Seco.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Xosé Luís Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, presidenta.

Bo día, señoras deputadas e señores deputados e señor conselleiro.

En Palestina o inverno toma forma de exterminio continuado. Son horas de que a cordura e un mínimo de xustiza paren este holocausto e poñan a cadaquén no seu sitio. *(Aplausos.)*

Que a nación do Estado que aporta o 41 por cento da produción láctea, que posúe os mil microclimas benignos aptos para a agrogandaría, que ve o seu territorio sucado por milleiros de cursos da auga, que chegou a ter 900.000 hectáreas cultivadas, que delas 337.000 correspondían a cereal en grao, e que hoxe pase das 600.000 hectáreas abandonadas, con só 32.000 dedicadas a cereal en grao, e que importe para soster a alimentación animal, tanto a láctea como a de carne, arredor de tres millóns de toneladas dese insumo é dicir esperpento. Porque só en Ucraína tiñamos emigradas 500.000 hectáreas de terra cultivada, mentres aquí o lume chega a cada pouco ás casas.

Estamos diante dun proxecto de lei que formula desexos de felicidade a xeito de boliñas de Nadal penduradas dunha árbore sen follas nin pólas que as sosteñan. Unha lei máis, un texto máis para regulamentar o que case non existe.

E non pretendemos desprezar nin negar o valor das IXP nin das denominacións de orixe, porque elas son unha mostra viva do que podería ser e terá que ser cando este país recupere a razón e substitúa o actual goberno do abandono por outro que represente a vida que o noso territorio ofrece aos seus habitantes.

A exposición de motivos deste proxecto de lei resulta cando menos insultante. Fala dun país cunha agrogandaría vizosa, con variados e surtidos cultivos, coa sostibilidade como alicerce, coa fixación de poboación como a norma guía. Realmente insultante e burlesco; o mundo ao revés.

Vexamos: «A produción agroalimentaria en Galicia —estou lendo textualmente a exposición de motivos— mantén o prestixio que historicamente fai que sexa recoñecida no resto do Estado español pola súa calidade, asociándose a producións sostibles moi vencelladas ao territorio e con capacidade para fixar poboación no rural, grazas ao mantemento e á creación de postos de traballo. A loita contra as prácticas desleais na produción e comercialización de alimentos debe ser un obxectivo prioritario». ¿A como se paga o quilo de carne de Tenreira Galega Suprema?, ¿cobre os custos de produción?, ¿onde? ¿De que país se fala?

Estamos diante dun intento de engadir máis lexislación, máis mesas de consulta que nada consultan. ¿Púxose en práctica a normativa anterior á Lei 2/2005? ¿Onde os pregos de condicións? ¿Onde a artesanía alimentaria?

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Van aló dezaoito anos e nada se fixo, e agora tampouco, e a produción a menos. E este proxecto cumprindo un único cometido: buscar titulares, predicir que se fai o que non se fai, agora que seguimos nesa campaña dual. En vez de promover e executar os cambios necesarios, en vez de facer cumprir a normativa anterior, en vez de facer unha adecuación da mesma ás novas normativas, pois aí vén, unha lei. Porque do que aquí, do que aquí se fala é da alimentación escolleita, de bocados de celebración e dunhas poucas veces a que vén sendo símbolo. Pero ¿símbolo de que? Porque a realidade alimentaria galega actual provén de miles de quilómetros con combustibles fósiles engadidos. ¡Vaia!, o quilómetro cero co de dentro para fóra.

Podemos atopar —poñamos por caso— a xouba do Mediterráneo —e esta é unha experiencia persoal que me traumatizou— procedente de Grecia a 1,80 euros o quilo, que non lle pagou o combustible ao barco que a pescou.

Claro que si, ben sabemos que para vostedes somos unha *región* autónoma, por imperativo legal; xa saben: para nós, non. Por iso preocúpanos o noso —como vostedes chaman— «autoabastecemento alimentario». Si —para que me entendan— porque para nós trátase de «soberanía alimentaria». «Soberanía alimentaria» é un palabro en dúas fases que non se debe pronunciar sen penitencia política. A nosa dependencia en alimentación, o volume de alimentos importados tamén para a alimentación humana, é equiparable á animal.

Como indican expertos analistas agrarios galegos, as medidas que deben ser aplicadas desde a administración de forma urxente para comezar a reverter a situación de dependencia alimentaria poderían sintetizarse en:

«a) Unha urxente reforma agraria, adaptada ás necesidades actuais do agro galego, que non se centre na propiedade senón nos usos e na mobilización produtiva das superficies; que reduza o abandono, promova a produtividade da terra e sirva como medida de prevención de incendios forestais». Si, xa, xa, ¡tarde piaron!, pois desde o 2009 botaron doce anos e pico xestando unha lei ou pensándoa, ou simplemente dormitando.

«b) Unha ordenación de usos do solo que delimite o espazo que deben ocupar as terras de vocación forestal e as que deben reservarse para un aproveitamento agrogandeiro, e que permita compatibilizar as demandas da poboación para eses territorios de tipo ambiental, residencial ou turístico coas funcións tradicionais de produción.»

«c) Unha reorientación dos sistemas produtivos das explotacións gandeiras cara a modelos máis baseados nos recursos forraxeiros e menos dependentes das compras de alimentos para o gando, aproveitando así as vantaxes agroclimáticas de Galicia para reducir os custos de produción e producir preferentemente alimentos de calidade diferenciada.»

Xa vimos, señor conselleiro, o trato que recibiu a produción ecolóxica de parte da Consellería do Medio Rural no pasado 2022. Foron 2,6 chorados millóns de euros, un raquítico 5,15 por cento de superficie agraria útil e esa venda en convencional de boa parte dos seus produtos, e ¡165 millóns de euros sen executar! ¿Cualificativos? Non me quedan. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nin se fala nin se menta a necesaria revitalización dos mercados locais, da canalización dos excedentes de autoconsumo. E aí está, aí están os do Bloque, sobre todo o Mini, que está sempre co autoconsumo. É a realidade que vivimos os que vivimos no campo. Galicia continúa a ser unha realidade produtiva con sectores moi potentes, como o lácteo e o vitivinícola, claro que si, que conviven coa agricultura e gandaría en autoconsumo de xentes que aínda resisten no rural; non teñen outro sitio onde ir —creo—. Esta modalidade é considerada como residual no seu tratamento por parte das políticas do Partido Popular no Goberno, ten mil atrancos para comercializar os seus excedentes, atrancos que coutan a expansión labrega e alimentaria e que proceden do desleixo interesado da administración e na falta de apoio, con honrosas excepcións dos concellos rurais, as máis das veces por descoñecemento.

Botamos a faltar, señor conselleiro, os necesarios centros comarcais de apoio á transformación e comercialización alimentaria, onde os produtores e produtoras sexan informados e informadas tecnicamente dos procesos, onde dispoñan de salas e utensilios e aparatos homologados para a súa transformación, envasado, conservación e etiquetado das súas producións, facendo posible a tan cacarexada e manida estratexia «Da granxa á mesa» e dos mercados de proximidade.

Os mercados locais están en franco declive ao non contaren cun apoio decidido de parte das administracións; os mercados locais, eses onde as transaccións son faladas, onde a garantía e o coñecemento mutuo e onde a supervisión sanitaria pode e debe ser directa. O produto local nos comedores escolares, nas residencias de maiores, nos comedores públicos, na restauración, nos supermercados e mercados. ¿Onde está a lexislación mínima e práctica que ampare estas actividades económicas desaparecidas pola modernidade do azulexo e do envasado en plástico? Porque os concellos nada saben de que poden dar amparo a estas producións e que teñen aí unha obriga de dinamización do rural. Nada disto se aborda en serio neste Proxecto de lei da artesanía alimentaria e dos alicerces necesarios para construír unha actividade agrogandeira que promova ese tan manoseado e refalado desenvolvemento rural.

Na exposición de motivos do proxecto de lei lemos cantidade de cousas bonitas. ¿E de verdade refírense ás producións locais? Porque se visitamos calquera supermercado dunha cidade ou dunha vila, máis do oitenta por cento dos alimentos frescos ou transformados proceden da lonxanía. Porque logo a nosa poboación decotío aliméntase de produtos ás veces de dubidosa calidade traídos por unha lexión de intermediarios e postos á venda entre plásticos de colorines. Semella coma se fose para aproveitar o feito de que xa que imos facer a lei pois falamos da calidade diferenciada, que logo na verdade vén sendo o motivo desta lei.

«Los objetivos fundamentales de esta nueva regulación serían establecer el marco normativo que permita asegurar en la Comunidad Autónoma de Galicia la calidad de los productos alimentarios obtenidos o comercializados en su territorio y su conformidad con la normativa de aplicación...» —¡ollo ao dato!— *«...en defensa de la lealtad de las transacciones comerciales y de los derechos e intereses legítimos de los productores agrarios, operadores económicos y profesionales del sector, así como de las personas consumidoras finales»*. ¿A canto se paga o quilo do canal vacún de Tenreira Galega? ¿E cal vén sendo o seu custo de produción? Por certo, agora só os xatos finalizados en cortes, e xa temos falado disto.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A homologación ao servizo da distribución e, ¿por que non dicilo?, dos intereses dos cebadeiros de Coren e compañía. Fagamos que flexibilice, que procure que o consello regulador flexibilice iso e dea cabida a todas as posibilidades como xa estaba sendo. Si, claro, o mercado demanda. ¿Quen orienta os gustos do mercado? ¿Quen guía as apetencias do consumidor? A distribución. ¡Xa quixera o Bloque poder facelo! Sería moito máis sensato.

¿Por que se excluíron das axudas as explotacións de menos de dez vacas nutrices? ¿Seica non teñen calidade diferenciada? ¿E a pataca da Limia? ¿Que relevo xeracional ten a produción da faba de Lourenzá, conselleiro, a dez anos, como non sexa a mans dun fondo de investimento calquera ou dunha agroindustria que envase a faba procedente —poñamos, por caso— de Polonia? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, en Segovia, *las alubias propias de Segovia (Risos.)* son envasadas alí, pero proceden de Polonia.

¿Como se xustifica a perda de 324 granxas lácteas no primeiro semestre do 2023 sobre un total de seis mil? ¿Onde a produción de trigo do país que sustente o Pan Galego? ¿E que se fixo para divulgar as excelencias dentro de Galicia deste pan, ou é só para o mandar para Barcelona?

Son estas as cuestións principais que nos moven a considerar innecesaria esta lei e que, en todo caso, vistas as políticas da Xunta que goberna o PP a respecto do tema agrogandeiro e do que se deu en chamar «rural» chegaba cunha modificación do que foi quedando obsoleto na Lei 2/2005, en espera de que o proceso electoral en portas proporcione un novo equilibrio que aborde coa premura a intensidade precisa ás solucións ao abandono e á venda da nosa considerable riqueza agrogandeira, recupere a superficie agraria necesaria para acadar un mínimo de soberanía alimentaria que a nación galega está demandando desde hai xa tempo.

Porque, señorías, a situación de abandono do noso territorio e da nosa agrogandaría como base do sustento lóxico e razoable deste noso país e o acomodo ás exixencias medioambientais demandan esforzos excepcionais para recuperar a actividade agraria que dea sustento á poboación próxima, mobilidade de terras, ordenación do territorio, transformación alimentaria. En definitiva, urxencia de políticas realistas de corte estrutural e a calidade diferenciada pois tamén, pero cada cousa ao seu tempo.

Señorías, ¿que foi primeiro, o ovo ou a galiña?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Rivas.

Continuamos. Quenda agora do Grupo Parlamentario do Partido Popular. Ten a palabra o señor Armada.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, presidenta.

Boa pregunta, señor Rivas. Eu, dende logo, non teño a resposta; vostedes, que o saben todo, seguro que si. *(Murmurios.)*

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, entrando en materia, a min gustaríame facer despois durante a miña exposición unha serie de aseveracións sobre o que aquí escoitei esta mañá, porque a verdade é que vostedes entran nunha xeira de contradicións que a min me resultan bastante curiosas. E despois lévannos a unha acción política —como puiden observar na miña terra esta pasada fin de semana— onde chegan vostedes a apropiarse incluso de medios como, por exemplo, a Lei de recuperación de terra agraria, e din que son vostedes os que impulsaron eses mecanismos para levar a cabo a Lei de recuperación de terra agraria. É interesante ese tipo de contradicións. *(Aplausos.)*

Pero vaiamos ao tema e sobre a cuestión. Miren: sen lugar a dúbidas, esta lei, por moi electoral que lles pareza, nós considerámola unha das leis fulcrais dentro do noso agro, dentro do noso medio rural, e así o estimamos porque ¿quen non escoitou moitas veces falar de que os nosos produtos os cualifican de excelentes? E eses produtos, que son tanto da terra como do mar, é moi fácil cualificalos, pero é moi complicado chegar a esas definicións.

A excelencia deses obxectivos aos que aspiramos a chegar coa formulación desta lei é que esperamos que reforce dunha forma activa e positiva ese posicionamento dos nosos produtos e sigan a ser estímulo para os nosos produtores, transformadores e, por suposto, a quen nos vai adxectivar, que son os consumidores; é o que nos move. E para iso temos que seguir marcando políticas que manden a mensaxe clara de que a aposta pola calidade é innegociable.

Á hora de establecer garantías e accións por parte deste goberno, que —non lles caiba a menor dúbida— continuará, porque a verdade é que cando faltan ideas sinceramente a poboación o detecta, e así o segue detectando, este goberno establecerá —como digo— unha serie de accións e garantías para amparar o feito de que os nosos produtos sigan sendo o que son, de calidade.

E iso faise, en primeiro lugar, a través da promoción desas producións de calidade para fomentar a súa venda e, por suposto, tamén a protección das producións galegas de calidade. E iso faise a través dos selos de calidade diferenciada, que protexen o bo facer e, por suposto, o produto final. Pero, ademais, a certificación tamén serve para protexer o produto na orixe. E con orixe referímonos ao agricultor e ao gandeiro, así como ao produtor e todos os que participan dentro desta cadea, garantindo a digna subsistencia do sector primario e garantindo tamén a calidade de principio a fin.

Tamén apostamos pola transformación, pola comercialización, pero tamén pola xeración de valor engadido. E iso faise tamén a través da dixitalización do sector, e así aparecen esas lonxas agropecuarias cun sistema de poxa *online* de animais que con seguridade mellora a capacidade de comercialización dos animais dos produtores e, por suposto, apostando por unha etiquetaxe positiva. Unhas medidas que xunto con esta lei supoñen a panca na cal se asentan os principios polos que se rexe toda a produción galega que se prece, e están guiados polos índices de excepcionalidade, singularidade e calidade.

Galicia, como ben dicían vostedes, conta hoxe con trinta e sete selos de calidade diferenciada, que se están impulsando dun xeito decidido como a mellor proba do espectacular traballo

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dos nosos agricultores, os nosos gandeiros e as nosas industrias agroalimentarias. Este é un compromiso que volve estar referendado nos orzamentos deste vindeiro ano 2024, que contarán, por exemplo, con 32,6 millóns de euros, dous millóns máis que no ano 2023, para seguir avanzando na competitividade, con axudas para a transformación e a comercialización dos nosos produtos agrarios.

Tampouco me quero esquecer dunha liña de 12 millóns de euros, xa que vostede estaba a falar de que nós ao mellor non axudabamos demasiado os nosos gandeiros de carne, onde hai achegas económicas a eses gandeiros para que traballen baixo o indicativo de calidade Tenreira Galega por un valor de 200 euros por animal certificado. E, por suposto, tamén 6 millóns de euros nun plan de promoción de produtos agroalimentarios galegos.

E falaba vostede tamén da artesanía alimentaria, e parece como que aquí nunca se fixo absolutamente nada, pois voullo explicar. Este distintivo, que garante que a obtención das producións se rexa pola norma tecnicamente pertinente, recolle unha serie de requisitos relativos ás materias primas e aos procesos de elaboración autorizados ao seu modo de presentación e como debe ser a súa rastrexabilidade e o seu control. Son oitenta e catro máis vinte en plena certificación as empresas que están adheridas ao selo de «Artesanía Alimentaria de Galicia» e que contan con máis dun cento de artesáns rexistrados neste distintivo de calidade, promovido para diferenciar as producións do agro e do mar que se elaboren de xeito tradicional, así como para protexer os seus produtores. Destacamos a calidade dos produtos destas empresas, que agora verán reforzada a súa diferenciación no mercado grazas ao selo de «Artesanía Alimentaria». Un selo de calidade diferenciada que busca promover e protexer as pequenas producións e elaboracións tradicionais artesás de alimentos de alta calidade, facilitando a diversificación económica das explotacións agrarias e o incremento do valor engadido das producións locais e mellorar as rendas de fixar poboación no medio rural e litoral.

E outro dos obxectivos deste distintivo de «Artesanía Alimentaria» é fomentar métodos tradicionais de elaboración e desenvolver unha gama de produtos diferenciados de calidade, potenciando circuítos curtos de comercialización que permitan o contacto directo entre as persoas produtoras e as consumidoras, promovendo a visualización e a participación activa das mulleres en todas as súas dimensións da actividade de artesanía alimentaria.

Por suposto, vostede estábame a falar da comercialización de produtos e excedentes, pois si, é verdade, hai moitos concellos que están sendo axudados pola Consellería do Medio Rural para fomentar precisamente eses mercados locais. E pódolle asegurar que vostede pode ter un exemplo na súa alcaldesa e pódelle preguntar, por exemplo, en Tomiño, se recibiu ou non axudas para fomentar o seu mercado; por certo, un mercado excelente. Pero tamén lle podo falar, porque hai un mercado que os convido a todos a que visiten, que é o mercado do Xurés, onde tamén poderán atopar eses produtos dos que vostede dicía que adoecían de mercado ou lugar onde puideran ser comercializados.

Polo tanto, nós entendemos que esa é forma de traballar, a forma de incentivar os mercados, que —insisto— todos os concellos de diferentes cores políticas teñen fondos á súa disposición para poder levar a comercialización destes produtos.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por suposto, non me gustaría esquecerme dunha pequena contradición, pois vostede dicía que quere explotacións de autoconsumo e pídolle que mo ratifique despois. ¿Quere vostede explotacións de autoconsumo e despois que ese produto estea no mercado? Vaimo ter que explicar despois de verdade; é que eu llo entendín así. Vaimo ter que explicar un pouquiño máis polo miúdo, porque a verdade é que é un pouco complicado de entender.

E tamén me gustaría sinalarlle ao señor Martín Seco, que sempre está a falar vostede de Sergude, que eu creo que sería bo —lánzolle aquí o reto tamén, por suposto, ao señor conselleiro— que a Comisión 7ª visitase na maior brevidade posible o centro de Sergude, porque eu, desde logo, entendo que nós o que temos que apostar é por uns centros de formación agraria a nivel e de nivel, para que os nosos mozos poidan ser realmente o relevo xeracional que nós estamos buscando dentro do noso rural. *(Aplausos.)*

Falan vostedes tamén en moitas ocasións das diferentes mesas, que se non valen... Aquí estamos falando das políticas que se están levando no agro e que veñen vencelladas con esta Lei de calidade alimentaria. Eu poríalle o exemplo da Mesa do Leite, esa que garante os prezos xustos que tantas veces temos sacado neste Parlamento e na Comisión 7ª. Eu entendo que a Xunta de Galicia é un aliado que está completamente convencido das reivindicacións dese sector. Pódolle asegurar que a Xunta mantén sempre un diálogo constante; polo menos, así é o que nos trasladan tanto a propia administración como os propios gandeiros. E pódolle asegurar que a nosa mensaxe é moi clara e moi contundente, e ese é o único camiño posible para garantir un sector que teña remuda xeracional. E non hai industria láctea sen gandeiros, téñao vostede moi claro.

E por iso é importante manter unha estratexia para que Galicia siga sendo unha das maiores, por non dicir a maior comunidade produtora de leite da Península, tendo en conta que hai que realizar un apoio a ese sector e que sexa cada vez máis moderno e competitivo. ¿E como se fai iso? Loxicamente a través de accións con cartos, e así destínanse aproximadamente cen millóns de euros anuais a ese sector. Por suposto tamén a través da estratexia de dinamización do sector, que dá os seus froitos a través de ferramentas como a cota láctea.

E aquí tamén fago un pequeno inciso, porque sería importante tamén, xa que estamos falando de produción, que esa Lei de cadea alimentaria —que eu estou seguro de que o contemplaban vostedes no seu pacto co Partido Socialista, que seguro que o están vendo dentro do medio rural— se modificase para que non teñan esa equidade, senón que tamén teñan a súa marxe de ganancia os nosos gandeiros, e que por iso nós presentamos unha emenda, que, por suposto, foi rexeitada. Nós entendemos que é unha medida necesaria e fundamental para garantir a viabilidade desas explotacións gandeiras.

E tamén lle podo asegurar que a mobilización de terras da que estabamos a falar ao principio da miña intervención, loxicamente, ese é o mecanismo que necesitan as nosas explotacións. Sabe vostede —que, ademais, fala con gandeiros coma min— que, loxicamente, o primeiro que están demandando é precisamente masa. ¿E cal é o mecanismo que vostedes propoñen? Evidentemente, o mesmo que non apoiaron: a Lei de recuperación de terra agraria de Galicia. Si, ría, pero é que ese é exactamente o mecanismo.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, nós temos moi clara cal é a folla de ruta que temos que seguir para que as nosas producións, neste caso no agro, teñan a maior viabilidade posible e, sobre todo, o maior futuro posible. E pódolle asegurar que aí non van entrar oligarcas de trescentas ou catrocentas vacas, entrarán os oligarcas de 70, 80 e 90 vacas —eses que creo que lles chaman ás veces «oligarcas»—, porque eses tamén necesitan masa dentro da forestal. Refírome, por exemplo, cando é o Plan de pastos, que —como ben sabe— entra dentro das comunidades de montes veciñais en man común.

E cinguíndome xa á lei, quero felicitar o conselleiro e, sobre todo, a Consellería do Medio Rural por presentar un texto que, evidentemente, é necesario, porque tense que realizar unha adaptación normativa forzosa e practicamente necesaria, porque hai que actualizar un texto legal de hai dezaoito anos que promovía a defensa da calidade alimentaria de Galicia. Nel consolídanse, por suposto, diferentes mercados; danse todas as garantías aos consumidores a través dos produtos que son producidos, elaborados e comercializados nesta comunidade; afóndase no que sería a profesionalización duns consellos reguladores, que nesta lei adquiren unha especial importancia dado o seu labor de protección, fomento e desenrolo da produción amparada por distintivos de calidade diferenciada; márcanse outros obxectivos, como son a mellora da competitividade, o favorecemento do desenrolo do produto local e o fomento do emprego e a diversidade produtiva; apóstase por un control rigoroso que garanta —como ben dicían— a lealdade das transaccións comerciais e a seguridade xurídica; e, por suposto, mellóranse as expectativas dos consumidores, eses que poden cualificar os nosos produtos como excelentes.

Ten varias novidades, onde nós apostamos por unha calidade diferenciada por encima dunha calidade estándar, e crea o primeiro sistema voluntario de certificación de sustentabilidade do sector agrogandeiro galego.

Por suposto, tamén adapta os consellos reguladores ao novo marco legal e reforza a participación e implicación do sector ao crear novos órganos que si que fan falta moitas veces que nos aconsellen, porque, evidentemente, temos que contar con absolutamente todos os actores do sector produtivo galego. Neste caso, créanse o Consello Alimentario de Galicia e a Mesa de Calidade Alimentaria.

Non me quixera esquecer dese marcado carácter social que tamén marca esta normativa, como é a regulación da compra ou a contratación pública verde, onde se lle dá prioridade —como ben dicía o conselleiro— a cooperativas e organizacións dun cincuenta por cento ou máis de mulleres asociadas e persoas con diversidade funcional. Penso que é unha medida moi acertada e, sobre todo, una medida que, dende logo, vai ser moi ben acollida e dentro desa política social pola que está a apostar decididamente a Xunta de Galicia.

Por suposto, os nosos produtores están demandando unha normativa que creo que este texto reflicte, pero tamén creo que vostedes poden seguir facendo as aportacións durante o tempo que teñamos de traballo para desenrolar este texto normativo. Nós esperamos as súas achegas. Estou seguro de que en moitos casos poderemos chegar a acordos, porque no Partido Popular, lonxe de marchar sempre ao «non», pódolles asegurar que tendemos a man e, por suposto, estamos dispostos a escoitalos. Todo isto, para que vaia en beneficio da nosa terra, do noso rural e da nosa xente.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Armada.

Antes de continuar coa rolda de réplica, damos tamén a benvida e saudamos os alumnos e as alumnas de quinto e sexto de primaria do CEIP Lourido, de Poio. ¡Benvidos ao Parlamento!

Rolda agora de réplica —como dicía— por un tempo de cinco minutos.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, novamente don Martín Seco

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, presidenta.

E benvidos os alumnos que están hoxe aquí na casa de todos.

Señor Armada, eu sabe que sempre lle collo as invitacións de bo xeito e estaría encantado de ir con vostede a Sergude, un lugar que xa coñezo. O que non debemos é de confundir o que significa a escola, esa escola que debe potenciarse e que debe funcionar correctamente, con ese macroproxecto de espello do rural de fondos e fondos, inxentes fondos —ría, señor conselleiro, porque é así—, de inxentes fondos da Administración autonómica, para facer un macroGaiás do rural. Esa é a diferenza. Todos os cartos que se invistan na formación agraria, na experimentación, nesa transferencia que ten que haber ao noso sector, todo estaría ben. Pero xa lle digo que poderiamos visitalo xuntos porque xa coñezo esa instalación.

Ben, máis aló de transferir normativa europea e estatal, máis aló desa propaganda que van utilizar vostedes de aquí ata o proceso electoral, de que con isto se soluciona e se pon en valor todo o que significa a calidade agroalimentaria de Galicia, preguntámonos en que beneficia realmente este proxecto de lei eses pequenos produtores e a comercialización nesas canles curtas nos mercados e no comercio local.

¿Para que valen tantas mesas, tantos consellos, se vostedes, señor conselleiro, só as utiliza nun sentido? Vostedes non lles transmiten aos produtores, como pasa no Consello Agrario, escoitan moi pouco, hai pouca transferencia de comunicación co sector. ¿Para que serve se logo deixan os produtores ecolóxicos sen fondos para o mantemento e a conversión nun momento especialmente crítico por pouco máis de dous millóns, dous míseros millóns de euros, para unha consellería que deixa —como lle dicía o outro día no tema dos orzamentos— decenas de millóns de euros sen executar ano tras ano?

¿Cal é o obxectivo do Goberno?, ¿impulsar e axudar os consellos ou controlalos e telos caladiños se pasa iso que dicía anteriormente?

¿Queren seguir nese proceso continuo do seu goberno por privatizar os servizos de inspección e control, como o están facendo en todas as áreas?, ¿ou apostan polos inspectores públicos?

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Como van apostar vostedes pola calidade se están deixando morrer os centros públicos de investigación agraria e non hai unha continuidade no seu traballo, como eles denuncian? ¿Como van apostar pola calidade se —como dicía— os centros de formación e experimentación teñen moitas carencias, demasiadas carencias en moitos anos, de non ter a organización, e falta moita transferencia aos nosos produtores, tamén á nosa industria, tamén a aqueles que teñen figuras de calidade?

¿Cando van poñer mecanismos reais como dicía vostede, señor Armada, —como sempre lanzando balóns contra Madrid— para que se cumpra a Lei da cadea? Recordo que esta administración, que ten a súa AICA autonómica, non multa ninguén cando non cumpre. E incluso chegan vostedes a facer unha modificación dunha liña de axudas que, por fin, contemplaba que aqueles que non cumprisen coa Lei da cadea quedasen sen axudas, e vostedes modifícano para beneficiar esas empresas que non están cumprindo cos nosos produtores. Pero si vostedes son fieis defensores desa modificación da Lei da cadea alimentaria, curiosamente a Lei de Tejerina —que non data de tanto tempo—, era o que era e era una auténtica *basura*.

¿Como van apostar pola calidade se vostedes están caladiños e non poñen a regulamentación necesaria? Está á disposición do Goberno galego para o que o Campus Terra de Lugo non teña que ter encima esa espada de Damocles continua, e non volvemos escoitar que están en xogo titulacións emblemáticas para Lugo e tamén para o noso rural, como son agrícolas e forestais. Poden facelo. Xa teñen a presión da propia sociedade de Lugo e tamén da propia universidade e o seu campus, os seus traballadores e tamén das institucións, tanto o Concello como a Deputación.

¿Como imos apostar pola calidade se temos un problema moi serio coa incorporación de xoves á actividade agraria, e as súas políticas non potencian ese cambio de rumbo? Vímolo como incluso deixaban outra vez máis tamén xoves que se querían incorporar sen axudas.

Os integrantes das figuras de calidade, señor conselleiro, teñen que verse apoiados pola administración e partir dunha posición forte para comercializar os seus produtos, e non teñen que chegar a pensar que o poden facer mellor se están fóra destas figuras. Pero iso non significa que perdan a súa independencia e autonomía. A Xunta debe acompañar e apoiar, debe facer o seu traballo, pero en ningún caso debe tutelar estes consellos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Xosé Luís Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidenta.

Cando este proxecto de lei foi posto de largo, o señor presidente da Xunta dicía que garantiría a xa alta excelencia dos produtos agroalimentarios e melloraría a súa competitividade no

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mercado. Recoñecía tamén que a Lei 2/2005 necesitaba unha actualización. E falaba dun certificado de sustentabilidade que acreditará que na elaboración de produto se respectaron os dereitos dos traballadores e o medio ambiente e que se pagou a materia prima a un prezo axeitado; o cal quere dicir por riba dos custos de produción. E dicía que somos os primeiros neste certificado; un papeliño máis. E a pregunta desde o BNG é de se non debería ser obrigatorio que nunha sociedade moderna e equilibrada estes aspectos fosen o normal e obrigatorio, non unha excepcionalidade voluntaria.

Señor Armada, é curioso. Vostede di que somos contraditorios porque nos apropiamos da Lei de recuperación de terra agraria. Non, mire: nós apropiámonos do que é do César. E do César é que no ano 2008, naquel período fatídico do Bipartito, nós, a consellería de Suárez Canal, do BNG, acuñou un Bantegal que excitou as *soflamas* do señor Castro. Creo que vostede desde aquí contra o bolxevismo e contra todo iso... E doce anos despois aparecen vostedes cun calco —evidentemente, adaptado aos tempos—, dicíndonos a nós o que había que facer. ¡Vaia!, iso chámase «*caradura*». *(Aplausos.)* Porque nós falabamos de mobilización de terra agraria. Agora catorce anos despois hai que falar de recuperación do perdido: setecentos sete procesos de concentración parcelaria en abandono, setecentos sete procesos pagados e cos cartos tirados.

Claro que podería recordarlle tamén as figuras de explotación conxunta do monte, ¿verdade? Despois vostedes tiveron que inventar as sofor, porque as uxfor eran bolxeviques, non podía ser. Era o razoable pero ben.

¿Recorda vostede o que eran os contratos de explotacións sustentables? ¿Recordan todo aquilo que iniciamos con sentido común sen meternos coa propiedade privada, por favor, que non, que non lle somos bolxeviques de momento? Igual si, dentro de pouco igual si.

Mire: se Galicia non perdeu cos seus gobernos catorce valiosos anos, se non se perderan eses catorce valiosos anos, hoxe teriamos máis actividade produtiva, o Grupo Lácteo Galego estaría transformando ese leite líquido, que podería estar aspirando este sector lácteo de Galicia ao 60 por cento ou ao 70 por cento da produción do Estado. Cousa que hoxe non pode facer porque non ten recursos, e os recursos é terra, terra. E a dez mil hectáreas cada catro ou cinco anos, supoñendo que se poden facer, supoñendo que se fagan, non se adianta nada.

Nós non negamos a excelencia dos produtos de calidade alimentaria diferenciada e imos facer as nosas aportacións. Téñenas en forma de emendas, e creo que bastante razoables porque nós tamén falamos cos sectores. De vez en cando deixamos a pancarta e falamos... Ben, á pancarta agora tamén vostedes lle están collendo gusto, ¡eh! *(Aplausos.)*

O que pasa é que desde o BNG afirmamos a dependencia alimentaria deste país, e iso é o que nos doe. Diante das pérolas e as excelencias de bastantes produtos diferenciados, nós afirmamos a dependencia alimentaria deste país. Setecentas mil hectáreas inútiles, inútiles e, ademais, provocando lume. Iso é o que nós afirmamos. De verdade, é que non sei como explicárllelo. Nós afirmamos iso desde hai tempo, afirmamos a necesidade de darlle unha volta a este territorio e poñelo estruturalmente a andar. E estruturalmente quere dicir que non

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

estean as casas e as facendas *agobiadas* pola biomasa, que estean en produción e que se faga vida, que o territorio dea vida.

En canto ás explotacións de autoconsumo, estas son unha realidade que non se pode negar, e a esa realidade hai que darlle forma, e darlle forma é respectándoas porque están xestionando o territorio. E desas explotacións pequenas de autoconsumo poden saír iniciativas interesantes de transformación... ¡Claro!, é que aí está o caldo de cultivo. E ese caldo de cultivo hai que protexelo porque é o único que temos, ese e unhas excedencias como é o lácteo e o vitivinícola. ¿E despois que?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: ¡Acabei xa!

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Votación dos textos lexislativos

A señora PRESIDENTA (Candia López): Procedemos agora á votación.

En primeiro lugar, imos votar as emendas mantidas ao Ditame elaborado pola Comisión 5ª, de Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Sométese a votación as emendas mantidas e, en primeiro lugar, vótanse as do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Foi solicitado polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, no documento 62470, a votación separada das emendas que vou enumerar, e imos votar estas, separadamente.

A número 2, a 5, a 8, a 19 e a 20. Votamos estas emendas separadamente. Votamos.

Votación das emendas 2, 5, 8, 19 e 20 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 40; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa votación das restantes emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, que son concretamente as números da 13 á 16, da 21 á 26, da 28 á 35, da 37 á 94, da 98 á 105, da 108 á 159, da 161 á 169, da 172 á 176, da 190 á 194, da 196 á 225, 227, 228 e da 231 á 234. Votamos.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás as xa votadas, ao Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Imos votar agora as do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que tamén paso a enumerar: da 1 á 3, da 5 á 10, a 12, da 15 á 23, a 25, a 26, a 28, da 31 á 38, da 40 á 44, da 60 á 80 e a 82.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): En último lugar, votamos o ditame da comisión, coas emendas que fosen incorporadas.

Votación do Ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o Proxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coas votacións das emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia.

Votamos, en primeiro lugar, a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votación da emenda á totalidade do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos a votar a emenda á totalidade do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da emenda á totalidade do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de calidade alimentaria de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rexeitadas ambas as emendas á totalidade, este proxecto de lei continúa o seu trámite parlamentario.

Continuamos coa orde do día e imos co apartado de comparecencias.

Comparecencia da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, por petición propia, para informar sobre igualdade e loita contra a violencia de xénero

A señora PRESIDENTA (Candia López): Sen límite de tempo, ten a palabra, para a súa intervención, a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona Elena Rivo López.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Rivo López): Grazas, señora presidenta.

Señorías, comparezo hoxe, por petición propia, como conselleira de Igualdade para dar conta do traballo realizado pola Xunta de Galicia no eido da loita contra a violencia de xénero co fin de acadar maiores niveis de igualdade na nosa comunidade. Nunha semana coma esta, na que máis ca nunca alzamos a voz para loitar contra a violencia de xénero con motivo do 25N, permítanme que recorde a Beatriz Lijó, de 47 anos, e a Ana Vanessa Serén, de 44 anos, ambas asasinadas este ano na nosa comunidade polas súas exparellas. Para as súas familias, as súas amigas e os seus amigos, ademais dos seus achegados, vai o noso recordo, recordo para elas e para todas as vítimas de violencia de xénero. *(Aplausos.)*

Señorías, a violencia de xénero pode darse en calquera momento das nosas vidas, xa que se pode desenrolar de múltiples formas, ben sexa violencia económica, psicolóxica, física, sexual, vicaria... As súas formas son múltiples, igual que múltiples deben ser os recursos e as respostas que debemos dar para loitar diariamente ata conseguir erradicala. Temos que plantarlle cara. As institucións, organizacións e entidades sociais debemos facerlle fronte a

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

este tipo de violencia, porque soamente así, unidas e unidos, seremos quen de acabar con ela. A sociedade no seu conxunto, cos representantes públicos á cabeza, temos que avanzar unidos da man facendo unha fronte común. Contra a violencia de xénero temos que loitar con feitos e empregando os recursos para acadar o obxectivo de vítimas cero.

Neste senso, a Xunta de Galicia está comprometida coa erradicación da violencia de xénero de xeito firme e poñendo en marcha numerosas medidas e programas, que van dende a sensibilización colectiva, a formación de profesionais, o fomento do asociacionismo e a corresponsabilidade ata a posta en marcha de axudas económicas directas e de servizos de atención ou de acompañamento.

E se é importante empregar recursos, igual de importante é que as mulleres saiban que non están soas neste camiño, xa que a Xunta de Galicia está ao seu carón para axudalas a saír adiante e comezar unha nova vida como verdadeiramente merecen ser tratadas, respectadas e valoradas. Combater a violencia de xénero é unha responsabilidade colectiva. Todas e todos debemos estar comprometidos en crear sociedades máis xustas e igualitarias, nas que non exista lugar para a violencia, educando sobre igualdade de xénero, promovendo o respecto mutuo e denunciando calquera forma de violencia que presenciemos.

Vou comezar esta comparecencia expoñendo a actuación da Xunta de Galicia en materia de loita contra a violencia de xénero, unha loita integral que, en primeiro lugar, responde a unha estratexia transversal, cuns orzamentos específicos e que se centra en actuacións concretas co fin de repercutir directamente na garantía do benestar e na recuperación das vítimas, así como na prevención das condutas violentas contra as mulleres en calquera dos escenarios posibles.

En segundo lugar, en canto aos orzamentos, fálolles de 76.600.000 euros que se están a mobilizar neste ámbito no que levamos de lexislatura. Concretamente, para o vindeiro ano serán 23.500.000 euros, un 14,46 por cento máis que o ano anterior, para manter, reforzar e ampliar os servizos, prestacións e recursos que xa están dispoñibles para as vítimas. Polo tanto, estamos a falar de 23,5 millóns de euros que se materializan en actuacións concretas, como as prestacións económicas para vítimas de violencia de xénero que se artellan a través de axudas periódicas mensuais —4.240.000—, unhas prestacións que converteron a Galicia na primeira comunidade autónoma en dispoñer dunha axuda económica destas características, e é a única que a ten ininterrompida todo un ano. Estas prestacións periódicas tradúcense en achegas, que van dos 200 ata os 800 euros mensuais —máximo nun ano—, dirixidas a facer posible a independencia e autonomía das mulleres respecto do seu agresor. Nos últimos catorce anos chegaron a máis de 5.800 mulleres —590 no que vai deste ano—. Tamén hai axudas económicas de pagamento único —son 1.670.000 euros— para as vítimas de violencia de xénero que teñen insuficiencia de recursos e dificultades maiores para obter un emprego. A contía destas axudas equivale a un período de seis meses de subsidio de desemprego, que se incrementan se hai factores concretos como que a vítima teña familiares ao seu cargo, menores en acollemento ou persoas con discapacidade. Nos últimos catorce anos chegaron a máis de 1.765 mulleres —315 no que vai deste ano—. Tamén hai axudas en caso de indemnizacións económicas por sentenza xudicial —55.000 euros— a favor das mulleres que sofren violencia de xénero —ou de menores ou persoas dependentes afectados— que

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non recibisen as indemnizacións que lles correspondesen por prexuízos e danos causados. Hai axudas tamén á mobilidade xeográfica. A súa finalidade consiste en axudar as mulleres vítimas de violencia de xénero cando por causa da violencia se visen obrigadas a cambiar a súa residencia habitual, como consecuencia do establecemento por conta propia ou contratación por conta allea. E tamén hai a través de indemnizacións económicas dirixidas ás fillas e aos fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero, así como ás mulleres gravemente feridas —70.000 euros—. E esta achega corresponde a 7.000 euros por persoa beneficiaria.

Estes 23,5 millóns de euros permitirán no vindeiro ano continuar con outras actuacións concretas en materia de formación, integración, acompañamento e atención ás vítimas de violencia de xénero. Falo, así, do Programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero —302.439 euros—, así como ás persoas do seu contorno familiar, no que investimos unha media de 600 euros por persoa. Sen ter datos definitivos deste ano, direilles que, coas axudas do ano 2022, chegamos a un total de 1.049 vítimas, 729 mulleres, 269 menores e 51 persoas dependentes. A través do programa «Abramos o círculo» —con 34.600 euros— hai atención psicolóxica para aqueles homes con problemas de control da violencia dentro do ámbito familiar. Cada sesión custa uns 60 euros, e no 2022 puidemos atender 119 homes.

Mantemos tamén a quenda de garda social —60.000 euros neste ano— permanente e especializada para as mulleres e as súas fillas e os seus fillos menores que sofren violencia de xénero, servizo de carácter inmediato para situacións de urxencia, dispoñible durante todo o día —vinte e catro horas— e todo o ano —os trescentos sesenta e cinco días— e en todos os partidos xudiciais de Galicia.

Tamén continuamos a colaborar coas entidades locais galegas a través de subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero —2,5 millóns de euros—. Despois de comprobar o éxito deste programa, produciuse un incremento de case 276.000 euros respecto a este ano. Igualmente, continuamos dende o 2021 fomentando a contratación con entidades sen ánimo de lucro —600.000 euros—, que, dende o 2019 ata este ano, e cun investimento de 11 millóns euros, favoreceron a contratación dun total de 528 mulleres vítimas de violencia de xénero.

Tamén seguimos impulsando a Rede Galega de Acollemento, para vítimas de violencia de xénero e explotación sexual ou trata, con recursos como as vivendas tuteladas, casas de acollida e centros de emerxencia, con case 795.000 euros para o vindeiro ano —case un 12 por cento máis—. Só no primeiro semestre deste ano se atenderon 156 persoas —90 mulleres e 66 menores de idade—. Neste punto anunciamos que se destinarán 2,5 millóns de euros o vindeiro ano para a súa rehabilitación. Desde o 2009 investimos máis de 5,5 millóns de euros para garantir estes recursos imprescindibles para ofrecer unha saída ás mulleres e aos menores ao seu cargo que así o precisen como punto de partida para comezar a rachar coa situación de violencia e maltrato no seo do fogar.

Pero —como lles dixen— a loita contra a violencia de xénero é un asunto que nos implica, preocupa e ocupa a todas e a todos. ¿Como fomenta e busca esa implicación a Xunta de

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galicia? De maneira interna, entre os propios departamentos que a conforman, faino grazas á transversalización de numerosas actuacións. Por iso destinamos e xestionamos 3 millóns de euros para o vindeiro ano en materia de transferencias de fondos do Pacto de Estado a outras consellarías, permitindo preservar iniciativas indispensables para estas mulleres; como —en colaboración coa Vicepresidencia Primeira—, para o Servizo de Traballadoras Sociais —355.818 euros para o vindeiro ano—; para as oficinas de atención á vítima do delito, a través da Dirección Xeral de Xustiza, para a asistencia xurídica gratuíta ás vítimas de violencia de xénero e de violencia sexual —que puxemos en marcha o pasado 2022—; para o desenvolvemento de campañas de sensibilización e prevención fronte á violencia de xénero no ámbito deportivo —medio millón de euros neste ano—; para os recursos específicos para prevención da violencia machista contra mulleres e menores no eido da cooperación internacional —252.000 euros neste ano—; para accións formativas dirixidas ao persoal dos corpos policiais que traballan en Galicia especializados en materia de violencia de xénero, así como á formación de avogados e procuradores —95.000 euros neste ano—.

Tamén se fai, en colaboración coa Vicepresidencia Segunda, co bono de alugueiro social —2.100.000 euros para o vindeiro ano, un 50 por cento máis que neste ano— liderado polo Departamento de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo. O bono de alugueiro social ofrécelles acceso a un fogar ás vítimas de violencia de xénero. Trátase de axudas con carácter anual —de ata tres anos— con diversos apoios, que van desde os 175 ata os 225 euros ao mes. As beneficiarias poden solicitar tamén unha axuda adicional única de ata 600 euros destinada a atender as obrigas derivadas da constitución da fianza e da alta en subministracións ou tamén para facer fronte a pagos atrasados.

Ademais desta colaboración coas vicepresidencias primeira e segunda, tamén colaboramos con Sanidade, Facenda, Política Social, Educación e Infraestruturas.

En colaboración con Sanidade, contamos coa Rede de centros de crise contra a violencia de xénero. Tiñamos a obriga de poñer en marcha un centro de crise por provincia. Non obstante, desde a Consellería decidiuse incrementar esta meta e abrir cinco en lugar de catro, que temos que ter en marcha antes do 31 de decembro de 2024 pola ampliación do Ministerio. Polo que abriremos un en Ferrol, un en Santiago, un en Ourense, un en Vigo e un en Lugo. Alén disto, dotarémolos de persoal vinte e catro horas diarias os sete días da semana e os trescentos sesenta e cinco días do ano.

En colaboración con Facenda apoiamos a formación das e dos profesionais empregados públicos que atenden vítimas de violencia de xénero a través da Escola Galega de Administración Pública —con 35.000 euros neste ano—.

En colaboración con Política Social apóiase a formación especializada —en materia de detección e prevención da explotación sexual en menores— para profesionais pertencentes ao sistema de protección de menores, aos servizos sociais e aos recursos de apoio á infancia —43.850 euros tanto no 2022 como no 2023—.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén se colabora con Educación mediante a actuación do Plan Proxecta, do Programa «Por 365 días de respecto e igualdade» ou do Programa «Donas de si», que teñen como obxectivo principal proporcionar desde o ámbito educativo formación e ferramentas contra a violencia de xénero.

En colaboración con Infraestruturas realizaremos novos investimentos específicos para mulleres poñendo en marcha un centro loxístico de transporte ubicado en Ourense. Implantaremos medidas necesarias nos aparcadoiros de camións para garantir que estes espazos sexan seguros e accesibles para todas as mulleres e facilitar así o acceso a esta profesión.

Como dicía, a loita contra a violencia de xénero é un asunto que nos implica, preocupa e ocupa a todas e a todos. Veño de explicarlles como está a traballar o Goberno galego internamente, amosando como desenvolvemos actuacións de xeito transversal. Pero isto non é nin moito menos suficiente se non contamos coa colaboración das entidades locais e sociais galegas. Desta maneira, ademais da colaboración con outros departamentos da Xunta, tamén colaboramos con entidades locais a través de ordes de axudas como algunhas das que sinalei antes; pero tamén a través da Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, que a Xunta leva promovendo desde o 2012 a través das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero no marco da dita rede. Nestas redes están representados todos os ámbitos municipais que están implicados directa ou indirectamente nesta loita, co obxectivo de procurar unha maior eficiencia e dar resposta desde o territorio coa máxima proximidade. No día de hoxe Galicia conta con 88 mesas locais e 225 mancomunidades e concellos adheridos á rede.

Ademais da colaboración coas consellarías e coas entidades locais, cooperamos tamén coas tres universidades galegas. Para iso, contamos con convenios de colaboración —150.000 euros neste ano, 50.000 euros por cada universidade pública— que se renovan cada ano para desenvolver medidas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero no eido universitario. Entre estas medidas contémplase a realización de actividades, xornadas, cursos, proxectos, comunicacións e estudos de investigación, enquisas ou concursos. Anualmente, estímase que estas actuacións chegan a contar con case dous mil participantes universitarios.

Finalmente, por suposto, colaboramos coas entidades do terceiro sector de acción social, aqueles axentes máis próximos á realidade e que son fundamentais para velar pola protección dos dereitos das persoas en situación de vulnerabilidade, como son as mulleres vítimas de violencia de xénero. En consecuencia, mantemos unha estreita colaboración a través de ordes de axudas e de convenios, tales como o Proxecto Fénix, para posibilitar unha intervención integral a menores que presentan condutas agresivas ou violentas contra as mulleres —60.000 euros neste ano—; como o Proxecto Malaikas, para axudar as mulleres migrantes en situación de vulnerabilidade, que desenvolvemos en colaboración coa Fundación Juan Soñador —35.000 euros—; como os convenios mantidos coa Fundación Meniños para desenvolver programas de intervención terapéutica con nenas e nenos vítimas de violencia de xénero —15.000 euros—; como a intervención con mulleres vítimas de violencia sexual —65.000 euros en 2021, 78.000 en 2022 e 140.000 euros en 2023—; como o convenio coa Asociación de Diagnosticadas de Cancro de Mama e Xinecolóxico, Adicam, para o de-

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

senvolvemento de accións destinadas á atención e ao asesoramento socioasistencial de mulleres vítimas de violencia de xénero —15.000 euros—; como o convenio coa Federación Galega de Loita, Fegaloita, para o desenvolvemento dun proxecto de empoderamento e autocapacidades con mulleres vítimas de violencia de xénero —12.000 euros en 2021, 40.000 en 2022 e outros 40.000 en 2023—; como os convenios coa Asociación Acadar para o mantemento do servizo Dedaleira, especializado no asesoramento e información afectivo-sexual a mulleres con discapacidade e ao seu contorno; como o convenio para desenvolver accións de sensibilización e prevención da violencia de xénero na comunidade xitana, en colaboración coa Fundación do Secretariado Xitano —25.000 euros neste ano—; como o protocolo para a prevención e actuación en casos de acoso sexual e por razón de sexo nas artes escénicas presentado a semana pasada, un protocolo pioneiro no conxunto do Estado que nos permitirá actuar contra agresións sexuais LGBTIfóbicas creando un ambiente seguro e respectuoso no ámbito das artes escénicas; e como a colaboración constante que tamén se mantén coa Rede Galega contra a Trata e as doce entidades que a conforman —cunha achega económica que desde a súa creación ata este ano alcanzou preto de 1,8 millóns de euros—, entidades coas que mantemos un diálogo permanente que posibilitou sacar adiante o primeiro Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 —con sete millóns de euros—, un documento estratéxico que sitúa a Galicia como referente no fortalecemento dos recursos de atención ás vítimas.

Aproveito tamén para anunciarlles que, antes de que remate o ano, remitiremos ao Observatorio contra a Violencia de Xénero e ao Observatorio LGTBI o protocolo de actuación contra as violencias sexuais LGBTIfóbicas nos espazos de lecer nocturnos. *(Aplausos.)*

Por último, non me quero esquecer de vostedes, señorías, da necesaria implicación de todos nesta loita contra a violencia de xénero. Neste punto non quero deixar de sinalar que o Goberno galego dá cumprimento todos os anos ao deber parlamentario ao entregar e dar conta do Informe anual sobre violencia de xénero en Galicia e dos informes sobre prestacións periódicas a vítimas da violencia de xénero e sobre violencias sexuais. Polo tanto, señorías, trátase dunha colaboración e implicación imprescindible que estamos intentando manter —como lles dixen— interinstitucionalmente, internamente e no conxunto da sociedade, e tratando de que se reproduza co Goberno central. Con todo, e lamentablemente, non sempre sucede. Por iso demandamos do Goberno do Estado que se unifiquen todos os fondos finalistas para a prevención e loita contra a violencia de xénero, que todos eles teñan o mesmo tratamento orzamentario así como que a dita repartición sexa igualitaria. Tamén demandamos do Goberno do Estado a aprobación da Lei integral estatal contra a trata e a explotación sexual e bonificar ao cen por cento —das que fixo xa a relación a señora Prado— as cotizacións á Seguridade Social dos traballadores contratados como substitutos.

Eliminar a violencia de xénero é unha prioridade de calquera sociedade democrática, e tamén do Goberno galego, que pasa inescusablemente por garantir a igualdade de xénero en todos os espazos e en todas as esferas da nosa vida. Ese é o obxectivo da nova Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que hoxe rematou o seu trámite e vimos de aprobar. Neste momento quero aproveitar para agradecer a colaboración de todos os grupos que participaron na redacción desta norma facendo achegas, aínda que non votasen a favor. Vostedes saberán os motivos que teñen para oporse a que hoxe Galicia conte con máis mecanismos para

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

promover a igualdade entre homes e mulleres. *(Aplausos.)* Trátase dunha lei que suporá unha maior defensa dos dereitos das mulleres e unha visibilización da discriminación múltiple. Suporá tamén promover programas municipais para a creación de espazos urbanos libres de violencia e acoso sexual. Tamén permitirá levar a cabo medidas para reforzar a igualdade de xénero no eido dixital —aumentando a protección das mulleres fronte aos ataques sexistas realizados a través de medios tecnolóxicos—. Tamén permitirá mellorar a formación das mulleres e fomentar o emprego feminino por conta allea con axudas para a súa contratación e promoción profesional e impulsando a creación de empresas en sectores con infrarrepresentación feminina. Tamén permitirá erradicar actitudes machistas de calquera tipo de discriminación no eido da cultura e do deporte —nomeadamente no deporte de alta competición— fomentando actividades deportivas e artísticas inclusivas e igualitarias. É unha lei que foi debatida esta mañá e na que xa non entrarei máis en detalle.

Señorías, as mulleres compoñemos máis da metade da poboación mundial e tamén somos a metade do seu potencial e da súa riqueza. A igualdade de xénero —dereito humano fundamental— é imprescindible para lograr o mellor desenvolvemento para a evolución da sociedade. Por iso, destinaremos un total de 27 millóns de euros para 2024 á área da promoción da igualdade, distribuído en diferentes accións que responden a esa colaboración entre entidades locais e organizacións do terceiro sector. *(Aplausos.)*

Gustaríame destacar as axudas a concellos e entidades locais con tres liñas diferenciadas: axudas para o fomento da conciliación —6 millóns de euros—; axudas á promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero —medio millón de euros—; e apoio aos centros de información á muller —cun investimento total de máis de 4,4 millóns de euros—. Máis de 4,4 millóns de euros de fondos propios foron destinados á rede dos centros de información á muller; un total de 84 que están repartidos por todo o noso territorio e que ata finais de outubro atenderon a máis de 10.000 mulleres, das que o 25 por cento eran vítimas de violencia de xénero. O noso obxectivo para o vindeiro ano é ampliar e mellorar esta rede.

Ademais, contamos tamén con axudas para asociacións e entidades de iniciativa social para a atención de mulleres en situación de vulnerabilidade —2.400.000 euros, ademais de 1 millón de euros máis no novo proxecto de gasto con cargo ao 0,7 por cento do IRPF para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero—. Este ano só as subvencións destinadas a entidades que atenden mulleres en situación de especial vulnerabilidade beneficiaron a 59 entidades, e atendéronse a máis de 3.800 mulleres. Desde 2009 máis de 14.900.000 euros beneficiaron a 66.450 mulleres. Ademais, tamén facilitamos axudas ás ANPA e á Confederación de ANPA, cun investimento consolidado de 950.000 euros.

Como dicía, a través de ordes de axudas a entidades sociais e do apoio mediante a formalización de convenios, renovados cada ano, apostamos polo asociacionismo feminino. Consideramos que a actividade asociativa constitúe unha ferramenta clave para crear redes de solidariedade. Así, asinamos convenios coas federacións de mulleres rurais —que hai máis á parte de Fademur, Femur, Femupo e Afammer—, que se estiman en 100.000 euros para cada convenio no vindeiro ano. Tamén ofrecemos apoios á disposición do movemento asociativo do colectivo LGTBI, que se incrementa máis dun 110 por cento. Neste punto permítanme destacar a posta en marcha do teléfono 028 —tamén chamado «Arco da Vella»—,

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dispoñible as vinte e catro horas do día nos trescentos sesenta e cinco días do ano, no que se poderá recibir información, asesoramento e atención inmediata fronte á violencia LGBTIfóbica. *(Aplausos.)*

Consolidamos tamén o programa de emprendemento feminino Emega, unha iniciativa histórica que a Unión Europea cualificou como boa práctica. O ano que vén serán 4 millóns de euros e prevese outorgar máis de 360 axudas e alcanzar máis de 800 empregos femininos.

E, para favorecer a igualdade, loitar contra as discriminacións e previr a violencia de xénero en calquera ámbito, aprobamos dous documentos fundamentais que nos permiten encamiñar as nosas medidas e seguir dando pasos para acadar a nosa meta. O primeiro é o oitavo Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes —de 2022 a 2027—, con 935 millóns de euros, que ten como obxectivo asegurar o benestar integral das mulleres na súa diversidade. Este documento estratéxico —o máis ambicioso dos aprobados ata o momento— outorga máis estabilidade ás políticas autonómicas de igualdade ao contar cun horizonte temporal tamén máis amplo que o anterior e cunha avaliación intermedia ao remate do trienio, que será o vindeiro ano. Aínda así, somos conscientes de que se precisan actuacións específicas en sectores específicos. E por iso se aprobou o terceiro Programa de muller e ciencia —de 2022 a 2025—, que conta co maior orzamento da súa historia —44.700.000 euros—, que quintuplica a dotación anterior. O obxectivo é lograr un sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación que incorpore o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, diminuíndo a fenda e situando as investigadoras á fronte dos equipos. Como novidade para o vindeiro ano poremos en marcha un plan pioneiro para favorecer a incorporación de mulleres naqueles sectores máis masculinizados, ao que se destinan máis de 2,2 millóns de euros Con esta medida o Goberno galego rompe barreiras, esquemas preconcibidos e estereotipos segundo os cales poden existir traballos para mulleres e traballos para homes, ao tempo que favorecemos unha sociedade máis xusta. Por iso, nesta tarefa é fundamental a implicación dos empresarios e das empresarias. A primeira e fundamental tarefa do Goberno galego é que Galicia avance. E non o fará se non é igualitaria, polo que as empresarias e os empresarios teñen que estar moi presentes.

A conciliación é unha condición imprescindible para garantir a igualdade entre mulleres e homes, señorías. É un dereito fundamental das persoas traballadoras que debemos establecer. Non é normal que as mulleres asuman unha maior carga tanto en tempo como en esforzo na adicación á familia e ao fogar. Calcúlase que as mulleres españolas adican dúas horas máis de media ás tarefas domésticas que os homes. De feito, case o 90 por cento das peticións de excedencia que se rexistran en España para o coidado de fillas e fillos están realizadas por mulleres. Pero non só iso, as mulleres adican de media o dobre de horas ao traballo non remunerado que os homes en diferentes circunstancias, con parella ou sen ela, con fillos ou sen eles, con emprego remunerado ou sen el. Non o podemos permitir. Por iso insistimos na necesidade de pór en marcha desde as administracións públicas políticas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Na mesma liña, o Consello Galego de Mulleres está a elaborar un estudo sobre a corresponsabilidade en Galicia; en concreto, sobre a repartición do traballo doméstico e de coidados. Esta iniciativa permitirá obter información sobre os usos do tempo e a repartición de responsabilidades nos fogares galegos, porque precisamos coñecer a nosa realidade para poñer en marcha medidas máis atinadas.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, por suposto, isto non debe ser un labor illado dunha administración ou dun departamento estanco, senón que os apoios deben ser transversalizados horizontal e verticalmente para que resulten efectivos. Así, a nosa consellaría aposta por medidas transversais e actuacións executadas a través de diferentes ámbitos e en colaboración con diferentes axentes.

En primeiro lugar, a través da Secretaría Xeral de Igualdade xestionamos tamén axudas para compensar a redución da xornada laboral e fomentar a corresponsabilidade —580.000 euros—. O obxectivo é compensar a redución da xornada de traballo que asumen algunhas familias galegas para atender as súas fillas e fillos de ata 3 anos de idade, ou 12 no caso de ter recoñecida algunha discapacidade. As achegas ás que poden acceder todo tipo de familias van desde os 3.700 euros. Desde 2009 ata o 2021 levamos destinados 6.860.000 euros, que permitiron atender 3.077 solicitudes —a maior parte delas de homes, 2.307, que corresponden á súa implicación na corresponsabilidade—.

E, en segundo lugar, gustaríame explicar o que facemos ao abeiro do Plan Corresponsables. Entre as actividades que se puxeron en marcha gustaríame destacar os convenios asinados coas tres federacións de mulleres rurais galegas —Femur, Femupo e Fademur— para facer partícipe a sociedade civil e promover o recoñecemento da experiencia do coidado non profesional —300.000 euros—; o apoio á conciliación dunhas doce mil familias galegas con bolsas de coidado profesional para menores de 16 anos en colaboración con concellos, ANPA e entidades de iniciativa social para mellorar a vida cotiá das familias galegas —6.690.000 euros—; o apoio á conciliación de 7.000 familias galegas a través dos programas de lecer en albergues e espazos xuvenís para menores de 16 anos, en colaboración coa Consellería de Política Social e Xuventude— con 3 millóns de euros—; o apoio á conciliación de 1.050 familias galegas a través de bolsas de coidado profesional e actividades en bibliotecas, arquivos e museos de toda Galicia para menores de 16 anos, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades —con máis de 260.000 euros—, nas que ata o momento participaron 1.239 nenas e nenos; as máis de 1.759 actividades de ocio e deportivas, realizadas en colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte xunto con dezaoito federacións deportivas galegas, nunha ampla gama de deportes federados, como tenis, vela, boxeo ou balonmán, para beneficiar a máis de 12.000 nenas e nenos, con 128 concellos e máis de 3,5 millóns de euros. Temos tamén previsto seguirlles dando continuidade cunha dotación económica que ascende a 10,5 millóns de euros.

En canto á igualdade laboral e o Plan Emprega, gustaríame falar do benestar laboral que decidimos incorporar e potenciar coa Lei de igualdade autonómica así como con diversas accións que estamos levando a cabo. Entre as variables que poden explicar o benestar laboral dun traballador ou traballadora nunha determinada empresa poderían atoparse, por exemplo, o clima e a relación coas compañeiras e cos compañeiros, a organización das tarefas, as condicións salariais ou os apoios á conciliación do ámbito persoal e familiar co laboral. Cando estes aspectos se teñan en conta conseguiremos ter traballadores e traballadoras máis satisfeitos e, en consecuencia, máis produtivos e cunha calidade de vida maior. No caso das mulleres ten máis importancia, xa que as maiores discriminacións se dan na súa relación co traballo, aínda que en moitos casos sexa de maneira silenciosa. Estamos logrando avances que esperemos que co tempo se consoliden. Aínda temos tempo e marxe de mellora e moito por facer, polo menos ata acadar unha sociedade que sexa plenamente igualitaria nas opor-

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tunidades e no trato no que respecta ao xénero. No conxunto de toda a sociedade non podemos permitir e perpetuar desigualdades que afecten as mulleres, tanto á hora de conseguir un posto de traballo coas mesmas condicións que os homes como na súa promoción e acceso a postos maiores en canto á toma de decisións e á responsabilidade, entre outros.

Cada un destes temas implica múltiples razóns e problemáticas, polo que vimos de mencionar os apoios que se prestan desde a Consellería, sen rexeitar apoios transversais prestados polas demais consellarías. Por iso, temos que traballar desde diversos aspectos; como, por exemplo, desde a formación, desde convocatorias e ordes de axudas e desde a sensibilización —desde os máis novos, sobre todo, ata os máis maiores—. Para fomentar a igualdade e o benestar laboral contamos cunha serie de programas e medidas, como axudas ás empresas para o fomento da responsabilidade social empresarial —250.000 euros—; axudas para a elaboración e implantación de plans de igualdade —250.000 euros—; e axudas destinadas á acción de creación e funcionamento de gabinetes técnicos en materia de igualdade laboral e de oportunidades contra a fenda salarial —400.000 euros—. E en canto á formación inclúese o contrato do servizo de apoio e secretaría técnica para o adecuado funcionamento do campus de formación *on line* en igualdade, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, desde este ano ata o 2025, e que para o vindeiro ano contará cun orzamento de preto de 90.000 euros.

Desta maneira hai que sinalar que está en trámite unha nova certificación galega de excelencia en igualdade para empresas, un distintivo que tratará de diferenciar as empresas comprometidas coa igualdade e que destaquen á hora de empregar políticas igualitarias, coa finalidade de recoñecer as súas boas prácticas. Resulta fundamental contar coa implicación das empresas para combater a fenda de xénero no eido laboral. Este recoñecemento ou certificación foi tamén negociada e aprobada no marco do diálogo social.

Todo isto é necesario para avanzar de xeito contundente e definitivo na consecución da igualdade de oportunidades no ámbito laboral de todas as galegas e os galegos. O Programa Galicia Emprega, coa súa liña específica dirixida a mulleres, mantén a dotación de 7 millóns de euros específicos para a dita liña, e prevé unha contratación de 500 mulleres no vindeiro ano, con apoios dirixidos á contratación indefinida de mulleres, á transformación dos contratos temporais en indefinidos ou ben con incentivos ao incremento da xornada laboral, favorecendo o paso de contratos de media xornada a xornada completa, co fin de conseguir máis calidade no emprego. Ademais, o programa conta cun bono de formación dirixido ás mulleres contratadas coa finalidade de mellorar os seus coñecementos e habilidades relacionados directamente co posto de traballo.

Neste ano, 420 mulleres foron contratadas ao abeiro destas axudas, o que se suma ao feito de que as mulleres son grupo de poboación prioritario para esta consellaría en relación ao global das políticas activas de emprego. E así se reflicte na totalidade das liñas de axudas á contratación, tanto por parte de empresas privadas como de entidades sen ánimo de lucro. *(Aplausos.)* Como dicía, é grupo prioritario tanto para a contratación como para as axudas ao emprego autónomo, nas que a condición de muller ou persoa moza están primadas con porcentaxes maiores de axuda, de maneira que a transversalidade no apoio ao emprego da mocidade e das mulleres está presente de maneira permanente.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso que non podemos falar de igualdade sen falar de emprego. En 2022 puxémolo en marcha por primeira vez, e de cara ao próximo ano o Plan Emprega Muller 2024 contempla o programa de mellora das capacidades dixitais para mulleres residentes no medio rural, con máis de 10 millóns de euros, destinado ao reforzo das competencias dixitais e á cualificación profesional de mulleres residentes no medio rural —20.086 mulleres formadas en dous anos—; e programas integrados de emprego exclusivos para mulleres —2 millóns de euros—, desenvoltos en colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, que están dirixidos á mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, para atender a 800 mulleres galegas.

Remato xa, señorías.

Desde a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, co conxunto do Goberno galego, estamos a traballar para unha verdadeira igualdade, real e efectiva, para unha Galicia que quere vivir e prosperar en tolerancia e sen ningún tipo de discriminación, dotando as mulleres de novas oportunidades de formación e emprego, axudando as mulleres a potenciar o seu lado emprendedor, mellorando as condicións de traballo para que poidan medrar no seu ámbito profesional, prestando apoios á conciliación mentres traballamos para avanzar cara a unha sociedade máis corresponsable e levando a cabo prevención de riscos laborais desde a perspectiva de xénero. Queremos conseguir unha Galicia equilibrada, equilibrada en liderados e talentos, unha Galicia que explote ao máximo todos os recursos humanos en todos os ámbitos da vida humana; é dicir, queremos unha Galicia xusta e, sobre todo, queremos conseguir unha Galicia libre de violencia. Este é un traballo ao que adicamos todos os recursos e esforzos, poñendo á disposición todo o que podemos e facendo sempre todo o que está nas nosas mans. Pero, para conseguir todo isto, precisamos a axuda e a colaboración de toda a sociedade ao completo. Por iso aprobaremos mañá unha declaración institucional polo Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller.

Teñan claro, señorías, que desde a Xunta de Galicia non cesaremos no empeño de garantir a igualdade para todas e todos sen atender a sexo, raza, opinión, relixión, orientación, capacidade ou calquera outra forma en que se poida discriminar a condición humana, pero sempre nun contorno libre de discriminación.

Por agora, nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora conselleira.

É agora a quenda dos grupos parlamentarios.

Empezamos polo Grupo Parlamentario Socialista.

Ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Ben, bo día de novo.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bos días de novo, señora Rivo.

Despois desta profusa comparecencia —e longa tamén— que lle agradecemos, aínda que é certo que as cuestións de desigualdade finalmente conforman, ¿non?, violencia, nós imos centrarnos hoxe moi concretamente en cuestións relacionadas coa propia violencia machista.

Só quería facerlle unha puntualización a respecto da súa intervención e ao remate da aprobación da Lei de igualdade. Dixo vostede que, coa aprobación desa lei, Galicia se sitúa á vangarda, á vangarda do Estado. Eu convídoa a que lea outras lexislacións autonómicas —recentes tamén—, e mesmo algunha —fíxese— ata nin gobernada polo Partido Socialista. Convídoa a que faga ese exercicio e verá como non só non estamos á vangarda, senón que hoxe acabamos de situarnos á cola. Eu convídoa a que faga ese exercicio. E vostede dixo hoxe tamén, a respecto da lei, que nós saberemos por que non votamos favorablemente. Eu dígolle a vostede —xa llo dixen tamén no anterior debate— que vostedes saberán por que non intentaron consensuar con nós unha lei para que fose a lei de todas, de todas as galegas. *(Aplausos.)*

Ben, para min estar hoxe aquí é case un poder rememorar o debate que tivemos vostede e eu hai catro meses, máis ou menos, neste propio Parlamento, no que vostede, ademais, se estreaba aquí como conselleira —nunha interpelación que despois deu lugar a unha moción—. A realidade é que aquel debate non difire moito do que hoxe escoitamos aquí. Entendo que é certo que en catro meses a situación non debería mudar tanto, pero si comprendemos, ou entendemos, que debeu mudar algo, cando menos a súa valoración. Porque veu aquí a dar conta —e está ben— de todas as accións que vostedes levan a cabo en materia de igualdade —moito de igualdade e non tanto, ao mellor, de loita contra a violencia machista—. Pero, como digo, valoración, pouca. É do que nós sempre dicimos que este Goberno precisamente adolece. Hai esa falla na avaliación.

Nós queremos comezar nesta ocasión, e dado que estamos en plena tramitación dos orzamentos, falando de financiamento. Coincidirá comigo en que sen recursos é imposible desenvolver políticas. Isto é unha obviedade. Ben, pois o programa concreto —porque si queremos ir ao concreto aínda que sabemos desa transversalidade máis que necesaria, e alegrámonos de que vostede tamén a comparta—, se imos a ese programa concreto de apoio a mulleres vítimas de violencia, increméntase, si, pero de maneira insuficiente, e sabe ben que de maneira insuficiente.

E temos que volver repetir aquí dúas constantes. Unha é que, nese programa específico, o 70 por cento dos fondos novamente non son propios, pertencen ben ao Pacto do Estado, ao Fondo Social Europeo ou mesmo chegan cartos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. ¡O 70 por cento dos fondos! E a outra constante é que eses 23,5 millóns de euros dirixidos á loita contra a violencia machista están moi lonxe dos 31 que dedicaba o Goberno do bipartito para o mesmo concepto. Entón esas dúas constantes seguen repetíndose. Xa se repetían o ano pasado. E este ano, con outras cifras, tamén volven repetirse.

Estamos falando de que os esforzos do seu goberno neste ámbito son máis ben escasos na loita específica contra a violencia machista de non ser que o que están facendo é administrar

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o que chega doutras administracións. E isto trae consigo un problema: e é que eses fondos deixan de ser estables, non van ser nunca estables. Aquí do que se trata é de consolidar fondos dedicados á loita contra a violencia machista para que así non teñan que depender doutras administracións. Por suposto, aplaudimos, como non, o Pacto de Estado, pero non podemos depender. Ben sabemos que hai algunhas forzas negacionistas —e agora lamentablemente teño tamén que citar aquí, respectando, evidentemente, o que vota un pobo, esa vitoria do señor Milei en Arxentina, que é precisamente un gran negacionista dos dereitos das mulleres e, por suposto, tamén da violencia machista—. E, se chegase aquí un Milei ao Goberno —que tamén os temos no territorio español—, seguramente ese Pacto de Estado xa non sería unha realidade, e non poden depender os fondos da existencia dese pacto.

¿Que sería o desexable? Ben, consolidar aquilo que se demostra exitoso. Pero, claro, ¿que se demostra exitoso? ¿Que programas dos seus cren vostedes que se demostran exitosos? ¿Sábeno? ¿Saben vostedes cales son eses programas que están funcionando? Dígollo porque, mire, Galicia é a sexta comunidade de todo o Estado con mulleres que levan dispositivos de protección contra os seus agresores, dispositivos de control telemático activo. Hai cerca de 600 mulleres percibindo a prestación. Estou falando dos datos que dera a secretaria xeral de Igualdade. A maioría son de zonas non urbanas, menores de 46 anos e desempregadas case o 80 por cento delas. ¿Estes datos a que levan? ¿Fixeron vostedes algunha avaliación de datos tan concretos coma estes? Si, falo da particularidade das mulleres que reciben estas prestacións. Os datos deberían dar as claves para facer políticas, obviamente. Pero vemos que manteñen as mesmas liñas que hai anos. Non hai nada novo, non hai nada novo, ¿non?

Falta saber se as accións concretas desenvolvidas no noso país tiveron resultados positivos. E, francamente, non. Nós preguntámoslle, igual que o fixemos no mes de xullo, señora conselleira: ¿para cando unha acción contundente que poña o foco no agresor?, ¿para cando medidas efectivas que poñan couto ás violencias dixitais? —vimos que tampouco agora avanzan como tiñan que avanzar nesta lei que veñen de aprobar vostedes—, ¿para cando a formación obrigatoria en materia de igualdade?, ¿para cando informar sobre os dereitos das mulleres?, ¿para cando algunha acción efectiva, señora conselleira? Non a vemos, teño que dicirlle que non a vemos. Dirán vostedes que si, que teñen plans. E nós xa vemos que teñen plans, teñen plans, pero non funcionan. E os datos son claros. Xa o dixo vostede tamén: dúas mulleres galegas asasinadas este ano pola violencia machista.

Temos tamén outro problema, como é o incremento da violencia sexual, que ademais en Galicia tamén se está incrementando dunha maneira exponencial entre a xente máis nova. E non temos ningunha acción de calado por parte do noso Goberno. Todos os datos indican un leve empeoramento da situación en materia de violencia de xénero, pero grave no caso das violencias sexuais. Vamos a Galicia: aumentaron os delitos sexuais nun 87,5 por cento —especialmente no ano 2022—; na provincia de Ourense o incremento da violencia sexual, do ano 2021 ao 2022, foi dun 63 por cento, ¡63 por cento! ¡É que no ano 2022 se bateron os máximos históricos en delitos de carácter sexual! ¿Que están facendo vostedes para loitar contra isto? Teñen que educar, educar —xa o dixen e probablemente vai ser, ademais, o mantra do Partido Socialista nesta sesión plenaria—, teñen que educar e introducir a educación afectivo-sexual nos currículos, tal e como din varias leis, e non só iso senón tal e como din os organismos internacionais, a propia Unesco, moitísimo per-

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

soal experto —moi cerca de nós e non tan cerca—. Todos falan da inclusión da educación afectivo-sexual.

A pasada semana a secretaria xeral de Igualdade comentábanos que este Goberno xa o fixo, que o fixo de maneira transversal nos currículos educativos. E eu fíxenlle unha pregunta á secretaria xeral de Igualdade. Pregunteille: ¿pode poñernos un exemplo desa aplicación da transversalidade na introdución da educación afectivo-sexual nos currículos? Póñame só un exemplo. E non foi quen de facelo. Eu rógolle, por favor, que vostede nos poña un exemplo da aplicación desa transversalidade e que non sexa ensinar, na materia de bioloxía ou en ciencias naturais, o aparato reprodutor ou o proceso de fecundación, evidentemente. Non estamos falando diso. Claro, tamén podemos falar do que lle importa a este goberno a igualdade de xénero cando elimina a modalidade presencial do ciclo de FP ou cando tamén elimina como materia de libre configuración a materia de Igualdade de xénero.

Ao final están deixando vostedes toda a acción de loita contra a violencia de xénero en andainas, concursos, obradoiros, concursos de fotografía ou exposicións escolares. E iso está ben, non dicimos que non, pero esas accións non son propias dun goberno autonómico. Esas accións deberá levalas a cabo calquera outro tipo de asociación do tecido asociativo, os propios concellos, calquera outro, pero non o Goberno da Xunta. ¿Estame dicindo que a única acción de calado que van facer para o 25N é unha andaina e que xa teñen tres mil persoas camiñando? ¿En serio? ¿Esa vai ser a acción de calado que ten a Xunta preparada para conmemorar o Día Internacional contra a Violencia contra as Mulleres?

Claro, podemos falar de máis cousas. Non teño tempo, pero si que lle rogo que, por favor, me comente aquí o cambio de postura do Partido Popular no suposto do abolicionismo da prostitución. Estaba vostede no debate e non o vou repetir. A ver se é capaz de contestarme esta pregunta.

Falaba tamén do protocolo de ocio. Agora resulta que non temos o protocolo de ocio contra as violencias sexuais, contra a violencia machista en contornos de ocio nocturno, porque estamos agardando —e así foi a resposta— o que vén agora contra a LGTBIfobia. ¿Non temos un porque estamos agardando polo outro? Porque hoxe falou do protocolo contra a LGTBIfobia en contextos de ocio nocturno pero non falou do outro que foi aprobado por este Parlamento hai xa moitos meses, máis de medio ano, e que tiña que estar para antes do verán. Non sei se nos pode informar sobre iso.

Tamén, por certo, ¿que pasa cos centros de crise 24 horas, señora Ribo? Ían ser sete, e tiñan que ser catro. Despois aquí, cando nós preguntamos —precisamente o Grupo Socialista preguntou acerca destes centros—, ían ser sete. E agora xa son só cinco. ¿Por que? E se xa son cinco, tal e como me contestaba non vostede, ademais, senón a anterior conselleira —así é que, fíxese, foi hai tempo, que dixo que xa estaban practicamente listos—, e teñen de feito os fondos transferidos porque son fondos que chegan do Estado, fondos transferidos dende hai demasiado tempo xa, ¿a que se debe este atraso?, ¿e a que se debe que en vez de sete ao final sexan cinco?

E, por último —dígollo moi sinceramente, señora conselleira—, non saquen peito desas axudas que dan a determinadas entidades.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora DÍAZ VARELA: Si.

Hoxe mostrei aquí un pantallazo dunha páxina *web* dunha desas entidades de preparación para a inserción laboral desas rapazas novas que deciden ser nais e non teñen recursos, que, como digo, son de repostería e perruquería. Non sei se a vostede isto lle parece moi igualitario, moi feminista e, por certo, tamén de loita contra os estereotipos.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Díaz.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra dona Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos de novo. Benvida de novo, señora conselleira, a este Parlamento.

Eu quixera comezar tamén recordando a punta do iceberg da violencia machista neste 2023: Beatriz Lijó —47 anos e dous fillos—, asasinada en Baiona en febreiro; Ana Vanessa Serén —44 anos, con orde de protección—, asasinada en Oia en xuño, dúas asasinadas polo terrorismo machista no que levamos de 2023. É, como digo, a punta do iceberg dunha violencia que destroza a vida de moitas mulleres e que condiciona a vida de todas nós no día a día. É a punta do iceberg dunha violencia máis profunda. E, desde logo, eu creo, señora conselleira —dígollo con toda a sinceridade—, que non estivo na súa comparecencia á altura das circunstancias que hai neste país. Primeiro, porque non houbo unha soa reflexión de por que temos neste 2023 que lamentar a consumación de dous asasinatos machistas e de que podemos facer para evitalo, cando o ano anterior afortunadamente ningunha chegara a ese nivel tan extremo. Segundo, porque desperdiciou vostede a oportunidade de diferenciarse do discurso banalizador e negacionista que abraza a súa organización política. Volveron desaproveitar esa oportunidade. E, terceiro, porque non deu unha soa proposta nova concreta na súa comparecencia. *(Aplausos.)*

E case unha hora de comparecencia para limitarse a describirnos datos que xa coñecemos e que xa debatemos nesta Cámara en xuño deste ano —porque as poucas cousas que cumpren da Lei galega de violencia machista son a elaboración do informe e a súa remisión anual a este Parlamento—, e darnos os datos xenéricos que xa deu na comparecencia específica de orzamentos, é, sinceramente, non estar á altura das circunstancias, é unha cuestión absolutamente rutineira.

Eu referireime a varias cuestións e tentarei nesta comparecencia facer o que non fai o Goberno galego, que é apuntar problemas concretos, eivas concretas e propostas nas que podemos traballar para avanzar. Centrareime na violencia machista, pero antes de máis quería apuntar unha cuestión tamén do ámbito máis xeral da igualdade. O primeiro é que non admitimos

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

esa ladaíña de aprobar unha lei nova que o que ten de novo é o refundido que fai —pois non trae unha soa medida concreta para que este país avance— e que por riba se nos acuse de opoñernos. Mire, non obstaculizamos, e xa bastante fixemos, porque hai problemas concretos que a súa consellaría non resolve e que eu lle vou poñer enriba da mesa, a ver se ten algunha alternativa máis alá deses programas xenéricos e repetitivos.

En acoso sexual no traballo, por exemplo, o último informe do Ministerio de Traballo afirma que no 2021 —cos datos máis recentes— houbo un 8 por cento dos casos no noso país. ¿Que vai facer o Goberno galego máis alá de xornadas repetitivas e programas repetitivos para evitar o acoso sexual no traballo?

Sobre a fenda salarial falabámolo no debate anterior. É que reduciron a fenda salarial en catorce anos en 36 euros. ¿Que van facer para loitar contra a fenda salarial?

Ou, por exemplo, respecto da conciliación, ¿vai deixar de ser o Goberno galego un obstáculo á conciliación neste país? *(Aplausos.)* Porque son un obstáculo dobremente. Por unha banda, porque non dotan os servizos públicos, pero, por outra banda, é que se opoñen aos dereitos laborais que os traballadores e traballadoras conquistan nos xulgados. Ten vostede no seu goberno o caso de varias sentenzas xa do TSXG que conceden a traballadores públicos o permiso de vinte e dúas semanas pese a non seren eles os xestantes. E, no lugar de estender ese dereito aos demais traballadores, o que fai o Goberno galego é recorrer ao Tribunal Supremo, non vaia ser que teña que apoquinar un pouco máis e que teña que dar máis e mellores baixas ás familias deste país para conciliar mellor. *(Aplausos.)* ¡Vaia vergonza, señora conselleira! Espero que dea algunha explicación sobre isto. E, desde logo, nós mantemos a nosa proposta, que é estender este dereito e negociar coas organizacións sindicais a modificación da Lei 2/2015 para facelo efectivo.

En todo caso, se o máximo que ten que ofrecer nesta comparecencia como novidade sobre igualdade e sobre violencia machista é unha declaración institucional do Consello da Xunta, se o Consello da Xunta só nos vale para declaracións institucionais única e exclusivamente, pois, mire, señora conselleira, quen son un obstáculo, quen está en contra da igualdade e son un obstáculo ao avance neste país, son vostedes. *(Aplausos.)*

Ben, canto á cuestión da violencia machista quixera abordar varias cuestións. A primeira é sobre o orzamento. Agradézolle que desminta as voceiras do Partido Popular e que confirme que o orzamento específico para violencia machista está por debaixo do 1 por cento. Deu vostede a cifra de 76 millóns de euros computando varias partidas alén do programa 313D —polo tanto, menos de 130 millóns de euros, que é o 1 por cento do orzamento do que nos dotamos—. Polo menos, é un avance que recoñezan cal é a realidade.

Sobre a cuestión do Pacto de Estado fixo unha proposta concreta respecto do financiamento —que nós lle agradecemos— a favor de unificar as partidas. Entendemos que segue habendo problemas e gustaríanos que concretase máis, porque algunhas das partidas de gasto —por exemplo, se se precisan para investimentos reais— non se poden facer. Pedímoslle que concrete. En todo caso, igualitario a nivel do Estado entendemos que non pode ser, haberá que ponderar tamén segundo as actuacións que estea facendo a comunidade autónoma. Non vaia

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ser que Galiza quede con menos recursos porque outras comunidades do Partido Popular que chapodan os recursos de violencia machista obteñen fondos do Pacto de Estado para facer exactamente nada. Polo tanto, entendemos que aí hai unha cuestión na que profundar, e é unha pena que, en vez de aproveitar esta comparecencia para sinalar as eivas concretas que hai que mellorar do Pacto de Estado, se dedicase a outras cousas.

En todo caso, sobre cuestións que teñen que ver coa violencia económica, quería poñer dúas enriba da mesa.

Primeiro, sobre as axudas periódicas ¿van ceder vostedes no trámite orzamentario das emendas parciais e na proposta que traemos á votación mañá e facer que as axudas periódicas, que son un instrumento positivo no que temos dado avances nos últimos anos —por certo, a impulso do BNG—, se acomoden respecto da suba de prezos e se incremente a súa contía para achegala ao impacto da crise de prezos e das subas salariais que está a haber? ¿Si ou non? Porque esa é unha cuestión concreta para a que vostedes teñen orzamento, e que, se non a fan, é por falta de vontade política.

Segunda cuestión fundamental: o acceso á vivenda é un problemón, e o Bono Alugueiro Social ten aínda moitos problemas. Cando vostedes empezaron tanto co Bono Alugueiro Social como coas axudas específicas, nós advertimos de información que nos chegaba dos CIM sobre como moitas mulleres non eran quen, pola situación do mercado inmobiliario, de acceder a un alugueiro porque non podían pagar as fianzas, ou porque non eran escollidas polos arrendatarios. Sabe vostede, ou debería, que ese problema segue enriba da mesa. E sabe vostede tamén do problema cando especialmente hai un nesgo de discriminación —por exemplo, co da poboación xitana—. Creo que non fai falta que fale dun caso que xa veu a esta Cámara, o dunha familia, que tivo a peor das consecuencias na perda das súas vidas, que non obtiña precisamente este bono por ese nesgo de raza, ese nesgo étnico.

Tamén, sobre cuestións concretas que vostedes teñen que mellorar, poderiamos falar do ámbito da xustiza. ¿Van reforzar por fin o Imelga? ¿Si ou non? ¿Van colaborar co Bloque Nacionalista Galego na presión política para que haxa xulgados exclusivos específicos de violencia machista neste país? Porque a min paréceme un pouco forte que compareza a conselleira do ramo e que non teña nada que dicir sobre o que ten que avanzar Galiza en materia de xulgados específicos exclusivos. Primeiro estaban en contra, despois estaban a favor, agora damos pasos adiante para que, cando menos, tres vaian nos orzamentos do Estado e vostedes non teñen nada que dicir. Pois digan algo, por exemplo, de como van facer por fin melloras tan demandadas de separación e de acondicionamento de xulgados, que moitas seguen aínda pendentes.

Outra cuestión concreta: a violencia sexual. Mire, é que, de verdade, isto é inaudito. En febreiro do 2023, este Parlamento aprobou facer un protocolo específico no ámbito nocturno. Ben, vostedes en maio dixeron que era inminente a publicación, que ía ir xa a todos os organismos e que en xuño ía estar. Díxoo a anterior conselleira aquí nesta Cámara. Non foi así. Tivemos un verán absolutamente dramático só nos casos que coñecemos de violacións sexuais múltiples no ámbito do ocio nocturno a través dun medio de comunicación. ¡E o que non saberemos! E vostedes, agora, hai uns meses, dicían que se ía incorporar a comu-

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nidade LGBTI, que é sempre o comodín do Partido Popular. Cando non cumpren con algo en materia de igualdade das mulleres, acoden á comunidade LGTBI, coa que tampouco cumpren, para así dicir: Isto imos melloralo. E agora di vostede que será antes de final de ano. Mire, por favor, un pouco de seriedade, dean explicacións de por que non está este protocolo, das medidas e do compromiso de facer, ademais, unha campaña de difusión deste e doutros recursos.

E, falando de protocolos, tamén insistimos en que queremos transparencia sobre os protocolos que hai no Sergas agora mesmo en funcionamento para as agresións por submisión química. Queremos saber os datos que pedimos a este Parlamento e que se nos negan. Queremos tamén que se publicite este recurso porque é algo positivo pero que vostedes non anuncian, e as potenciais vítimas non saben que existe.

Tamén hai unha cuestión sobre os centros de referencia para a atención 24 horas. Eu pídolle algunha explicación de por que van demorar a súa posta en funcionamento ata o 31 de decembro do ano que vén, que é o prazo que prorrogou o Ministerio. Que haxa comunidades que non son capaces ¿por que nos vai ralentizar a nós? ¡Oia, é que hai outras comunidades que xa os teñen postos en funcionamento! Hai algunhas que os van abrir en breve, como Navarra, pese a que construíron edificación nova, que non é o caso do Goberno galego, pois vai aproveitar a rede sanitaria. Tamén aí nós insistimos en que as sete áreas sanitarias teñen que ser a referencia para garantir realmente a equidade territorial.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Vou rematando.

En todo caso, sobre a violencia sexual e sobre o seu goberno, poucas expectativas, porque tamén hai anos acordaron connosco que ían actualizar a páxina *web* e poñer todos os recursos no repositorio e nin iso foron capaces de facer.

Tamén lamento que sobre a trata e a prostitución o único que nos diga é que fixeron un plan hai tres anos. Ese plan está a piques de expirar, ¿cal vai ser a folla de ruta? ¿Cando vai vir a avaliación dese plan de trata e cando imos abordar a súa modificación? E ¿cando imos implementar medidas concretas, como axudas para que as mulleres en situación de prostitución poidan ter un salario para deixar ese exercicio?

Señora conselleira, necesita vostede concretar. Ten moitos ámbitos nos que aínda seguir mellorando. Gustaríame facer mención a outras cuestións, que non é posible por falta de tempo. Continuarei na segunda quenda. Pero pídolle, por favor, señora conselleira, un pouco de seriedade e que, por favor, cando suba a esta tribuna conteste as preguntas que se puxeron enriba da mesa. E díganos o que vai facer o Goberno galego, ademais de conformarse e vangloriarse con instrumentos que levan anos en funcionamento e obviando que hai moitos outros que levan anos sen poñer en funcionamento e facendo como que non vai con vostedes.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Presas.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Porque este país precisa avanzar, pode avanzar e pode ser vangarda en políticas contra a violencia machista. Pero vostedes son, cada vez máis, por acción e por omisión, un obstáculo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra dona Paula Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora conselleira, pois moitísimas grazas. Moitísimas grazas por comparecer hoxe por petición propia nunha semana de especial importancia para as mulleres galegas.

Vostede fixo unha comparecencia longa. E á esquerda fíxoselle moito máis longa. Porque, claro, vostede hoxe veu aquí falar de datos, de medidas, de investimento en materia de igualdade, e non lle gusta escoitalo. Pero, en lugar de dicir as cousas que se están facendo ben, non, din que non contesta a unha serie de preguntas. E e non sabemos cales son, porque a señora conselleira veu comparecer por petición propia, ¡por petición propia! Ao que non contestou, claro, é aos seus mantras e aos seus slogans. Pero por iso lle dicía antes, señora Presas, que menos ideoloxía e máis políticas reais de igualdade, porque viñeron hoxe aquí a dicir a esta tribuna que había dúas asasinadas este ano en Galicia e que iso era culpa e responsabilidade da mala... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —bueno, é unha forma de dicilo—, e que algunha reflexión haberá que facer, que algunha reflexión haberá que facer. *(Murmurios.)* Claro, algunha reflexión haberá que facer, pero o ano pasado, cando houbo cero, cero asasinadas en Galicia, non fixemos a reflexión de por que era, ¿non? *(Murmurios.)* Eu nunca saquei peito aquí, ¡nunca! —e levo moitos debates en materia de igualdade—, nunca saquei peito de que no ano 2022 non houbese ningunha asasinada vítima de violencia de xénero. Porque, igual que non digo que iso é grazas ás políticas da Xunta —a pesar de que houbo 49 en España—, tampouco agora, que hai dúas, veñan vostedes dicir aquí que é por culpa das políticas da Xunta. Porque ata o día de hoxe hai 53 en España, *(Murmurios.)* 14 máis que no ano 2022 en toda España —por non falar das políticas, mellor dito, das non-políticas, de igualdade, porque levamos seis anos sen elas en España e do que vostedes nada din—.

Efectivamente, o 25 de novembro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non lles gusta, pero é que é verdade, señorías. *(Murmurios.)* É que hoxe falamos dunha lei e dixemos que Galicia está á vangarda. E din que non, din que non estamos á vangarda. Pois, miren, si, estamos á vangarda, coma sempre que lexisla o Partido Popular. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Non, claro, é que lles vou rememorar certas cousas porque vostedes pretenden que se escoiten aquí só os seus mantras. Voulles poñer enriba da mesa datos. Porque a Lei integral de violencia de xénero do ano 2004 recollía moitas cousas que xa foran previamente aprobadas por un goberno do Partido Popular. Porque, miren, o 30 de abril do

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ano 1998 —¡xa choveu!— gobernaba en España o Partido Popular, era presidente do Goberno o señor José María Aznar —que tampouco lles gusta—, e foi nesa data —o 30 de abril de 1998— cando se puxo en marcha un plan de acción contra a violencia que daquela se chamaba «doméstica». Pero aí modificouse o Código Penal e modificouse a Lei de axuizamento criminal. E ¿saben cales foron os avances que houbo naquela modificación lexislativa? Pois, miren: a orde de alonxamento dos agresores respecto das vítimas —cando antes a vítima tiña que volver a casa, despois de denunciar, e convivir co seu agresor e probablemente levar outra malleira porque acababa de ir denuncialo—; ou tipificábase o delito de violencia psíquica habitual; ou protexíanse os menores como testemuñas das agresións. E viñamos de catorce anos de goberno socialista. Tamén se eliminou a obsoleta referencia legal á desobediencia das mulleres respecto dos seus maridos. Si, iso fíxoo o Partido Popular. *(Aplausos.)* ¡Fíxoo o Partido Popular! *(Aplausos.)* Si, si, non diga que non, señor Tabarés, si que o fixo o Partido Popular. *(Aplausos.)* Esas son as modificacións que supuxeron un antes e un despois na protección das vítimas de violencia de xénero, señorías. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, si, claro, eu xa sei que non! E tamén se introduciu a posibilidade de perseguir de oficio as denuncias e as faltas. Si, señorías, iso fíxoo un goberno do Partido Popular.

Por iso digo que, cando o Partido Popular lexisla e está á vangarda, a vostedes non lles gusta. E hoxe, que están dicindo que esta lei non supón ningún avance, o paso do tempo demostrará que si. É verdade. Porque, claro, despois de catorce anos de goberno socialista vimos que non houbo ningún avance na protección das vítimas, pero é que agora, seis anos despois de goberno socialista, tampouco hai ningún avance, señorías. Porque, claro, aquí falouse do protocolo de trata. Miren, xa no ano 2011 este Goberno da Xunta do Partido Popular empezou co protocolo de protección na trata —si, señora Presas, vostede sabe que foi un protocolo asinado coa Fiscalía Superior de Galicia—. E ¿cantos anos levamos oíndo falar da Lei de trata? E ¿cantos anos levamos oíndo falar da abolición da prostitución? Claro, dicía a señora Díaz: «Bueno, e ¿cal é a súa aportación ao 25N?». ¡Home!, ¿cal foi a súa, señora Díaz? ¿Lembrolla? ¿Saben cal foi a aportación do Partido Socialista de Galicia ao 25N do ano pasado? Que ían aprobar unha lei de trata. ¡Ah!, e outra: que ían reformular e reeditar o Pacto de Estado contra a violencia de xénero. ¿Por que? ¡Porque está nun caixón, señorías!, ¡porque está nun caixón!

E, claro, di vostede, señora Presas —dillo á conselleira—, que por que non vén hoxe aquí falar do que está pendente de cumprir do Pacto de Estado. Mire, a señora conselleira e o Goberno da Xunta están facendo todas e cada unha das medidas que están incluídas no Pacto de Estado que dependen da Xunta de Galicia, incluída esa xestión dos fondos —o que tampouco lle gusta a señora Díaz— que o Goberno de España non é capaz de xestionar. Están xestionándoos as comunidades autónomas, e Galicia pódeos xestionar, a pesar de que o ano pasado lle mandaron fondos en outubro, para acabar tres meses despois xustificándoos ao ver que a Administración en tres meses —miles de millóns de euros, miles, non, millóns de euros, perdón— fixeron o traspaso dos fondos. E agora veñen dicir vostedes —a señora Díaz— que, claro, que iso non se pode facer para sempre. Pois non, porque hai cuestións que son puntuais, nun momento puntual.

E tamén veñen aquí dicirnos que se incrementou a violencia sexual. ¡Claro que se incrementou a violencia sexual! E ¿que estamos facendo? Pois a Xunta de Galicia, o que está

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nas súas competencias. E ¿que está facendo o Goberno de España, que ten que modificar a lexislación e incrementar as penas? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, aprobar a Lei do «só si é si», coa complicidade e o voto a favor do Bloque Nacionalista Galego, para soltar á rúa violadores e agresores sexuais. Claro, non lles gusta escoitalo pero esa é a súa grande aportación ao incremento de agresións sexuais, señorías. Esa é a súa grande aportación. E, aínda por riba, señora Presas, vostede dixo nesta tribuna que a Lei do «só si é si» non era mala, que era a aplicación por parte dos xuíces... ¿como lles chamou vostede? ¿fascistas?, ¿fachas?... bueno, dá igual, todo vai no mesmo saco. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non o lembro, non lembro se lles chamou fachas... *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Non o invento!, ¡non o invento! Iso está gravado, señora Presas, vostede dixo que era por culpa dos xuíces que aplicaban mal a lei. ¡A ver se agora non nos imos acordar desas cousas! O que pasa é que agora, claro, agora o feminismo seu de pancarta e de slogan cae. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, pero é que non o di o Partido Popular. Mire, Elena Valenciano —sobre a Lei do «só si é si»—: *«Las leyes hay que hacerlas bien»*; García Page: *«La soberbia es muy mala consejera»*; Alfonso Guerra pediu a súa modificación; Felipe González dixo que era unha lei mal feita... *(Fortes murmurios.)* Carmen Calvo, ¡Carmen Calvo!... *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio, por favor!

A señora PRADO DEL RÍO: Carmen Calvo manifestou que a política ten que encontrar una solución rápida porque o problema é moi grave. Ata os máis convencidos da «ceja», como Miguel Ríos, dixo: *«Lo de la ley del sí es sí es la vuelta al tiro al pie en la izquierda»*. *(Fortes murmurios.)* ¿Que lle preocupaba a Miguel Ríos? ¡Os votos! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Señor Rivas, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Non lle preocupaba que fose un retroceso na defensa dos dereitos das mulleres. Non, señorías. *(Fortes murmurios.)* *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Espere un momento, por favor.

Señora Prado, xa o que nos faltaba era que cantásemos na Cámara. *(Fortes murmurios.)*

Por favor, un respecto, que creo que todo o mundo estivo durante toda esta sesión respectando o uso da palabra. Prégolles, por favor, silencio.

¡Pero xa cantar, iso xa roza o esperpento! *(Fortes murmurios.)*

Prosiga, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señora presidenta.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Aquí vese o espírito democrático... *(Murmurios.)* Si, cando escoitan o que non lles gusta, pois cantamos, interrompemos e intentamos calar a xente. *(Aplausos.)* Pois non nos van calar. *(Aplausos.)* ¡Non nos van calar! *(Aplausos.)*

Porque, miren, estes cinco anos de goberno socialista e nacionalista —apoiado polos nacionalistas en Madrid— deixaron sen desenvolver aspectos fundamentais da Lei integral contra a violencia de xénero. Negáronlle a Galicia os cinco xulgados específicos de violencia de xénero. Claro, agora dirannos que o meteron no Pacto. ¡Pero é que tamén o meteron no pacto do 2019 e seguen sen cumprilo! ¿Por que? Porque non lles van facer caso, porque xa dixo o Goberno que hai outras prioridades en materia xudicial antes que os xulgados de violencia de xénero. A ver se con ese grupo galego forte que teñen en Madrid seguen pelexando e algún día conseguen algo. Dende o ano 2019, ¡cero!, ¡cero, señorías! E sigan vendendo a moto, que levan vinte anos e non lles dá arrancado.

Porque vostedes, ¿para que lexislan? Eu pregúntome para que lexislan se total despois non cumpren absolutamente nada. Aprobaron a Lei de protección á infancia e non cumpren o que establecía, que era a especialización dos xuíces e fiscais en materia de infancia e a creación de xulgados específicos de violencia infantil —outra que non cumpren —. Pero, ¿para que lexislan? Pois lexislan —como dicía antes— coas emendas ao peso, unha lexislación ao peso para dicir que aprobaron leis, pero non as cumpren, como a Lei de dependencia —para incumprila—, a Lei integral de violencia de xénero —para incumprila—, a Lei de protección á infancia —para incumprila—.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: A Lei do «só si é si» ou a Lei trans son leis ideolóxicas que nada aportan ao avance do feminismo. *(Fortes murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non, claro, é que na Lei do «só si é si» vostedes venderon o do consentimento! ¡Pero é que o do consentimento xa estaba incluído no Código Penal, señorías! *(Fortes murmurios.)* Dixeron que era para protexer ante as «manadas» e agora resulta que a Lei do «só si é si» rebaixoulle a pena a un dos integrantes da «manada». Pero iso, señorías, vai sobre a súa conciencia, *(Aplausos.)* ¡sobre a súa conciencia! *(Aplausos.)* ¡Lecciónns de feminismo, lecciónns de loita contra a violencia de xénero, ningunha!, ¡ningunha! *(Aplausos.)*

E sobre o orzamento eu pídolles que teñan amplitude de miras, que a loita contra a violencia de xénero non é só para os recursos para as vítimas. Non é só para os recursos, señora Presas. Vostede insiste nesa partida orzamentaria.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Eu pídolle —si— que mire que a igualdade e a loita contra a violencia de xénero é un tema transversal. A prevención, a posta en marcha de principios e valores de igualdade, a formación, todo iso tamén é igualdade, todo iso é prevención e todo iso é loita contra a violencia de xénero.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para o turno de réplica ten novamente a palabra a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona Elena Rivo.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Rivo López): Grazas, señora presidenta.

Señorías, como veño de expoñer na miña anterior intervención, as administracións, as institucións, as asociacións, as organizacións e a sociedade no seu conxunto debemos permanecer unidos facendo fronte á violencia de xénero porque é a única forma de acabar con ela *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —eu non rin cando estiven escoitando—. Polo tanto, volvo poñer de manifesto o labor da Xunta de Galicia en materia de loita contra a violencia de xénero, unha loita que se materializa nunha estratexia transversal cuns orzamentos específicos e con actuacións concretas para garantir a recuperación e o benestar das vítimas, así como a prevención das condutas violentas ou discriminatorias contra as mulleres en calquera escenario posible.

Para iso, temos que continuar o camiño que comezamos hai tempo na posta en marcha de políticas de igualdade que nos permitan reducir a fenda de xénero entre homes e mulleres. Esta Consellería leva iniciado diferentes medidas de carácter transversal —como xa dixen antes— para promover a igualdade en todos os ámbitos, dende programas de formación e capacitación para promover a igualdade de xénero no ámbito laboral ata a realización de campañas de información e difusión para promover a igualdade de xénero e combater estereotipos e roles de xénero tradicionais na sociedade. A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade traballou, traballa e traballará incansablemente para promover a igualdade en todos os aspectos da sociedade galega. O noso obxectivo é avanzar cara a unha sociedade máis xusta, inclusiva e igualitaria na que todas as persoas teñan as mesmas oportunidades e dereitos.

Ben, criticáronme antes que non daba cifras. Claro, isto xa o dixen na comparecencia dos presupostos. Díxomo tamén o PSOE nesa comparecencia, e creo que tamén é un mantra. Eu son nova, pero tamén escoito que o BNG e o PSOE reclaman ano tras ano ese 1 por cento. Vale, quero aclarar —como xa aclarei na miña comparecencia dos presupostos— que a estrutura actual da Xunta é distinta á do Bipartito, e, polo tanto, a igualdade e a violencia de xénero no 2009, sen capítulo I, eran 13,80 millóns de euros. E agora, no 2024, son 50,5 millóns. É dicir, por cada euro que gastaba o Bipartito —e vou contradicir a señora Prado— nós gastamos case catro, non dous. Ou sexa, melloramos por 4. E se engadimos investimento en conciliación, no ano 2009 investiamos 54,7 millóns de euros e no ano 2024, 214,5 millóns. Polo tanto, por cada euro que se gastaba no 2009 en conciliación, en igualdade e violencia de xénero, agora gástanse catro. E, polo visto, e á vista destes datos, o orzamento destinado polo Goberno galego a igualdade, violencia de xénero e conciliación son 214,5 millóns de euros sen contar capítulo I, que representa máis do 2 por cento do global do presuposto da Xunta de Galicia para o vindeiro ano.

¿Queren máis datos? A valedora insta a revisar o sistema VioGén de protección de vítimas de violencia machista. Ao redor do 40 por cento das mulleres asasinadas no 2022 presentaran unha denuncia ou contaban con medidas de protección, polo que a valedora este mesmo mes

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

facía declaracións nas que recomendaba avaliar en que está fallando VioGén e en que se pode mellorar para que sexa máis efectivo. Nós consideramos que a única cifra aceptable no eido da violencia de xénero é cero, Pero, se queren, podemos falar de cifras. Xa falou a señora Prado. Houbo dúas, lamentablemente, este ano. No Estado, 52. Pero, como a señora Prado dixo, non vou facer unha comparativa, porque —repito— o aceptable para nós é unha cifra cero. O último informe de violencia de xénero do Consello Superior do Poder Xudicial reflicte que Galicia pechou o segundo trimestre do 2023 cun descenso do 5,8 por cento das denuncias por violencia de xénero, e Galicia é a que ten a taxa de violencia máis baixa.

En fin, no que traballamos dende a Xunta de Galicia é en poñer en valor que as mulleres crean máis no sistema, en que os corpos de seguridade estean mellor formados e en que a sociedade e os contornos das vítimas estean máis concienciados. Con todo, é preciso redobrar aínda máis os esforzos para facer fronte á violencia de xénero, pero tamén para previla e facilitar ás mulleres que a padecen os instrumentos para rachar esta situación e acompañalas no proceso.

Tamén falaban da violencia entre os mozos, falaban da educación. A erradicación da violencia sexual pasa, efectivamente, pola educación e a sensibilización social, e por iso traballamos de xeito transversal coas entidades. A Xunta imparte educación afectivo-sexual en toda a etapa escolar. A Estratexia galega de convivencia traballa na detección e no tratamento das violencias. Plans de innovación educativa, como o Proxecta, abordan a educación en valores de xeito curricular. Dende hai anos está en marcha o Proxecto Fénix coa asociación Alar, para a intervención integral con menores con condutas así. Incidir na prevención e concienciación sobre as violencias entre a poboación moza é un firme compromiso da Administración galega e é o único camiño para o cambio cultural que precisa a sociedade.

Ademais, o Goberno galego está a ultimar —sei que o critican— e a aprobar nas vindeiras semanas, a través do Observatorio, o documento para garantir unha atención prioritaria á vítima, sexa muller ou unha persoa do colectivo LGTBI. Dará prioridade e atención ás vítimas, e incidirá na confidencialidade e na sensibilización contra esta lacra, permitirá aos establecementos de lecer nocturno contar con pautas preventivas e de actuación, e facilitará unha resposta rápida, axeitada, eficaz e eficiente. O documento presentarase nas vindeiras semanas.

Sobre os centros de crise, se non estou errada, polo momento só abriu as súas portas un centro de crise en Cantabria, porque Madrid e Asturias xa contaban con eles. E nós, en Galicia, evidentemente non esperaremos ata final de ano. Estará aberto no primeiro semestre.

O suposto compromiso de crear novos xulgados de violencia machista en Galicia a cambio do apoio do BNG na investidura é unha mostra máis do desprezo e a falta de lealdade institucional do Goberno central á nosa comunidade. Cómpre lembrar que foi o Goberno galego, xunto co Tribunal Superior de Xustiza, a través da Comisión Mixta de Xustiza, o que demandou a creación dun novo xulgado de violencia sobre a muller en Santiago de Compostela, co obxectivo de estendelo nos anos posteriores ás demais cidades. Só A Coruña e Vigo dispoñen deles. Esta petición rexeitouse —tal e como lle trasladou o Goberno central ao BNG en resposta a unha pregunta no Congreso— alegando que Galicia ten outras necesidades

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xudiciais máis urxentes que atender. E poucos días despois de facerse pública esta negativa á petición da Xunta, anúnciase un acordo entre —¡que casualidade!— o Goberno e o BNG para a creación de novos xulgados de violencia machista en Galicia. Gustaríanos saber cal é entón o criterio para a dotación de unidades xudiciais, ¿darlles resposta ás necesidades trasladadas polos organismos competentes ou satisfacer necesidades partidistas?

Consideran que falar de emprego non é axudar contra a violencia machista. E eu sempre digo que o emprego abre as portas do benestar e xera a independencia económica, que é moi importante. E podería falar de que as taxas de emprego das mulleres se sitúan no 64,3 por cento. Creceron 1,09 puntos, pero a vostedes non lles parece importante. E case o 41 por cento —catro puntos máis da media española— das persoas traballadoras autónomas son mulleres. Somos a segunda comunidade con maior peso das mulleres no conxunto deste colectivo.

Tampouco comentamos que o Goberno central eliminou as bonificacións do cen por cento da cota á Seguridade Social que recibían as empresas polos contratos de substitución por maternidade, unha medida que incrementa os custos laborais das empresas e pode supor un castigo á contratación de mulleres e homes en idade de ter descendencia, co que se desincentiva tamén o crecemento demográfico.

Sobre a fenda salarial, tampouco lle deron importancia a fomentar o emprego en traballos estereotipados como masculinos. En fin, tampouco sei por que se fala de Milei. Pensei que estabamos en Galicia, pero ao mellor estou errada e estamos na Arxentina. Hai miles de cuestións nas que non vou entrar. O que buscamos coas mulleres en ocupacións masculinizadas, como dicía, non só é romper estereotipos senón tamén cubrir vacantes que necesitamos en Galicia, e a fenda salarial moitas veces está motivada polos tipos de traballo. E por iso investimos 2,2 millóns.

En fin, nós estamos para gobernar. E as comunidades autónomas, todas, non só a galega —non sei se o saben—, manexan fondos propios, fondos finalistas e fondos europeos. E non creo que ningún comisario europeo critique as actuacións dun goberno que utiliza fondos europeos.

Concreto as actuacións do Goberno galego que temos previstas para o vindeiro ano.

Destinaremos máis de 53 millóns de euros en actuacións concretas como as prestacións económicas para vítimas de violencia de xénero, con axudas periódicas mensuais, axudas económicas de pagamento único, indemnizacións económicas por sentenza xudicial e indemnizacións económicas a fillos menores de 30 anos de mulleres vítimas, así como a mulleres gravemente feridas como causa dunha agresión.

A través dos CIM estase atendendo unha media de 9.500 mulleres cada ano. De feito, no que vai de ano levan 10.000 mulleres atendidas, con 4,1 millóns de euros investidos na liña de axudas que posibilita o seu funcionamento.

As subvencións a entidades de iniciativa social para a atención de mulleres en situación de especial vulnerabilidade beneficiaron este ano a preto de 60 entidades, que atenderon máis de 3.800 mulleres.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asinamos decenas de convenios con entidades sociais que traballan día a día con vítimas da violencia de xénero, que beneficiaron a máis de 6.500 persoas co programa de atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, e tamén a outras persoas do seu contorno familiar, con 1.100 persoas beneficiadas —como dixen antes—. E co programa «Abramos o círculo», de atención psicolóxica tamén a homes con problemas de control da violencia no ámbito familiar, houbo máis de 100 persoas atendidas ao ano.

En fin, hai moitas actuacións, como a coordinación, xestión e o apoio para posibilitar ese funcionamento da Rede Galega de Acollemento, para vítimas no só da violencia de xénero senón tamén de explotación sexual. Renovamos coas tres universidades públicas galegas —como dixen— o desenvolvemento de medidas de sensibilización e prevención da violencia no eido universitario. Apoiamos a conciliación e fomentamos a corresponsabilidade con axudas para compensar esa redución da xornada laboral. Co Plan Corresponsables, un plan que é de execución transversal, no 2022 chegouse a beneficiar a 26.000 familias galegas, e que no ano 2003 estaba dotado con 10,5 millóns de euros.

Tamén atendemos, como nunca antes, a igualdade no eido laboral apoiando especificamente a inclusión sociolaboral das mulleres vítimas —posto que a consecución dun emprego estable se amosa como un paso fundamental no proceso da recuperación integral—. E facémolo a través de diferentes programas financiados con fondos públicos, pero destacando as subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito da colaboración coas entidades locais galegas.

Do mesmo xeito, as mulleres son un colectivo prioritario nas nosas políticas de emprego. Elas poden beneficiarse con acceso preferente a un apoio de maior intensidade nas numerosas ordes de axudas, pero ademais contan con outras de carácter específico, como o Plan Emprega Muller —con máis de 16 millóns—, que chega a máis 11.800 mulleres beneficiarias; cunha liña específica do programa Galicia Emprega —de 7 millóns de euros—; cos programas integrais de emprego para mulleres —2 millóns de euros—; co programa de mellora das capacidades dixitais para mulleres residentes no medio rural —con máis de 10 millóns—; e co programa de emprendemento feminino Emega —con máis de 22 millóns adicados nos últimos catorce anos—.

A todo iso engádense 2,3 millóns de euros para fomentar a igualdade e o benestar laboral a través de diversas convocatorias de subvencións, e, por suposto, a formación da cidadanía, piar imprescindible para facer dos galegos e das galegas unha sociedade máis e mellor informada, formada e concienciada.

A igualdade de xénero, a loita contra a violencia de xénero, precisa da máxima implicación e cooperación entre todos, entre os poderes públicos, por suposto, dende os concellos, pasando polas deputacións provinciais e as autonomías, ao Estado e outros. Por iso, pido o mesmo trato, respecto institucional, diálogo e intercambio co que nos traballamos. Para loitar contra esta problemática precisamos a unidade, unha unidade que non en poucas ocasións conseguimos acadar nesta Cámara parlamentaria pero que moitas veces non atopamos no Goberno central.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora Presas, seguimos agardando pola Lei orgánica contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, tal e como establece a medida 257 do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. O que sucedeu o ano pasado é que o Goberno de España non quería renovar o Pacto de Estado, e logo quería facelo sen financiamento —todo isto sen escoitar o que tiñamos que dicir as comunidades autónomas—.

En Galicia, pola contra, traballamos con outro espírito, o espírito colaborativo entre áreas e departamentos co tecido asociativo e co tecido empresarial. Así facemos con todos e cada uns dos plans estratéxicos e marcos normativos que impulsamos; nomeadamente, coa Lei para a igualdade efectiva de homes e mulleres, aprobada xa nesta Cámara, e coa posta en marcha de diferentes plans estratéxicos e programas, como o Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o Programa de muller e ciencia, o Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual ou o I Plan galego de conciliación e corresponsabilidade —o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade, dotado con máis de 1.100 millóns de euros e aprobado no pasado mes de abril—.

Esta colaboración tamén se plasma en crear ao longo destes anos e manter en activo os distintos órganos consultivos de participación e asesoramento en materia de igualdade, creados para intercambiar perspectivas e propostas periodicamente cos principais axentes representativos da sociedade galega e sumar esforzos neste asunto que nos implica a todos. Fálolles da Unidade de Muller e Ciencia, da Comisión Interdepartamental de Igualdade, do Consello Galego das Mulleres, do Observatorio Galego de Violencia de Xénero e do Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero.

Remato xa, señorías.

Dende o meu departamento somos conscientes de que debemos continuar traballando neste senso, botando a vista atrás e aprendendo do traballo feito. Aínda que algúns grupos non o consideren así, en Galicia estamos avanzando con paso firme e apoios reais e efectivos para todas as mulleres. É indiscutible que constitúe unha prioridade para este goberno loitar contra calquera discriminación e violencia de xénero, garantirlles prestacións, apoios de todo tipo e unha atención integral a todas as vítimas e axudalas a saír desa situación para poder volver a unha vida autónoma lonxe de tanto sufrimento. Queremos facer de Galicia un territorio no que todas e todos poidamos gozar plenamente dos nosos dereitos e liberdades, no que as empresas eleven o seu compromiso coa igualdade laboral e no que todas e todos poidamos vivir sen discriminacións de ningún tipo, especialmente de xénero.

Señora Presas, tamén vostede me decepcionou. Ter como referente a Angela Davis... Eu iniciaría con referentes galegas, como Juana de Vega, Rosalía de Castro, Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A min non me dá a risa.

Ese é o noso obxectivo, penso que tamén debe ser o de todos e de todas, señorías. *(Aplausos.)* Por iso os convido novamente a seguir traballando co foco posto naqueles aspectos compartidos na proposta de melloras realistas e viables e non na confrontación sistemática e crítica —pouco útil e construtiva— que deriva a atención dos aspectos máis importantes.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten novamente a palabra dona Noa Susana Díaz Varela, por tempo de cinco minutos.

A señora DÍAZ VARELA: Si, grazas.

Entroncando un pouco co que acaba de dicir a señora Rivo e tamén a voceira do Partido Popular, miren, sobre a súa conciencia o que debería pesar —nós, o Partido Socialista, témola, dende logo, moi tranquila— é o seu voto en contra da Lei do divorcio, o seu voto en contra da Lei do aborto, o seu voto en contra da Lei da eutanasia, o seu voto en contra da Lei de igualdade, tamén o seu voto en contra do matrimonio igualitario, o seu voto en contra da Lei de educación, o seu voto en contra da Lei de memoria democrática e tamén de considerar delito o acoso ás mulleres que acoden a clínicas para interromper o seu embarazo. *(Aplausos.)* Podería continuar con outra moita lexislación. Nós temos a conciencia moi tranquila, señora Prado, témola moi tranquila.

E, si, efectivamente, todo isto é ideolóxico, claro que é ideolóxico, claro que é ideolóxico. Por suposto, é ideolóxico, como tamén o é —e tamén estamos moi orgullosas— aprobar leis que garantan, consoliden ou amplíen dereitos para todas as persoas.

Ben, señora Rivo, eu tiven dúbidas, cando falou aquí desa declaración institucional que mañá van aprobar, de se se refería a unha que vai aprobar o Goberno ou a unha que se vai aprobar nesta Cámara. Direi que non é demasiado respectuoso falar e dar por feito que se vai aprobar unha declaración institucional cando minutos despois de vostede dicilo nos chega aos grupos esa proposta por parte do Partido Popular. Non nos parece, dende logo, sen apelar ao consenso da Cámara, demasiado respectuoso.

Miren, falo de Milei, primeiro, porque así o considero; e, segundo, porque o partido ao que vostede pertence mostrou o seu apoio —a señora Ayuso, o señor Rajoy, Mariano Rajoy, «Eme punto Rajoy»— ao que é un negacionista da violencia machista, ao que di que vai derrogar o dereito ao aborto e ao que fala... Bueno, non vou nin reproducir aquí como fala acerca do movemento feminista, ou como lles chama ás feministas, ou como se dirixe a elas. Por iso hoxe creo que vén moi ao caso falar aquí do señor Milei. *(Aplausos.)*

Teño outra cuestión, señora Rivo, outra cuestión á que me gustaría que atendese, que prestase atención, e que ten que ver coa CRTVG, cos nosos medios públicos. Mire, non están vostedes asumindo en absoluto a súa obriga de controlar o escrupuloso cumprimento das normas máis básicas de respecto á muller; e xa non digo á igualdade, estou falando do respecto á muller. Como dixen esta mañá, temos un exemplo de onte pola tarde mesmo. Falamos dos nosos medios públicos. Nós dende aquí —e non sei, porque francamente tampouco é que dea contestación, ou que dese vostede contestación na súa segunda quenda a moitas das propostas e das dúbidas que os grupos da oposición trouxemos aquí— exixímoslle contundencia nesta materia, señora Rivo.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non aceptaron tampouco —algo inexplicable, como dixen xa— a modificación da Lei de medios públicos para incluír a figura da editora de xénero, da editora de igualdade, que xa existe noutras televisións autonómicas —tamén en Radio Televisión Española, por certo, e con moito éxito—. E ben viría, ben lles viría aos nosos medios públicos ter unha figura como esa. Tamén se opuxeron, tamén se opuxeron.

Igual que tamén se opoñen —como digo, e sigo con este mantra— a esa inclusión da educación afectivo-sexual. Non foi capaz vostede tampouco de poñer un exemplo, porque entendo que non sae dos papeis que trae hoxe aquí. Pero eu quérolle dicir, por favor, que me poña un exemplo, e non de programas —porque non funciona ese programa Proxecta, señora Rivo, as que somos nais de nenas en idade escolar, en primaria ou na ESO, sabemos que non funciona—. Falamos da inclusión da educación afectivo-sexual, e eu quero que vostede sexa quen aquí de poñer un exemplo exitoso. Fíxese que só lle pido un, ¡un! ¿Cal é esa aplicación transversal nos currículos educativos da educación afectivo-sexual? ¿Cal é? Un exemplo, señora Rivo, atrévase a darme só un exemplo exitoso. Non lle pido máis.

E non falou tampouco —non teño tempo e quero que nolo explique, e tamén a voceira do BNG pediu explicacións— acerca de por que xa non vai haber centros de crise 24 horas para a atención a vítimas de violencia sexual nas sete áreas sanitarias; porque eran sete centros e agora van ser cinco. ¿Cal é a razón? E ¿cal é a razón tamén da demora cando —como xa expliquei tamén— os fondos están transferidos dende hai moito tempo? E, por certo, a anterior conselleira respondía a esta mesma deputada que eses centros eran xa inminentes, que a súa apertura era inminente. Isto era a comezos de ano. ¿Por que agora xa non é?, ¿por que se traslada para mediados..., perdón, para o seguinte semestre do ano 2024?, ¿cal é a razón desa demora?

E xa con isto vou rematando.

A señora PRESIDENTA: Ten que ir rematando.

A señora DÍAZ VARELA: Si, xa remato.

Entenda que non é admisible, que é absolutamente inadmisible, que nos diga vostede que ese protocolo de ocio nocturno —como ben recordou, ademais, a señora Presas—, despois deste verán negro que tivemos en Galicia, con eses casos de violacións grupais que existiron no noso país, que vostedes sigan demorando ese protocolo que, efectivamente, xa era inminente, que antes do verán xa estaba a piques de ser rematado. E agora novamente, como tamén se expuxo, volvemos outra vez a utilizar o colectivo LGTBI como escusa, que sempre nos vén moi ben.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ten novamente a palabra, dona Noa Presas.

A señora PRESAS BERGATIÑOS: Grazas, señora presidenta.

Ben, cando pensaba que non me quedaba máis por oír nesta Cámara, escóitolle ao Goberno galego que está decepcionado comigo porque a miña referencia é Angela Davis, e que Angela Davis non era galega. Pois, mire, señora conselleira, orgullosas estamos no nacionalismo galego —que é de vocación internacionalista— da referencia de Davis, *(Aplausos.)* que, por suposto, abrazamos na loita contra a discriminación, na loita contra a homofobia, na loita contra a discriminación por xénero ou por raza, na loita anticapitalista e antiimperialista. ¡Claro que somos de Angela Davis! Tamén lle citei a Carme Adán. Carme Adán é galega, pero Carme Adán tampouco lles gustou. ¡A ver se o que non lles vai gustar é o feminismo eficaz e a ver se o que non lles vai gustar é que haxa nesta Cámara propostas alternativas! Vostedes son máis do postureo. Pero, desde logo, nós vimos a esta Cámara a facer propostas e a dar alternativas. E iso ímolo seguir facendo. *(Aplausos.)*

Señora Prado, nós acordámonos perfectamente do que dicimos. Do que non nos acordamos tanto é de cando vostedes —especialmente nos dous últimos anos, nos que están instalados máis ca nunca na deriva máis ultra posible e radicalizada do Partido Popular de Galiza— tiveron un pouco de respecto e vergonza, ou da máis mínima moral. Pero está claro. Onde non hai, non hai.

O que non lle permito —non llo permito— é que diga e poña en boca deste grupo parlamentario que culpamos o Goberno galego dos dous feminicidios que houbo este ano, porque eu non o fixen e non o fixo ninguén desta organización. Non foi así, señora Prado, e sábeo vostede perfectamente. Aquí o que dixemos, o que criticamos, é que se veña sen falar do que temos que mellorar e ignorando que iso aconteceu. E, evidentemente, moi evidentemente —e, de feito, a señora conselleira fixo unha reflexión que lle agradezo na súa segunda quenda—, se neste país asasinan unha muller con orde de protección na porta do seu traballo, teremos que avaliar o que falla. E, efectivamente, nós estamos de acordo coa valedora en que hai que avaliar VioGén. Trouxemos moitas veces a esta Cámara ese debate. Hai que ver qué falla en VioGén e hai que complementalo. Primeiro, porque non chega a todos os concellos deste país, e a moitos non pode chegar; e, segundo, porque nós apostamos por reforzar —e díxeno na miña primeira intervención— o Imelga e afondar en informes psicosociais que realmente poidan avaliar o risco. Porque as cuestións mecánicas, como ese programa, poden axudar, pero hai moitos elementos que hai que ter en conta á hora de avaliar un risco e é moito máis útil facer informes psicosociais. E, para iso, hai que axudar. En todas as administracións hai cousas que se fan ben e que se fan de forma insuficiente, ¡en todas! E nós imos estar sempre do lado da seriedade en avaliar criticamente e sen conformismos o que falla en cada unha delas.

Pero ben, houbo un tempo en que se podía falar co Partido Popular deste tipo de cuestións. Evidentemente, ese tempo acabou. Agora dinos que «menos ideoloxía», que é o que di o totalitarismo sempre para escudarse nas súas máximas. *(Aplausos.)*

Outra cuestión que me parece grave, e que non podemos deixar pasar por alto, é que se diga aquí que a Lei trans non trouxo melloras. Eu non sei se iso é unha pista de que queren facer

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vostedes en Galiza o mesmo que xa fixeron —que están facendo, que están tramitando— na Comunidade Autónoma de Madrid. Xa lles digo que nos terán en fronte. Vostedes non quixeron aprobar a lei dos colectivos trans deste país no 2017, que puido ser un gran paso adiante. Vetaron iso. Pero é que están vostedes nunha deriva que..., ¿que será o seguinte?, ¿facer o mesmo que en Madrid e volver abrir a porta ás terapias de conversión? Desde logo, o Bloque Nacionalista Galego vai estar sempre cos dereitos trans e vannos ter en fronte, señores do Partido Popular. ¡Nin un ápice de retroceso imos permitir! *(Aplausos.)*

E falan da necesidade de sensibilización. Mire, nós estamos de acordo, e o Consello da Cultura Galega tamén. Fixo un informe demoledor, un estudo exhaustivo —e, por certo, estamos esperando aínda a avaliación da Lei LGTBI galega, que tiñan que ter presentado no ano 2020, que vai con atraso—, presentou un informe demoledor de datos que nos di como practicamente a metade da mocidade se informa, ten información sexual, por medio do porno. ¿Que pide o Consello da Cultura Galega —nada sospeitoso de ser do Bloque Nacionalista Galego—? Que orcen e que cumpran esa lei. E así con todo. Vostedes, no ámbito da sensibilización, van cara atrás, porque eliminaron a materia de Igualdade no ensino, e porque non desenvolven actuacións específicas que teñen comprometidas, como un plan específico de educación sexual.

Polo tanto, esas cuestións seguiremos poñéndoas enriba da mesa. E, por falta de tempo, non podo poñer máis. Pero, claro, ao Partido Popular é que non lle vale nada; non lle gusta que pidamos máis orzamento, non podemos pedir máis orzamento; non lle gusta que poñamos propostas concretas enriba da mesa para mellorar, tampouco; tampouco lle gusta que pidamos ao Estado; e tampouco lle gusta que consigamos cuestións no Estado que vostedes non conseguen. Aclárense un pouco *(Aplausos.)*, porque, se o que queren é que veñamos a esta Cámara a dicirlles que todo é marabilloso, que non temos nada que dicir e que así está moi ben, pois dirémoslles que non, porque nós estamos aquí e nas rúas para seguir avanzando, porque neste país temos présa por ter un país que avance e que siga avanzando contra a violencia machista, e porque os datos non son para conformarnos.

E ¡xa basta!, porque estamos falando de algo que afecta á vida de todas as mulleres deste país —tamén á súa, señora conselleira—. Polo tanto, o que lle pedimos —porque acaba de chegar ao cargo pero non vén vostede da nada— é que se poñan as pilas e non fagan que este país comece a retroceder en lugar de seguir liderando políticas inconformistas contra a violencia machista.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Porque están vostedes moi tentados de ir arrastrados pola dinámica xeral que hai no mundo, a de conformismo e a de retroceso. Pero nós estaremos sempre do outro lado, do lado dese feminismo que quere ser cada vez máis hexemónico e que non vai parar ata que sexamos todas libres, vivas e iguais.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra dona Paula Prado del Río.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Dicía a señora Díaz que claro que é ideolóxico. ¡Home!, pero disimulen un pouco. Aínda que sexa ideolóxico disimulen un pouco. Voulles poñer un exemplo, miren, desta mesma mañá. Cando estean no Goberno, gobernen para todos. Porque miren esta invitación desta mesma mañá da Subdelegación do Goberno —do goberno socialista de Pedro Sánchez— de Ourense: *«Buenos días»* —a alcaldes e alcaldesas de todas as cores políticas.—, *«se remite invitación para el acto enmarcado dentro del Día Internacional de la Eliminación de la Violencia contra la Mujer, que tendrá lugar el día 24 de noviembre delante de la Subdelegación del Gobierno de Ourense. Para su divulgación a militantes y/o simpatizantes del PSOE en Ourense». (Aplausos.)* ¡Bueno, sorprendente, sorprendente! ¡Señora Díaz, sorprendente!

Pedía vostede un exemplo, un exemplo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, do Goberno de España, non o invento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, si, utilizan as institucións coma se fosen a sede do Partido Socialista! *(Protestas.)* ¡Este é o Partido Socialista de Galicia! *(Aplausos.)*

Pedía vostede un exemplo, señora Díaz, xa que está preocupada polos criterios en educación. Mire, voulle dar un exemplo, un, xa que pediu un. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Escoiten, porque pediu un exemplo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pediullo a ela, ¡ah! Pero doullo eu tamén. ¿Ou ten que ser ela? ¡Ah!, ten que ser ela. Bueno, pero eu doullo. Se quere, tómao; e, se non, déixao. Mire, na área de Educación Física, os criterios de avaliación, no punto c).a).1.6: «Convivir mostrando, no contexto das prácticas motrices, habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual» —o que lle preocupa— «cultural ou de orixe natural». É un exemplo.

Señora conselleira, aquí falouse de Milei, como se fala da ultradereita, ¡eh! Non pense vostede, porque aquí hai algunhas que en ocasións ven mortos, e ven aquí ultradereita aínda que non estea nas bancadas, aínda que non haxa nin un só escano da ultradereita. *(Fortes murmurios.)* ¡Tranquilos! ¡Están moi nerviosos! ¡Tranquilos! Eu xa sei que a ultradereita lles dá moito oxíxeno e desexarían que houbese aquí ultradereita, ¡pero non a hai! *(Aplausos.)* ¡En Galicia non hai ultradereita, señora Díaz, non a hai, non a hai! *(Aplausos e murmurios.)*

Mire, señora Presas, vostede tira a pedra e esconde a man. Mire, hoxe —nin hoxe nin ata que sexan as eleccións autonómicas— vostedes non van apoiar nada que veña da man do Partido Popular porque lles rebenta o seu discurso de que o PP está na ultradereita, a escuras, e de que vostedes son un país multicolor, que fan cousas chulísimas e nós non. Sigan así, dá igual. Mire, non pasa nada, ¡non pasa nada! Eu agárdoos na próxima lexislatura, que, cando volvamos reeditar o goberno do Partido Popular, seguro que chegaremos a acordos en materia de igualdade, como temos chegado no pasado. *(Aplausos.)* Eu agora non agardo nada de vostedes porque están en campaña e se lles rompe o discurso.

Pregunta por que no 2017 non apoiamos unha proposición de lei que viña da rúa, a Lei trans. ¿Sabe por que? Porque, mire, en Galicia xa aprobaramos unha lei LGTBI. E eu reuninme persoalmente con todas as asociacións trans de Galicia. E ¿saben cal era o problema, señora

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Presas? Que nin elas estaban de acordo co contido da lei. Proba diso foi que, despois dese debate aquí, algunhas asociacións se romperon, señora Presas. Vostede sábeo ben. Eu pedinlles que, se querían facer algunha aportación e modificar a Lei LGTBI, me fixeran propostas. Aínda estou esperando por elas, señora Presas. Non sei se vostede as ten.

Pero, mire, di vostede que nos vemos nas rúas e non sei que. Mire, non hai manifestación, nin do 8M nin do 25N, que lave as consecuencias da nefasta Lei do «só si é si», que puxo na rúa a violadores, pederastas e agresores sexuais, co voto do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, que aínda hoxe non rectificou. *(Aplausos.)*

Dicía a señora conselleira o de mellorar a formación dos corpos e forzas de seguridade do Estado. Miren, en Galicia a Unidade de Policía Adscrita está absolutamente mermada, e é a que ten as competencias de protección ás vítimas. Hoxe só hai dispoñibles en Galicia 78 axentes para protexer 300 mulleres, ¡78 axentes para protexer 300 mulleres! Isto é un axente para cada catro vítimas. Pero, iso si, o goberno de Pedro Sánchez non pon máis efectivos na UPA pero vai pór catro axentes para protexer un fugado, o señor Puigdemont. ¡Para iso si que hai axentes dos corpos e forzas de seguridade do Estado, señorías, para iso si que hai! *(Aplausos.)*

E, efectivamente, non lles importa mellorar o sistema VioGén, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* non lles importa que o 40 por cento das vítimas asasinadas de violencia de xénero tivesen posta denuncia. Non lles importa. ¿Por que non melloran o sistema VioGén. ¿Por que?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Porque teñen nun caixón o Pacto de Estado contra a violencia de xénero e todas estas medidas das que levamos falado hoxe.

Eu quero agradecerlle, señora conselleira, todo o traballo que está facendo o Goberno galego para seguir protexendo as vítimas e para seguir impulsando medidas de igualdade. Aquí alguén dixo que moita igualdade e pouca loita contra a violencia de xénero, pero é que, efectivamente, as medidas de igualdade son para previr e para loitar contra a violencia de xénero. Lamento profundamente que a esquerda en Galicia o único que mire é a partida de recursos para as vítimas, que é imprescindible; pero nós agradecemos moito máis que haxa partidas no ámbito da igualdade e da prevención, porque así si que se loita contra a violencia de xénero.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

Pecha, novamente, a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Rivo López): Grazas, señora presidenta.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, hoxe tivemos a oportunidade de debater e reflexionar sobre as diferentes políticas que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade leva posto en marcha no eido da igualdade. Non debemos esquecer que a igualdade non é só unha meta para alcanzar, senón un compromiso diario no que cada un de nós ten poder de marcar a diferenza.

Señorías, a Xunta de Galicia continuará traballando en prol da igualdade, adicando recursos, elaborando novas normativas —como a que hoxe vimos de aprobar— e estando ao carón de todas aquelas mulleres que o necesiten. É fundamental recoñecer que a igualdade non é só un obxectivo, senón un compromiso diario que require a participación activa de todos. Cada un de nós ten o poder de marcar esa diferenza e contribuír á construción dunha sociedade máis inclusiva e respectuosa.

Por parte da Xunta de Galicia, este compromiso amósase cuns orzamentos récord para o vindeiro ano, que concretamente nesa partida de igualdade acada 54 millóns de euros —case un 13 por cento máis que o ano pasado e catro veces máis que no ano 2009—.

Señorías, debemos traballar xuntas e xuntos para eliminar os prexuízos e estereotipos que nos dividen e celebrar as nosas diferenzas como unha fonte de enriquecemento mutuo. Cada acción, por pequena que sexa, conta; e pode marcar a diferenza na vida das persoas. Sigamos promovendo a igualdade nos nosos fogares, nos lugares de traballo e na sociedade en xeral. Xuntas e xuntos podemos construír unha Galicia mellor na que todas as persoas sexan valoradas e respectadas con igualdade, sen distinción ningunha.

Estou segura de que no compromiso de loitar por unha verdadeira igualdade necesitamos a implicación de toda a sociedade. Convídoos a manter unidas as nosas forzas para ir todos a unha, vivir nunha Galicia xusta, equitativa, inclusiva e solidaria, na que as diferenzas entre homes e mulleres non impliquen desigualdades senón oportunidades de seguir prosperando na consecución dun futuro mellor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Suspendemos a sesión, que será reanudada ás 16.00 horas.

Bo proveito.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Boa tarde.

Reiniciamos a sesión avanzando ao apartado de mocións; en concreto, á referenciada na orde do día como punto 3.1.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago, sobre os servizos de transporte escolar

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción non se presentaron emendas.

Para formulala, por tempo de dez minutos, ten a palabra dona Noelia Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde a todas e a todos.

Queriamos comezar facendo predicións; non citando hoxe a bruxa Lola —non é necesario, como se facía onte—, pero si arredor deste debate sobre o transporte escolar. Sobre ese tema podemos facer unhas cantas predicións do que se vai dicir aquí hoxe, porque ben é certo que xa temos protagonizado, durante esta lexislatura —sobre todo nestes dous últimos cursos—, debates arredor das eivas, da precariedade e dos problemas que existen respecto do transporte escolar.

Novamente estamos aquí porque tamén novamente non só non se teñen dado pasos adiante para evitar que se sigan reproducindo —e non só no inicio de curso— estas problemáticas, senón que se nega a maior. E por iso diciamos que iamos facer algunhas predicións. Os argumentos do conselleiro de Educación, cada vez que os escoitan as ANPA, os pais, as nais e moitas das usuarias e usuarios do transporte escolar na nosa comunidade —como os escoitaban hai quince días neste pleno—, néganos. Son argumentos —escoitaremos hoxe— como que hai que entender que o servizo prestado é dunha gran complexidade, que ten moitísimas rutas, moitísimas paradas, moitísima extensión e quilómetros e que é o máis grande do conxunto do Estado; que estamos ante incidentes puntuais que teñen, razoablemente, que se producir polos nervios habituais do inicio de curso; ou que a maior parte das incidencias son nestes primeiros días do comezo do curso e que logo se subsanan e que teñen que ver con problemas e atascos polo tráfico. Pero que hai que mobilizarse, porque é un servizo —como diciamos— público e que ben que se lle dá —como di o conselleiro— de xeito público —este servizo complementario tan importante— ao estudantado galego, e ao que se destinan nin máis nin menos que 120 millóns de euros.

Ben, tira de quilómetros, tira do orzamento que se destina, fala do número de paradas, do número de rutas, para non entrar no fondo do debate, que é o que estamos a pedir dende hai moito tempo e que é que estes problemas non son desaxustes, non son incidencias sen máis, son incumprimentos de contratos e precariedade que afectan nin máis nin menos que a seguridade do alumnado, a seguridade das nenas e dos nenos galegos; ademais, é un servizo que é capital, fundamentalmente, se falamos do rural, e do que adolece moito.

E o máis preocupante —consideramos—, chegados a este punto, deste peche en banda a supervisar con contundencia e con seriedade o cumprimento deses contratos coas empresas, deste peche en banda a reorganizar o que sabemos que non funciona, como son esas paradas, ese mapa de rutas, esta fuxida cara a adiante —que é incerto que os problemas unicamente se producen no comezo de curso e que, polo tanto, son puntuais, que non é así—, é que

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

anula, primeiro —como diciamos—, o recoñecemento de que estamos ante un problema cun servizo que tería que funcionar moito mellor; e, a partir de aí, anúlase, evidentemente, calquera solución ou a súa mellora. Son problemas —insistimos— cos horarios, que se seguen a repetir no día de hoxe, moitas semanas despois de cumprido o curso. Hai nenos e nenas que se teñen que erguer ás seis da mañá ou ás seis e media para coller un autobús, que chegan aos centros e teñen que agardar, por esa mala planificación, unha hora ou media hora, rompendo esa cadea de custodia, moitas veces sen ter onde ampararse, cando chega o inverno, o frío e a chuvia, porque están mal deseñadas... O peor —como dicimos— é que son autobuses que uns días chegan con menos prazas das contratadas, e os nenos e as nenas teñen que ir de pé; autobuses que chegan sen cinto de seguridade, sen suxeicións; e autobuses que moitas veces chegan sen a obriga de viaxar cunha coidadora ou cun coidador.

Polo tanto, non estamos a falar de cuestións ou desaxustes puntuais ou unicamente deses atrasos —que tamén son importantes, porque moitas veces os rapaces e as rapazas chegan coas clases empezadas 15 ou 20 minutos—, abonda —diciámolo hai quince días— con coller os medios de comunicación durante todo o curso, con falar coas ANPA ou con coller o informe da Valedora que unha se decata de que os casos denunciados son só a punta do iceberg. E é tan feble ese discurso de negación que fai o conselleiro que lembrarán vostedes que hai un ano nós, no comezo de curso —do curso pasado—, o animabamos a comprometerse a que, como eran desaxustes no comezo de curso e había moitos cambios, que non se repetisen durante o curso, e que moito menos se repetisen este curso. Ben, estamos como estamos e hai quince días vemos esa retahíla de titulares e de novas en todo o país arredor desta problemática.

Ademais de estar —diciamos tamén— presente, ano tras ano, no informe da Valedora do Pobo, ¡ollo!, porque o desleixo é tal que non só se nega o problema, senón que se incumpre a lei en canto ao tempo que ten a Xunta de Galicia —e a Consellería, neste caso— para contestar as reclamacións e as queixas por parte das familias. A Valedora, antes de que rematase o pasado curso, pouco antes do verán, fixo un recordatorio e púxolle deberes oficialmente á Xunta de Galicia, á Consellería, relembrándolle que ten un tempo estimado —cumprindo a lei— para contestarlles a esas familias, que quedan absolutamente desamparadas polos problemas do transporte escolar. É que a Xunta de Galicia estaba demorando as respostas entre oito e once meses —eses son os problemas que di o conselleiro que se subsanan en cuestión de horas ou, como moito, de días—. Iso está no último recordatorio, nos deberes que a Valedora do Pobo remitía á Consellería de Educación pouco antes do verán.

Ben, nin en forma —dicimos— nin tampouco en tempo se dá resposta ás familias e aos usuarios e ás usuarias. E cando preguntabamos ao conselleiro cantas sancións se lles teñen imposto ás empresas que incumpren, ademais con problemáticas tan graves como as que relatan e trasladan as ANPA, dicíanos no pasado pleno que foron 75. Pero hai que ver as cantidades económicas das penalidades impostas ás empresas, porque son absolutamente pírricas, 75. Se falamos de que cada día circulan —xa que sacamos peito do número de rutas— case 1.600 liñas, que só este comezo de curso, só nos primeiros días, houbo 85 incidencias que recoñece o conselleiro, ¿como é posible que en todo un curso escolar unicamente se impuxesen 75 sancións? ¿Como é posible se son case 1.600 ao día. E diciamos que abonda con coller o número de reclamacións, de incidencias ou de escritos que tanto os concellos como

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

as ANPA trasladan oficialmente á Consellería de Mobilidade e tamén á Consellería de Educación.

É un servizo mal deseñado especialmente nas zonas rurais, pero a resposta é que están moi orgullosos. Desde logo, hai algo evidente: que se invistan moitos cartos non é sinónimo de que eses cartos dun orzamento, eses recursos públicos, sexan usados con eficiencia e con eficacia. E onte mesmo dende o Grupo Socialista poñíase aquí o exemplo do que acontece na educación xeral co sistema de libros de texto. Con ese préstamo solidario presumen de que aumentan as contías, pero a pregunta é: ¿eses recursos económicos valen para cubrir a totalidade das familias do ensino público? Non. ¿Valen para cubrir boa parte da maioría das familias do ensino público? Non. ¿Máis da metade das familias galegas teñen que endebedarse para facer fronte, no inicio do curso, a mercar material e os libros escolares? ¿O ensino obrigatorio en Galicia é gratuíto? Non. Esa é a pregunta que nos temos que facer. Hai que ver —si— as partidas nos orzamentos: 120 millóns de euros para transporte; pero ¿cal é a realidade? E ¿onde poñemos o foco?, ¿en que é moi extenso ou no servizo que teñen que dar as empresas coas que se contratan estes lotes? Este é o problema polo que funciona mal.

Pero é que logo temos outro problema, o que non existe, que é todo ese alumnado de bacharelato ou de ciclos de FP que non ten resposta por parte do Goberno galego porque queda fóra do ensino obrigatorio e, polo tanto, non teñen dereito a ese transporte escolar. Esa é outra das grandes eivas: o que hai, pero tamén o que non hai. Que non sexa obrigatorio non significa que a Administración, que a Consellería, non teña que favorecer a súa oferta en termos de mobilidade, pero tamén de necesidade, de vertebración e de non desatender fundamentalmente —como dicimos sempre— o rural.

Nós agardamos que, ante a evidencia de que non son desaxustes puntuais que se producen unicamente no comezo de curso, acepten as nosas propostas para que non continúen negando esta problemática, engordando unicamente un negocio e defendendo as empresas, sen entender que o que teñen é que defender e mellorar un servizo ao alumnado galego que sexa digno, porque, polo de agora, non o é.

Nós lamentamos que nin sequera se presentase algún tipo de emenda a esta iniciativa porque velaí —insistimos— están os problemas, as denuncias das ANPA, que falan de que en cada curso é caótico o transporte escolar. Estamos falando da seguridade dos nenos e das nenas, que quedan nesas paradas, que teñen que agardar ás portas dos centros de ensino, moito antes de que abran, mesmo de que moitas veces circulan en autobuses que superan a idade máxima contemplada nos contratos e de que, polo tanto, estamos poñendo en risco a súa vida. Semella que estamos falando de algo moi dramático, pero é que son problemas que se poden arranxar fiscalizando e facendo que se cumpran eses contratos.

Así que agardamos que dunha vez por todas non fuxan, non caian neses argumentos coñecidos, nesa predición que todos estamos afeitos e afeitas a escoitar e que están fartos e fartas de negar os pais e as nais, os usuarios e as usuarias do transporte escolar galego. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Continuamos coa intervención dos restantes grupos parlamentarios.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona María Cristina Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Dende o comezo deste curso escolar levamos debatendo neste hemiciclo e tamén nas comisións de xeito constante sobre as deficiencias nos distintos servizos complementarios relacionados co ensino en Galiza. Primeiro, porque os comedores escolares sofren problemas importantes: deixaron fóra alumnado, suprimindo prazas onde estaban autorizadas; non incorporaron o servizo que estaban dando as ANPA e concellos; ou deixaron fóra incluso alumnado por falta de espazos axeitados, cando cunha pequena reforma nos centros educativos se solventaría; e, sobre todo, non implementaron este servizo tan básico para o alumnado de centros dos núcleos máis rurais.

Levamos tres meses tamén reclamando que o servizo de transporte escolar funcione como corresponde. E o conselleiro de Educación, no pasado pleno, cando foi interpelado pola deputada do Partido Socialista, deixou ben claro que, ao seu entender, había que relativizar o número de incidencias —que xa eran moi importantes nese intre—, porque as dimensións —segundo el— do contrato, do número de alumnado transportado e do número de liñas e rutas era a xustificación para o que acontecía. E todo isto era «de sentidiño», polo visto. Segundo o señor Rodríguez, todas eran incidencias puntuais. Pois ben, está claro que, se se quere ver así, se vai seguir vendo, dá igual o que lle poidamos dicir. Pero eu vouno intentar; vouno intentar, porque paga a pena, porque para o BNG as persoas que hai detrás de cada unha destas incidencias non son meros datos, nin estatísticas; hai nenos e nenas, hai rapaces e rapazas, e tamén están as súas preocupadas familias.

E, antes de poder analizar estas incidencias que están a acontecer, quero lembrar tamén o último informe da Valedora do Pobo —que me dá a impresión que non ten moito que ver co Bloque Nacionalista Galego—, no que deixa claro que o transporte é un dos servizos no que máis denuncias presenta a cidadanía. A Valedora, en cada expediente aberto, fai recomendacións á Consellería de Cultura e Educación para a aplicación da normativa e tamén para correccións de eivas no servizo incorrecto, deixando claro tamén no seu informe que en moitas destas ocasións non se asume esta recomendación ou corrección por parte da Consellería. Ademais, engade que a meirande parte das reclamacións non son contestadas, ou, de selo, unha vez que remata o curso, pois ao mellor ten sorte esa familia. Dese xeito, entendo por que o conselleiro di sempre que son cousas puntuais nos primeiros días do curso. Debe pensar que, se non contesta a incidencia, segue sendo do mes de setembro e non se repite.

Ben, unha vez dito isto, quero que todas as deputadas e deputados pensen nalgunha destas reclamacións e queixas dende o punto de vista da nai ou do pai, das familias en si que a presentan; os exemplos das máis recorrentes son os que vou pór aquí agora enriba da mesa.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pensen, por exemplo, nunha reclamación porque o autobús que facía a ruta deixa o alumnado na parada porque ía cheo, e o condutor asume que non debe levar un incremento de usuarias. Imaxinen cando a nena, por exemplo, chama á casa, ou manda recado por algún maior de que aínda continúa na parada e que precisa que a leven á escola ou ao instituto. Hai que poñerse, neste caso, na pel da familia: ¿é pequena a nena?, ¿canto leva soa esperando a ver se o outro autobús a pode recoller?, ¿pode a nai ou o pai, con vehículo propio, ir por ela e levala ao seu centro?, ¿está preto o seu traballo? O que para vostedes é unha simple incidencia puntual, pois pode ser un gran problema e un impedimento en moitos casos para as familias.

Pensen agora nunha reclamación por falta de seguridade do alumnado durante o traxecto no autobús escolar, pois as persoas usuarias soben ao autobús completo e viaxan de pé. Imaxinen a inseguridade que produce saber que algún dos nosos fillos ou fillas vai viaxar media hora —ou unha hora en moitos dos percorridos das liñas— de pé, sen cinto de seguridade —que, por certo, é de obrigado cumprimento o seu uso—, circulando por estradas comarcais ao municipais, a maioría delas estreitas, se falamos do noso rural. ¿Que acontece nese caso se o vehículo dá un volantazo ou se mete, por exemplo, na cuneta?

Podemos falar tamén doutra reclamación común, porque o autobús escolar, ao mellor, pasa pola parada unha hora antes —ou incluso máis cedo— do comezo do horario escolar. Pois á familia non lle queda outra que espertar os nenos e nenas —moi pequenos ás veces— sobre as seis e media da mañá para que dea tempo a almorzar, asearse e vestirse, coller libros, mochila e material escolar, esperar na parada, e, despois dunha hora de traxecto con innumerables recollidas, pois chega ao centro educativo, por fin, cedo tamén, e as portas aínda están pechadas, ou aínda non chegou o persoal docente para atender e organizar a custodia do alumnado. Nese caso, o alumnado moitas veces queda dentro do autobús esperando ou permanece diante do centro educativo. Así que moitas das familias, salvo aquelas que non poidan de ningunha das maneiras, pois pensarán incluso en levar os seus fillos e fillas en vehículo particular para que non pasen por este calvario.

Podemos falar agora doutra reclamación, por non dispoñer de transporte, nin escolar nin regular —ningún dos dous— para o alumnado matriculado en etapas postobrigatorias, como é o bacharelato ou os ciclos formativos. Dependen de vehículo particular na maioría dos casos, e acontece en todo o país, en centros normalmente rurais. Iso, dende logo, non pode tolerarse de ningún xeito neste século. Ten que haber servizo de transporte, ou escolar ou regular, pero algún, nun momento no que Europa obriga a tomar neste momento medidas urxentes de redución do CO_2, contra o cambio climático.

E falamos, ademais, de menores de idade, de 16 ou 17 anos, que deben neste momento elixir entre dúas opcións: deixar os seus estudos por non poder chegar ao seu centro de referencia, ou deixar a súa casa e alugar vivenda noutra vila ou cidade onde teñan capacidade de transporte ou ben se poidan achegar a pé.

Analicemos unha última; unha reclamación por non dispoñer dunha parada de autobús preto do seu domicilio. Vostedes, cando contestan, fano enarborando a lei e xustificando que a parada pode estar ata a 2 quilómetros do lugar onde vive a familia, o que produciría

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

retrasos nos horarios. Como podemos ver, nunca teñen en conta as circunstancias —que normalmente son duras— nas que se atopan as familias do rural, e serven por si mesmas de xustificación clara da súa petición. Se escoitasen, saberían que estes nenos e nenas que precisan que se lles habilite unha nova parada transitan moitas veces por pistas estreitas, sen cunetas, sen luz, inseguras... ¿É moito pedir para unha familia nesas circunstancias solicitar unha parada nova? Ese mesmo retraso que vostedes dan como xustificación para non concedela, ¿non se está a producir noutras liñas e percorridos? ¿Todos estes retrasos son culpa dos usuarios por vivir na Galiza dun xeito disperso? Eu creo que non, deben pensalo.

Ben, está claro que vostedes non están a ter en conta máis que os seus datos, as súas estatísticas, e están esquecendo que a política debe estar ao servizo das persoas, das galegas e dos galegos, que a política debe mellorar a vida das persoas; se non, ¿que sentido ten? Teñan coidado, porque o seu partido, o Partido Popular, é ben coñecido xa non pola súa boa xestión, como queren vostedes seguir vendendo, senón por xestionar para os seus amigos e esquecer as persoas. O problema das familias é que non son escoitadas e por iso as súas respostas son esas que están a dar, incoherentes e faltas tamén de «sentidiño». Espero que lles quede pouco para estas cuestións.

A realidade é que están a recibir numerosas sentenzas xudiciais que din que a Xunta incumpriu o número das licitacións máximas legais, e así Monbus, que é a empresa que licitou en numerosas UTE, realiza un servizo que incumpre constantemente os pregos dos contratos e produce constantes incidencias que afectan as persoas usuarias e as súas familias. Previamente deixaron fóra destas licitacións pequenas empresas do transporte; empresas que terían a oportunidade de traballar na súa zona, onde, ademais, coñecen perfectamente as rutas e as liñas, a diferenza desta gran empresa, Monbus.

Pois nestes meses non foron quen de aumentar o orzamento nesta partida esencial para solventar algunha desas que vostedes chaman «incidencias puntuais» para redeseñar ou ampliar as rutas ou para habilitar o servizo a aqueles centros educativos de bacharelato ou ciclos formativos aos que é imposible achegarse en transporte público.

Dende o BNG presentamos unha emenda parcial para aumentar esta partida orzamentaria, que posibilitaría así acadar esas melloras neste servizo básico para a nosa cidadanía, pero, como todos xa sabemos, pois foi rexeitada no día de onte.

Agora, evidentemente, está nas súas mans tomar a decisión de corrixir estas eivas. Ademais, forma parte da súa responsabilidade velar por que este servizo se desenvolva conforme a súa contratación e que as empresas licitadoras cumpran con todas as cláusulas e requisitos exixibles.

Non deben esperar á reclamación das usuarias ou das direccións dos centros educativos, que explicaba o outro día o señor Rodríguez o procedemento que seguían. Se algo non funciona, pois deben cambialo, ¿para que esperar? Polo tanto, fagan as inspeccións de oficio precisas para que certas irregularidades e inseguridades deixen de producirse e para que este servizo que vostedes mesmos xulgan necesario, tan importante para a igualdade e a equidade de

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todas as galegas e galegos, sexa por fin determinante para que finalice a discriminación e o afastamento do rural galego.

O noso grupo está de acordo coas propostas desta moción do Grupo Socialista, e imos apoiala, dende logo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona Marisol Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidenta.

Señorías.

Mire, señora Otero, as predicións sobran cando nada cambia, sobre todo nos seus discursos, porque son vostedes tan previsibles que, sinceramente, vemos que non é nada novo. Algo que non teñen que esquecer, sobre todo, é que se fala, como dicía o conselleiro, de desaxustes do inicio do curso, porque hai que pór a rodar unha gran maquinaria, como é o transporte escolar; pero non esqueza que o transporte é algo vivo, como o é o curso escolar. E ao longo de todo o curso, señorías, podemos falar de variacións de matrículas, de cambios de domicilios, de paradas, de modificacións de rutas..., pero, sobre todo, o que hai que ter en conta é o día a día de cada día nun centro escolar, e encaixar ese día a día coa gran maquinaria que é o transporte.

¿Que ocorre, entón? Bueno, pois veñen vostedes coas súas comedidas intervencións de color, de que todo é marabilloso, como fan sempre, e olvidan e minusvaloran o esforzo que fai a Xunta de Galicia por achegar o transporte a cada núcleo de poboación, a cada aldea, para que o alumnado acceda ás aulas de xeito totalmente gratuíto. E non esquezan iso, porque sempre se axustan —claro está, eu podo entendelo— a aquilo que lles convén. Pero, miren, o transporte escolar e o ensino rural van da man, por moito que vostedes sexan os que están empeñados en separalo. O ensino escolar, o ensino no rural, non tería sentido se non falásemos do transporte escolar con eficacia e eficiencia e, por suposto, na súa xestión, señora Otero.

En todo caso, todos eses casos dos que vostedes falan e aqueles que relatan de atrasos interesan e preocupan a Xunta de Galicia, a Consellería de Educación e a Dirección de Mobilidade, por suposto. Cada un deses casos que vostedes relatan e veñen aquí magnificando son estudados en profundidade, son administrados en profundidade, de acordo cunha instrución. E non esquezan que existe unha instrución, a 1/2003, así como unha normativa e un procedemento, non só no ámbito do transporte, senón tamén no da seguridade e da educación.

¿Cal é o único obxectivo e a conclusión á que chega este grupo parlamentario cada vez que escoita as súas intervencións? Que vostedes o único que teñen é a obsesión de trasladar á sociedade que o transporte escolar é un caos.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, a realidade é que pode haber problemas, como os houbo sempre, señoría. Todos desexariamos que nunca houbese ningunha disfunción, ningún problema en ningún momento: que non houbese atascos, que non houbese fallos mecánicos, que non houbese percances no día a día, por choiva, por mala meteoroloxía... É inagotable; claro que é inagotable, tendo en conta o encaixe que supón o transporte escolar. Pero dígame un só servizo público no que, na súa prestación, diariamente, non poida ocorrer unha incidencia. Dígame un só; póñame un só exemplo, e así, ao mellor, podereille dar a razón.

Porque, mire, son situacións indesexadas, que se estudan. Primeiro, búscase a solución. E tamén teñen que distinguir as señorías, tanto a señora Fernández como a señora Otero, entre as incidencias nunha ruta —e os desaxustes—, sobre todas as incidencias que poden ocorrer no día a día, e os incumprimentos. ¡Claro que son graves os incumprimentos!; os incumprimentos, non só de procedemento e de normativas, senón tamén contractuais. ¿E que ocorre entón? Pois que se corresponde coa conseguinte sanción e coa conseguinte penalidade.

Mire, os problemas reais e verificados son susceptibles de sanción sempre, señora Otero, ¡sempre! Converter en causa maior estes problemas é pretender desgastar o grupo do Goberno —ese é o seu obxectivo—, sen entender nin recoñecer, en primeiro lugar, o funcionamento dos servizos públicos; logo, o encaixe das necesarias garantías xurídicas dos contratos públicos; e, en terceiro lugar, que hai que ter en conta a realidade territorial de Galicia.

Mire, gustaríame que fixesen un exercicio de reflexión, só un momentiño, e que pensen nos concellos nos que gobernan tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista de Galicia. Pensen se na prestación dos seus servizos públicos no día a día non xorde ningunha incidencia. ¡Por favor, pénseno, pénseno! Ou falen cos respectivos alcaldes nos seus sitios, e a ver se no día a día non xorden incidencias. ¿Son incidencias buscadas e desexadas? Seguro que non, nin nun concello gobernado polo BNG nin nun gobernado polo PSOE. Aquí o que prima é un servizo público e o que prima é o interese xeral. Por iso lles pido ás súas señorías que racionalicen os seus discursos apocalípticos.

Mire, o Grupo Parlamentario Popular e a Xunta poden entender moitas veces o malestar dos usuarios, ¡como non o imos entender! Pero o que non poden facer é magnificar as cousas nin xerar elevadas expectativas, porque a maioría das cuestións están condicionadas por outras cuestións técnicas.

Miren, claro que lles vou recordar o que se inviste no transporte escolar: non 120 millóns, senón máis de 123 millóns. Mire, son 700.000 euros diarios os que se gastan en transporte nesas rutas e nesas paradas que vostede xa mencionou. ¿E vostede pensa que con ese investimento a Xunta de Galicia e o Goberno galego intenta molestar ou prexudicar os usuarios? ¡Por favor!

Mire, insisto, podemos comprender o malestar, as opinións de pais e nais de usuarios, porque sempre se quere a existencia das paradas de bus o máis preto posible dos domicilios, nas mellores condicións, pero é que a Administración autonómica non só ten en conta iso, senón que á Administración autonómica o que lle toca é integrar o beneficio e o confort deses

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

usuarios tan sensibles como son os nosos nenos e as nosas nenas coa legalidade dos contratos. Ten que encaixar o control e vixilancia da prestación do servizo coas garantías xurídicas. ¿E por que? En aras do interese xeral. ¿E como? Optimizando rutas, mellorando horarios, modernizando a frota e facendo o seguimento desa frota, evidentemente, como se fai ata o de agora.

Miren, o papel do transporte é importante na vida dos estudantes, ¡como non o vai ser! E, sobre todo, tamén para buscar ese contorno máis inclusivo.

Miren, é un servizo público, onde se busca o interese xeral, non o interese —así o falabamos o outro día na Comisión 4ª— individual, nin intereses particulares, señorías; o interese xeral, e iso é o que debe primar en calquera prestación dun servizo público.

Parecera que fosen vostedes infalibles, que fosen vostedes donos de toda a verdade, pero, mire, lecciónns, as xustas, porque os únicos donos da verdade son as galegas e os galegos, que ben clariño lles deixan que as súas mensaxes non lles interesan en absoluto. Levan catro lexislaturas co mesmo argumentario. ¿E que lles din eses galegos e galegas?, ¿que teñen a verdade? Dinlles que teñen que ir para a casa. Eu invítoos a que aproveiten a utilizar o transporte de Galicia, e xa verán como ese transporte, que tanto deostan, os vai levar dereitiños á súa casa, como así o queren os galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

Miren, o proceso de deseño e planificación das rutas faise coa Instrución 1/2023. Hai solicitudes para modificacións e hai solicitudes para novas rutas, que, evidentemente, son aceptadas ou denegadas conforme os criterios do devandito documento. Tamén hai unha supervisión do seguimento —¿como non o vai haber?— para a detección de problemas e corrección de posibles incidencias. Miren, ninguén as desexa, nin vostedes, nin o Grupo Parlamentario Popular, nin as familias, nin a Administración...; ninguén. Cando hai un incumprimento contractual ou de procedemento ou da normativa, hai unha sanción. Xa llo dicía o conselleiro. A Consellería de Educación sanciona cada vez que hai un incumprimento do prego de cláusulas administrativas particulares, señora Otero, ás veces por empregar vehículos distintos dos comunicados —claro que si—, 13 penalidades; por unha antigüidade máxima que superan, 10 penalidades; desgraciadamente, por ir sen cinturón, 2 penalidades; por viaxar alumnos de pé, 1 penalidade... E así poderiamos seguir, pero, por falta de tempo, non podo continuar.

Tamén a Consellería de Infraestruturas. Mire, eu creo que lle quedou ben claro: desde 2020, 722 expedientes sancionadores, e 400 firmes a día de hoxe. No que respecta ás penalidades contractuais, máis de 500. E materializadas a día de hoxe, 350. E todo iso porque funcionan os servizos de inspección, non só da Dirección Xeral de Mobilidade, tamén co apoio das forzas e corpos de seguridade, de xeito rutinario, aleatorio, a raíz dunha incidencia, por queixas dalgunha familia...

E, mire, parece mentira que falen vostedes de publicidade, cando estamos a falar de datos amparados pola Lei de protección de datos. E despois está a Lei de procedemento administrativo, señorías, que, unha vez aberto o expediente, lles permite velo aos interesados. ¿Pero como imos publicar eses expedientes? ¿Pero a onde queren chegar, señorías? ¡Por favor! Eu quero simplemente remitilas a esa Lei de procedemento administrativo.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén a Consellería de Educación fai co seu persoal de apoio as inspeccións oportunas e solicita á dirección dos centros que certifique se coinciden as matrículas dos vehículos que se están a usar. Unha vez recollidas as actas, levantarase —se hai— o correspondente incumprimento.

Mire, non confundan a idea que queren facer chegar de que non haxa incumprimentos ou de que non sexan os correctos con que, cando sae, cando hai eses expedientes e cando hai esas actas, non lles gusta o que poñen, porque iso é algo totalmente distinto.

Mire, vaise continuar coas campañas de inspección, como non podía ser doutro xeito. Vanse atender as denuncias, as queixas dos particulares. E vostedes son os que non deben esquecer que Galicia —e iso pódeno ver en calquera medio e nos informes— continúa sendo a comunidade autónoma que maior rede de transporte escolar ten, mal que lles pese ás súas señorías.

E despois, cando falan vostedes de novas rutas... Vamos ver, é algo que é normal. Un contrato de transporte non é algo pechado. Claro que hai cambios todos os cursos, porque hai nenos que cambian de domicilio, que marchan a estudar a outros lados... E, sobre todo, o que nunca teñen en conta e nunca mencionan é que esas novas rutas, esas modificacións, eses cambios se fan sempre nunha liña de diálogo. ¿Con quen? Cos centros educativos, coa comunidade educativa. ¿E por que —¡home!, parece mentira que llelo teña que dicir—? Porque son os que mellor coñecen a zona e os que mellor coñecen as necesidades, tanto as Anpa de cada centro, como as comunidades educativas, como, por suposto, as empresas. Trátase de, entre todos, atender as necesidades dos alumnos. Polo tanto, o cen por cento do transporte escolar gratuíto para os alumnos con dereito.

¿E que pasa cos alumnos —que vostedes inciden niso— do ensino non obrigatorio? Aínda que vostedes ricen o rizo e intenten complicalo, facilítase todo o posible que poidan utilizar calquera ruta e que haxa as paradas, sempre que haxa prazas vacantes. Si, e tamén complementado con 160.000 tarxetas activas que hai...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Díaz.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: ...—remato xa— da Tarxeta Xente Nova, que lles permite chegar aos centros de ensino.

Mire, eu creo que se o transporte escolar do alumno non obrigatorio lles fose tan importante, non sei por que non o arranxaron no seu marabilloso «bigoberno», como sempre.

En todo caso —e remato xa, presidenta—, temos un dos maiores e mellores transportes escolares de España. E a Xunta de Galicia, non lles caiba a menor dúbida, está a cumprir escrupulosamente co compromiso do transporte escolar e da mobilidade.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Sinto molestala, señora..., pero os compañeiros tiveron o mesmo tempo ca min. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra a autora da moción, dona Noelia Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidenta.

Mal estariamos, señora Díaz Mouteira, se non fósemos previsibles, se non insistísemos en debates arredor da situación do transporte escolar, trasladando a este Parlamento o que non se cansan de trasladar e de denunciar non só as Anpa, senón tamén a Valedora do Pobo —agora virá tamén un debate ben acaído sobre a situación e a xestión en xeral do transporte na nosa comunidade— e os tribunais, con anulacións de lotes do transporte escolar por irregularidades, que vivimos este mes de xuño. Mal estariamos se non se insistise —polo tanto, é todo un cumprido— en que se corrixan e se cumpran os mínimos de calidade e de eficiencia no servizo de transporte escolar, que é tan fundamental para o alumnado galego.

E dicía vostede que nós facemos un problema maior do transporte escolar. O problema maior fano vostedes con esta fuxida cara adiante. E velaí están esas sentenzas xudiciais que se veñen acumulando, cando este problema, este debate, vén de hai moito tempo, como vostede sabe.

E non quero entrar —polo serio que é o problema— en que vostede fale de todo —como xa predicía— e de nada dicindo que vai mandar á oposición en transporte nas vindeiras eleccións municipais... A vostedes o que lles gusta máis —e teñen tan pouca vergoña— é ir de cruceiro. E mandan á señora conselleira de Política Social e Xuventude a anunciar bonos de descontos de cruceiros de Costa Cruceros como medida para a mocidade galega, tal e como está. *(Aplausos.)* Mañá falaremos de todo isto, porque hai que ser... Por non deixar de ser elegantes, non imos cualificar en que agardamos que os manden a vostedes, ¡eh! Como somos un pouco máis xenerosos, pois, dicimos que poden embarcar en cruceiro coa señora conselleira de Política Social e Xuventude.

Mire, a pasada semana falabamos, precisamente —estaba vostede na Comisión de Educación—, dos problemas do transporte escolar circunscritos, neste caso, ao que acontece no rural, e saían casos e exemplos moi concretos de nenos e de nenas que teñen que camiñar por camiños que non teñen ningún tipo de iluminación, con inseguridade, pasando frío, de nenos e nenas que quedan tirados nas paradas, de familias que teñen case que endebedarse para enviar á rapazada a estudar fóra das súas localidades porque non contan cun servizo escolar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Como que Jesús! ¿Leu vostede o informe da Valedora? ¡E que aínda por riba din «Jesús»! Pois acontece. Se tanto lles sorprende e lles abruma, escoiten e dean resposta. Lean o informe da Valedora, lean as queixas e lean as recomendacións que fan.

Pois si, no rural hai estudantes, rapazas e rapaces, que, por non ter transporte escolar, teñen que ir vivir con familiares ou a pisos, sendo menores de idade, porque non teñen opción no

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

transporte escolar. *(Aplausos.)* ¡Jesús! ¡Pois claro que si! ¡Jesús, a estas alturas! ¡Jesús! *(Murmurios.)*

Isto non é ocuparse do rural, pero para o rural a quen habería que escoitar tamén é ás Anpa galegas, que propoñen e fixeron ese estudo dun plan específico para o ensino rural que corrixiría todas estas eivas. Pero vivimos subidos nun cruceiro. Iso debe ser o que interesa e o que aprema a todas as galegas e a todos os galegos neste momento.

Ben, en fin, trátase de contratos públicos que non se están a cumprir cos estándares de calidade exixidos, a xuízo dos usuarios e usuarias. Por certo, como diciamos, non só do transporte escolar. Eu ánimo a que esteamos todos moi atentos e atentas ao debate que virá a continuación.

E, lamentablemente, esta pasividade da Xunta é a que permite que as empresas non se vexan na obriga de corrixir estas deficiencias, de poñer as prazas necesarias contratadas, de poñer o número de vehículos necesarios para cubrir esas rutas, de cumprir cos horarios ou de que non mandar vehículos en mal estado para recoller a nenos e nenas. ¡Jesús!, si iso está pasando e segue acontecendo, como lamentan as Anpa, que falan de caos e din que ten este caos claros responsables: as empresas adxudicatarias, en primeiro lugar, e a Consellería de Educación, inmediatamente detrás, que —engaden— todo o consente.

E agora poderiamos ir a por que non sorprende que non actúen cunha maior contundencia. Porque, como diciamos, a acreditación da existencia de monopolio empresarial está no centro da crítica. A anulación de lotes de transporte escolar por parte dos tribunais velaí está acreditada. A Xunta emprega eses cartos públicos para presentar un recurso que foi desbotado, e acredítase que, efectivamente, houbo monopolio neses lotes.

Polo tanto, señora Díaz Mouteira, dicía vostede que están preocupadas. Teño aquí engadido que tiñan todo o interese de arranxar os problemas que si existían. ¿Van votar, polo tanto, en contra de realizar e publicar un informe de inspección de rutas, horarios, paradas e vehículos dos que dispoñen as concesionarias?, ¿de habilitar novas rutas de transporte escolar no rural, despregando o servizo de transporte de xeito que se atendan as necesidades de mobilidade educativa do alumnado destas zonas?, ¿de abrir un diálogo coa comunidade educativa e a Confederación das Anpa Galegas para estudar as eivas do actual mapa escolar? Se tanto lles preocupa, non terán ningún problema en votar...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora OTERO LAGO: Eses son os puntos da nosa moción. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa segunda moción.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a contratación do servizo de transporte público

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción non se presentaron emendas.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para o seu debate, ten a palabra don Paulo Ríos Santomé, por tempo de dez minutos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señorías.

Hoxe o BNG trae aquí unha moción con sete puntos neste caso, que eu creo que son totalmente asumibles para todo o mundo, porque o único que pretenden é que a Xunta de Galiza cumpra coa legalidade, cumpra con este Parlamento e cumpra co pobo galego no que ten que ver coa información.

Porque o outro día, na interpelación coa conselleira, a conselleira estaba notablemente nerviosa e cabreada comigo —¡por algo será!—, e acusoume de dúas cousas: por un lado, de terxiversar e, por outro lado, de mentir. Entón, eu quero hoxe intentar poñer un pouquiño branco sobre negro e facerlles unhas preguntas ás señorías do resto de grupos políticos, tanto do PSdeG como do PP, para ver se eu estou equivocado, se eu minto ou se eu terxiverso as cousas.

E é que falabamos da cuestión que saía na prensa recentemente e que todo o mundo coñece, que é a non admisión a trámite do recurso de casación da Xunta de Galiza de Alsa e de Monbus no Tribunal Supremo, onde o propio Tribunal Supremo ratifica que houbo unha repartición ilegal de mercado entre Alsa e Monbus no servizo de transporte público da Xunta de Galiza. E a señora conselleira o que dixo foi que iso eran cousas entre empresas e que a Xunta non tiña nada que ver. E dixo que eu terxiversaba a sentenza e que mentía.

Vamos ver, señorías do Partido Popular, ¿é certo que o Tribunal Supremo ratificou que Alsa e Monbus repartiron o mercado, si ou non? Primeira pregunta. ¿É certo que o Tribunal Supremo, a instancia tamén do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, mandou á Comisión Galega de Competencia incoar o expediente sancionador despois de non ter investigado esta cuestión e despois de que chegara unha denuncia, si ou non?

A Comisión Galega de Competencia baseou o seu argumento principal en nin sequera investigar esta cuestión nun informe da Mesa de Contratación da Xunta de Galiza; un informe que, como xa relatei o outro día, foi feito de forma exprés, fundamentándose, ademais, en cuestións legais de antecedentes que non tiñan absolutamente nada que ver co tema a tratar, e en menos de 75 minutos foron quen de estimar a denuncia, de elaborar un informe xurídico e de decretar que non había nada que ver nese informe cando a Confederación Intersindical Galega interpuxo esta denuncia en plena licitación. Por un lado, o Tribunal Supremo di que, efectivamente, houbo repartición de mercado; por outro lado, di que a Comisión Galega de Competencia se negou a investigar, aínda habendo cuestións de fundamento que así o permitían. E, ademais, o argumento fundamental desa Comisión Galega da Competencia foi o informe da Xunta de Galiza; ou sexa, o PP díxolle ao PP da Comisión Galega da Competencia que non podía investigar a Alsa e a Mombus pola repartición do mercado. Así é que ¿como non vai ter a señora conselleira e a súa consellería responsabilidades a este respecto?

Pero seguimos coa lista de mentiras e terxiversacións, que, segundo a conselleira, eu dixen aquí o outro día. E hai outra pregunta a raíz da denuncia formalizada o 16 de marzo deste

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mesmo ano, que acusaba o director xeral de Mobilidade de prevaricación administrativa. Foi despois admitida a trámite, o día 6 de abril do ano 2023. ¿É certo ou é falso que o señor director xeral, o señor Maestre, está sendo investigado por prevaricación administrativa? ¿É verdadeiro ou é falso? Porque á señora conselleira lle pareceu moi mal que eu deixara aí isto, e dixo que ninguén da súa consellería pasara polo xulgado. E aí é certo, a señora conselleira non mentiu, porque aínda non o chamaron a declarar, pero non se preocupen que dentro de pouquiño veremos o señor Maestre declarando e facendo fronte a esa denuncia admitida a trámite por prevaricación administrativa.

Seguimos tamén co informe do Consello de Contas, ao que facía referencia na interpelación. ¿É certo que o Consello de Contas dixo que a Xunta de Galiza non reclamou os canons que tiñan que pagar as empresas concesionarias ata que o propio Consello de Contas —ente fiscalizador— empezou a traballar no informe de fiscalización que saíu este mesmo ano? ¿Iso é certo ou non é certo?

O Consello de Contas tamén dixo que a Xunta de Galiza carece da elaboración dun plan estratéxico para o control e o seguimento dos novos contratos de transporte público, xusto o que di o BNG; pero isto dío o Consello de Contas. ¿É certo ou é falso? ¿É certo ou é falso que a Xunta de Galiza tivo que entregar, por requirimento xudicial, as diferentes matrículas asignadas aos lotes, e esas sancións das que tanto se falaba xa na anterior iniciativa? ¿É certo ou é falso que vostedes desoíron e lles faltaron ao respecto ao pobo galego e a este Parlamento, cando nós pedimos aquí esa información e que tivo que ser unha xuíza, neste caso, a que decretase que esa información se tiña que entregar? ¿Iso é certo ou é falso? Son documentos, por certo, que valeron a denuncia por prevaricación administrativa do director xeral, o señor Maestre. E é que nesa relación de matrículas, que están, ademais, nun documento dunhas 300 páxinas, vostedes o que fixeron —o que se suele facer nestes casos para confundir e para camuflar moitos datos— foi enviar unha relación de datos, moitos deles repetidos ou que ninguén lles pedira, para intentar abrumar con eles, sendo, ademais, complicado, no formato no que se enviaron, poder cotexalos para intentar amañar esta cuestión.

Pero aí o que dicían e o que se miraba nesas matrículas adscritas aos lotes é que faltaban ao redor de 444 autobuses dos contratos que xa había asinados. Había 444 vehículos menos dos necesarios —dos asinados e dos que tiñan que cumprir as concesionarias—, en detrimento, loxicamente, do servizo público, das persoas que son usuarias deste servizo e do conxunto do pobo galego en xeral, pero é que había matrículas que se repetían ata en 10 lotes. ¡Ata en 10 lotes diferentes existían as mesmas matrículas, sen ningún tipo de xustificación!, e sobre todo tamén sen ser compatíbeis unhas con outras. Por exemplo, había matrículas que estaban facendo a ruta O Salnés-Vigo e, ao mellor, facían a da Mariña, ou a de Sarria, ou a de Lugo Sur — ¡totalmente disparatado!— E iso valeulle a denuncia ao director xeral por prevaricación administrativa, que a xustiza aquí, en Santiago de Compostela, admitiu a trámite. ¿Isto é certo ou é falso, señores do Partido Popular?

Outra cousa que tamén di o Consello de Contas é o nulo seguimento e o nulo control de que se estean cumprindo as categorías ambientais dos vehículos. Isto pono o Consello de Contas, non o di o BNG; o BNG xa o leva dicindo anos, pero agora ratifícao o propio Consello de Contas.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Cantos vehículos incumpren a idade máxima permitida nos pregos e nas ofertas? ¿Cantos vehículos non están cumprindo as categorías ambientais establecidas e ofertadas? ¿Cantos vehículos están alugando a terceiros para poder suplir a falta de vehículos xa asignados?

¿E saben unha cousa? De todas estas sancións que din que puxeron —algunhas delas recóllese neste informe ao que lle facía antes referencia—, meteron aí —á parte de que se lles pedían as máis recentes deste Plan de transporte— sancións do ano 2007, do ano 2008, do ano 2011, do 2012... —bueno, ti mete, que así confundes un pouco e camuflas—. Pois ademais de todo iso, aparece: data de apertura de expediente e data de peche de expediente. ¿Resolución? Non se sabe. ¿Sancionouse? Non se sabe. ¿Que contía? Non se sabe. ¿Por que concepto? Non se sabe. ¿Ese é o respecto que lles teñen aos usuarios e usuarias do transporte público e ese é o respecto que lle teñen a este Parlamento, a casa da soberanía popular, negándose a dar esa información?

Pois disto vai a nosa moción de hoxe, e léolla para que sexan conscientes dela. En primeiro lugar, fálase de facer cumprir os contratos de transporte. Isto é algo que debera ser o lóxico: cumprir a legalidade, cumprir o que se asina. Logo, de trasladar aos grupos con representación no Parlamento os expedientes sancionadores das empresas concesionarias no ano 2021, 2022, 2023, e a resolución destes, indicando o motivo da sanción e o seu importe, porque isto é fundamental. Non poden dicir vostedes que abriron non sei cantos expedientes e que con iso chega. Temos que saber en que remataron eses expedientes e en que contías se sancionou, porque, ademais, iso recóllese perfectamente nas cláusulas punitivas dos propios pregos, que establecen non só o importe económico, senón incluso tamén o rescate das propias concesións. E enviar —porque isto é algo tamén moi manido por parte do Grupo Popular— a documentación referente á metodoloxía que se seguiu para a elaboración das enquisas de satisfacción; non os resultados, señor Balseiro. Están os resultados na páxina, pero non a metodoloxía que se utilizou. Na memoria do Plan de transporte público non aparece a metodoloxía que se utilizou, ¡non aparece! Pedímoslles eses datos, e ademais, se é tan sinxelo como ir á páxina web, seguramente non teñen problema ningún en mandalos.

Teñen que mandar tamén todo o referente á quilometraxe que se está facendo nas rutas, porque hai un déficit de quilómetros que se están pagando a maiores e que non se están realizando. E trasladar tamén aos grupos da Cámara a relación das matrículas que no día de hoxe están ligadas aos diferentes lotes, para, efectivamente, facer un labor de fiscalización, que é o noso traballo; o seu é darlles esa información aos grupos da oposición...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: En fin, é unha moción que cremos que é sinxela e que cremos que simplemente é unha moción que lle recorda o que tiñan que facer, por unha cuestión de respecto a este Parlamento, por unha cuestión de respecto ao pobo galego, e non o están tendo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes.

Traía antes a miña compañeira, a señora Otero, unha moción sobre o mal funcionamento do transporte escolar na nosa comunidade autónoma, e agora seguimos a falar sobre ese mal funcionamento. Ademais, cómpre recordar que dende hai varios anos o orzamento da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade aumentou porque asumiu unha parte dese transporte escolar, e as eivas e os problemas que se dan no transporte escolar tamén se amplían a todo o transporte público competencia da Xunta de Galicia.

Eu hoxe a verdade é que lía unhas declaracións da conselleira de Infraestruturas, loxicamente, poñéndolle deberes a outra administración —estou a falar do Goberno central— polo funcionamento do ferrocarril. Nós aí temos que dicir que, cando outros grupos parlamentarios traen iniciativas a esta Cámara para mellorar o servizo do ferrocarril, competencia do Goberno estatal, sempre contan co apoio do Grupo Parlamentario do PSdeG, pero imaxino que hoxe non terá moita sorte o Bloque Nacionalista Galego con esta moción, porque, claro, como son «problemas puntuais» os que nos atopamos co desenrolo do Plan de transporte público por estrada, competencia da Xunta de Galicia, que xa naceu moi mal no ano 2009, cando vostedes chegaron á Xunta de Galicia... Porque cómpre recordar, como di o refrán, que o que mal empeza..., e xa sabemos como remata ese refrán. E cómpre recordar que no ano 2009, cando o Partido Popular chegou á Xunta de Galicia, prorrogou en bloque todas as concesións, así, de golpe a porrazo; prorrogou todas as concesións. ¿E que fixo o Tribunal Supremo no ano 2016? Pois anulou o feito tamén por parte da Xunta de Galicia, e daquela xa advertiamos dende o grupo parlamentario do PSdeG o que acontecería. Non eramos a bruxa Lola, como se ten falado aquí, pero viamos que a forma de artellar este mecanismo non era a máis legal, e así o corroborou o propio Tribunal Supremo.

A min a verdade é que me chamaba poderosamente a atención a voceira do Partido Popular na anterior moción, cando nos invitaba os grupos da oposición a subir no transporte escolar para mandarnos ás nosas casas. Son moi dados ultimamente no Partido Popular a invitar a subir no transporte público, pero a verdade é que vostedes o fixeron máis dunha forma un pouco máis privada e invitaron o seu presidente, o presidente de todos os galegos e de todas as galegas, a que subise nese «Ruedabús» para que fose coñecido ao longo e ancho de todo o territorio galego, agora que hai unhas eleccións, porque a verdade é que non gozaba de moita popularidade entre a cidadanía galega.

E, miren, a verdade é que se realmente as condicións dos autobuses que prestan servizo aos galegos e ás galegas fosen as mesmas condicións que ten o autobús no que trasladan vostedes ao señor Rueda, estariamos todos moito máis contentos e máis contentas, e seguro que non habería tantas queixas ao longo e ancho de todo o territorio galego. *(Aplausos.)*

Pero, miren, como dicía o señor Ríos, a moción que presenta hoxe o Bloque Nacionalista Galego é dicirlle á Xunta de Galicia que cumpra coas súas obrigas. Por un lado, que cumpra

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

coas súas obrigas coa cidadanía galega, sobre todo nese primeiro punto da súa moción, cando din que se fagan cumprir con rigorosidade os contratos en vigor do servizo público de transporte de Galicia. A verdade é que é incrible que haxa que traer a este Parlamento unha iniciativa na que se lle insta a Xunta de Galicia a cumprir coa súa obriga de facer cumprir á súa vez ás empresas adxudicatarias cos contratos que teñen asinados. É incrible terlle que dicir á Xunta de Galicia que faga cumprir estes contratos.

Nós temos dito en moitas ocasións que para o Grupo Parlamentario do PSdeG estes pregos xa non responden ás necesidades de mobilidade dos galegos e das galegas, que é necesario reformulalos, pero mentres non se reformulen estes pregos o mínimo que ten que facer a Consellería de Infraestruturas é facer que as empresas adxudicatarias que se presentaron a eses concursos e que conseguiron eses que contratos polo menos cumpran os contratos asinados.

E, por outro lado, esta moción vai de instar a Xunta de Galicia a que cumpra tamén con este Parlamento, a que cumpra coa obriga que ten con estes grupos que conformamos esta Cámara lexislativa e a que se nos pase a información que por activa e por pasiva o Goberno galego nos nega. E a verdade é que, cando negan algunha información, por algo será, porque, se estivese tan ben como vostedes din que está, pois non sei cal é o problema de trasladar esta información a esta Cámara.

Basicamente, o que se pide é información sobre eses expedientes sancionadores. E tamén algo lle escoitei á voceira do Partido Popular na anterior moción dicir que se sancionaban todas as infraccións, pero non é certo, e non é que o diga o Grupo Parlamentario do PSdeG, é que o propio informe do Consello de Contas, que recentemente entrou nesta Cámara, di que hai moitos casos de infraccións abertos, moitos incluso cualificados como graves ou moi graves, nos que non se lles impón penalidades ás concesionarias. E non o di este grupo parlamentario, dío o propio Consello de Contas. E vou facer como o señor Ríos: ¿é verdade ou non é verdade o que pon o Consello de Contas? ¿Están a dicir que o Consello de Contas está a mentir no relativo ao tema das penalidades?

Pois isto é algo que tamén o Bloque Nacionalista Galego pide nesta moción: información sobre os expedientes sancionadores. E tamén esa información sobre a metodoloxía e os datos cos que vostedes fan esas enquisas, porque os datos que vostedes trasladan a esta Cámara dicindo que todo o mundo está satisfeito co bo funcionamento do Plan de transporte público da Xunta de Galicia a verdade é que non concordan coa realidade diaria dos usuarios e das usuarias que se están a manifestar, que se están a queixar. Por certo, outra advertencia que lle fai o Consello de Contas é que lles di que moitas das queixas dos usuarios e das usuarias non obteñen resposta, cando é obriga da Administración responder nun prazo de 90 días. Pois non obteñen resposta moitas delas, e as que a obteñen, a maior parte teñen unha resposta moi pequeniña e moi somera. Polo tanto, non sei cal é o problema de tamén aportar esa metodoloxía e eses datos; eses datos sobre os quilómetros, sobre o transporte a demanda; eses datos aos concellos para ver se é verdade que coincide a oferta coa demanda de mobilidade —que tampouco—, ou sobre todos eses datos de antigüidade e calidade medioambiental dos autobuses que prestan este servizo. Por certo, tamén o mesmo Consello de Contas pon en dúbida que se tiveran en conta por parte da Xunta de Galicia os criterios medioam-

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

bientais á hora de adxudicar eses contratos. Polo tanto, se non hai ningún problema, traian e manden esta información que piden os grupos parlamentarios da oposición.

E tamén lanzaba unha pregunta o señor Ríos no relativo a esa non admisión a trámite deste recurso interposto pola propia Xunta de Galicia. Vamos ver, despois a Xunta de Galicia di que isto non vai con eles. Pero, se non vai con eles, ¿por que interpoñen un recurso ante o Tribunal Supremo, que non llelo aceptou? ¿Vai ou non vai isto coa Xunta de Galicia? ¿Vai ou non vai isto coa Xunta de Galicia, cando o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia lle dá un novo tirón de orellas á Xunta de Galicia e lle di que a Comisión Galega de Competencias —que todos sabemos como nomean os membros da Comisión Galega de Competencia— arquivou un procedemento sen ter nin sequera proposto a práctica de probas para determinar se había ou non vulneración desas normas de competencia? ¿Non lle dixo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia á Comisión Galega de Competencias que tiña que abrir un expediente sancionador a estas dúas empresas por repartirse o mercado en determinados lotes? ¿É verdade ou non é verdade? ¿Vai coa Xunta de Galicia ou non vai coa Xunta de Galicia? Se non vai coa Xunta de Galicia, non entendo por que a Xunta de Galicia presenta ese recurso, que non foi aceptado polo propio Tribunal Supremo.

E non quero volver a pasar isto por alto porque é verdade que o informe do Consello de Contas é moi contundente. Xa lles diciamos en moitas ocasións que había determinado compadreo da parte da Xunta de Galicia con determinadas empresas adxudicatarias, e quedou moi claro tamén nese informe do Consello de Contas, cando nos di que, ante a obriga das empresas concesionarias a ingresar o canon pola explotación do servizo que teñen que ingresar no mes de xaneiro do ano seguinte ao exercicio correspondente, esas empresas adxudicatarias non estaban a ingresar o canon. E ¿que fixo a Xunta de Galicia? Nada, non lles reclamaba ese canon. ¿Ata cando? Ata que o propio Consello de Contas pediu información dese canon. Aí foi cando a Xunta de Galicia —máis dun ano despois— lle solicitou á propia empresa adxudicataria —neste caso a Monbus— que pagase ese canon; por certo, sen ningún tipo de recarga; un prego feito totalmente á medida. Pero isto non foi un caso puntual; aconteceu no ano 2020 e tamén no ano 2021. O certo é que o outro día a propia conselleira dicía que, claro, que no 2020 e no 2021 non se lle podía cobrar este canon á empresa adxudicataria porque estabamos no medio da covid-19. Eu quero preguntar se outras taxas e outros impostos do Goberno galego non lles foron cobrados aos cidadáns de Galicia. Seguro que si, e, se non pagaron, seguro que se lles aplicou a correspondente recarga, que non foi a que lles aplicou a Xunta de Galicia a estas empresas adxudicatarias.

E, ademais, remata este informe do Consello de Contas desmontando todo o argumentario dos problemas puntuais que di o Partido Popular...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...que sofre este Plan de transporte. Porque a recomendación é moi clariña: «...reforzarase o seguimento dos contratos das concesións para levar a cabo os axustes necesarios na orientación de obxectivos». ¿Vai facer isto a Xunta de Galicia?

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vaia por diante que, dende logo, imos votar que si á iniciativa que hoxe trae a debate o Bloque Nacionalista Galego.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra, por dez minutos, o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Permítanme, señorías —e non mo tomen vostedes a mal—, que me teña que referir a dúas persoas que se apelidan igual: Otero. Entón, voume referir a Otero, transporte escolar, e a Otero, transporte da Xunta de Galicia.

Con respecto a Otero, transporte escolar, como representante público e como deputado no Parlamento de Galicia comprenderá que eu non podo estar de acordo —dígoo porque a miña compañeira non tivo opción á réplica na súa segunda intervención— *(Murmurios.)* con que aquí se diga *(Murmurios.)* —non, tamén a señora Otero, transporte público, se referiu varias veces á miña compañeira, á señora Mouteira— que hai persoas ás que non lles chega o diñeiro porque aos fillos non os colle o transporte escolar. Pode haber algún puntualmente, pero vostede, como representante pública na tribuna do Parlamento, non pode xeneralizar. E, se hai algún, habería que mirar por que, porque os depredadores máis grandes que houbo para o sistema educativo no rural foron os do Goberno bipartito do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, que cerraron vostedes 102 escolas. *(Aplausos.)* E probablemente a algún deses alumnos poida ser aos que puntualmente vostede se refira.

E, señor Ríos, vostede a min é que me cae ben, ¡home!, *(Risos.)* ¡é que vostede me cae ben!, pero vostede está todos os días arre que arre... Aprendeu unha lección a piñón fixo e arre que arre... Para que vostede teña un pouco de credibilidade nisto —que, no resto, non teño nada contra a súa persoa—, mire ben o que lle vou dicir: non existe ningunha sentenza —¡ningunha sentenza!— que cuestione o Plan de transporte da Xunta, ¡ningunha!, nin os contratos nin os pregos comprometidos destes. Se vostede non é capaz, nunha futura intervención ou agora na réplica, de traer aquí unha sentenza, vostede non ten credibilidade. Repítollo outra vez para que lle quede claro á Cámara e para que lles quede claro aos galegos: non existe ningunha sentenza que cuestione o Plan de transporte da Xunta de Galicia, nin dos contratos nin dos pregos. Se vostede non é capaz de traer unha sentenza aquí, vostede non ten credibilidade. Vostede intenta confundir, iso si —ou se confunde vostede—, porque ao que fai referencia a sentenza é a unha cuestión mercantil de competencia entre empresas, *(Murmurios.)* ¡de competencia entre empresas! E repítollo outra vez, porque é que eu aquí lle podería dar datos —estou cansado de darlle datos na tribuna do Parlamento—, pero vostede, iso si, non dá ningún. E voulle dar un consello: os debates só se ganan de dúas formas. Non hai forma ningunha politicamente de ganar un debate. Os debates só se ganan con argumentos e con datos, e o resto é palabrería. Os

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

debates só se ganan... *(Aplausos.)* —repítollo, e non mo tome a mal, que vostede é que me cae ben, ¡home! *(Risos.)*— con argumentos e con datos. Se vostede non é capaz de traer unha sentenza á tribuna do Parlamento, vostede queda desacreditado politicamente para falar neste Parlamento no que queda de lexislatura do tema do transporte. *(Murmurios.)* E xa lle adianto eu que vostede non vai poder traer a sentenza. ¿Sabe por que? Porque non a hai. *(Murmurios.)* Repítolle outra vez a vostede, señora Otero, que non existe ningunha sentenza que cuestione o Plan de transporte da Xunta, ¡ningunha! —estou falando do Plan de transporte da Xunta—; non existe ningunha sentenza. Se vostedes non son capaces de traer isto, vostedes ao que están acostumados —que é ao que están acostumados, despois do pacto do Bloque e o PSOE— é a vender fume, ¡é a vender fume!

Iso si, eu teño que felicitar o Partido Socialista a propósito... É que eu, cando as cousas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, créame... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Como comprenderá, señor Ríos, non vou dedicar moito máis tempo ao Plan de transporte. *(Risos.)* Pero teño que felicitar o Partido Socialista porque eu, cando as cousas as fan ben, teño que recoñecelo; e teño que felicitar o Partido Socialista de Galicia e teño que felicitar o Grupo Parlamentario do Partido Socialista pola elección do novo Goberno de España, polo peso que ten Galicia, pero sobre todo porque é un goberno á galega. *(Risos.) (Murmurios.) (Aplausos.)* ¡É un goberno á galega! *(Aplausos.)*

Dicía o meu veciño de Lugo —xa saben a quen me refiro, ¿non?, ao meu veciño de Lugo que vai ser o candidato; se non cambian vostedes de aquí a alá, vai ser o candidato á Xunta de Galicia—: «O próximo Goberno de España vai ser cen por cento galego» —soa ben—. E o próximo goberno de España é, dentro do Partido Socialista, cen por cento sen ningún galego —soa mellor—. *(Risos.)* Claro, soa mellor. *(Risos.) (Murmurios.)* Pero, señorías, ¡home!, díganlle a este home —que, créanme que eu tamén teño unha boa amizade con el, e ademais tamén é unha persoa que me cae ben— que fale menos, porque, cada vez que fala ultimamente, sobe o pan, efectivamente. *(Risos.) (Aplausos.)*

Miren vostedes, socialistas e nacionalistas, exaxeran tanto as súas críticas sobre o funcionamento do transporte público do autobús que non é crible. Eu podería falar aquí, señor Ríos, de 3.500 liñas. Pasamos de 20.000 paradas a 56.000; as frecuencias pasaron de 1.400.000 a 2.350.000, e melloramos, por suposto —e creo que niso vostede estará de acordo—, as tarifas. E deulle datos a señora conselleira, pero a vostede os datos que lle dá a señora conselleira non lle valen. Dos 60 recursos presentados ante o Tribunal de Contratación pública, 58 foron resoltos a favor da Xunta de Galicia; os 2 restantes, un foi para facer unha simple corrección nos pregos e outro para unha revisión dunha documentación. Todos —repito, todos— os contenciosos que se presentaron na vía xudicial resolvéronse —todos— a favor da Xunta de Galicia: 40 contenciosos presentados, 40 resoltos a favor da Xunta de Galicia.

¡Pero, señor Ríos, que vostede é moi xove, home! Iso está ben para min, que eu xa, como comprenderá... Vostede é moi xove. Vostede... Bueno, ía dicir algo, pero voume conter. *(Murmurios.)* O que non poden facer vostedes é intentar, con esta moción, dar a entender que a Xunta quere ocultar información ou mesmo que a xestión do Plan de transporte público de Galicia non é transparente, e iso —créanme—, con todo, é faltar á verdade e é mentira. De

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

feito, se o Bloque Nacionalista Galego non dispón deses datos é porque non quere, ¡é porque non quere! Señoría, ¡traballe vostede un pouco máis, home! ¡Traballe vostede un pouco máis!, porque están á disposición do público en xeral na páxina web, bus.gal. Por exemplo, señoría, mire, a metodoloxía e os datos das enquisas de satisfacción e avaliación do transporte público de competencia autonómica figuran, xunto cos resultados. Os datos que está pedindo vostede dende o Parlamento figuran xunto aos resultados na memoria anual do Plan de transporte público de Galicia, e atopar iso leva un minuto. Na web ten vostede unha pestana baixo a nada confusa denominación de «Memoria anual». Na Memoria anual 2021-2022, na páxina 196, co título «Calidade do sistema», ten aí toda a información que está pedindo vostede, ¡home! ¡Pero non me faga vostede..., que, ademais, vostede me cae ben, home!, pero é que lle teño que contestar. Non quixera ser tan duro con vostede, a ver se me entende, porque é que cae ben, e paréceme vostede unha persoa seria, pero vostede colleu unha obsesión co transporte público da Xunta de Galicia, aprendeu a lección, e agora vén aquí, vén así... *(O señor Balseiro Orol fai acenos coas mans.)* Vén así. E o que di vostede non é real.

Repítolle —e termino, señora presidenta—, se vostede non é capaz de traer unha sentenza aquí que condene a Xunta de Galicia, vostede queda desacreditado para falar do transporte público de Galicia.

A señora conselleira deixoulle aí a documentación no pasado pleno, ademais, *(O señor Balseiro Orol sinala coa man a tribuna da Presidencia do Parlamento.)* e díxolle o mesmo que lle está dicindo este portavoz.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Ten novamente a palabra o autor da moción, don Paulo Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señora presidenta.

Señor Balseiro, na miña cultura política —aínda que non levo tanto nisto coma vostede—, a min sempre me ensinaron que, efectivamente, os debates se gañan con argumentos; tamén me ensinaron que a ridiculización ou a infantilización, neste caso, do contrincante político, non é un argumento válido, señor Balseiro. *(Aplausos.)* O escapismo cara adiante, a fuxida cara adiante, non é un argumento, señor Balseiro.

Mire, eu... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A sentenza non a teño comigo agora impresa. ¿Sabe que é isto? *(O señor Ríos Santomé mostra un conxunto de folios.)* ¿Sabe que son todos estes folios? ¿Sabe vostede o que son? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Isto son todas as matrículas adscritas ao Plan de transporte público á data de marzo deste ano. Aquí, se facemos unha comparativa entre lotes, e comparamos, ademais, as diferentes matriculas, vemos que ao redor de 450 vehículos que están asignados faltan. Non existen. Tomáronlles o pelo. Non existen. *(Aplausos.)* Vemos como todas estas matrículas —aquí están as matrículas, número de lote...— se repiten ao longo e ancho de todo o país. Mentíronlles, señor Balseiro, non teñen estes autobuses. Non os teñen.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu faría algo que, ademais, creo que o ten feito vostede aquí, que queda moi ben, que é rachar agora todo este tocho *(O señor Ríos Santomé simula querer rachar o conxunto de folios.)* —non son tan forte—. Non o vou poder romper, pero fágase a idea mental de como é o tema.

Señor Balseiro, eu lánzolle un reto, xa que vostede está tan seguro: se no momento no que sae unha sentenza —porque hai varias en trámite, ¡eh!...— Non, despois explícolle a outra, *(O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.)* porque dar datos e argumentos con medias verdades non vale; non vale, señor Balseiro!... Vostede sábeo perfectamente. Eu son un deputado limitado, e de vostede esperaba un pouquiño máis, ¡eh!, esperaba un pouquiño máis... *(Murmurios.) (Aplausos.)* Pero incluso coa miña limitación e coa miña lección aprendida, pois entre medias verdades, verdades interesadas e mentiras e terxiversación, máis ou menos voume apañando; máis ou menos, ¡eh!, máis ou menos. Porque unha cousa é a necesaria colaboración da Xunta de Galiza para autorizar unha repartición ilegal do mercado...; a necesaria colaboración, a necesaria, o capitalismo de amiguetes. Aí ten que estar a Xunta de Galiza metida no allo, se non, sería totalmente imposible.

¿Saben vostedes quen está denunciando todas estas cousas? ¿Saben por que nós temos no día de hoxe toda esta información que a Xunta de Galiza se nega a dar? Négase a dala. Esta documentación foi requirida por unha xuíza nun proceso que aínda veremos en que acaba. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, persoalmente, ademais. *(Murmurios.) (Risos.)* Sen problema ningún, señor Balseiro. Vostede, ao mellor, non as coñece e tamén ten aprendida unha lección que non é a correcta, que non é a verdadeira. Isto tivo que requirilo a xustiza. Vostedes negáronse a dar esta información, e desta información despois é cando veu a denuncia por prevaricación administrativa do director xeral de Mobilidade. ¿Por que non queren dar a información? ¿Por que non a queren dar? ¡É algo tan básico!

Dicíanme na miña casa, señor Balseiro, que onde falan os papeis, calan as barbas. Traia os papeis, e a miña barba calará, pero traia os papeis primeiro. Traia os papeis primeiro, non hai ningún tipo de problema. Todo o que eu lle pido nesta moción é que traian os papeis, e eu calarei. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dicir non é estar en papel, señor Pazos. Eu creo que máis ou menos... *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, efectivamente, si. Compromiso ecolóxico como o do espolio eléctrico. Si, xa sabemos, señor Pazos, son vostedes moi ecolóxicos sempre. Si, si, sen problema ningún.

Señor Balseiro, a documentación que lle pido non está na páxina web, vostede sábeo perfectamente. E sabe perfectamente —porque xa o temos debatido vostede e mais eu en comisión— que eu teño bastante lida esa memoria anual do Plan de transporte. É que xa lle falei, ademais, do tipo de metodoloxía que se usa nalgunha enquisa, como a do cliente misterioso que aparece no plan, que choca frontalmente co que vostedes venden nas enquisas xerais —frontalmente, ademais—, e que lles dá apenas un 5,4 de aprobado. Esa é a única metodoloxía que se expón no plan. O resto non se expón no plan. Non sabemos como é a mostra, como se fixo, como non se fixo, en que zonas, en que rutas, en que liñas, que liñas se avaliaron... Non o pon, señor Balseiro. Non diga medias verdades ou mentiras pretendendo ser verdade. Traian os papeis e manden a documentación a este Parlamento, que é o que teñen que facer. Non por respecto ao min, señor Balseiro, que non hai ningún tipo de problema, que eu non me ofendo no persoal, pero estalle faltando ao respecto ao

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

conxunto do pobo galego, ao conxunto desta Cámara e á vontade popular de Galiza. *(Aplausos.)*

Traian a documentación, traian a documentación clara e concisa a este Parlamento, e a partir de aí poderemos ver quen ten que falar ou quen ten que calar, señor Balseiro. Traian esa documentación e despois veremos quen mente ou quen non mente. Cando falan os papeis, calan as barbas, señor Balseiro.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Ríos.

Continuamos coa terceira moción.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a atención á saúde mental no Sistema público de saúde

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción presentouse a emenda número 62481, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Monserrat Prado Cores.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Engadir no punto 1 un novo apartado f) co seguinte texto:

«f) Introducir nos cadros de persoal dos centros de saúde a especialidade de psicoloxía clínica, de xeito que estean presentes nas equipas multidisciplinares dos mesmos.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formulala, e por tempo de dez minutos, ten a palabra don Julio Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Xa que marcha o señor Balseiro, poderíalle contar: ¿sabe, señor Balseiro, quen non ten ningún ministro novo no de España? O PP. *(Aplausos.)* Pero seguro que foi porque Feijóo puido ser ministro pero non quixo. *(Risos.) (Murmurios.)* ¡Puido ser ministro, pero non quixo! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se fose por Feijóo, era ministro tamén alguén do PNV. Pero... *(Risos.)* ¡En fin! ¿E saben por que non ten ningún ministro o Partido Popular? Porque goberna o máis votado, ¡porque goberna o máis votado!, que tiveron que pasar meses para que aprenderan vostedes a contar: 179-171. *(Murmurios.)* Non fai falta que grite. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non fai falta que grite, que se pode... *(Aplausos.)* Eu enténdoo, coas intervencións que fan... Pódese falar sen gritar tamén. E é máis, quen grita normalmente é porque non ten razón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Goberna o máis

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

votado. E esta é a democracia que temos, goberna o máis votado, e así goberna agora mesmo o presidente Pedro Sánchez e o seu Goberno, que non teñen ningún ministro do PP porque Feijóo non quere. *(Risos.)*

Pero, en todo caso, eu quero hoxe falar de sanidade; particularmente imos falar de saúde mental. Nun día como hoxe, 21 de novembro, vanme permitir... É o día que lembramos —os socialistas lembrámolo sempre con agarimo— o asasinato vil de Ernest Lluch, que foi ministro de Sanidade, e que nun día como hoxe para nós sempre merece... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Home!, eu esperaba que, lembrando o asasinato de Ernest Lluch, vostedes fosen un pouco máis respectuosos. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio. Respecten a persoa que está na tribuna, por favor. *(Murmurios.)*

O señor TORRADO QUINTELA: Sinceramente, non esperaba isto nin sequera do PP, ¡nin sequera do PP, eh! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continúe, señor Torrado, por favor. Estáselle consumindo o tempo.

O señor TORRADO QUINTELA: Pero, dígollo de verdade, estou moi sorprendido. Quero dicir... Vou falar de sanidade, estaba falando dun exministro socialista de Sanidade, que implantou o sistema público de saúde na Lei do 1986, e que foi asasinado tal día como hoxe... *(Murmurios.) (O señor Torrado Quintela fai unha pausa.) (Aplausos.)*

A ver, eu vou entender que a Presidencia —e creo que fai ben— vai facer que non escoitou..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e creo que fai ben. Pero eu creo que hai que ter un mínimo de dignidade persoal. ¡Un mínimo! ¡Un mínimo!, porque a verdade é que o último que esperaba —o último ¡eh!— era facer unha mención como esta, que houbese unha algarabía como tal e algúns comentarios que acabo de escoitar. (*Murmurios.)* Porque hai algunhas cuestións sobre as que eu creo que facer certo tipo de comentarios invalida a un, por suposto no plano político, pero noutros planos tamén. ¡Noutros planos tamén! Eu creo que hai que superar algunhas cousas.

Dito isto —e eu quedo coa lembranza que lle facemos—, vou falar de sanidade.

A interpelación de hai dúas semanas sobre saúde mental amosou que no debate co señor conselleiro tiñamos algunhas coincidencias; algunhas coincidencias sobre saúde mental. Coincidimos, como xa non é a primeira vez, sobre a importancia non dada historicamente á saúde mental, porque así ocorreu e porque así o podemos comprobar; historicamente foi unha irmá pequena ou un servizo agochado que normalmente tivo un espazo moi tabú.

Tamén coincidimos —a través do seu silencio, que entendemos todos como anuencia implícita— na realidade que existe en Conxo, con dificultades que non son quen de solventarse, que non son fáciles, aínda que deberían de ser iniciadas hai tempo. E tamén en que existe

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

un retraso histórico na Unidade de Hospitalización Infantoxuvenil, en Vigo, que anunciou —é certo que creo que por novena vez— que se abriría e que agardamos que estea aberta canto antes.

Pero apuntamos algunhas conciencias, e isto sempre está ben, porque apuntar algunhas coincidencias permite xa separar esas cousas do debate e centrarse nas cuestións nas que discrepamos. Discrepamos, iso si, no cumprimento deficitario dos recursos humanos. Porque o señor conselleiro argumentaba que cumpriu, digamos, compromisos parlamentarios convocando prazas, cando nós defendemos ter profesionais. E sorprendentemente tivemos que debater sobre que non son o mesmo as prazas que os profesionais; porque un pode ter prazas, pero, se non ten profesionais, se non os contrata, ¿de que vale ter as prazas? Os despachos, os papeis e os ordenadores non resolven nada. Por tanto, creo que iso é unha evidencia ou era unha evidencia ata sabelo.

A pregunta que nós nos facemos é: ¿de que serve convocar prazas se non se cobren? E a seguinte que nos facemos é: ¿por que non se cobren as prazas?, ¿por que non se contratan profesionais?

Lembremos que Galicia ten dos peores datos xerais en temas asistenciais de saúde mental de toda España e tamén temos, con todo, das peores ratios de profesionais de toda España. E, por tanto, nós estamos ante un problema, e é que nun servizo no que debiamos investir moito —moito en termos profesionais—, non temos a capacidade, porque o déficit de persoal é enorme e porque as infraestruturas non acompañan.

Tamén nós defendemos a creación de unidades de hospitalización infantoxuvenil en todas as áreas sanitarias de Galicia. Cremos que é necesario, cremos que é absolutamente necesario. O Partido Popular impulsa agora a de Vigo, despois de levar quince anos defendendo que xa se ía abrir. Agora intentaremos esperanzarnos de que poida abrir, pero necesitamos unidades de hospitalización infantoxuvenil en toda Galicia. ¿Por que? Porque un paciente que teña a idade de ser cuberto por hospitalización infantoxuvenil en saúde mental —temos unha nutrida representación hoxe na tribuna, que están agora mesmo, neste momento, entrando neste debate—, en idade adolescente, que necesite, por un episodio agudo, ser hospitalizado en Galicia, hoxe só ten no seu acceso 7 camas aquí, en Santiago; ¡7 camas! Pero se necesitase ser hospitalizado en Lugo, en Ourense, en Ferrol ou en Burela, ía ter que ser hospitalizado con persoas maiores, doutras patoloxías. Clinicamente, ademais, non é recomendable en absoluto coincidir, porque, dende logo, desde ningún punto de vista clínico pode ser o máis recomendable, e ademais non ten ningún sentido para algún tipo de episodios. Polo tanto, defendemos a necesidade de cubrir a hospitalización infantoxuvenil.

E presentamos unha moción resultado desa interpelación —algo tremendamente estraño neste Parlamento— que vai a aquilo no que comprobamos que non coincidimos e no que temos perspectivas distintas; presentamos propostas para debater sobre iso e para votalo. ¡Toda unha sorpresa!, ¡toda unha sorpresa!

¿E sobre que plantexamos a nosa moción? Pois incidimos, sobre todo, en recursos humanos. ¿Por que? Porque nós acabamos de ofrecer datos continuados do propio anexo de persoal do

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sergas —que o conselleiro afirma que non vale, sorprendentemente—, das sociedades científicas e das sociedades profesionais; datos que amosan que temos das peores ratios de profesionais por habitante en saúde mental de toda España. Somos das comunidades autónomas que peores datos teñen. E porque, ademais, Galicia non convoca nunca todas as prazas formativas para formar máis profesionais en saúde mental. Por tanto, nós o que defendemos é un dobre compromiso: primeiro, que se convoquen todas as prazas posibles. Necesitamos que isto sexa así para formar profesionais, para telos dentro duns anos, de breves anos. E, ademais, que sexamos quen de contratar cun obxectivo nítido, claro e concreto, que é como se avalían os obxectivos: equipararnos o ano que vén —ao final do ano que vén— á media do conxunto de España. Non se trata de demandar ser de repente os mellores —oxalá, e a ese camiño temos que ir—, pero si de demandar estar na media, porque estamos moi por debaixo. Por tanto, imos aí en recursos humanos.

Presentamos tamén na nosa moción unha proposta para aumentar a prevención, e, sobre todo, nos centros escolares: secundaria e primaria. ¿Como? Necesitamos reforzar a conexión entre sanidade e educación, que existe, pero existe tibiamente nalgúns casos, e que non valla para iso considerar que xa existen protocolos ante situacións que teñen que desenvolver os profesores ou as profesoras, que, a partir de ter uns protocolos, teñen que idearse a vida sen recursos para resolvelo. Necesitamos educar en cuestións afectivas, necesitamos educar en aspectos emocionais, para que os mozos e as mozas —como os que están aquí hoxe— entendan e saiban reaccionar ante circunstancias que hai vinte anos non pasaban ou que lles pasaban a outras xeracións, pero non tiveron esa oportunidade.

Hoxe temos profesionais que poden axudar a levar mellor algunhas circunstancias, porque a vida é moi difícil para todos, pero tamén especificamente para os colectivos máis mozos e, por tanto, necesitamos axudalos e darlles recursos.

Necesitamos unha nova estratexia para centros. Hoxe aqueles que son internos, enfermos crónicos e que necesitan unha hospitalización permanente ou de moi longa duración están concentrados en Conxo. Galicia pechou todos os seus centros, acumulou no centro de Conxo e olvidouse. Practicamente pechou cunha chave, e tirouna ao río. E aquilo non é un modelo aceptable. Necesitamos difuminar e ter moitísimos máis centros, necesitamos pisos e ter espazos onde poder traballar cos pacientes que ten o sistema, para poderlles dar unha saída e que estean conectados co sistema, para que os pacientes de Ribadeo, de Cariño, da Guarda ou do Barco de Valdeorras non teñan que estar en Santiago hospitalizados, senón que poidan estar máis vinculados ao territorio para ter a maior facilidade de conectar, de reinsertarse no eido social, como recomendan todos os profesionais.

E tamén recomendamos —esa é a nosa proposta na moción— establecer aquí dentro un grupo de traballo específico sobre isto. ¿Por que —e termino con isto—? Porque o ano que vén haberá novo goberno en Galicia, e nós cremos que vai haber un cambio de goberno. O Partido Popular, lexitimamente, cre que non, pero nós cremos que o novo Goberno galego vai ter a saúde mental como un reto enorme, como un reto maiúsculo. E debemos de orientar aí grandísimos dos nosos esforzos, para compensar todo o déficit dos anos anteriores, para superar as barreiras de inaccesibilidade, porque hoxe hai catro meses de espera para a primeira consulta en saúde mental en Galicia, e isto non é aceptable. Se alguén necesita de

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

saúde mental no sistema público de Galicia, ten que esperar catro meses de media, e en catro meses pasan moitas cousas e é moito tempo como para non ter unha primeira consulta. Dificulta a accesibilidade e hai que superalo. Intentamos ofrecer recursos aos profesionais...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: ...e temos —termino xa, presidenta— fantásticos profesionais que non teñen os recursos necesarios para afrontar a situación.

Ata o de agora este goberno suspende, e nós estamos xa un pouco cansados de ser o chivato que lle vaia dando as respostas do que hai que facer. Polo tanto, nós queremos o ano que vén ter a capacidade de gobernar para melloralo, pero de aquí a alá facemos unha proposta para que poidamos votar e mellorar conxuntamente ata entón.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Torrado.

Antes de darlle a palabra á voceira do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, saudamos os alumnos e alumnas de primeiro curso da Facultade de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela e dámoslles a benvida ao Parlamento de Galicia.

E agora si ten a palabra Montserrat Prado Cores, tamén por un tempo de dez minutos.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Tamén quero saudar a todas e todos os que acabades de incorporarvos á tribuna de convidadas.

A saúde mental está convertida nesa gran pandemia, ¿non? Era unha evidencia tremenda antes da covid, e despois da covid está convertida nunha auténtica pandemia.

No BNG témonos preocupado e ocupado desta situación; temos traído a este Parlamento moitísimas iniciativas alertando sobre a situación, evidenciando os problemas, aportando datos e presentando alternativas para solucionar o problema, topándonos sempre co muro do Partido Popular, que pretende coas súas montañas de propaganda, de notas de prensa e de titulares solucionar os problemas. Mais a realidade é que os problemas non desaparecen debaixo deses titulares.

A precariedade da atención na sanidade pública e os elevados prezos da atención privada fan que a asistencia dos problemas da saúde mental se estea convertendo nun luxo ao alcance de poucas persoas, porque na sanidade pública non están obtendo resposta ás demandas de atención sanitaria que precisan, xa que, como se dixo aquí hai un momento, as listas de espera para as primeiras consultas están en meses, e logo as sucesivas volven ser de meses, cando hai determinadas patoloxías que requiririan unha asistencia, unha consulta semanal ou incluso ás veces maior.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, esta situación e as políticas sanitarias do Partido Popular en materia de saúde mental dividen a poboación galega, os galegos e as galegas, en dous grupos: os que poden pagar a atención sanitaria e os que non poden pagala. E é unha situación especialmente grave nas persoas máis vulnerables e de menor renda, que son as que non poden acceder a esas terapias.

E o Partido Popular non actuou, non atendeu as necesidades, non planificou, non adicou recursos e, sistematicamente, pretende que con eses titulares se solucione o problema —insisto—.

No pasado pleno, na interpelación que fixo o Partido Socialista, veu aquí o conselleiro e dixo textualmente: «Vou repetir os datos ao principio, no medio e ao final para ver se así se dan conta de que en Galiza estamos tendo as ratios de profesionais acaídas». Ben, fixo máis unha vez ese alarde de propaganda que non se compadece coa realidade.

Vimos repetindo insistentemente que en Galiza unha parte dos problemas da asistencia sanitaria aos problemas de saúde mental ten a ver coa escaseza de profesionais especialistas en saúde mental, ben sexa de enfermaría especializada, ben sexa de psiquiatras ou ben sexa de psicólogos e psicólogas clínicas. Levamos denunciando en numerosas ocasións que estamos por debaixo da media do Estado e moi por debaixo da media da Unión Europea. Levamos denunciando que a media, por exemplo, de psiquiatras no Estado español está en arredor de 10, que é a metade, por exemplo, de Noruega —Francia ten 23 por 100.000 habitantes, Suecia ten 22, Alemaña ten 28—, ou que temos cinco veces menos dos que ten Suíza. E veu o conselleiro dicir que aquí, en Galiza, puxo en marcha ese Plan de saúde mental 2020-2024 —lémbrolle con este dato que houbo que agardar ao ano 2020 para que o Goberno do Partido Popular presentase un plan, que logo non o deu pasado do papel á realidade, pero presentase un plan de saúde mental, porque o que elaborara o Goberno de coalición BNG-PSOE o deixou nunha gabeta e nunca máis se ocupou del—, teoricamente con 83 millóns de euros, a catro anos, e que logo a asignación anual deses 83 millóns de euros é que..., nin no forro. Para exemplo está este orzamento para o ano 2024, onde as contías destinadas a saúde mental son tremendamente baixísimas e as que aumentan un pouco esa contía son as que destinan a entidades para que se fagan cargo de dar solución ás cuestións das que non se ocupa o Sergas, nas mans do Partido Popular. A maior parte do orzamento vai por aí.

Ben, pois con eses datos veu o conselleiro dicir que en Galiza ía ser fantástico, porque había 8,6 psiquiatras xa por 100.000 habitantes. Aínda que iso fose así, estariamos aínda lonxe da media que se establece como idónea, que sería entre 13 e 15. De 8,6 ata 13 ou 15 faltan practicamente a metade, 7 e algo. En Euskadi teñen 15, en Cataluña, 13,5; e hai outras comunidades onde teñen unhas dotacións similares a esta. Co cal, o que dixo aquí o conselleiro de que xa estabamos na cabeza das ratios por doente e profesionais é volver mentir. Volveu mentir porque Galiza segue sendo das máis baixas comunidades autónomas en ratio profesionais/habitante. *(Aplausos.)* Volveu mentir.

Pero, en todo caso, dando por bos os datos de que en Galiza xa hai 8,6 psiquiatras por 100.000 habitantes, tería que haber 232 psiquiatras en Galiza. Gustaríame que mos ensinasen no anexo de persoal, porque aí non están. Pero, en todo caso, para chegar a esa media

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

—poñámoslle de 14, xa non 15—, faltarían 143. E a planificación do Sergas é que para o ano se incorporen todos os profesionais da saúde mental, incluídos psiquiatras, psicólogos e enfermaría; é dicir, 17. Entón, ¿cando teñen pensado converxer, como mínimo, coa media do Estado español, poñendo medidas encima da mesa para chegar a esa media de, como mínimo, 14 por 100.000 habitantes? Coas políticas do PP, nunca; nunca se converxerá. E insisto en que nin de lonxe coa media da Unión Europea.

Podemos falar o mesmo de psicólogos e psicólogas clínicas, onde en Galiza, segundo o conselleiro, son 5,4. A media da Unión Europea son 18. En Alemaña teñen 41 por 100.000 habitantes —5,4 en Galiza—, no Reino Unido, 18; en Francia, 15; en Portugal, 14. ¿Que medidas teñen pensado poñer encima da mesa para chegar á media da Unión Europea, que son 18? Nós, 5,4. ¿Cando pensan converxer e chegar a esa media? Porque chegar a esa media non é unha estatística para chegar aquí, ao Parlamento, e dicir que se está na media. Chegar a esa medida significaría ter profesionais suficientes para atender a elevadísima demanda de saúde mental que hai na poboación de Galiza.

E teño que lembrar aquí que todos os informes de todos os especialistas din que, de media, o 25 por cento —hai estudos que din que o 29, pero imos dar por bo os máis conservadores, os que falan do 25— dos problemas de saúde que chegan á atención primaria teñen que ver coa saúde mental. Con este número de profesionais nunca van estar atendidos.

¿Isto que ten como consecuencia? Pois ten como consecuencia que os tempos de espera en Galiza para ter atención de saúde mental son insoportables. Nos últimos datos publicados polo Sergas, que son de decembro do ano 2022 —tíñanos que ter publicado, como mínimo, en xuño deste ano, e non os publicaron—, pois vese que son case nove mil persoas as que están esperando unha primeira consulta de psiquiatría, e en aumento.

Os datos que nos facilitan profesionais —porque o Sergas non dá datos de segundas consultas e demais, e, como non o computen estatísticas, aí non teñen absolutamente ningunha présa— son de que se tarda meses, como dixen antes, para chegar á primeira consulta e meses para as sucesivas. ¿E cal é a consecuencia? Pois que en Galiza encabezamos a nivel do Estado o consumo de psicofármacos —de ansiolíticos, de antidepresivos e demais— e que hai persoas que pasan anos tomando ese tipo de medicación sen chegar nunca a un especialista en saúde mental. Esa é a realidade, ¡esa é a realidade!

Por iso hoxe o BNG vai apoiar esta moción que trae aquí o Partido Socialista, que contempla medidas que xa temos traído o BNG, mais presentamos unha emenda porque seguimos insistindo en que é necesario introducir, nos cadros de persoal de atención primaria, os especialistas en psicoloxía clínica, polo que dixen antes, porque nós seguimos defendendo con toda contundencia que son necesarios equipos multidisciplinares en atención primaria para atender a demanda de asistencia sanitaria que ten a poboación. E son necesarios psicólogos clínicos, e podoloxía, e terapia ocupacional, e máis persoal de atención á poboación. E cremos que teñen que estar en atención primaria; coordinados, evidentemente.

O que está facendo o Partido Popular de descentralizar as unidades de saúde mental e levalas ao territorio... Podemos poñer aquí pois, por exemplo, o caso de Ponteareas, o caso da Uni-

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dade de Saúde Mental de Ponteareas, que comentaba a compañeira Cristina Fernández; iso do que presumiu o conselleiro ¿non?, de que temos xa 8,6 psiquiatras en Galiza. Pois resulta que a unidade de saúde mental descentralizada, ambulatoria, que instalaron en Ponteareas, ten 2 psiquiatras para 50.000 habitantes; Dous psiquiatras para 50.000 habitantes dan unha media que non se achega nin de broma a eses 8,6 por 100.000 que deu o conselleiro. Esta é a realidade despois, cando baixamos ao territorio. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Ou 2 psicólogos nesa unidade. 2 psicólogos nesa unidade dan unha media de 2,7, que queda hiperlonxe desa media do Estado español e da Unión Europea.

Polo tanto, nós cremos que hai que introducir psicólogos clínicos e psicólogas clínicas en atención primaria, para que a poboación, cando chega con estes problemas, sexa atendida de inmediato, e logo, evidentemente, se derive ás unidades hospitalarias que faga falta.

Moita grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona Encarna Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

Benvidos, estudantes da Facultade de Xornalismo da USC.

Hoxe imos falar dun tema moi importante. Efectivamente, señorías, concordamos en que estamos diante dunha patoloxía ante a que, ata hai moi pouco tempo, falar dela era un tema tabú. É verdade que ata hai poucos anos a enfermidade mental podemos dicir que non era tratada da mesma maneira que se tratan outras enfermidades, como poden ser as enfermidades cardiovasculares, as musculoesqueléticas ou calquera metabolopatía. A enfermidade mental estaba estigmatizada, e mentres que calquera persoa di normalmente que vai ao dixestólogo ou que vai ao reumatólogo, pois non é habitual escoitar que vai ao psiquiatra ou que vai ao psicólogo. Pola razón que sexa, custa moito máis admitilo, e o certo é que mentres que non traballemos na desestigmatización desta patoloxía, señorías, seguiremos tendo un grave problema; un problema que non existe só en Galicia, senón que é un problema moi común e universal, propio dos países industrializados, que exixe, señor Torrado e señora Prado, dunha abordaxe seria e contar verdades, porque aquí estamos en sede parlamentaria e debemos de ser serios e transmitir verdades e certezas, como xa o dixo desta maneira o conselleiro hai quince días na súa interpelación.

Atrévome incluso a facer unha predición —que tanto lle gusta ao señor Torrado facer predicións—, a ver se me equivoco. O Partido Socialista de Galicia vai estar en contra do que

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

digamos desde o Partido Popular, digamos o que digamos os populares galegos. Se votamos a favor, pois, entón, os compromisos que asumimos van ser unha declaración de intencións, baleiras de contido e de compromisos, e se votamos en contra, entón, seremos malos malísimos por estar en contra da saúde mental e da sanidade pública.

Por iso, señorías, é tan difícil chegar a acordos con vostedes, porque os mesmos socialistas e nacionalistas que corren rápidos e veloces a collerse da pancarta para denunciar a falta de médicos nun centro de saúde, son os mesmos socialistas e nacionalistas que despois votan en contra aquí, nesta Cámara, da lei que permite contratar máis médicos, a través dun procedemento máis rápido, e que está permitindo cubrir prazas en centros de saúde e hospitais onde antes non eramos capaces de cubrir estas prazas vacantes.

E como son vostedes predicibles, tratarei de explicar detidamente e o mellor posible os avances que lograron os gobernos do PP na Xunta nos últimos anos e os plans nos que se está traballando para os vindeiros anos en materia de saúde mental.

Ninguén dubida de que a pandemia da covid-19 puxo enriba da mesa os graves problemas de saúde mental que sofre a poboación. Ninguén dubidará de que isto marcou un punto de inflexión para que os servizos sanitarios de todo o mundo tomasen medidas para mellorar a atención neste eido. E a Xunta de Galicia e a Consellería de Sanidade sempre demostraron o seu compromiso coa saúde mental, facendo a Galicia referente neste tema, *(Aplausos.)* pois foi das primeiras comunidades autónomas en definir unha folla de ruta: o Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19 2020-2024, aprobado en xuño do 2020 polo Consello da Xunta e cunha dotación orzamentaria de 83 millóns de euros, dos cales 36 millóns foron consignados para aumento de persoal, ata crear 241 novas prazas.

Entre o ano 2020 e o ano 2024 creáronse o cen por cento das prazas recollidas no plan a través das leis de orzamentos. Actualmente están cubertas xa o 60 por cento delas con persoal contratado para tal efecto. E co obxectivo de darlles a máxima estabilidade a estas prazas na oferta pública de emprego deste ano para prazas de difícil cobertura, convocáronse para a adxudicación en propiedade 175 destas prazas para profesionais de saúde mental; concretamente 44 psiquiatras e 37 psicólogos. Por certo, nós defendemos que os psicólogos que presten asistencia física nos centros de saúde dependan dos servizos centrais de saúde mental e non do cadro de persoal do centro de saúde. E isto, señorías, estas 175 prazas, foron grazas á Lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura; por certo, volvo recordar que foi unha lei á cal tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego lle votaron en contra. Son 241 prazas no ámbito da saúde mental.

E non só temos máis profesionais, senón que, grazas a isto, se puideron poñer en marcha novas unidades de saúde mental en todas as áreas —estou falando, por exemplo, de Tui, de Ordes, de Ponteareas ou de Oleiros— e sete hospitais de día de saúde mental infantoxuvenil —un por cada área sanitaria, recórdolles que cero antes do plan— están funcionando xa Vigo, Santiago, Lugo, Ourense e Ferrol. E neste ano 2023 vai empezar a funcionar o da Coruña e a principios do ano 2024 empezará a funcionar o de Pontevedra. Estes hospitais de día infantoxuvenís permiten facer terapias en réxime ambulatorio, evitando ingresos de

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xoves con problemas en saúde mental, cuestión que non é menor; e esta, precisamente, é unha das fortalezas dos hospitais de día: evitar ingresos.

Tamén se traballou nas unidades de hospitalización psiquiátrica infantoxuvenil. Temos a de Santiago, e, no caso de Vigo, é certo que houbo retrasos, pero en poucas semanas esta unidade estará funcionando, cun investimento de 1,3 millóns de euros. Volvo repetir: se temos hospitais de día e funcionando nas sete áreas sanitarias, imos ser capaces de evitar moitos ingresos de xoves.

Creáronse tamén sete unidades de prevención intensiva de suicidio, unha por área sanitaria. Escoitamos tamén o día 8 de setembro ao conselleiro dicir que nestas xa atenderon a máis de 1.500 persoas, a 1.500 galegos e galegas. Galicia tamén é pioneira na implantación dun modelo de prevención de suicidio na xuventude co programa YAM. E tamén quero destacar o protocolo de prevención código Agarimo. Trátase dunha vía rápida de atención a menores en risco de suicidio que permite establecer, dentro do sistema de alerta escolar, un código específico e protocolario de intervención, favorecendo a coordinación entre escolas, familias e profesionais da sanidade.

Señorías, deixouno claro o conselleiro, pero hoxe vólvollo repetir. A ratio de psiquiatras en Galicia no día de hoxe é de 8,6, e está por riba da media que se fixou cando se iniciou o plan. Porque hai catro anos, señora Prado, a media en España era de 8,5, e ese era o obxectivo. Hoxe estamos en 8,6. Por tanto, eu pídolles que abandonen esa matraca de que Galicia ten a peor ratio de psiquiatras do Estado, porque non é certo. Somos a novena comunidade empezando por arriba, e iso está aí, son datos do Ministerio.

E o mesmo podemos dicir nos psicólogos clínicos. Cando empezamos o plan, tiñamos 3,6; n día de hoxe estamos en 5,4. A media de España é de 5. É dicir, en psicólogos clínicos, estamos 4 décimas por enriba da media. Estamos falando dun incremento de 1,8 veces máis do que tiñamos a principios do plan, e esta fonte que lles estou citando non é do Partido Popular, é do Ministerio de Sanidade. Galicia é a novena comunidade por arriba. Podo dicir que a media de España é certo que hoxe é de 8,27, pero no día de hoxe nós en Galicia temos 8,72. É dicir, estamos moi preto de alcanzar esa media.

Señor Torrado, en consecuencia, con todo o que lle acabo de dicir, nós non lle podemos aceptar o punto 1.a), de fixar un novo obxectivo no prazo dun ano.

E cando o Partido Socialista nos fala de aumentar a dotación de oferta en prazas de formación especializada MIR, PIR ou EIR, pois teño que dicirlle que hai un incremento do 38,46 por cento nas prazas para profesionais de psiquiatría. Dobráronse as prazas de psicoloxía clínica e multiplicouse por 10 a oferta de prazas formativas para enfermería especialista en saúde mental. Por tanto, non temos ningún problema en canto á súa petición de comprometer a convocatoria de todas as prazas de formación especializada. Totalmente de acordo co punto 1.b).

Tamén solicitan establecer un calendario de previsión orzamentaria. Vostedes só contan con Conxo. ¿Vostedes danse conta de que hai outras moitas en moitos sitios para ingresar a xente? Non soamente está Conxo. Temos recursos, por exemplo, en Calde (en Lugo), en Piñor

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(en Ourense) ou no Nicolás Peña (en Vigo), e ademais vostedes olvidan que o Plan de saúde mental fixo unha aposta moi forte por mellorar a rede de prazas concertadas con entidades sociais. Estes fondos pasaron de 6,1 millóns no 2020 ata preto de 10 millóns que temos actualmente.

Desde logo, co que solicitan no punto 2 estamos totalmente de acordo, totalmente a favor. Nós ímoslles pedir a votación por puntos. Como lle dicía antes, poderiamos votarlle algún apartado do punto 1 e estamos totalmente de acordo co punto 2.

Cremos positiva a creación dun grupo de traballo co fin de elaborar propostas que poidan posteriormente ser remitidas á Xunta para logo, cunha oportuna valoración, poder ser recollidas...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: ...—remato xa— en próximos plans de saúde mental. Nós escoitamos o que dixo aquí o presidente Rueda cando foi o debate do estado da Autonomía, que están pensando xa en poñer o foco, precisamente, na atención primaria e na saúde mental, para un novo plan de saúde.

Desde logo, isto sería moi importante, porque vai permitir poñer negro sobre branco en todas as cifras que eu lle acabo de ofrecer; cifras que vostedes desprezan, pero que se equivocan desprezando.

E remato xa destacando as vantaxes de ter aprobado este Plan de saúde mental poscovid 2020-2024, que nos permitiu avanzar profundamente nesta materia, e do cal a Xunta cumpriu os seus principais obxectivos.

Polo que non renunciamos a seguir avanzando. E espero que nos admitan a votación por puntos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para o peche do debate desta moción, ten novamente a palabra o seu autor, por un tempo de cinco minutos.

O señor TORRADO QUINTELA: Quero desculparme ante a señora Prado e a señora Amigo, porque non vou entrar en profundidade no debate, pero non podo aceptar a emenda nin a votación por puntos, aínda que respecto calquera votación que emitan.

Hai cinco anos, en datas exactamente como estas, tiven a oportunidade de escribir o seguinte texto, que me parece oportuno repetir: «O 21 de novembro de 2000 chegaba a España unha patera con máis de corenta inmigrantes. Anunciábanse medidas para promover a igualdade laboral entre homes e mulleres, e o Deportivo convertíase no primeiro equipo español en

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ganar no parque dos Príncipes de París, con goles de Naybet, Turu Flores e Makaay. Se non fose polo que se bota de menos a Valerón, o mundo non parecería ter cambiado moito, pero cambiou.

O 21 de novembro do ano 2000, a Ernest Lluch, ao ministro que promoveu e aprobou a lei que implantou a sanidade pública e universal en España, disparáronlle dous tiros no garaxe da súa casa. Morreu no acto, quedou tirado como un can entre dous coches ata que o atoparon máis de dúas horas despois. Ernest Lluch foi un convencido do diálogo. A periodista e a súa boa amiga Gemma Nierga afirmou que, incluso cos que o mataron, Ernest tería intentando dialogar. Foi vilipendiado por ser socialista, pero tamén por deixar todos os esforzos en resolver os problemas, integrando e non separando, como defendía sobre o nacionalismo vasco, ao que non quería afastar, senón sumar na solución. Un dos seus últimos actos públicos foi unha homenaxe a Companys, representante histórico e dignísimo do republicanismo catalán, acto no que estiveron tamén membros da esquerda abertzale vasca e polo que Lluch foi duramente criticado. Con todos, estivo con todos, e quixo falar con todos. Probablemente por iso o mataron, porque tendía pontes, e os salvaxes odian as pontes, necesitan o conflito, viven para el, grazas a el, provócano e aliméntano; e moitas veces existen os que aplanan o camiño para eles, ás veces incluso sen sabelo, porque os salvaxes necesitan tamén arietes, tontos útiles que non sexan moi listos para que non saiban que están traballando polo seu propio mal.

Un 21 de novembro xa agora en 2018 —escribía eu entón— existen outros rostros, outros problemas, pero tamén conflitos. E volvemos ter a mesma dicotomía: dialogar ou confrontar. Probablemente a Compayns nunca se lle ocorrería insultar a alguén como Ernest Lluch nin utilizar a inmensa honra que supón representar a cidadanía dende a política para converterse nun torpe bufón. Foi a política a que resolveu conflitos. Por favor, que a política non sirva para crealos.

Deste 21 de novembro en política lembrarei a Ana Pastor e a Josep Borrell afirmando o valor da palabra dende o maior respecto e a honra que a política debe ser. Debémosllelo a Compayns, a Ernest Lluch e a toda unha cidadanía de antes, de hoxe e de mañá.

Grazas.

(Aplausos prolongados.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Acepta a emenda do Bloque Nacionalista? Señor Torrado, a emenda do BNG.

(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)

Votación das mocións

A señora PRESIDENTA (Candia López): Procedemos entón ás votacións.

Votamos, en primeiro lugar, a moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noelia Otero Lago, sobre os servizos de transporte escolar.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Como recordan, a esta moción non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago, sobre os servizos de transporte escolar.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos á votación da seguinte moción. Neste caso do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Paulo Ríos Santomé, sobre a contratación do servizo de transporte público.

A esta iniciativa tampouco se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a contratación do servizo de transporte público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos á seguinte iniciativa do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre a atención á saúde mental no sistema público de saúde.

Non se aceptou a emenda rexistrada por parte do Bloque Nacionalista Galego e tampouco se acepta a votación por puntos.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a atención á saúde mental no Sistema público de saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Proseguimos coa orde do día. Imos ás proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noa Susana Díaz Varela e Dª Noelia Otero Lago, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para avanzar na erradicación da violencia sexual

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, a número 62424, autoemenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noa Susana Díaz Varela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo texto, que terá o seguinte contido:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa o Goberno de España e lle solicite:

a) Garantir o cumprimento, por parte dos prestadores do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma, da obriga de aplicar sistemas efectivos de verificación da maioría de idade nas plataformas e páxinas web con contidos pornográficos, poñendo os medios suficientes e adoptando os mecanismos necesarios.

b) Establecer por lei que todos os dispositivos con conexión a internet que se poñan á venda en España inclúan control parental de forma predeterminada.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formulala, por tempo de dez minutos, ten a palabra dona Noa Susana Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Ben. Grazas, presidenta.

É unha mágoa que estes estudantes que están hoxe aquí acompañándonos marchen.

Eu espero ser capaz de centrar a miña intervención de agora, despois do que estamos vendo; esta senda perigosa, moi perigosa, na que está instalada o Partido Popular. Comprendemos que os resultados electorais non son os que vostedes desexaban, pero pídese algo de respecto. *(Murmurios.)* Acabo agora o debate, Julio, dándoche as grazas. *(Aplausos.)*

Ben, hoxe traemos aquí unha iniciativa ambiciosa de loita contra a violencia sexual, unha violencia que se está a incrementar de maneira exponencial, con solucións —pensamos nós—, as que propoñemos hoxe aquí, para comezar a combatelas. A violencia sexual é un problema que comeza a ser moi preocupante entre a mocidade, que, a pesar de estar cada

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vez máis informada e cada vez máis concienciada, é tamén a xeración plenamente nativa dixital. Este é o problema fundamental, como veremos.

En primeiro lugar, temos que falar dos datos. Ben, os informes dos xulgados galegos e tamén do Ministerio de Interior coinciden: os delitos contra a liberdade sexual creceron en Galicia case un trinta por cento. Un incremento que explican na perda do medo a denunciar —que nós é algo que aplaudimos, ¡por fin!—, pero tamén advirten dunha nova peculiaridade como é que eses delitos, cada vez en maior medida, os cometan menores. Un estudo recente da Fundación ANAR, que alerta de que as TIC aparecen implicadas en algo máis dun terzo dos casos de violencia contra as nenas e adolescentes, apunta como causas o fácil acceso á pornografía, na que se presentan modelos de relación de parella violentos —por suposto, violencia contra a muller; non ao revés—, unha maior sexualización da infancia e unha escasa educación sexual. Esta fundación, ANAR, sinala tamén que as violacións en manada son xa o dez por cento das agresións sexuais.

Tamén o estudo da situación de violencia contra as mulleres na adolescencia en España do Ministerio de Igualdade, sobre unha mostra de máis de trece mil mozos e mozas de 14 a 20 anos, —e atentos aos datos— alerta de que o catro por cento das adolescentes confesa ter recibido mensaxes nas que as insultaban, ameazaban, ofendían ou asustaban. Tamén alerta de que catro de cada dez confesan ter sido illadas das súas amizades, controladas pola súa parella ou incitadas a formar parte en actividades sexuais nas que non querían participar.

Sobre pornografía temos tamén estudos. Save The Children informa de que sete de cada dez adolescentes consomen pornografía —¡sete de cada dez!—, de que máis da metade se inspira neses contidos para as súas propias experiencias e de que un terzo recoñece que a súa única fonte de información sobre sexualidade é está. Pero tampouco temos que marchar moi lonxe para ter datos do noso país. En Galicia, un equipo de investigación da Universidade de Santiago de Compostela ten un estudo recente —moi recente— sobre a percepción da pornografía entre adolescentes, cunha mostra nada desdeñable de preto de mil seiscentas persoas de entre 14 e 18 anos. ¿Cales son as conclusións que sacan acerca da nosa mocidade? Ben, pois que o 48 por cento —¡o 48 por cento!— viu pornografía por primeira vez antes de cumprir os doce anos —¡antes de cumprir os doce anos!— e que eles —e cando digo eles, digo os varóns— non identifican a violencia que o porno constrúe arredor das relacións sexuais; elas si, eles non. Por certo, elas, nunha porcentaxe do 47 por cento, recoñecen ter compartido nalgún momento da súa curta vida algunha foto íntima a petición de alguén, fronte a un insignificante 3,20 por cento dos mozos; delas, a metade, enviárona porque alguén lles pediu —evidentemente, homes— algunha foto íntima, deles só o 3 por cento.

Por todo isto, estes docentes galegos da USC cren que é preciso traballar educativa e socialmente a educación afectivo-sexual para dar pasos cara á erradicación da violencia contra as mulleres. Entón, nós a pregunta que nos facemos é: ¿se temos persoal experto moi cercano —aquí propiamente, ademais, en Santiago de Compostela— nas universidades públicas poñendo todo o seu coñecemento ao noso dispor, por que o Goberno galego non se quere comprometer con esta cuestión? Disto, do que o noso goberno non se preocupa, si se preocupa a Lei orgánica de garantía integral da liberdade sexual, que incorpora un artigo —sábeno ben—, o artigo 7, de prevención e sensibilización no ámbito educativo. Eu non vou dar lec-

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tura a ese artigo, que xa está na iniciativa, pero si direi que obriga a integrar contidos sobre a educación afectivo-sexual para o alumnado —apropiados, loxicamente, en función da idade— en todos os niveis educativos, así como contidos sobre o uso axeitado e crítico de Internet e as novas tecnoloxías. ¿Para que? Para un uso responsable, para coñecer os riscos como o *ciberbullying*, o *grooming*, a ciberviolencia de xénero ou o *sexting* —por favor, a ver se empezamos tamén a deixar de empregar estes anglicismos para chamarlles a estes fenómenos de violencia contra as mulleres— e tamén para alertar do acceso ao consumo da pornografía entre esa poboación menor de idade. E iso é, en esencia, do que trata a nosa iniciativa de hoxe. Unha iniciativa ambiciosa, pero que pensamos que é factible.

O Goberno galego pode seguir dándolles as costas ao sentido común e ao coñecemento científico, pero non deberían obviar que a educación sexual é un compoñente esencial no desenvolvemento e crecemento integral de todas as persoas, sobre todo das persoas máis novas, e, como tal, —volvo incidir— debe incluírse nos currículos educativos. O noso goberno pon como escusa que esa educación se imparte de maneira transversal —e esta mañá tamén o facía a señora Prado—, e saben ben que non é así. Non é certo, non se está facendo nin en colexios nin en institutos, non se está facendo en centros educativos. A formación actual céntrase —xa o dixemos a semana pasada na Comisión 4ª— en aspectos que teñen que ver coa bioloxía, con esa sexualidade entendida dende o punto de vista da bioloxía. É exactamente a mesma formación a que se dá hoxe nos colexios que a que tivo esta deputada hai corenta anos; a mesma, exactamente a mesma. Unha formación que deixa de lado temas como o consentimento, a diversidade sexual ou o respecto. Por iso —pensamos nós—, é imprescindible desbotar puritanismos, desbotar prexuízos e incorporar estes temas no currículo educativo. Por iso, nós rogámoslle valentía ao Grupo Parlamentario Popular —que sabemos que é aí onde hoxe podería haber algún problema— e que deixe esa falsa transversalidade de lado e realmente se implique nesa introdución no currículo.

¿Educación no seo da familia? Si, por suposto, claro que si, pero o desexable sería que fose en todas; e isto non se dá, é imposible que se dea. Entón, ¿que facemos? ¿Deixamos a nosa mocidade ao azar de se ten unha familia na que a sexualidade non sexa tabú ou unha familia na que a sexualidade si que sexa tabú, ás expensas do que poida pasar? ¿Ou deses teléfonos móbiles ou desa pornografía como fonte de información? ¿Que é o ideal? Que as familias dispoñan de recursos para complementar a educación sexual que se imparte na escola. E isto é tamén o que nós pedimos hoxe aquí na nosa iniciativa. ¿Por que? Porque a ausencia desa formación —e presten atención ao que vou dicir porque isto é moi importante tamén— pode levar a dúas cousas. Unha é que o alumnado non adquira os coñecementos necesarios para unha sexualidade segura e saudable; e isto —hai que o dicir porque é así— ten como consecuencia directa a violencia sexual. Pero hai outra cuestión tamén moi importante: que eses nenos e esas nenas, e sobre todo elas, non teñan esa educación afectivo-sexual nas escolas ten como consecuencia o silencio, o silencio desas vítimas, o silencio desas nenas menores, desas adolescentes, cando se enfrontan a situacións incómodas ou situacións violentas que —tamén o dixemos a semana pasada— moitas de nós probablemente xa vivimos pero para as que non había esta información nin, dende logo, estes recursos que podemos ter agora. A realidade é que esas situacións incómodas que non nos atreviamos a denunciar —nin nos atrevemos hoxe a denunciar; probablemente haxa hoxe moitas nenas ou adolescentes que non se atreven a denunciar esas «situacións incómodas», por chamalas

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dalgunha maneira— non son máis que agresións sexuais. E isto é algo que a esas nenas e adolescentes, se queremos protexelas, debemos ensinarlles, debemos aprenderlles a elas.

Sobre a segunda parte da nosa proposta, nós pensamos que é preciso demandar do Goberno do Estado —agora mesmo que se acaba de conformar, mal que lle pese á dereita deste país— que garanta o cumprimento das novas exixencias lexislativas a respecto de dúas cuestións. Unha é exixirlles ás plataformas de contidos pornográficos establecer por lei que todos os dispositivos con conexión a Internet que se poñan á venda inclúan control parental —é algo que xa se está facendo en Francia e que se vai implementar agora noutros estados europeos— de forma predeterminada. Como digo, iso estase poñendo xa en marcha nalgúns países. Despois, as familias, evidentemente, serán libres de aceptalo ou non aceptalo ou de tirar desa ferramenta ou non; pero, polo menos, que ese control parental exista de maneira predeterminada. ¿Por que? Porque as tecnoloxías, a pesar da súa enorme contribución ao progreso —que ninguén nega—, se revelaron tamén como unha nova e potente ferramenta de violencia contra as mulleres, particularmente, as máis novas, que son quen as utilizan. Por iso, formar e educar a sociedade, con especial atención a estas persoas máis novas, tanto nos perigos que comportan os contidos dixitais de violencia sexual como a necesidade de coñecer os nosos corpos —que é tan importante—, e aprender a respectalos —os nosos e os dos outros—, deberían formar parte da estratexia de loita contra as violencias contra as mulleres.

Nada máis. Grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Vaia por diante que nós imos apoiar esta iniciativa que presenta hoxe o Partido Socialista. Concordamos coas propostas que recolle e ademais considerámolas moi necesarias.

Permítanme facer unha reflexión, porque o dicía en boa medida a señora Díaz na súa intervención: non falar de sexo nas aulas, tampouco nas casas, quizais tamén non falar de sexo nos parlamentos, non limita de ningunha maneira as ansias por saber que temos todas as persoas. A sexualidade é unha peza fundamental e esencial do desenvolvemento humano; é tan natural como comer ou respirar. E cómpre lembrar, máis aínda nos tempos que corren, cunha dereita botada ao monte e con ese aire reaccionario que nos asolaga, que foi grazas ao movemento e ao pensamento feminista, ese feminismo orgullosamente de pancarta, que a sexualidade se desligou hai décadas da maternidade como parte do tan necesario proceso de liberación sexual das mulleres. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero repito que non falar de sexo pública e abertamente non limita de ningunha maneira as ansias de coñecemento e a necesidade de formación e de información que todas as persoas temos. Máis ao contrario, esa ausencia de educación sexual nas aulas entrega a unha industria poderosísima, como é a pornográfica, o poder de ser fonte case única de información, con todo o que iso conleva. A pornografía é hoxe a principal e máis sinxela forma de acceso da mocidade ao sexo. E isto é así —insisto— pola ausencia deliberada e case absoluta da educación afectiva e sexual na escola e nas casas.

Ademais dos datos que deu a señora Díaz —eu non quero afondar neles—, un recente estudo de Save The Children sinalaba que o 62,5 por cento da mocidade no Estado español entre 13 e 17 anos consumiu pornografía algunha vez na súa vida. E calquera pode preguntarse onde consomen ese contido pornográfico; en calquera sitio. A principal web de contidos pornográficos recibe —e, ademais, orgullosamente saca peito— diariamente 100 millóns de visitas. Para facernos unha idea do fácil, do accesible e do masivo que é o acceso a contidos pornográficos é que esa web, Pornhub, tardou só sete días, unha semana, en conseguir 50 millóns de visitantes. ¿Saben canto tempo tardou Internet en conseguir esa cifra de usuarias e usuarios? Sete anos. ¿Saben na súa época canto tardou a televisión en vender 50 millóns de televisores? Vinte e dous anos. Isto dános perspectiva para entender esa accesibilidade á pornografía que existe hoxe; e témola na man calquera de nós co noso teléfono móbil. A pornografía xa non é un par de revistas ou un par de cintas VHS que compartes cos colegas, nin quedar medio pitoño vendo aqueles puntos negros e brancos en Canal+. Hoxe é tan doado acceder a un vídeo ou a un anuncio pornográfico como que a maior parte das veces calquera de nós clicamos neles porque nos saltan nas *pop-ups*, nesas ventás emerxentes, en todo tipo de páxinas web.

Hoxe a pornografía converteuse, señorías, de maneira indiscutible, nunha escola que determina a visión que temos como sociedade do sexo e da sexualidade. O contido pornográfico é, ademais, ilimitado, tremendamente accesible e gratuíto; nin sequera hai que pagar por ela.

A pornografía determina, normaliza e naturaliza corpos, prácticas, relacións e tamén estereotipos e prexuízos, e afianza e reproduce unha visión androcéntrica, patriarcal e absolutamente machista da sexualidade. O porno crea unha visión completamente ficticia, irreal e deformada das relacións sexuais, xerando ademais unha enorme frustración na xente máis nova cando se decata de que realmente manter relacións sexuais non é o que ves na televisión nin na pantalla do teléfono. Pero esa visión é a única que ten a mocidade do sexo. Iso fai que crean que o que ven é real, que unha relación sexual é o que representan eses vídeos pornográficos que consomen, cada vez máis violentos, máis discriminatorios e máis machistas.

A propia mocidade recoñece esa influencia. No informe de Save the Children no que facían enquisas e falaban con mozas e mozos, un deles respondía: «*Influye muchísimo. Aunque no quieras que influya, sí que influye, y eso es lo malo, porque luego te pueden gustar cosas que moralmente pueden no gustarte nada, pero te siguen poniendo. Es como que, aunque tú no quieras, te ponen.*»

É necesario e urxente garantir unha educación sexual e afectiva integral nas escolas e acabar, polo tanto, con ese currículo oculto que puxo en mans da industria do porno o que é unha res-

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ponsabilidade pública. E imos tarde, moi tarde e mal. E imos tarde porque, ademais, o Goberno do Partido Popular —a educación é unha competencia da Xunta de Galicia, imos subliñar iso— leva catorce anos negándose a introducir un plan galego de educación afectivo-sexual nas aulas e mesmo incumprindo acordos unánimes desta Cámara nesa materia. Porque o oportunismo político —diciámolo pola mañá— de votar a favor cando se achega o 25 de novembro non significa que o Partido Popular crea no que vota e moito menos quere dicir que vaia cumprilo.

Voulles poñer un exemplo, porque fala a señora Díaz e a iniciativa do Partido Socialista de cumprir o artigo 7 da Lei de garantía integral de liberdade sexual das mulleres, e eu quero lembrar que introducir a educación afectivo-sexual nas aulas está recollido no Pacto de Estado desde 2017, medidas 3 e 183. Dámonos golpes de peito con *el Pacto de Estado*, pero despois non se cumpre naquelas áreas que son competencia, como a educación, da Xunta de Galiza. É máis, un acordo unánime desta Cámara, de todos os grupos, no debate de política xeral de 2018 —resolución cuarta— foi poñer en práctica as medidas 3 e 183 do Pacto no que é referido a introducir a educación afectivo-sexual obrigatoria en todos os niveis educativos. E, de novo, en 2019, no pleno levado acabo nas vésperas do 25 de novembro, o día 20, volvía aprobarse por unanimidade deseñar novas medidas orientadas a potenciar a educación emocional e afectivo-sexual en todos os niveis do ensino galego.

¿E que hai, á parte da transversalidade, que é o novo caixón de xastre para non falar de nada? Dicíao ben acertadamente a miña compañeira Mercedes Queixas: non se fan transversais as matemáticas —calquera día o galego seguramente—. Cando se quere traballar algo, está presente e non se dilúe na nada. ¿Que é o que temos hoxe? Pois fundamentalmente os contratos-programa que os centros Quérote+ imparten nos centros educativos, nos institutos, e está o informe do ano 2022 de seguimento da Lei de violencia machista. ¿Cantos centros educativos de Galiza recibiron o contrato-programa dos centros Quérote+, impulsado pola Xunta de Galiza para levar a educación afectivo-sexual ás aulas galegas? En 2022, ano pechado, trinta e dous. Eu non sei se alguén pode dicirme desde aí cantos centros educativos e institutos hai en Galiza; máis de mil. Para a formación do profesorado aínda é máis ridículo: dous centros, sete profesores formados especificamente en materia afectivo-sexual. Son datos da Xunta de Galiza, perfectamente accesibles.

¿Cal é a medida estrela do Partido Popular en materia de transversalidade, de loita a favor da igualdade e de prevención da violencia machista nas aulas? Cargarse a única materia específica de libre elección, por certo, que había, e aínda estamos esperando a que alguén explique para que. ¿Para que? *(Aplausos.)*

Señorías, o que levamos visto ao longo de todo este día —e seguramente se estenda tamén ao día de mañá— é que o Partido Popular usa a violencia machista como arma arreboladiza para tirarlla no pico da cabeza ao que ten en fronte, de maneira irresponsable, incendiaria e mentindo descaradamente. Pero no que respecta ás súas responsabilidades —quero lembrar: a maior parte das competencias en materia de prevención, en materia de atención social e en situacións de violencia machista—, pois bastante pouco e moito incumprido.

Ese espazo web ao que nos referiamos pola mañá, que foi un acordo unánime tamén desta Cámara no ano 2019, de crear un espazo para que calquera persoa, calquera muller en Galiza,

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

puidese, a través da páxina web de Igualdade da Xunta de Galiza, acceder a un mapa de recursos sobre que facer se me sinto agredida sexualmente, se abusan sexualmente de min. Poden consultar a páxina web da Secretaría Xeral; non hai absolutamente nada. E eu, ata onde sei, as competencias na páxina web da Xunta de Galiza de momento son todas do Goberno galego. Pero ¡vaia!, que sempre hai unha escusa para intentar xustificar que as cousas que se aproban aquí, como ese protocolo de prevención das violencias sexuais e de intervención fronte ás violencias sexuais no ocio nocturno, non se leven a cabo.

Nós —insisto— imos apoiar a iniciativa e votar a favor, porque cremos, con toda sinceridade, que a única maneira de erradicar a violencia machista en todas as súas formas, tamén a sexual, é educando; educando —cremos— non só desde o risco, senón desde unha perspectiva fundamentada no consentimento, no dereito ao pracer —que é moi importante—, na diversidade e, sobre todo, na protección. E para iso, de verdade, necesitamos introducir a educación afectivo-sexual, non como un desiderátum, senón como unha medida real palpable nas aulas, non só nas casas, porque é unha responsabilidade pública, para que o porno, o cine pornográfico, ao final sexa iso, ciencia ficción, pero non unha realidade.

Máis nada.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Rodil.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra dona Noelia Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde a todas e a todos.

Eu creo que se teñen vontade hoxe, señora Díaz, podemos chegar a un acordo en relación con esta iniciativa. Porque temos, en primeiro lugar, o mesmo obxectivo, que é erradicar a violencia sexual a pesar de toda a demagoxia que acabamos de escoitar aquí nas dúas intervencións previas e, sobre todo, porque coincidimos nas peticións —algunhas xa se están a levar a cabo— que formulan a día de hoxe, aínda que con matices que intentarei explicarlle na miña intervención nesta quenda. Pero para poder chegar a acordos é necesario que rebaixamos a confrontación partidista.

Vostede falaba na súa intervención dunha axenda perigosa, señora Díaz. Eu pediríalle que repasase a mediateca do día de hoxe e que mire a actuación que tivo no día de hoxe o Partido Socialista e pediríalle que intentásemos empregar termos máis construtivos cando estamos a falar desta materia, porque non quero deixar pasar, por exemplo, que o Partido Socialista falaba de datos aterradores para referirse ao incremento das denuncias rexistradas nos xulgados galegos en materia de violencia de xénero. É máis, téñeno por escrito. Eu non entendo, de verdade, que pretende nin cal é a mensaxe que quere trasladar o Partido Socialista de Galicia aos cidadáns, porque ese incremento —recoñecíao vostede e así o din os expertos e tamén a presidenta do Observatorio de Violencia de Xénero— implica unha connotación positiva, que é unha menor tolerancia por parte das mulleres, que están a denunciar máis —vostede dicíao—, e tamén, señora Díaz, unha maior confianza nos servizos de protección; no caso de Galicia, nos servizos

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e nos recursos á disposición das mulleres postos en marcha por parte do Goberno galego, que vostedes nunca mencionan.

Miren, se o Partido Popular fose tan belixerante como o PSdeG falando dos datos, non sei que palabra teriamos que empregar nós agora, señora Díaz, para referirnos aos incrementos experimentados polas tres únicas comunidades autónomas nas que aínda goberna o Partido Socialista no noso país. Porque, mire, en Galicia incrementáronse os casos nun 29 por cento, pero en Castela-A Mancha un 37 por cento, en Navarra un 46 por cento e en Asturias un 65 por cento. Postos a buscar cualificativos, con estes datos eu tamén podería dicir que son aterradoras as políticas que fan vostedes alí onde gobernan. Pero non o vou facer, porque, mire, nas pequenas cousas e nos pequenos detalles é onde están as diferenzas entre uns e outros.

A que si que foi aterradora, porque aínda por riba presumen dela nun pleno tras outro, foi a lei coa que o Partido Socialista, sometido aos seus socios de goberno e por intereses única e exclusivamente persoais do señor Sánchez —que é como se están a adoptar agora as decisións no Goberno do Estado, por intereses persoais do señor Sánchez—, rebaixou a pena e botou á rúa centos de agresores sexuais. Iso si que son políticas aterradoras, señora Díaz.

Pero, mire, centrémonos nas coincidencias, que eu creo que é o que hoxe agardan de nós todas as galegas e os galegos. En efecto, señorías, os necesarios avances a prol da igualdade entre mulleres e homes e os necesarios avances na loita contra a violencia de xénero virán, efectivamente, dende o ámbito educativo; pero non só dende o traballo nas aulas, como pretenden facer ver vostedes. É necesaria a implicación do conxunto da sociedade, de todos e de todas. E por suposto que o espazo educativo vai xogar un papel fundamental na adquisición deses valores igualitarios, deses valores sociais e deses valores democráticos, pero non se pode —e dende logo o Partido Popular non o vai facer— limitar a educación afectivo-sexual ao ámbito educativo formal exclusivamente. Esa é a mensaxe que temos que trasladar, porque esa é a única fórmula que nos permitirá avanzar.

Ten que afrontarse tamén dende a familia, ten que afrontarse a nivel sanitario, nos medios de comunicación, no resto das contornas sociais, etc., etc., etc. Por iso sentimos que o Partido Socialista de Galicia queira trasladarnos a séculos pasados. Falaba hoxe de puritanismo, falaba de conservadorismo e falaba de prexuízos. Miren, o Partido Popular prexuízos non ten ningún referente a esta materia, señorías. O que parece mentira é que por intereses partidistas nun tema tan serio non sexan capaces nin de ver o traballo que leva feito este Goberno nin de valorar o suficiente a relevancia que teñen as actuacións postas en marcha. Miren, falan do que a vostedes lles convén, pero os centros educativos en Galicia contan todos cun plan de igualdade con medidas de acción positiva para abordar a promoción da igualdade e para previr e intervir fronte á violencia de xénero e á LGTBIfobia. E vostedes non son capaces nin sequera de poñelo encima da mesa, é que nin o nomean.

Miren, os docentes galegos —que tamén falaron aquí deles— contan cunha oferta formativa que lles permite actualizar os seus coñecementos en materia de igualdade e certificalos. Pódense formar en educación, en igualdade, en relacións afectivo-sexuais, en saúde e sexualidade, en diversidade afectivo-sexual e identidade de xénero, e podería seguir. Pero voulles dar máis datos: no último curso académico —datos que, por certo, contrastan cos da señora

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rodil— 6.000 docentes e 400 centros traballaron no fomento da coeducación, no fomento da detección e no fomento do tratamento e na prevención de violencias machistas. Mire, na súa teima, señora Díaz, por moito que vostedes o neguen, a Xunta imparte educación afectivo-sexual en todas as etapas escolares.

¿Como que non é así, que dicía vostede hai un momento? Mire, está transversalmente no currículo, señora Díaz. Pedía vostede un exemplo esta mañá, vostede pedía esta mañá un exemplo —faga o favor de escoitarme—. Un só dicía, un só, pedía un só. «Non mo dan porque non hai». Esa era a resposta que lle daba á miña compañeira. Cando a señora Prado lle puxo o exemplo, señora Díaz, entón vostede contestou dende o escano; eu non sei se a señora Prado o oíu, pero eu escoiteina, que estaba sentada alí: «Pero non se cumpre». ¿En que quedamos? ¿Non hai? Díxoo vostede esta mañá. ¿En que quedamos? ¿Non hai? ¿Non se cumpre?

O problema non é que non estea a educación afectivo-sexual no currículo, porque saben perfectamente que está, señora Díaz; o problema é que non está a ideoloxía socialista no currículo educativo galego. Ese é o problema que teñen vostedes. *(Aplausos.)*

Pero miren, para erradicar a violencia sexual, ese traballo ten que continuar fóra dos centros educativos. E así o imos facer e ese é o labor que leva desenvolto e no que leva traballando e do que leva ocupándose tamén o Goberno galego nos últimos anos.

Falaba a señora Rodil dos centros Quérote. Eu pódolle dar moitos máis exemplos, señora Rodil. Eu pódolle falar de todas as actuacións que se están a facer a través da Rede de Entidades Locais contra a violencia de xénero, que financia ao cen por cento a Xunta de Galicia dende a Secretaría Xeral de Igualdade. E non son uns simples cursiños, como falan vostedes con vontade de desprezalos, nin son concursos nin son andainas. Pero, por certo, todo suma, ¡eh!, todo suma á causa que temos por diante para acabar coa violencia sexual. Son máis de seiscentas actividades neste ano, que chegaron a máis de trece mil participantes. E eu non sei como len vostedes os datos do Goberno galego, porque é cuestión de sumar a participación que tiveron. Miren, das máis de cinco mil consultas recibidas por estes profesionais o pasado ano o sesenta por cento delas tiñan que ver con cuestións relacionadas, precisamente, coa sexualidade. Polo tanto, ou non ven ou non queren ver esa resposta transversal que está a dar o Goberno galego.

Falaban, ademais, do artigo 7 da Lei do só si é si. Levan falando del hoxe toda a mañá e volvérono repetir agora. Miren, o artigo 7 di que «*los currículos de todas las etapas educativas no universitarias incluirán contenidos formativos destinados a la sensibilización y prevención de las violencias sexuales.*» Iso está a pasar na nosa comunidade.

Pero mire, a transversalidade dos conceptos de igualdade, do concepto de feminismo e da loita contra a violencia de xénero foi, precisamente, unha reforma que o Partido Socialista impulsou coa lexislación da LOMLOE. Vou facer un señor Balseiro: (*A señora Pérez López amosa un documento á Cámara*) este é o artigo da LOMLOE onde se recolle que ten que ser impartido con carácter transversal, señora Díaz; unha reforma que aprobou o Partido Socialista en España. Polo tanto, eu o que lles pediría é que se aclaren, ¿non? Porque vostedes

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

están a pedirnos, primeiro, que fagamos o contrario do que vostedes lexislan e, segundo, que cumpramos o que xa estamos cumprindo.

Dende que vostede estudou, señora Díaz, houbo varias leis educativas. Polo tanto, esa afirmación de que hoxe o alumnado recibe a mesma formación que cando vostede estudaba xa non se sostén só por iso. Pero, ademais, eu voulle dar outro dato: mire, segundo o último Informe PISA, o alumnado galego é o máis concienciado coa igualdade entre homes e mulleres. Por algo será, señora Díaz. Un noventa e tres por cento dos estudantes afirman coñecer o tema e estar familiarizado con el. E diso se trata. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señora Díaz, claro que sempre hai marxe de mellora, claro que hai que seguir mellorando e, dende logo, non vai ser o Partido Popular o que negue iso. Pero a idea que o Partido Socialista quere trasladar hoxe é de que a Xunta non está a facer nada. Esa idea é falsa. Os únicos que ven falta de compromiso do Goberno galego en materia de educación afectivo-sexual e os únicos que están decididos a alimentar esa falsidade son o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista. E a loita pola igualdade, gústelles ou non lles guste, non pode ser unha asignatura optativa, como pretenden; é unha obriga de carácter transversal e, que lles quede claro, é unha obriga que temos como sociedade.

Mire, en relación coa súa autoemenda, por suposto que concordamos coa necesidade de regular o acceso de menores a contidos pornográficos ou violentos; de feito, temos presentada unha iniciativa. Ademais, é unha preocupación compartida tanto polo Goberno galego como polos expertos, as organizacións que traballan coa infancia, as familias e a sociedade en xeral. Porque son moitos os riscos e as afectacións que afrontan as nenas, os nenos e os adolescentes.

Pero mire, sorpréndenos a emenda, e non llo podo ocultar, señora Díaz. Sorpréndenos porque o Partido Socialista leva ano e medio, señorías, cunha Lei xeral de comunicación audiovisual aprobada para dar cumprimento a unha directiva europea. E non fixo nada para impulsar...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: ...ese desenvolvemento —remato agora, señora presidenta—, e non fixo nada nun ano e medio para impulsar ese desenvolvemento regulamentario que permite a lei e protexer os menores. Polo tanto, vir exixir a esta Cámara que os demais cumpran e non facelo ou mirar para outro lado cando un ten a responsabilidade, cando menos, é feo.

Mire —e remato xa—, respecto á elaboración das campañas estamos completamente de acordo coa necesidade de editar un novo material, e, de feito, o Goberno galego está traballando xa niso.

Eu o único que lles pediría respecto á petición que traen hoxe é que sexan realistas cos prazos, ¿non? O período de sesións está a punto de rematar e deberían aceptar unha emenda *in voce* para eliminar unha referencia temporal tan reducida. Porque a cuestión, señorías, non é facelo a présa, a cuestión é facelo ben.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Pérez.

Quenda novamente da autora da proposición non de lei. Ten a palabra dona Noa Susana Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Señora Pérez, como me recordaba agora mesmo a miña compañeira Noelia Otero, no Estado levan un ano con esa Lei do audiovisual, aquí levamos doce anos de incumprimento da nosa Lei de medios públicos. *(Aplausos.)* Así que ben, está ben que nolo recorde.

Señora Pérez, debeu ser que vostede non escoitou ben esta mañá as nosas intervencións e tampouco a desta tarde. Nós hoxe aquí estamos falando de violencia sexual. No seu momento tamén falamos dos datos acerca desas denuncias, que, por suposto, nos congratulamos de que cada vez sexan máis, non porque haxa máis casos, senón porque as mulleres denunciamos máis. Pero hoxe estamos falando de violencia de xénero, e dígolle, por se non coñecía este dato, que todos os organismos oficiais, os estamentos oficiais, falan de que só se denuncia o dous por cento dos casos de violencia sexual. E, precisamente, iso denúnciase polo que antes dicía. Por iso é tan importante a educación sexual nas escolas. Cando non se denuncia, é porque moitas mulleres probablemente non entendan que moitas das situacións que teñen que vivir non son situacións incómodas, senón que son agresións sexuais.

Por certo, quero darlle a benvida ao debate á señora Rodil, botabámola de menos aquí, e tamén agradecer o voto favorable do Bloque Nacionalista Galego.

Tamén vostede, é certo, falaba de puritanismo. Teño que recordarlle que Vox, que é o seu socio natural de goberno —é o único que teñen, de feito—, rexeita que se imparta educación sexual nas escolas, acusando ao Goberno do Estado, que foi quen introduciu isto neste momento nesa Lei de diversidade sexual, de perverter con ela os menores. Isto é o que pensa o seu socio natural de goberno. Por certo, socio natural que hoxe fai un chamamento a todos os seus concelleiros e concelleiras para que non se sumen este sábado aos actos do 25-N. Máis que lamentable. *(Aplausos.)* E, por certo, non escoitei aquí o Partido Popular denunciar iso, a ver se temos a sorte de escoitalos.

Mire, non somos nós, non somos os partidos políticos de esquerdas quen pedimos a inclusión desa educación, desa formación sexual integral no currículo; é a Unesco, é a Organización Mundial da Saúde, son todos os expertos, non hai un que non diga iso, salvo de Vox, claro, eses si.

Falamos de que a nosa xuventude e a nosa mocidade tome decisións fundamentadas sobre a súa sexualidade e as súas relacións e para previr —como digo— os abusos e a violencia machista. Estes organismos consideran que este tipo de formación é a base, ademais, para lograr a igualdade social e de xénero, que, por certo, forma parte dos obxectivos de desen-

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

volvemento sostible; e entendemos que vostedes non teñen ningún problema con esta cuestión. E —repetimos— falamos dunha educación afectivo-sexual cun enfoque que abarque a educación emocional e as habilidades sociais, ademais da sexualidade, por suposto —xa o dixemos— axeitada á idade e á etapa madurativa de cada unha destas rapazas e rapaces.

E din vostedes que en Galicia xa se fai pero de maneira transversal. Eu sígolle preguntando, rógolle que me poña un só exemplo. E esta mañá vostede non foi quen de poñer aquí un exemplo diferente ao que puxo, tamén esta mañá, a señora Prado. Mire, ese exemplo que puxo é incerto e ademais froito do descoñecemento. Non teñen vostedes nin idea. Esta que lles fala é nai, como estou dicindo, dunha nena de 9 anos e doutra de 12. E no seu... (*Murmurios.*) ¿Podo continuar, por favor? Grazas. E na súa etapa educativa, tanto en primaria como na ESO, non recibiron absolutamente ningún coñecemento sobre educación afectivo-sexual, ningún. E non é culpa dos propios centros educativos, é porque non está integrado nos currículos. De nada serven, señora Pérez, criterios valorativos. Como na materia de educación física, temos moitísimos criterios valorativos e un deles é, ben, o coñecemento do corpo, a educación afectivo-sexual. ¿Isto como se come? Non é certo e saben vostedes que non é así.

E non é así, ademais, tamén por unha cuestión moi importante, á que queriamos chegar agora. Non é así porque tampouco o profesorado ten a formación axeitada para facelo. Loxicamente non a ten, e non a ten porque non a recibe. Por iso, a transversalidade non serve de nada se non vai acompañada dunha integración real de contidos sobre esta materia impartidos por profesorado ben formado. Iso é do que se trata.

É curioso —dicía antes—, porque esta iniciativa, que fala de educación e só de educación para frear a violencia sexual e comezar a traballala desde idades temperás, foi rexistrada en agosto e tivo a súa contestación por parte do Goberno só hai dous meses. E nela nada se falaba da transversalidade; a transversalidade é un novo argumento que sacou o PP agora da manga. Do que se falaba aquí era dos centros Quérote —tamén a secretaria xeral de Igualdade o outro día falaba dos centros Quérote—, centros que están máis que desmantelados. Efectivamente, nós estamos moi de acordo co reforzo deses centros Quérote, que son máis que necesarios, pero vostedes estanos desmantelando. E é máis, a propia secretaria xeral de Igualdade recoñecía nesa intervención que o setenta por certo das consultas que facía a xente que se achegaba aos centros eran sobre sexualidade. ¿Non se dan conta vostedes de que nos están dando a nós o argumento, precisamente, para reclamar iso? Se a mocidade ten dúbidas acerca da sexualidade e o setenta por cento das consultas son sobre esa cuestión, ¿como é que vostedes seguen negando que se imparta, que se inclúa esa materia nos currículos educativos?

Ben, remato xa.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora DÍAZ VARELA: Sei que me estou pasando do tempo, pero agradecemos ese suposto voto favorable, por suposto que si que estamos de acordo. Pero tamén lle digo, tamén outra contraemenda ou non sei como definila, pero tampouco deixalo *sine die*. O que dicimos é, en todo caso, emendar, e xa cando remate o período de sesións, no primeiro semestre do se-

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

guinte ano. Se é así, se vostedes aceptan, non temos ningún problema. Non se preocupen, porque seremos nós quen o fagamos. Así que nós comprometémonos a que no primeiro semestre do ano tamén o faremos.

Eu o que si lles digo é que, por favor, deixen de falar xa desa transversalidade, porque non é certo; vostedes sábeno e seguen agora agochándose despois de que hai dous meses os centros Quérote + eran a escusa, agora é esa transversalidade. Traballen realmente isto, porque isto si que sería loitar contra a violencia contra as mulleres.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Entendo que van buscar un acordo, ¿non? *(A señora Díaz Varela pronuncia palabras que non se perciben.)* Dirannos mañá antes da votación.

Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno central co obxecto de resolver os problemas xerados polo proceso de transición derivado do peche da central térmica das Pontes de García Rodríguez

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha autoemenda do Bloque Nacionalista Galego, que leva o número 62423, por iniciativa do mesmo autor, e outra que leva o número 62485, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Moisés Rodríguez Pérez.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Ramón Fernández Alfonzo, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición:

Engadir un novo parágrafo na parte resolutiva co seguinte texto:

«Así mesmo, o Parlamento de Galiza insta a Xunta a realizar as actuacións necesarias para a paralización inmediata do proceso de negociación do ERE da empresa EINSA, involucrando a todas as administracións con competencias, sindicatos e empresas afectadas na reactivación industrial das Pontes, nunha solución alternativa aos despedimentos ou na recolocación do persoal afectado polo ERE nas empresas que están a promover proxectos industriais nas Pontes.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa do deputado Moisés Rodríguez Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Emenda de modificación:

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«1.- O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a exixir ao Goberno de España:

1. O mantemento dos 1.400MW de evacuación da CT de carbón das Pontes no nó de Transición xusta do Concello das Pontes, e a convocatoria inmediata e urxente do Concurso de transición xusta para a adxudicación de 700 MW dos grupos 3 e 4 deste nó de transición co mesmo procedemento empregado para adxudicar o acceso ao nó da CT de Andorra-Teruel, mantendo dispoñibles para o sistema os dous grupos restantes até que non se garantan as condicións socioeconómicas precisas para unha verdadeira transición coa execución dos proxectos alternativos de continuidade, momento no que a súa capacidade tamén será obxecto de concurso.

2. A convocatoria inmediata e urxente da Mesa de transición xusta das Pontes, coa participación de todos os seus integrantes e unha representación de REDEIA como operador do sistema, así como da Dirección Xeral de Política Enerxética do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

3. O Parlamento de Galicia amosa o seu apoio ás traballadoras e traballadores de Einsa Print, e insta a Xunta de Galicia a continuar traballando, da man de todas as administracións, sindicatos e empresas involucradas na reactivación industrial das Pontes, na procura dunha solución alternativa aos despedimentos ou a incluír aos traballadores nos programas de formación, orientación e reclasificación para minimizar o impacto desta crise na comarca das Pontes.»

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición non de lei, por tempo de dez minutos, ten a palabra don Ramón Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi boa tarde a todos e a todas.

O BNG trae a debate, novamente, a situación da vila das Pontes. Ao peche da térmica de Endesa e á crise industrial, económica e social que este peche provoca na vila e na comarca, temos que engadirlle tamén a situación que está a vivir o persoal da empresa Einsa, a outra grande empregadora do concello das Pontes, que vén de anunciar a súa intención de realizar o despedimento colectivo de máis de cento cincuenta persoas.

Traemos este debate ao Parlamento a dous días dunha xornada de folga xeral nas Pontes, que apoiamos dende o BNG e que desexamos que sexa exitosa e amplamente secundada. A folga convocada, loxicamente, ten unha folla reivindicativa, que compartimos e que en boa medida está recollida na proposición que hoxe —como dicimos— traemos ao Parlamento para o seu debate e votación.

Aquí, no Parlamento galego, resaltamos isto, porque antes que calquera outra cousa coidamos moi necesario, dende o BNG, poñer o foco sobre unha cuestión previa na que todos e todas deberiamos estar de acordo: a transición é un concepto político. Cando falamos de transición enerxética, estamos a falar e estamos a manexar un concepto político, que deriva

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dunha decisión política tomada e referendada por organismos políticos, e que esencialmente consiste en dúas cuestións: un obxectivo e unha condición.

En primeiro lugar, un obxectivo: cambiar o actual modelo enerxético por outro máis sustentábel; e, en segundo lugar, unha condición: ese cambio non pode ser socialmente traumático. Decisións políticas. No BNG temos claro que a transición enerxética son decisións, obxectivos e condicións políticas —non empresariais, políticas—, e, polo tanto, os gobernos non poden desentenderse, deben planificar e deben garantir o planificado, intervindo directamente e decididamente no proceso; se non, se os gobernos se desentenden, se os gobernos non cumpren co planificado, se os gobernos non cumpren cos compromisos adquiridos, se os gobernos deixan todo en mans das empresas para que cada unha faga o que poida ou o que queira, non hai transición, non é unha transición, é unha fraude. Unha fraude que é o que estamos constatando nas Pontes, unha vila que segue sen un plan de reindustrialización catro anos despois de anunciarse o peche da térmica de Endesa.

Catro anos. O que había planificado, o que había comprometido, o que nos venderon como a mellor baza para garantir unha transición xusta, o concurso para adxudicar os nós de acceso á rede eléctrica, que precisamente denominaron como «nós de transición xusta», a xoia da coroa, desapareceu, sumiu, sen explicacións, e —o que aínda é peor— sen plan B, sen alternativas.

Dende o BNG insistimos na reivindicación deste concurso de transición, porque é, efectivamente, o único mecanismo que ofrece garantías; todo o demais que estamos a ver nos medios de comunicación, todos eses grandes proxectos industriais que nos falan da creación de miles de postos de traballo, ¿que garantías teñen? ¿Alguén, aquí, nesta Cámara, no Goberno español ou no Goberno galego, pode asegurar ou confirmar que algún destes proxectos que coñecemos pola prensa se vai concretar de verdade? ¿Poden asegurar que se van concretar na dimensión e nos prazos anunciados? ¿Van ser suficientes e van chegar a tempo de evitar un desastre económico e social nas Pontes?

A planta de Sentury, para fabricar pneumáticos, ¿vaise instalar? A mesma empresa anunciou máis tarde outra fábrica en Marrocos, un proxecto no que xa están a traballar sobre o terreo e para o que veñen de anunciar que duplican o proxecto inicial. A día de hoxe, nas Pontes, este proxecto provoca moitas dúbidas, e se a fábrica de pneumáticos finalmente non se instala, ¿que pasa co proxecto de Reganosa para producir hidróxeno verde, que tiña esa fábrica como principal cliente? ¿Que pasa cos proxectos das centrais hidráulicas de bombeo se non hai capacidade de evacuación nos nós de acceso? ¿O proxecto da empresa norueguesa para fabricar amoníaco pode instalarse realmente onde se está a falar? ¿Ten as infraestruturas necesarias para garantir o éxito do proxecto?

Todo son dúbidas nas Pontes. Mesmo o proxecto de Ence do que se fala hoxe na prensa —non por acaso— sería imposíbel que comezara nos prazos que se anuncia, por moitas razóns: urbanísticas, medioambientais, etc.

Outra cuestión: ¿serían estes os mellores proxectos, aqueles que, efectivamente, se chegan a existir, serán os mellores proxectos para as Pontes?, ¿os que máis nos conveñen? ¿Quen o decide?

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Porque nun concurso de transición que estaba comprometido coa vila das Pontes habería un proceso de concorrencia competitiva entre proxectos, habería un goberno tomando decisións dun xeito motivado e transparente, incluíndo criterios sociais, e non só de interese empresarial particular, e habería un proxecto seleccionado con prazos e garantías, é dicir, con certezas. Isto é o que debe reclamar hoxe o Parlamento galego por unanimidade e a Xunta de Galiza para As Pontes: o concurso de transición comprometido, transparencia, prazos e garantías, seguridade e certezas.

Pero non só, porque o concurso de transición era só parte do plan, ou debía selo, porque, como dicía, para que a transición sexa real e non unha fraude, non pode ser traumática, ten que facerse gradualmente para garantir fundamentalmente o emprego, ten que establecer medidas dirixidas a garantir o emprego. Isto que en abstracto queda moi ben, no concreto, nas Pontes, hoxe en día, significa manter dispoñíbeis dous dos grupos da térmica para garantir o emprego do persoal das auxiliares e evitar os traslados do persoal de Endesa. Significa tamén intervención por parte dos gobernos nos ERE, en todos os que se produzan no concello das Pontes, e refírome explicitamente ao caso de Einsa, porque o ámbito de aplicación das medidas de transición debe ir moito máis aló do emprego directo da central e atinxir todo o territorio afectado.

Por suposto que, antes de nada, os gobernos deben exercer as competencias en materia laboral, de control da legalidade neses procesos de negociación, que neste caso corresponden á Xunta de Galicia, e deben participar nestes procesos, porque só así poderán garantir a veracidade da información que sobre alternativas de emprego existan ou se promovan, información fundamental para as dúas partes da negociación, igual que sobre os prazos, para que esas posibilidades de recolocación se fagan efectivas, ou sobre os perfís profesionais demandados e as necesidades e programas de formación.

Son peticións básicas as que o BNG trae hoxe aquí ao Parlamento, que deberan estar xa en marcha. Calquera medida de carácter laboral sería fácil e non sería para nada custosa no contexto dun auténtico plan industrial. Mais falta o principal, falta que o Goberno estatal cumpra os seus compromisos respecto dos nós de transición e falta que o Goberno galego asuma dunha vez por todas a súa condición de goberno con competencias e con responsabilidades en materia industrial, con competencias tamén en materia enerxética en boa medida, con competencias en materia de emprego, e, sobre todo, como Goberno galego que é, debería erguer a mirada por riba dos pequenos valados burocráticos, das parceliñas competenciais que tan ben administra para a súa propia comenencia, e pensar de verdade en como realizar unha transición xusta nas Pontes.

Estamos precisamente no período de discusión dos orzamentos da Xunta, e a gran novidade, o gran compromiso orzamentario do Partido Popular coa reactivación industrial é a quincuaxésima Lei de simplificación administrativa. Estalles quedando o folio en branco de tanto simplificar *(Aplausos.)*, igual de branco que as consignacións económicas do seu orzamento para promover, impulsar ou apoiar a transición xusta nas Pontes. Claro, nas Pontes comezan a temer que o seu futuro industrial pode parecerse moito a ese folio en branco.

Dende o BNG chamamos a todas as forzas políticas presentes aquí no Parlamento a apoiar as demandas que hoxe traemos a través desta iniciativa, como demostración clara e rotunda de

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que non renunciamos ao concurso de transición, como exixencia clara e rotunda de que se cumpran os compromisos adquiridos coas Pontes, igual que se están a cumprir noutros territorios tamén afectados polos peches das térmicas. E como compromiso, tamén por parte de todos e todas, de que o proceso de transición inclúa medidas efectivas para evitar efectos traumáticos sobre o emprego, a comezar actuando no actual proceso de negociación no ERE de Einsa.

Gustaríanos pensar que un apoio, hoxe, aquí, á nosa iniciativa puidese significar tamén unha boa disposición para incluír nos orzamentos algunha das emendas parciais dirixidas a garantir efectivamente unha reactivación industrial na vila das Pontes, porque sen planificación, sen implicación e sen consignacións orzamentarias non poderemos falar de transición senón de fraude, e porque, por máis que tanto a Xunta como o Goberno español poidan caer na tentación de botarse a culpa mutuamente, o certo é que a responsabilidade é compartida.

Son corresponsábeis da situación na vila das Pontes. Catro anos despois de coñecer o anuncio do peche da térmica, non hai ninguén que lles compre o seu discurso de «a min non me toca» ou «nas Pontes xa teñen proxectos», porque, catro anos despois do anuncio de Endesa, eses grandes proxectos aínda non pasan de ser grandes esperanzas.

Máis nada polo de agora e obrigado.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra don Moisés Rodríguez Pérez, tamén por tempo de dez minutos.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Moitas grazas, presidenta.

Señorías, boas tardes.

O señor Fernández Alfonzo dicía que o Partido Popular metía no número 15 na Lei de medidas o tema este das Pontes e a reindustrialización. ¿Sabe cantas páxinas ou palabras lle adicou o BNG e o PSOE nese pacto tan famoso que firmaron? ¡Cero palabras, cero palabras! *(Aplausos.)*

Debatemos hoxe esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, coa que nalgunhas cousas estamos de acordo —mire vostede, incrible, pero estamos de acordo—, para abordar o mantemento de 2.400 megavatios de evacuación da antiga central térmica das Pontes, o nó de transición xusta das Pontes, con independencia do acertado ou non do cesamento da actividade da central térmica das Pontes.

A realidade é que chegou a autorización, si señorías, chegou a autorización definitiva do Goberno do señor Sánchez —o réxime sanchista— o pasado 19 de agosto; por tanto, dende esa data falamos dun feito consumado, que agora nos corresponde xestionar do mellor xeito posible para os intereses desta comarca e dos seus traballadores.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dende o minuto cero, o PP e a Xunta defendemos unha transición enerxética ordenada, que non deixe atrás o tecido industrial e os empregos. Levamos advertido dende hai tempo da improvisación do Goberno do señor Sánchez —e agora tamén da señora Díaz— no proceso de reconversión industrial das comarcas afectadas polo peche das dúas térmicas. E o mellor exemplo témolo precisamente co acontecido no municipio das Pontes, señorías. Non está a recibir un trato xusto, e, para iso, o primeiro no que temos que poñernos de acordo é en que é un trato xusto e que é un trato inxusto, agora que tanto falamos de transición enerxética xusta.

A lexislación vixente establece que nas zonas onde se produce o peche dunha central deberá levarse a cabo un concurso para a capacidade de evacuación dispoñible; iso fíxose en Mudéjar, 400 quilovoltios, establecéndose así un mecanismo con criterios obxectivos.

Non obstante, e por desgraza para todos nós, a realidade é que a capacidade de evacuación que aparece dispoñible no nó das Pontes ¿saben canto é? Cero megavatios. O que impide convocar o concurso de transición xusta e pon en risco a reconversión e reindustrialización da comarca, esa capacidade de evacuación de enerxía que podía ser aproveitada por outros proxectos industriais.

Por tanto, o Goberno, en relación coas Pontes, manifesta, señorías, un trato verdadeiramente inxusto. Temos que dicilo alto e claro, gústelle ou non lle guste —claro que non— ao secretario xeral dos socialistas galegos e ao alcalde das Pontes: a transición enerxética atropelada e a imposición dunha reconversión industrial sen alternativas supón un trato inxusto. E se non se dan as solucións, señora Rodríguez Rumbo, será inxusto tamén coas oportunidades e coas esperanzas que supoñen os proxectos industriais; —insisto— fóra de partidismos todos os grupos, temos que dicilo alto e claro.

En relación co primeiro punto da iniciativa do BNG, con respecto á *utility*, a empresa enerxética galega non de titularidade pública ao cen por cento, podería —chegado o caso—participar no concurso do nó, pero tamén competiría en igualdade de condicións. Por outro lado, hai que recordar que xa está articulado o Instituto de Transición Xusta como entidade que nace co obxectivo de coordinar as propostas de diversos concellos. De feito, xa tiveron tres reunións da mesa de impulso, o 24, o 31 de outubro e o 13 de novembro; e agora o que todos demandamos —o PP e a Xunta de Galicia— son os primeiros resultados. De feito, por poñer un exemplo, na mesa celebrada o 24 de outubro participaron a Consellería de Economía e Industria, a delegada da Xunta, o alcalde das Pontes, os representantes do Instituto de Transición Xusta, a Subdelegación do Goberno, a CIG, a UGT, Comisións, a Confederación de Empresarios, etc. Valoramos a reunión dun xeito positivo, pero creo que todos coincidiremos en que o importante é contar cun cronograma —que non temos— logo do peche imposto polo Goberno central o pasado mes de agosto.

E o que si temos que lamentar son os esforzos normativos e administrativos que a Xunta de Galicia está a facer para impulsar estes proxectos. Pero, por desgraza, nunca atopamos o voto favorable tampouco do BNG, para quen Galicia debe ser como un parque temático —como dicía onte Raquel Arias—. Vostedes son os do non ás térmicas, ás enerxías renovables, a acelerar a tramitación dos proxectos ou os do non a que Galicia os poida xestionar. Vostedes sempre non.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Con respecto á autoemenda do BNG polo ERE de Einsa, vostedes saben que a Xunta, como autoridade laboral competente, non pode —repito, non pode— paralizar á súa vontade e conveniencia a tramitación deste ERE, porque a lexislación vixente non o permite. E, por tanto, pedir iso nun acordo é tanto como buscar un imposible ou forzar un voto en contra pedindo que fagamos algo ilegal.

Deixamos a nosa constancia de solidariedade neste Parlamento cos traballadores de Einsa e manifestamos a nosa vontade de traballar na procura dunha solución alternativa aos despedimentos, sempre da man de todas as administracións.

Por certo, a Consellería de Economía xa mantivo o primeiro contacto co comité de empresa de Einsa e comprometeuse a facelo tamén cos propietarios na procura dunha solución, que xa é moito máis do que fixeron outras administracións.

Vou rematando, señora presidenta.

Vostedes, socialistas e nacionalistas, teñen agora un novo idilio ou un matrimonio que xa está consumado —eu máis ben diría consumido—, hoxe roto nas Pontes, e empezamos pronto. Hai un refrán galego na miña terra que di que «as vodas que empezan con foguetes a bombo e prato acaban todas a cachetes.» *(Risos.)* É dicir, a torta limpa van acabar vostedes. *(Aplausos.)* O BNG reclamando ao seu socio natural coa boca pequena, sempre a culpa será da Xunta e do PP, ¡hipocrisía da máis barata! Hai escasamente uns días, o PSOE das Pontes, con Valentín González Formoso á cabeza, bloqueou unha moción do PP de apoio na que había que demandar á Deputación, aos ministerios, pero claro, iso non interesaba. ¿Resultado? Non permitiron nin sequera que se debatera polo bloqueo do equipo de goberno socialista. O PP apoia a folga, ¿o PSOE apóiaa? Eu creo que non. Parouse o pleno das Pontes e non permitiron nin debater a urxencia; socialismo do bo.

Hoxe mesmo, pleno nas Pontes, extraordinario, de apoio á folga; o PSOE abstívose. ¿Saben quen non estivo? O alcalde non estivo nin presente. Fíxense o que lle importan ao alcalde das Pontes os problemas dos seus veciños, é dicir, nada. Os socialistas e os nacionalistas cada vez teñen máis problemas para mirar a xente aos ollos e sobre todo para saír a rúa. Pola contra, a Xunta sempre estivo preocupada e ocupada en axudar ao mantemento dunha industria fundamental para esta comarca; vostedes, ollando para outro lado.

Vou terminando, presidenta, posto que o debate imprescindible de hoxe é que As Pontes non perdan a súa capacidade como nó enerxético capaz de volcar enerxía na rede. Na nosa emenda vemos imprescindible —e xa llo dixen ao voceiro do BNG— que a Dirección Xeral de Política Enerxética do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico forme parte tamén nesta mesa. Está invitado, outra cousa é que veña; polo menos, que asista.

A Xunta de Galicia, señorías —e vostedes sábeno—, xa está facendo todo o que ten que facer para o impulso da actividade económica das Pontes e para avanzar na reindustrialización da comarca. Benvidos, señorías, á preocupación polo emprego e a industria. Señorías, Galicia non para.

Nada máis e moitas grazas.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Boa tarde a todos e todas.

Grazas, señora presidenta.

Mire, señor Rodríguez, os socialistas miramos de fronte e con orgullo por todo o que fixemos, polo que facemos e polo que faremos, porque ningún Goberno, ningún outro Goberno de ningún outro partido político fixo máis polo benestar dos homes e das mulleres deste país. *(Aplausos.)* E nesa senda imos seguir, orgullosos e orgullosas, mal que lles pese.

Ben, a iniciativa que trae hoxe o BNG a verdade é que é similar ou idéntica a outras que xa temos debatido con anterioridade neste Parlamento; idéntica á debatida no mes de decembro e tamén é idéntica á debatida no Concello das Pontes nos meses de febreiro e de setembro e que foi aprobada por unanimidade de todos os grupos. E vaia por diante que o Grupo Socialista volveremos votar a favor desta iniciativa, aínda que realmente tanto o BNG como o Partido Popular propuxeron unha emenda para introducir unha cuestión que, tendo moita importancia e xustificando realmente a urxencia, a verdade é que non ten que ver co fondo do que se plantexa na iniciativa inicial. E aos socialistas gustaríanos que tivésemos un debate singular sobre esta última cuestión, posto que o Grupo Socialista tamén nos reunimos cos representantes dos traballadores e traballadoras da empresa Einsa Print.

Einsa Print é unha empresa que naceu no ano 1989 en Pontedeume e que abriu a planta nas Pontes a finais dos anos 90, chegou a ter 600 traballadores e traballadoras. Naceu baixo o paraugas do Plan de reindustrialización do sector naval e dez anos despois, avalada polo Plan de desenvolvemento industrial das Pontes, recibiu axudas procedentes do Plan Miner —do que falarei despois—, do Plan Ferrol e de Xesgalicia de ata 40 millóns de euros. No ano 2011 extinguía 40 postos de traballo e recortaba os salarios nun 15 por cento, ademais de vender unha das empresas do grupo e outras actuacións, o que provocou o saneamento financeiro da empresa. A pesar diso, o pasado 30 de outubro, a dirección da empresa trasladou ao comité de empresa de Einsa Print o inicio dun expediente de regulación de emprego que afectaba a 162 empregados e empregadas dunha plantilla total de 227 persoas, é dicir, afectaba ao 67 por cento do total do cadro de persoal da empresa.

Ante a proximidade e a finalización do período de consultas do ERE e a inexistencia por parte da empresa dunha posibilidade de acordo alternativo que impida o despedimento, os socialistas, atendendo á solicitude presentada polos representantes das persoas traballadoras ante este grupo parlamentario, pois presentamos iniciativas.

En primeiro lugar, queremos solidarizarnos —unha vez máis— cos traballadores e traballadoras da empresa, e rexistramos unha batería de preguntas que recolle literalmente o

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

acordo adoptado o pasado 9 de novembro no pleno das Pontes e aprobado por unanimidade, que di: «Instar a Consellería de Economía, Industria e Innovación a convocar de forma urxente unha xuntanza onde participen a Consellería de Economía, a Consellería de Emprego, o Ministerio de Traballo, o Ministerio de Industria, os concellos das Pontes e Pontedeume, as tres centrais sindicais con representación no comité, o comité de empresa de Einsa Print e a dirección da empresa, onde se poida tratar de xeito conxunto un plan de viabilidade eficaz e alternativo á actual proposta do ERE formulada». Polo que os votos do Partido Socialista —como lles dixen antes— van ser positivos.

Pois ben, entrando no contido inicial desta iniciativa que vén hoxe a debate, pois quero facer un pequeno relatorio —aínda que xa se falou varias veces desta cuestión—. Hai catro anos que Endesa solicitou ao Ministerio para a Transición Ecolóxica o seu peche, pero, ante a nova realidade xeopolítica e do mercado de enerxía, que obrigou a toda Europa a acelerar drasticamente a transición cara a unha enerxía limpa e a reforzar a independencia enerxética de Europa fronte a provedores pouco fiables e combustibles fósiles volátiles, a Comisión Europea aprobou o Plan REPowerEU, un plan para independizar Europa deses combustibles fósiles rusos moito antes de 2030, ante a invasión de Ucraína por parte de Rusia, sendo as enerxías renovables o núcleo desta transición. A Comisión propuxo incrementar do 40 ao 45 por cento o obxectivo da Unión Europea relativo ás enerxías renovables para 2030. E neste novo contexto foi no que se reactivou a central térmica das Pontes, debido en parte ao recorte da subministración de gas ruso a Europa.

Tamén é verdade que, ben, eu creo que tanto o Goberno galego como o Bloque Nacionalista Galego nos teñen acostumados un pouco a un dobre discurso. O Goberno galego, por unha banda, di defender a continuidade das centrais térmicas, e, por outra banda, venden con orgullo que xa cumpriu os obxectivos de reducir os gases de efecto invernadoiro, cando este obxectivo está cumprido única e exclusivamente polo peche destas centrais térmicas e non por ningunha medida que teña adoptado o Goberno galego. E no caso do Bloque Nacionalista Galego tamén é bastante curioso, posto que —como todos e todas sabedes— eu son de Meirama, en concreto de Cerceda, e vostedes levan deostando as centrais térmicas, deostando os combustibles fósiles e loitando para que a vida útil destas centrais térmicas acabara prontísimo, falando delas como empresas depredadoras, e agora ao mesmo tempo falan de manter a central térmica das Pontes. Polo tanto, eu creo que tanto uns coma os outros vos debedes aclarar, que non vaia ser, porque realmente unha cousa e a outra non valen. E, polo tanto, sería interesante que aclararedes que é exactamente o que quere un partido e mais o outro.

O pasado 19 de agosto o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico publicou no *BOE* a resolución pola que se autoriza a Endesa Xeración o peche dos grupos 1, 2, 3 e 4 da central termoeléctrica das Pontes, cunha potencia neta de aproximadamente 350 megavatios cada unha. Ante esta publicación, o Goberno das Pontes, o Goberno municipal das Pontes, púxose en contacto con Endesa, que manifestaba que estaba pendente dunha reunión co Ministerio e coa Xunta para analizar a situación. O Goberno do Concello das Pontes tamén mantivo varias reunións coa coordinadora de auxiliares da central térmica para analizar aspectos fundamentais do desmantelamento, analizar os acordos aos que chegaron con Endesa e prestarlle toda a colaboración para contribuír a que este procedemento sexa o menos lesivo posible. Na última conversa que se mantivo entre o concello e Endesa trasladábase unha si-

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tuación realmente de incerteza sobre os prazos e os procedementos que se van seguir no desmantelamento da central, por varios motivos.

O primeiro, o BIC; un BIC aberto pola Xunta de Galicia hai menos dun ano e que ten un prazo de dous anos para ser resolto, o que afecta o proxecto de desmantelamento que se tiña presentado, modificando os prazos e unha situación que estaba sen determinar. E tampouco estaba determinada a plantilla de auxiliares necesarios durante o procedemento, así como a posibilidade de cubrir esas expectativas de pasar as auxiliares da central térmica ao desmantelamento, e que estaban estudando todas esas posibilidades.

O Concello das Pontes promoveu varios proxectos, dos que falaba o representante do Bloque Nacionalista Galego: Sentury, Ence e Reganosa, que en ningún caso están condicionados á capacidade do nó de transición. Polo tanto, o Goberno do Concello das Pontes xa ten solicitado unha nova reunión para ver os pasos que hai que seguir para que isto —como dicía antes— fora o menos lesivo posible. E, como vostedes saben, é Redeia quen determina a capacidade, tecnicamente; eles forman unha comisión coas empresas máis representativas do sector e alí establécense os criterios e as especificacións e dáselle traslado á Comisión Nacional do Mercado de Valores. En base a eses criterios e especificacións, determínase a capacidade e publícase no *BOE*.

Nestes momentos hai que revisar o Plan nacional integrado de enerxía e clima e, polo tanto, teñen que revisar esta capacidade, posto que non contemplaba, por exemplo, o hidróxeno verde. Polo tanto, é unha oportunidade para solicitar que se faga a revisión do nó e se fagan os investimentos necesarios. E o Concello das Pontes xa está realizando informes sobre os beneficios que poidan levar á revisión o aumento de capacidade do nó.

E mire, xa por último, porque xa sei que a señora presidenta é máis laxa cos deputados do Partido Popular que co resto dos deputados, voulles falar do que ten feito o Goberno do Estado cando está gobernado polo Partido Popular. Gobernando o señor Mariano Rajoy, no seu primeiro Consello de Ministros en 2011, ¿saben cal foi a primeira medida que adoptou e que se aprobou nese Consello de Ministros? Pois acabar dun plumazo cos fondos Miner, eses que eran para o Plan de minería do carbón e de desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras. En concreto, para Galicia, 80 millóns de euros, que o señor Mariano Rajoy levará sempre nas súas costas, que deixou de investir na nosa comunidade. Iso son feitos e non relatos.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Señora Rodríguez Rumbo, falta vostede á verdade na manifestación que acaba de facer, *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* pero dunha maneira absolutamente rotunda e contundente. Así que eu prégolle que, antes de facer algunha valoración, ten que ter os datos diante da mesa. E, por suposto, cando falo, debe gardar silencio, polo menos para escoitar o que lle estou dicindo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿Podo contestar?

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Non. *(Murmurios.)* Lea tamén o Regulamento, que xa leva aquí un tempo. *(Murmurios.)*

Ten agora a palabra o señor Ramón Fernández Alfonzo.

Moitas grazas.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado.

Moi boas de novo.

Señor Rodríguez, cada vez que fan vostedes de menos os acordos do BNG para a investidura están recoñecendo que só unha presenza maior e máis forte do nacionalismo galego en Madrid vai amañar os moitos problemas deste país. *(Aplausos.)* Teño que dicirlle que axudaría moito que Galiza contara cun Goberno galego con algo de autoestima.

En canto ao que dixo a señora Rodríguez Rumbo sobre a posición do BNG respecto das térmicas, nós o que queremos é que se manteña a dispoñibilidade de dous dos grupos, o cal non implica queimar carbón e si, pola contra, mantería o emprego mentres non se concreta ningún proxecto; cuestións que, por certo, está defendendo a súa súper ministra na Unión Europea Teresa Ribera. Pídalle aclaracións a ela.

Pola nosa parte, tamén nos gustaría aproveitar un minuto desta réplica para lembrarlle ao PSOE que seguen mantendo en vigor a reforma laboral do Partido Popular do ano 2012, que é a que provoca tremendas dificultades para que os gobernos poidan actuar nos despedimentos colectivos. Fíxense que trato tan diferente respecto do exercicio de dereitos fundamentais por parte dos traballadores e traballadoras, para o caso, por exemplo, da folga que vai ter lugar nas Pontes, na que os gobernos puideron impoñer servizos mínimos con carácter previo á celebración da folga. ¿Que medidas previas poden impoñer os gobernos nun proceso de negociación dun despedimento colectivo como este en Einsa, que pode afectar máis de 150 persoas? ¿Ningunha, verdade?

¿Non existen dereitos e intereses públicos e colectivos neste proceso de negociación dos ERE que os gobernos deberan protexer e tutelar con carácter previo? ¿Non existen, de verdade? Na súa man está derrogar por fin a reforma do Partido Popular e solucionar este problema. En todo caso, esta é unha valoración de carácter xeral, porque, no que se refire ao caso concreto de Einsa e dadas as circunstancias do contexto, do lugar e do momento no que se produce, coido que os gobernos poderían e deberían promover a suspensión deste proceso, deste despedimento colectivo. Porque pedir a suspensión do proceso para que os gobernos con competencias en materia industrial e de emprego dean artellado alternativas de recolocación non creo que poida considerarse unha petición extravagante ou desproporcionada.

Eu comprendo que noutras circunstancias poderían selo, nun lugar distinto das Pontes, e noutro momento distinto deste que acordamos chamar «de transición xusta». Pero agora mesmo nas Pontes e en pleno proceso de transición e diante do anuncio de non sei cantos grandes proxectos industriais, non debera ser unha petición —como dicía— extravagante ou despro-

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

porcionada, xa que, como vostedes saben perfectamente, as partes teñen obriga de negociar de boa fe e de procurar solucións menos traumáticas para o persoal afectado. E, loxicamente, o cumprimento destas obrigas haberá que examinalo e ponderalo en función das circunstancias concretas de cada caso, neste caso —insisto— en pleno proceso de transición enerxética.

E desde logo que a paralización do despedimento sería case obrigada para a empresa se os gobernos con competencias fosen, ademais e por fin, responsábeis e asumisen un compromiso formal de promover alternativas reais de recolocación para o persoal afectado; é dicir, un plan industrial, como os outros anteriores que citou aquí a portavoz do PSOE e que a empresa coñece ben.

Esta é a chave de bóveda, e está na súa man, non miren para outro lado. Estamos tramitando os orzamentos da Xunta, asuman compromisos reais, compromisos con consignacións orzamentarias.

Nós propoñemos dúas actuacións, que xa son coñecidas, que cambiarían o panorama industrial das Pontes e de Galiza. Impulsar nas Pontes a constitución dun centro de I+D+I sobre o almacenamento de enerxía, a tecnoloxía chave deste proceso de transición enerxética, sería un salto cualitativo fundamental para deixar de ser simples provedores de electricidade barata e para ser tamén provedores de tecnoloxía, e serviría como polo de atracción para outras empresas do sector interesadas en instalarse á beira dun centro que facilitará o desenvolvemento de actividades de alto valor engadido. E a constitución dunha empresa pública de enerxía. Non imaxino mellor socio estratéxico para o Goberno galego neste proceso de transición que unha empresa galega e pública de enerxía, que esta si poñería os recursos enerxéticos do noso país ao servizo do noso desenvolvemento económico e social.

A transición enerxética foi unha decisión política. Facela a favor das grandes empresas ou a favor dos intereses colectivos de todos os galegos e galegas tamén é unha cuestión de vontade e decisión política. E non será por falta de alternativas. Aquí están as do BNG para unha transición xusta e galega. Galiza ten recursos e ten dereito a tirar proveito deles. Nós, desde logo, faremos todo o posible por poñelos ao servizo do pobo.

Máis nada e obrigado.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿A emenda non a acepta? *(O señor Fernández Afonso pronuncia palabras que non se perciben.)* Ben.

Suspendemos a sesión. Reanudarase mañá ás dez da mañá.

Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e oito minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-GfbwXUKuq-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/